

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

2313 *Real decreto 130/2017, do 24 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de explosivos.*

I

O Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de explosivos, incorporou ao noso ordenamento xurídico a Directiva 93/15/CEE do Consello, do 5 de abril de 1993, relativa á harmonización das disposicións sobre a posta no mercado e o control dos explosivos con fins civís. O dito real decreto regulaba, así mesmo, os requisitos e as condicións da fabricación, circulación, almacenamento, comercio e tenza de explosivos, cartucharía e pirotecnia.

A aprobación do Real decreto 563/2010, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía, supuxo un fito esencial en canto a que exceptuou a pirotecnia e a cartucharía do ámbito de aplicación do Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, separando en dous regulamentos diferentes ambas as materias; por unha banda, os explosivos de uso civil, que quedan regulados polo Real decreto 230/1998, e por outra, os artigos pirotécnicos e a cartucharía, regulados actualmente polo Real decreto 989/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía, cuxa xustificación se basea no feito de que os requirimentos técnicos no ámbito da seguridade non teñen o mesmo grao de complexidade e exigencia.

No ámbito europeo, e mediante o Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, establécense os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos, régúlase a acreditación dos organismos de avaliación da conformidade, adóptase un marco para a vixilancia do mercado dos produtos e para os controis dos produtos procedentes de terceiros países e establécense os principios xerais da marcación CE.

Posteriormente, publícase a Decisión n.º 768/2008/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, sobre un marco común para comercializar os produtos, que establece principios comúns e disposicións de referencia aplicables a toda a lexislación sectorial co fin de establecer unha base coherente para a elaboración, revisión ou refundición da dita lexislación.

Coa finalidade de adaptar a Directiva 93/15/CEE do Consello, do 5 de abril de 1993, aos principios da Decisión n.º 768/2008/CE, a Comisión Europea considerou necesaria unha revisión fundamental desta directiva para, ademais, harmonizar as disposicións legais, regulamentarias e administrativas en vigor nos Estados membros e para garantir a libre circulación dos explosivos con fins civís no mercado interior, asegurando ao mesmo tempo un alto nivel de protección da saúde e da seguridade humanas e a protección dos consumidores e dos usuarios profesionais finais.

Por todo o anterior, foi aprobada a Directiva 2014/28/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, relativa á harmonización das lexislacións dos Estados membros en materia de comercialización e control de explosivos con fins civís (versión refundida), pola que se modifica e ulteriormente derroga a Directiva 93/15/CEE do Consello, do 5 de abril de 1993.

Esta nova Directiva 2014/28/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, require a incorporación ao noso ordenamento xurídico a través dunha norma que substitúa o Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, e as súas posteriores modificacións.

Así mesmo, as transformacións administrativas, económicas e técnicas producidas desde o ano 1998, en que foi promulgado o actual Regulamento de explosivos, facían necesaria unha revisión global deste para adaptalo ao progreso tecnolóxico e á Administración electrónica.

Por todos estes motivos, elaborouse este real decreto polo que se aproba o Regulamento de explosivos, que inclúe, entre outras disposicións, aquelas que teñen por obxecto a incorporación ao noso ordenamento xurídico da Directiva 2014/28/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014.

II

Este real decreto consta dun artigo único (cuxo obxecto é a aprobación do Regulamento de explosivos, inserido tras a parte final do real decreto), seis disposicións adicionais, sete disposicións transitorias, unha disposición derogatoria única e catro disposicións derradeiras.

A continuación da parte final do real decreto proxectado insírese o Regulamento de explosivos, que consta de 190 artigos englobados en dez títulos e que se completa con trinta e catro instrucións técnicas complementarias e catro especificacións técnicas de desenvolvemento.

O título I do regulamento, ordenación preliminar, componse de 4 capítulos. No capítulo I establécense as disposicións xerais do regulamento, tales como o obxecto e o ámbito de aplicación, as competencias administrativas e as definicións dos termos utilizados no texto. Ademais, defínense as obrigas xerais dos axentes económicos de explosivos, incluída a referente á identificación e rastrexabilidade dos explosivos, da mesma forma que aparecen na directiva que se traspón, e regúlase a actividade das entidades colaboradoras da Administración.

No caso dos explosivos, de acordo co disposto na directiva obxecto de transposición, é o fabricante quen debe garantir a súa conformidade co disposto no Regulamento de explosivos, en especial, cos requisitos esenciais de seguridade. Se o fabricante non está establecido no territorio da Unión Europea, a persoa física ou xurídica que importe o explosivo debe garantir que o fabricante cumpriu as súas obrigas conforme o disposto no regulamento, ou asumir todas as obrigas do fabricante.

No capítulo II do mesmo título defínese a clasificación dos explosivos, os cales inclúen as materias explosivas e os obxectos explosivos.

A directiva que se traspón establece uns requisitos esenciais de seguridade para os explosivos co fin de protexer os consumidores e evitar accidentes. Cando se cumpran estes requisitos esenciais de seguridade, os Estados membros non poderán prohibir, restrinxir nin obstaculizar a libre circulación dos explosivos, todo iso sen prexuízo do disposto no regulamento respecto das autorizacións a fabricantes, distribuidores e importadores.

Co fin de facilitar o procedemento para demostrar o cumprimento dos requisitos esenciais de seguridade, existen normas harmonizadas para o deseño, fabricación e realización de ensaios dos explosivos. Así, en consonancia co «novo enfoque sobre a harmonización e normalización técnicas», os explosivos fabricados conforme normas harmonizadas deben gozar da presunción de conformidade cos requisitos esenciais de seguridade previstos na directiva que se traspón e no Regulamento de explosivos.

Adicionalmente, inclúese a necesidade de elaborar a declaración UE de conformidade, mediante a cal o fabricante asumirá a responsabilidade da conformidade do explosivo cos requisitos esenciais de seguridade establecidos na Directiva 2014/28/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, e no Regulamento de explosivos.

O capítulo III establece a catalogación dos explosivos como rexistro administrativo e no capítulo IV regúlase a marcación CE e as excepcións posibles á marcación CE.

III

No título II establécense as disposicións xerais para a fabricación de explosivos e as disposicións específicas en materia de seguridade industrial, seguridade e saúde no traballo e seguridade cidadá. No caso das fábricas de armas de guerra que incorporan explosivos, é competencia do Ministerio de Defensa o establecemento, modificación substancial ou non substancial, reconstrución, traslado, caducidade, cambio de titularidade e peche.

Adicionalmente á fabricación de explosivos en instalacións ou fábricas fixas, inclúese e regúlase, como novidade en comparación co anterior regulamento, a posibilidade da fabricación en instalacións ou fábricas móbiles mediante unidades móbiles de fabricación de explosivos (Mobile Explosive Made Units, en diante MEMU).

Establécese o réxime de autorizacións e inspeccións das fábricas de explosivos. O establecemento dunha fábrica de explosivos require autorización do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de informe favorable da Dirección Xeral da Garda Civil e do Ministerio de Defensa, oídos os delegados do Goberno nas comunidades autónomas.

A inspección en materia de seguridade industrial e de seguridade e saúde no traballo das fábricas correspóndelle á Área Funcional de industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno en cuxo territorio radiquen aquelas, mentres que a inspección en materia de seguridade cidadá das fábricas e o control dos explosivos lles corresponde ás distintas intervencións de armas e explosivos territoriais.

Aclárase a definición das zonas existentes nas instalacións de fabricación, a semellanza das existentes nos talleres de pirotecnia regulados no Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía. Por unha banda, os locais para a propia fabricación, cos seus posibles depósitos auxiliares anexos e, por outra banda, un depósito de produtos terminados onde se poida almacenar a produción final de forma segura.

IV

No título III establécense as disposicións xerais para os depósitos de explosivos. Do mesmo xeito que na regulación das fábricas no título II, aparecen disposicións específicas en materia de seguridade industrial, de seguridade e saúde no traballo e de seguridade cidadá.

Defínense os tipos de depósitos de explosivos, diferenciando os depósitos de produtos terminados, con fins de comercialización de explosivos, os depósitos auxiliares asociados a unha fábrica de explosivos e os depósitos de consumo. Do mesmo xeito, defínense e clasifícanse as polvoreiras que conforman os depósitos de explosivos en superficiais, semienterradas e subterráneas.

Establécese o réxime de autorizacións e inspeccións dos depósitos de explosivos.

O establecemento dun depósito de explosivos ata unha capacidade de 10.000 quilogramos netos de explosivo require autorización do delegado do Goberno na comunidade autónoma. Os depósitos de maior capacidade requiren autorización do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

Do mesmo xeito que para as fábricas de explosivos, a inspección en materia de seguridade industrial e de seguridade e saúde no traballo dos depósitos de explosivos corresponde á Área Funcional de industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno en cuxo territorio radiquen aqueles, mentres que a inspección en materia de seguridade cidadá e o control dos explosivos corresponden ás distintas intervencións de Armas e Explosivos territoriais.

Por último, neste título tamén se regulan os depósitos especiais constituídos por polvoreiras auxiliares de distribución e por polvoreiras transportables, utilizados no desenvolvemento das actividades industriais asociadas aos explosivos.

V

No título IV establécense as disposicións xerais para os envases e a etiquetaxe dos explosivos.

A expedición dos explosivos débese axustar en todo momento ao establecido na regulamentación para o transporte de mercadorías perigosas correspondente ao modo concreto de transporte.

En canto á etiquetaxe, establécese un formato e contido na Instrución técnica complementaria número 15.

Adicionalmente, establécese a obriga de lle facilitar ao usuario profesional unha ficha de datos de seguridade do explosivo na cal se indiquen as instrucións e a información relativas á seguridade da súa manipulación, almacenamento, utilización e eliminación.

VI

Nos títulos V, VI e VII establécense as disposicións xerais para a comercialización dos explosivos, o control dos produtos no mercado e a súa utilización, respectivamente.

Como persoas autorizadas para a compra de explosivos establécense os consumidores, habituais ou eventuais, incluíndo as fábricas e os depósitos autorizados de explosivos.

Establécese a necesidade de levar libros de rexistro de explosivos, tanto en fabricación e almacenamento como en comercialización e consumo.

É indispensable que, para a súa posta no mercado, os explosivos estean provistos dunha marcación CE que indique a súa conformidade coas disposicións do regulamento. Coa vixilancia do mercado, realízanse controis para garantir que os explosivos só se poñan no mercado se, sendo almacenados de maneira adecuada e unha vez fixada a súa utilización para os fins previstos, non supoñen un perigo para a saúde nin para a seguridade das persoas.

Segundo o novo enfoque sobre a harmonización e normalización técnicas, prevíuse un procedemento de cláusula de salvagarda que permite cuestionar a conformidade dun explosivo ou sinalar deficiencias. Os Estados membros, neste sentido, poden adoptar as medidas oportunas para poder restrinxir a posta no mercado de explosivos que leven marcación CE ou poden retiralos do mercado se tales produtos poñen en perigo a saúde e a seguridade dos consumidores cando se usan co fin previsto.

En canto ao uso de explosivos, establécese o réxime de autorizacións para os consumidores de explosivos, os pedidos de subministración e os libros de rexistro de explosivos en explotacións e obras.

Finalmente, regúlase a obtención do carné de artilleiro para o persoal que intervéñen no manexo e consumo de explosivos, incluídas as operacións de descarga de explosivo desde as MEMU.

VII

No título VIII establécense as disposicións xerais para a importación, exportación, tránsito e transferencias de explosivos, con escasas modificacións con respecto ao disposto na anterior regulamentación.

No título IX, de transporte, as disposicións xerais complementan o disposto na regulamentación vixente para cada medio de transporte, recollidas nos convenios e acordos internacionais e incluídas as recomendacións das Nacións Unidas relativas ao transporte de mercadorías perigosas.

Por último, o título X establece o réxime sancionador aplicable ás infraccións das disposicións do regulamento.

A parte dispositiva do regulamento complétase con 34 instrucións técnicas complementarias e catro especificacións técnicas de desenvolvemento.

VIII

No procedemento de elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla e, así mesmo, os colexios profesionais e os sectores máis representativos potencialmente afectados, e recolléronse as súas achegas e melloras.

Sobre este real decreto emitiu informe favorable a Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos, a Comisión de Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas e o Consello Asesor de Medio Ambiente.

Apróbase ao abeiro do artigo 149.1.26.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre o réxime de produción, comercio, tenza e uso de armas e explosivos, e en cumprimento do disposto tanto nos artigos 28 e 29 e demais preceptos concordantes da Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, como na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, no que fai referencia á seguridade industrial.

Esta disposición foi sometida ao procedemento de información de normas regulamentarias técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información previsto na Directiva (UE) 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, polo que se establece un procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, de Defensa e do Interior, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de febreiro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de explosivos.*

1. Apróbase o Regulamento de explosivos, cuxo texto se insire a continuación.
2. Este real decreto aplicarase sen prexuízo do establecido:

a) No Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, relativo ao rexistro, avaliación, autorización e restrición das substancias e preparados químicos (REACH), polo que se crea a Axencia Europea de Substancias e Preparados Químicos, se modifica a Directiva 1999/45/CE e se derrogan o Regulamento (CEE) n.º 793/93 do Consello e o Regulamento (CE) n.º 1488/94 da Comisión, así como a Directiva 76/769/CEE do Consello, e as directivas 91/155/CEE, 93/67/CEE, 93/105/CE e 2000/21/CE da Comisión.

b) O Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasamento de substancias e mesturas, e polo que se modifican e se derrogan as directivas 67/548/CEE e 1999/45/CE e se modifica o Regulamento (CE) n.º 1907/2006.

Disposición adicional primeira. *Desestimación de solicitudes e esgotamento da vía administrativa.*

1. Salvo no que se refire ás autorizacións das entidades colaboradoras da Administración reguladas no artigo 6 e ás entidades externas para desenvolver actividades formativas reguladas na especificación técnica 8.01, cando as solicitudes de autorizacións, permisos e licenzas reguladas no Regulamento de explosivos non sexan resoltas no prazo de tres meses, contados desde a data de entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, poderanse entender desestimadas, sen prexuízo da obriga das

autoridades competentes de resolver expresamente en todo caso, en virtude do establecido na disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

2. As resolucións que se diten nos procedementos de outorgamento, modificación e extinción de autorizacións, permisos e licenzas porán fin á vía administrativa e, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase recorrer contra elas potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que as ditase ou poderán ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Disposición adicional segunda. *Prevención de riscos laborais.*

En materia de seguridade e saúde no traballo observarase o disposto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposición adicional terceira. *Mecanismos de coordinación administrativa.*

Os órganos competentes da Administración xeral do Estado impulsarán as accións necesarias para articular mecanismos de cooperación entre os órganos competentes en función dos produtos regulados e os órganos competentes segundo a actividade supervisada, co fin de favorecer a eficacia na súa actuación.

Disposición adicional cuarta. *Intervención de explosivos.*

A intervención de explosivos correspóndelle ao Ministerio do Interior, que a exerce a través da Dirección Xeral da Garda Civil, cuxos servizos están habilitados para realizar en calquera momento as inspeccións e comprobacións que sexan necesarias nos espazos que estean destinados á súa fabricación, depósito, comercialización ou utilización, ao abeiro do artigo 28.2 da Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, sobre protección da seguridade cidadá.

Disposición adicional quinta. *Validacións aos membros das Forzas Armadas e forzas e corpos de seguridade.*

A validación da formación e experiencia recibidas nas Forzas Armadas ou nas forzas e corpos de seguridade, para os efectos da obtención do carné de artilleiro ou do carné de auxiliar de artilleiro, regularase mediante orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital. En todo caso, calquera validación exixirá o informe previo dos ministerios de Defensa ou do Interior, segundo corresponda.

Disposición adicional sexta. *Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» (INTA).*

O Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial «Esteban Terradas» (INTA) considérase excluído do ámbito de aplicación deste regulamento e regularase pola súa normativa específica.

Disposición transitoria primeira. *Conformidade coa Directiva 93/15/CEE.*

Os explosivos que sexan conformes coa Directiva 93/15/CEE do Consello, do 5 de abril de 1993, relativa á harmonización das disposicións sobre a posta no mercado e o control dos explosivos con fins civís, e que se introduciron no mercado antes da data de entrada en vigor deste real decreto, poderanse seguir comercializando.

Os certificados expedidos conforme a citada Directiva 93/15/CEE do Consello, do 5 de abril de 1993, serán válidos conforme a Directiva 2014/28/UE do Parlamento Europeo e do

Consello, do 26 de febreiro de 2014, e o Regulamento de explosivos que se aproba por medio deste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Expedientes en tramitación.*

Os expedientes que estivesen en tramitación no momento da entrada en vigor deste real decreto instruíranse conforme o Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, e demais disposicións regulamentarias.

Disposición transitoria terceira. *Prazos de adaptación á nova normativa sobre instalacións e transportes.*

1. En canto ás medidas de seguridade cidadá establecidas na Instrución técnica complementaria número 1, «Seguridade cidadá: medidas de vixilancia e protección en instalacións, transportes de explosivos e unidades móbiles de fabricación de explosivos», establécense os seguintes prazos de adaptación á nova normativa:

a) Ata o 31 de decembro de 2021 para adaptarse ás medidas de seguridade en fábricas e depósitos de explosivos, e polvoreiras auxiliares de distribución. As polvoreiras das instalacións de explosivos protexidas anteriores á publicación deste real decreto quedarán exentas da adopción das medidas de protección física, sempre que as citadas polvoreiras se doten de medidas de seguridade complementarias.

b) Ata o 31 de decembro de 2018 para adaptarse aos requisitos sobre transporte de explosivos e os seus vehículos.

2. En relación co cumprimento do disposto na Instrución técnica complementaria número 11, «Apertura dos depósitos e transportes de explosivos. Destino dos explosivos non consumidos», establécese un prazo de adaptación ata o 31 de decembro de 2017.

3. No relativo ao cumprimento do disposto na Instrución técnica complementaria número 12, «Tratamento de produtos destinados á eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización», establécese un prazo de adaptación ata o 31 de decembro de 2018.

4. No referente á normativa sobre deseño e localización nas instalacións de fábricas e depósitos de explosivos, así como no relativo ao cumprimento da Instrución técnica complementaria número 13, «Instalacións e equipamentos eléctricos en zonas clasificadas con presenza de explosivos», establécese un prazo de adaptación ata o día 31 de decembro de 2021 para as situacións creadas antes da entrada en vigor da presente norma, sen prexuízo do que outras disposicións de carácter máis específico establezan ao seu respecto.

5. En relación co cumprimento das prescricións das instrucións técnicas complementarias número 26, «Manifestacións festivas con uso de armas de avancarga», e número 30, «Materias primas intermedias para a fabricación de explosivos», establécese un prazo de adaptación ata o día 31 de decembro de 2018.

6. En relación co cumprimento dos requisitos mínimos de seguridade que se deben cumprir nas operacións de transporte interior de explosivos, Instrución técnica complementaria número 34, «Transporte interno de explosivos», establécese un prazo de adaptación ata o 31 de decembro de 2018.

7. Non obstante o establecido nos números anteriores, as modificacións substanciais que se produzan nas instalacións de fábricas e depósitos tramitaranse de acordo co disposto para tales modificacións neste real decreto desde a súa data de entrada en vigor.

Disposición transitoria cuarta. *Adaptación á nova normativa sobre prevención de accidentes graves.*

1. Os puntos 1 e 2 do número 6 da Instrución complementaria número 10, «Prevención de accidentes graves», non se aplicarán se, na data de entrada en vigor deste real decreto, o industrial xa enviou unha notificación á autoridade competente en

cumprimento dos requisitos da normativa anterior, e a información contida na dita notificación cumpre o disposto no punto 1 do número 6 e non cambiou.

2. O punto 1 do número 7 da ITC número 10 non se aplicará se, con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, o industrial estableceu e implantou xa a súa política de prevención de accidentes graves en cumprimento dos requisitos da normativa anterior e a información contida nela cumpre o disposto no punto 1 do número 7 e non cambiou.

3. Os puntos 1, 2 e 3 do número 9 da ITC número 10 non se aplicarán se o industrial, antes da data de entrada en vigor deste real decreto, xa enviou o informe de seguridade en cumprimento dos requisitos da normativa anterior, e a información contida nel cumpre o disposto nos puntos 1 e 2 e non cambiou. Co obxecto de dar cumprimento aos puntos 1 e 2 do número 9, o industrial presentará todas as partes modificadas do informe de seguridade na forma prescrita pola autoridade competente nos prazos mencionados no punto 3 do citado número.

4. Os puntos 1, 2 e 3 do número 11 da ITC número 10 non se aplicarán se o industrial, antes da data de entrada en vigor deste real decreto, xa elaborou un plan de emerxencia ou autoprotección en cumprimento dos requisitos da normativa anterior, e a información contida nel cumpre o disposto nos puntos 1 e 2 e non cambiou.

Disposición transitoria quinta. *Plan de inspeccións de seguridade industrial e de seguridade e saúde no traballo.*

1. As fábricas de armas de guerra que incorporan explosivos autorizadas antes da data de entrada en vigor deste real decreto disporán dun prazo de tres anos, contado desde esa data, para adecuarse aos requisitos establecidos no Regulamento de explosivos e nas súas instrucións técnicas complementarias que se aproban, en relación coa seguridade industrial e a seguridade e saúde no traballo. Para ese efecto, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital (en diante, Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas) e a Dirección Xeral de Armamento e Material do Ministerio de Defensa (en diante, Dirección Xeral de Armamento e Material) aprobarán un plan de inspeccións, que levarán a cabo durante a primeira metade do período transitorio, para avaliar o grao de cumprimento dos ditos requisitos por parte das fábricas.

2. As ditas inspeccións en materia de seguridade industrial e de seguridade e saúde no traballo realizaranas as áreas funcionais de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno. O persoal da Dirección Xeral de Armamento e Material poderá estar presente durante a realización das inspeccións.

Do resultado das inspeccións será informada en todo caso a Dirección Xeral de Armamento e Material.

Disposición transitoria sexta. *Outras disposicións transitorias.*

1. Non obstante o establecido na disposición derradeira cuarta, todas as disposicións relativas ás fábricas móbiles de explosivos e aos equipamentos de bombeo de emulsións, suspensións ou xeles, a granel de interior, coa posibilidade de sensibilización dos explosivos, só serán de aplicación a partir do 31 de decembro de 2018.

2. Así mesmo, as disposicións relativas aos rexistros electrónicos, informáticos ou telemáticos da Administración só serán de aplicación a partir do día 2 de outubro de 2018.

3. No relativo aos modelos e formatos dos libros de rexistro, actas, guías de circulación, autorizacións e demais, modificados por este regulamento, establécese un prazo de adaptación ata o 2 de outubro de 2018.

4. En relación co cumprimento do disposto no artigo 125.2, establécese un período transitorio dun ano, desde a entrada en vigor deste real decreto, para dispor do correspondente carné de artilleiro ou do carné auxiliar de artilleiro, segundo se establece na Instrución técnica complementaria número 8, «Carné de artilleiro».

Disposición transitoria sétima. *Ampliación dos prazos de adaptación.*

Os prazos indicados nas disposicións transitorias terceira, quinta e sexta poderanse ampliar mediante orde do ministro da Presidencia e para as Administracións Territoriais, unha vez ditada a proposta dos ministros de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital e, de ser o caso, de Defensa e do Interior, en casos debidamente xustificadas.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

No momento da entrada en vigor deste real decreto, sen prexuízo do establecido nas disposicións transitorias previas, quedarán derogados:

- a) O Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de explosivos.
- b) O Real decreto 277/2005, do 11 de marzo, polo que se modifica o Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.
- c) A Orde PRE/2426/2004, do 21 de xullo, pola que se determina o contido, formato e mantemento dos libros de rexistro de movementos e consumo de explosivos.
- d) A Orde PRE/174/2007, do 31 de xaneiro, pola que se actualizan as instrucións técnicas complementarias número 8, 15, 19 e 23 do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.
- e) A Orde PRE/532/2007, do 9 de marzo, pola que se modifica a Orde PRE/174/2007, do 31 de xaneiro, pola que se actualizan as instrucións técnicas complementarias número 8, 15, 19 e 23 do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.
- f) A Orde PRE/1263/2009, do 21 de maio, pola que se actualizan as instrucións técnicas complementarias número 2 e 15 do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.
- g) A Orde PRE/2599/2010, do 4 de outubro, pola que se desenvolve o Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, en canto aos requisitos que deben reunir os directores de fábricas de explosivos.
- h) A Orde PRE/2035/2012, do 24 de setembro, pola que se modifica a Orde PRE/1263/2009, do 21 de maio, pola que se actualizan as instrucións técnicas complementarias número 2 e 15 do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.
- i) A Orde PRE/2412/2014, do 16 de decembro, pola que se aproba a Instrución técnica complementaria número 26, «Horario de apertura dos depósitos de explosivos, custodia de chaves das polvoreiras, destino dos explosivos non consumidos e devolucións», do Regulamento de explosivos.
- j) A Orde PRE/2476/2015, do 20 de novembro, pola que se actualiza a Instrución técnica complementaria número 10, «Prevención de accidentes graves».
- k) A Resolución do 27 de outubro de 2015, conxunta da Dirección Xeral da Garda Civil e da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se modifican os anexos I, II e III da Orde PRE/2426/2004, do 21 de xullo, pola que se determina o contido, o formato e o mantemento dos libros de rexistro de movementos e consumo de explosivos.
- l) A Instrución técnica complementaria 10.0.01 do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira, aprobada pola Orde do Ministerio de industria e Enerxía, do 20 de marzo de 1986.
- m) A Instrución técnica complementaria 10.0.02 do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira, aprobada pola Orde do Ministerio de Industria e Enerxía, do 20 de marzo de 1986.
- n) A Instrución técnica complementaria 10.1.01 do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira, aprobada pola Orde do Ministerio de Industria e Enerxía, do 20 de marzo de 1986.

ñ) A Instrución técnica complementaria 09.0.07 do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira, aprobada pola Orde do Ministerio de Industria e Enerxía, do 2 de outubro de 1985.

o) A Orde INT/703/2006, do 3 de marzo, pola que se ditan instrucións para a adquisición de material explosivo e cartucharía metálica por parte dos corpos de policía das comunidades autónomas e das entidades locais.

p) Calquera outro acto ou norma de igual ou inferior rango que se opoña ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.26.^a da Constitución española, que lle reserva ao Estado a competencia exclusiva sobre o réxime de produción, comercio, tenza e uso de armas e explosivos.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito comunitario europeo.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2014/28/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, relativa á harmonización das lexislacións dos Estados membros en materia de comercialización e control de explosivos con fins civís (versión refundida), pola que se modifica e posteriormente se derroga a Directiva 93/15/CEE do Consello, do 5 de abril de 1993.

Disposición derradeira terceira. *Habilitacións.*

Mediante orde dos ministros de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, de Defensa e do Interior, conxunta ou separadamente, segundo o ámbito das súas respectivas competencias, actualizarase o contido técnico das instrucións técnicas complementarias e especificacións técnicas do Regulamento de explosivos, tendo en conta a evolución da técnica e o que dispoñan as normas internacionais, do dereito da Unión Europea e españolas, legais e regulamentarias, que se diten sobre as materias a que aquelas se refiren.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Dado en Madrid o 24 de febreiro de 2017.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia
e para as Administracións Territoriais,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

REGULAMENTO DE EXPLOSIVOS

ÍNDICE

- Título I. Ordenación preliminar.
 - Capítulo I. Disposicións xerais.
 - Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.
 - Artigo 2. Competencias administrativas.
 - Artigo 3. Disposicións xerais sobre as empresas do sector dos explosivos e as súas autorizacións.
 - Artigo 4. Definicións.
 - Artigo 5. Obrigas dos axentes económicos.
 - Artigo 6. Entidades colaboradoras da Administración.
 - Artigo 7. Identificación e rastrexabilidade dos explosivos.
 - Capítulo II. Clasificación de explosivos.
 - Artigo 8. Divisións de risco.
 - Artigo 9. Clasificación.
 - Artigo 10. Presunción de conformidade do explosivo.
 - Artigo 11. Procedementos de avaliación da conformidade.
 - Artigo 12. Declaración UE de conformidade.
 - Capítulo III. Catalogación.
 - Artigo 13. Catálogo de explosivos.
 - Artigo 14. Catálogo público de explosivos.
 - Artigo 15. Catalogación de explosivos.
 - Artigo 16. Solicitudes de catalogación de explosivos.
 - Artigo 17. Procedemento de catalogación de explosivos.
 - Artigo 18. Presentación por vía electrónica.
 - Artigo 19. Modificación de produtos catalogados.
 - Capítulo IV. Marcación CE.
 - Artigo 20. Marcación CE.
 - Artigo 21. Excepcións á marcación CE para fabricantes, importadores, distribuidores e consumidores autorizados.
- Título II. Fábricas de explosivos.
 - Capítulo I. Disposicións xerais.
 - Artigo 22. Fabricación de explosivos.
 - Artigo 23. Instalacións en fábricas.
 - Artigo 24. Alteracións na contorna.
 - Artigo 25. Solicitud de autorización de fábrica.
 - Artigo 26. Autorizacións de establecemento de fábrica.
 - Artigo 27. Traslado de fábricas.
 - Artigo 28. Cambio de titularidade.
 - Artigo 29. Modificacións.
 - Artigo 30. Instalacións en desuso.
 - Artigo 31. Certificado de idoneidade e posta en marcha.
 - Artigo 32. Inspeccións das fábricas en materia de seguridade industrial e de seguridade e saúde no traballo.
 - Artigo 33. Frecuencia das inspeccións.
 - Artigo 34. Rexistro de inspeccións.

- Artigo 35. Prescricións obrigatorias.
 - Artigo 36. Paralización da actividade.
 - Artigo 37. Inspeccións en materia de seguridade cidadá.
 - Artigo 38. Caducidade das autorizacións e cesamento de actividade.
 - Artigo 39. Invalidez dos permisos.
 - Artigo 40. Rexistros de explosivos en fábricas.
 - Artigo 41. Obrigas relativas aos depósitos integrados nas fábricas de explosivos.
 - Artigo 42. Peche de fábricas de explosivos.
 - Artigo 43. Dirección técnica.
- Capítulo II. Seguridade nas fábricas de explosivos.
- Sección 1.^a Disposicións en materia de seguridade industrial e seguridade e saúde no traballo.
- Artigo 44. Seguridade industrial.
 - Artigo 45. Seguridade e saúde no traballo.
 - Artigo 46. Funcionamento, persoal, sinalización e locais de traballo.
 - Artigo 47. Seguridade das instalacións.
 - Artigo 48. Tormentas.
 - Artigo 49. Comunicación de accidentes.
 - Artigo 50. Transporte na fábrica.
 - Artigo 51. Residuos de produtos.
- Sección 2.^a Disposicións en materia de seguridade cidadá.
- Artigo 52. Cerramento e vixilancia das fábricas.
 - Artigo 53. Controis de entrada e saída.
 - Artigo 54. Normas relativas ao desenvolvemento da actividade da fábrica.
- Sección 3.^a Disposicións en materia de defensa nacional.
- Artigo 55. Funcionamento das fábricas de explosivos en aspectos de defensa nacional.
- Título III. Depósitos de explosivos.
- Capítulo I. Disposicións xerais.
- Artigo 56. Depósitos.
 - Artigo 57. Polvoreiras.
 - Artigo 58. Polvoreiras superficiais e semienterradas.
 - Artigo 59. Polvoreiras subterráneas.
 - Artigo 60. Garantías técnicas.
 - Artigo 61. Responsables.
- Capítulo II. Depósitos de produtos terminados e depósitos de consumo.
- Sección 1.^a Normas xerais.
- Artigo 62. Autorización de depósitos de produtos terminados e depósitos de consumo de explosivos.
 - Artigo 63. Solicitudes.
 - Artigo 64. Modificacións en depósitos.
 - Artigo 65. Utilización dos depósitos.
 - Artigo 66. Concesión de autorización de establecemento dun depósito.
 - Artigo 67. Certificado de idoneidade e posta en marcha.
 - Artigo 68. Caducidade das autorizacións.
 - Artigo 69. Invalidez dos permisos.

Artigo 70. Rexistros de explosivos nos depósitos.

Sección 2.^a Disposicións sobre seguridade industrial e seguridade e saúde no traballo.

- Artigo 71. Localizacións das polvoreiras.
- Artigo 72. Alteracións na contorna.
- Artigo 73. Dirección técnica.
- Artigo 74. Seguridade industrial.
- Artigo 75. Seguridade e saúde no traballo.
- Artigo 76. Polvoreiras de produtos terminados e de consumo.
- Artigo 77. Sinalización.
- Artigo 78. Servizo contra incendios.
- Artigo 79. Comunicación de accidentes.
- Artigo 80. Transporte no interior do depósito.
- Artigo 81. Inspeccións dos depósitos.
- Artigo 82. Frecuencia das inspeccións.
- Artigo 83. Rexistro de inspeccións.
- Artigo 84. Prescricións obrigatorias.
- Artigo 85. Paralización da actividade.

Sección 3.^a Disposicións en materia de seguridade cidadá.

- Artigo 86. Cerramento e vixilancia dos depósitos.
- Artigo 87. Controis de entrada e saída.
- Artigo 88. Inspeccións en materia de seguridade cidadá.

Capítulo III. Depósitos auxiliares asociados a fábricas de explosivos.

Sección 1.^a Disposicións sobre seguridade nos depósitos auxiliares.

- Artigo 89. Localizacións das polvoreiras ou almacéns auxiliares.
- Artigo 90. Polvoreiras auxiliares subterráneas.
- Artigo 91. Polvoreiras auxiliares asociadas a fábricas.
- Artigo 92. Medidas de seguridade contra incendios.

Sección 2.^a Disposicións en materia de seguridade cidadá.

Artigo 93. Medidas de seguridade cidadá.

Capítulo IV. Depósitos especiais.

- Artigo 94. Réxime.
- Artigo 95. Polvoreiras auxiliares de distribución.
- Artigo 96. Polvoreiras transportables.
- Artigo 97. Almacenamentos especiais.

Título IV. Envases.

Capítulo I. Normas xerais.

- Artigo 98. Acondicionamento dos explosivos.
- Artigo 99. Envases e embalaxes.
- Artigo 100. Homologación.
- Artigo 101. Frases obrigatorias.
- Artigo 102. Envases e embalaxes baleiros.
- Artigo 103. Separación de mercadorías perigosas.
- Artigo 104. Conformidade coas normas.

Capítulo II. Etiquetaxe.

Artigo 105. Garantía da etiquetaxe.

Artigo 106. Etiquetaxe do explosivo.

Artigo 107. Folla de datos de seguridade.

Título V. Comercialización.

Artigo 108. Responsables da venda ou comercialización de explosivos.

Artigo 109. Persoas autorizadas para a comercialización de explosivos.

Artigo 110. Persoas autorizadas para a compra de explosivos.

Artigo 111. Autorizacións de comercialización.

Artigo 112. Libros de rexistro en fabricación e comercialización.

Título VI. Control de mercado.

Capítulo I. Disposicións xerais.

Artigo 113. Vixilancia do mercado e control dos explosivos.

Capítulo II. Explosivos.

Artigo 114. Procedemento no caso de explosivos que expoñen un risco a nivel nacional.

Artigo 115. Procedemento de salvagarda da Unión Europea.

Artigo 116. Explosivos conformes que presentan un risco para a saúde ou a seguridade.

Artigo 117. Incumprimento formal.

Título VII. Uso de explosivos.

Artigo 118. Consumidores de explosivos.

Artigo 119. Autorización para a utilización de explosivos.

Artigo 120. Solicitud do pedido de subministración.

Artigo 121. Presentación do pedido de subministración.

Artigo 122. Libros de rexistro e actas de uso en explotacións e obras.

Artigo 123. Vixilancia.

Artigo 124. Persoal que intervéen no manexo e consumo de explosivos.

Artigo 125. Voaduras e utilización de explosivos.

Título VIII. Importación, exportación, tránsito e transferencia.

Capítulo I. Normas xerais.

Artigo 126. Circulación.

Artigo 127. Depósito regulamentario.

Capítulo II. Importación.

Artigo 128. Rexistro oficial de importadores.

Artigo 129. Permiso previo de circulación.

Artigo 130. Exencións.

Artigo 131. Guía de circulación e control alfandegueiro.

Capítulo III. Exportación.

Artigo 132. Autorización de exportación.

Capítulo IV. Tránsito.

Artigo 133. Autorización de tránsito de orixe extracomunitaria.

- Artigo 134. Solicitud de autorización de tránsito de orixe extracomunitaria.
- Artigo 135. Competencia do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.
- Artigo 136. Autorización de tránsito de orixe comunitaria.
- Artigo 137. Solicitud de autorización de tránsito de orixe comunitaria.
- Artigo 138. Competencia da Intervención Central de Armas e Explosivos.
- Artigo 139. Acondicionamento das materias regulamentadas.
- Artigo 140. Medidas de seguridade.

Capítulo V. Transferencia.

- Artigo 141. Disposicións xerais.
- Artigo 142. Libre circulación.
- Artigo 143. Transferencia directa.
- Artigo 144. Transferencia inversa.
- Artigo 145. Tránsito por territorio español.

Título IX. Transporte.

Capítulo I. Disposicións xerais.

- Artigo 146. Regulación.
- Artigo 147. Normas xerais.
- Artigo 148. Inspección.
- Artigo 149. Equipamentos de carga e descarga de produtos.
- Artigo 150. Transbordo de explosivos.
- Artigo 151. Documentación exixida.

Capítulo II. Guía de circulación.

- Artigo 152. Documentación requirida.
- Artigo 153. Guía de circulación.

Capítulo III. Transporte por estrada.

- Artigo 154. Regulación.
- Artigo 155. Competencias.
- Artigo 156. Paradas.
- Artigo 157. Protocolo de emerxencia.
- Artigo 158. Normas xerais.

Capítulo IV. Transporte por ferrocarril.

- Artigo 159. Regulación.
- Artigo 160. Competencias.
- Artigo 161. Vixilancia.
- Artigo 162. Normas xerais.

Capítulo V. Transporte marítimo, fluvial e en encoros.

- Artigo 163. Regulación.
- Artigo 164. Competencias en transporte marítimo.
- Artigo 165. Vixilancia.
- Artigo 166. Custodia.
- Artigo 167. Xurisdición das augas.
- Artigo 168. Normas xerais.
- Artigo 169. Documentación.
- Artigo 170. Carga e descarga.
- Artigo 171. Competencias en transporte fluvial e encoros. Disposicións xerais.

Capítulo VI. Transporte aéreo.

- Artigo 172. Regulación.
- Artigo 173. Competencias.
- Artigo 174. Normas xerais.
- Artigo 175. Zona de carga e descarga.
- Artigo 176. Vehículos.
- Artigo 177. Helicópteros.

Título X. Réxime sancionador.

Capítulo I. Infraccións e sancións.

- Artigo 178. Infraccións leves.
- Artigo 179. Infraccións graves.
- Artigo 180. Infraccións moi graves.
- Artigo 181. Inspección e sancións.
- Artigo 182. Prescrición das infraccións.
- Artigo 183. Prescrición das sancións.

Capítulo II. Procedemento sancionador.

- Artigo 184. Procedemento sancionador.
- Artigo 185. Competencias.
- Artigo 186. Explosivos incautados.
- Artigo 187. Medidas cautelares.

Capítulo III. Revogación de autorizacións.

- Artigo 188. Revogación de autorizacións.
- Artigo 189. Medidas de seguridade extraordinarias en situacións de emerxencia.
- Artigo 190. Medidas de emenda de deficiencias.

Instrución técnica complementaria número 1.

Seguridade cidadá: medidas de vixilancia e protección en instalacións, transportes de explosivos e unidades móbiles de fabricación de explosivos.

Instrución técnica complementaria número 2.

Requisitos esenciais de seguridade dos explosivos de uso civil.

Instrución técnica complementaria número 3.

Procedementos de avaliación da conformidade.

Instrución técnica complementaria número 4.

Catalogación de explosivos.

Instrución técnica complementaria número 5.

Identificación e rastrexabilidade de explosivos con fins civís.

Instrución técnica complementaria número 6.

Normas básicas para a solicitude de autorización de establecemento, traslado ou modificación substancial dunha fábrica de explosivos.

Instrución técnica complementaria número 7.

Marcación de conformidade.

- Instrucción técnica complementaria número 8.
- Carné de artilleiro.
- Especificación técnica número 8.01.
- Especificación técnica número 8.02.
- Especificación técnica número 8.03.
- Instrucción técnica complementaria número 9.
- Normas de deseño e localización para fábricas e depósitos de explosivos.
- Instrucción técnica complementaria número 10.
- Prevención de accidentes graves.
- Instrucción técnica complementaria número 11.
- Apertura dos depósitos e transportes de explosivos. Destino dos explosivos non consumidos.
- Instrucción técnica complementaria número 12.
- Tratamento de produtos destinados á eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización.
- Especificación técnica número 12.01.
- Instrucción técnica complementaria número 13.
- Instalacións e equipamentos eléctricos en zonas clasificadas con presenza de explosivos.
- Instrucción técnica complementaria número 14.
- Disposicións relativas á seguridade e saúde para a protección dos traballadores fronte ao risco de explosión.
- Instrucción técnica complementaria número 15.
- Etiquetas de identificación de envases e embalaxes de explosivos.
- Instrucción técnica complementaria número 16.
- Compatibilidade de almacenamento e transporte.
- Instrucción técnica complementaria número 17.
- Normas para o deseño dos depósitos subterráneos.
- Instrucción técnica complementaria número 18.
- Localización das polvoreiras auxiliares de 50 quilogramos.
- Instrucción técnica complementaria número 19.
- Transporte por ferrocarril.
- Instrucción técnica complementaria número 20.
- Normas de seguridade para a carga, descarga e estadia en portos, aeroportos e aeródromos.
- Instrucción técnica complementaria número 21.

- Notificación dos organismos de avaliación da conformidade.
- Instrución técnica complementaria número 22.
- Sinal de perigosidade de presenza de explosivos en fábricas e depósitos.
- Instrución técnica complementaria número 23.
- Normas básicas para os plans de peche das fábricas de explosivos.
- Instrución técnica complementaria número 24.
- Modelos de acta de inspección e de rexistros.
- Instrución técnica complementaria número 25.
- Datos obrigatorios da autorización do pedido de subministración para a utilización de explosivos.
- Instrución técnica complementaria número 26.
- Manifestacións festivas con uso de armas de avancarga.
- Instrución técnica complementaria número 27.
- Modelo de declaración UE de conformidade.
- Instrución técnica complementaria número 28.
- Homologación de polvoreiras.
- Instrución técnica complementaria número 29.
- Transporte conxunto de explosivos e detonadores.
- Instrución técnica complementaria número 30.
- Materias primas intermedias para a fabricación de explosivos.
- Instrución técnica complementaria número 31.
- Director técnico de fábrica de explosivos.
- Instrución técnica complementaria número 32.
- Homologación e catalogación de unidades móbiles de fabricación de explosivos (MEMU) e dos equipamentos de bombeo de emulsións, suspensións ou xeles, a granel de interior, coa posibilidade de sensibilización do explosivo.
- Instrución técnica complementaria número 33.
- Modelos, contido e formato das solicitudes do permiso previo de circulación, tránsito e transferencias de explosivos, e instrucións para a súa confección.
- Instrución técnica complementaria número 34.
- Transporte interno de explosivos.

REGULAMENTO DE EXPLOSIVOS

TÍTULO I

Ordenación preliminar

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este regulamento ten por obxecto:

a) Establecer a regulación dos explosivos nos aspectos relativos á seguridade cidadá na fabricación, almacenamento, distribución, comercio, transporte, medidas de seguridade, adquisición, tenza e uso dos explosivos con fins civís, no marco dos artigos 28 e 29 da Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá e o seu desenvolvemento normativo, no exercicio da competencia que lle recoñece o artigo 149.1.26.^a da Constitución española.

b) Regular os aspectos relativos á seguridade industrial nas actividades regulamentadas, que se aplicará dentro do marco establecido na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, no seu desenvolvemento normativo e nos regulamentos técnicos correspondentes.

c) Establecer disposicións relativas ás funcións dos órganos específicos en materia de seguridade e saúde no traballo que se sinalan no artigo 7 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

d) Incorporar ao ordenamento xurídico español a Directiva 2014/28/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, relativa á harmonización das lexislacións dos Estados membros en materia de comercialización e control de explosivos con fins civís.

e) Establecer os requisitos esenciais de seguridade que deberán cumprir os explosivos con fins civís para a súa comercialización. Estes requisitos enúncianse na Instrución técnica complementaria (en diante, ITC) número 2.

2. O ámbito de aplicación deste regulamento son os explosivos con fins civís, así como o nitrato amónico e as matrices de emulsións, suspensións e xeles a base de nitrato amónico para a fabricación de explosivos, regulados na ITC número 30, «Materias primas intermedias para a fabricación de explosivos».

3. O réxime xurídico previsto neste regulamento aplicarase sen prexuízo das previsións de protección ambiental en materia de residuos e transporte de residuos contidas na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, así como na Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, e nas súas normas de desenvolvemento.

4. Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste regulamento e regularanse pola súa normativa específica:

a) As Forzas Armadas, forzas e corpos de seguridade do Estado e os corpos de policía das comunidades autónomas que, en virtude dos seus estatutos, teñan competencias para a protección de persoas e bens e para o mantemento da orde pública, e contén con unidades de desactivación de explosivos, no exercicio das súas competencias.

b) Os explosivos destinados ao uso non comercial por parte das Forzas Armadas, forzas e corpos citados no punto anterior, excepto no relativo á súa fabricación, importación, exportación, transferencia, tránsito, transporte, almacenamento, uso e eliminación, se estas operacións non as realiza o órgano competente das ditas unidades. As fábricas e os depósitos de explosivos destinados ao uso non comercial por parte das citadas unidades

estarán sometidos ao réxime de autorización previsto neste regulamento, salvo se tales fábricas e depósitos son de titularidade e uso das citadas unidades.

c) Os artigos pirotécnicos e cartucharía incluídos no ámbito de aplicación do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía, aprobado polo Real decreto 989/2015, do 30 de outubro.

d) As materias que en si mesmas non sexan explosivas, pero que poidan formar mesturas explosivas de líquidos, gases, vapores ou pos, e os artigos que conteñan materias explosivas ou mesturas explosivas de materias en cantidade tan pequena ou de tal natureza que a súa iniciación por inadvertencia ou accidente non implique ningunha manifestación exterior no artefacto que se puidese traducir en proxeccións, incendio, desprendemento de fume, calor ou forte ruído.

5. A adquisición de material explosivo por parte dos corpos de policía das comunidades autónomas que contén con unidades de desactivación de explosivos requirirá o acordo anual da xunta de seguridade respectiva e, unha vez adoptado este, a comunicación previa á Dirección Xeral da Garda Civil da cantidade, clase de produto e procedencia da adquisición do dito material por parte do departamento de que dependen os ditos corpos.

O transporte do citado material realizarase de acordo coas disposicións deste regulamento, para o que os ditos corpos de policía poderán prestar a seguridade necesaria, dentro do ámbito xeográfico da súa comunidade autónoma.

6. Os preceptos deste regulamento serán, así mesmo, supletorios respecto de calquera outra disposición que, con distinta finalidade, conteña normas referentes ás ditas materias.

7. As disposicións contidas neste regulamento consideraranse lexislación sectorial en materia de explosivos en relación coas medidas de seguridade cidadá, sen prexuízo do carácter supletorio da normativa de seguridade privada.

Artigo 2. *Competencias administrativas.*

1. Todas as actividades regulamentadas quedan baixo a intervención administrativa do Estado.

2. Na forma disposta neste regulamento interveñen:

a) O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, a través da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, con competencias exclusivas xerais e específicas nas autorizacións das actividades atribuídas neste regulamento, así como na inspección en materia de seguridade industrial e en materia de seguridade e saúde no traballo respecto dos ámbitos establecidos no artigo 7.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, ben polos seus propios medios ou a través das áreas funcionais de Industria e Enerxía das delegacións e subdelegacións do Goberno, respectivamente.

b) O Ministerio do Interior, a través da Dirección Xeral da Garda Civil, en exercicio das súas competencias en materia de explosivos reguladas na Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, especialmente no control e na inspección da súa fabricación, almacenamento, circulación, distribución, comercio, adquisición, transporte, medidas de seguridade, tenza e uso, así como na autorización de importacións, transferencias e tránsitos de orixe comunitaria.

c) O Ministerio do Interior, a través da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, en cumprimento das funcións en materia de protección civil establecidas polo artigo 6.1 do Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas.

d) O Ministerio de Presidencia e para as Administracións Territoriais, a través das delegacións e subdelegacións do Goberno, nas autorizacións necesarias para o funcionamento das instalacións e establecementos e demais atribuídas neste regulamento.

e) O Ministerio de Defensa, a través da Dirección Xeral de Armamento e Material, en cumprimento da función de salvagardar a defensa nacional, na autorización das instalacións das fábricas e depósitos de explosivos e no control destas fábricas nos aspectos concernentes á defensa nacional.

f) O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a través da Dirección Xeral de Relacións Económicas Internacionais, na autorización dos tránsitos de explosivos procedentes de países extracomunitarios por territorio nacional.

g) O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a través da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición, e da Dirección de Saúde Pública, Calidade e Innovación, no marco das súas competencias respecto da protección xeral dos consumidores e da protección da saúde humana, respectivamente.

h) Os ministerios de Economía, Industria e Competitividade, e de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, nas actividades reguladas neste regulamento que sexan da súa competencia, e o Ministerio de Fomento en todo o referente á inspección e ordenación dos transportes.

i) O Ministerio de Emprego e Seguridade Social, así como a Inspección de Traballo e Seguridade Social, nos aspectos non afectados por este regulamento, é dicir, os laborais, os de emprego, os de seguridade social e, en particular, os aspectos relacionados coa seguridade e saúde no traballo non afectados pola fabricación, manipulación, envasamento e transporte das materias reguladas por este regulamento, en diante materias regulamentadas.

j) As administracións autonómicas e locais nas actividades que, como consecuencia das que neste regulamento se establecen, resulten da súa competencia.

3. As distintas administracións públicas, exclusivamente no ámbito das súas respectivas competencias, poderán:

a) Efectuar, en todo momento, as inspeccións, vixilancias e comprobacións que consideren precisas.

b) Adoptar medidas extraordinarias en situacións de emerxencia ou en circunstancias excepcionais que ao seu xuízo sexan singulares, especiais ou xustificadas.

c) Suspende temporalmente calquera autorización, outorgada no ámbito de aplicación das súas respectivas competencias, por razóns de seguridade debidamente motivadas conforme a lexislación aplicable.

4. Todo o anterior se establece sen prexuízo de que as administracións autonómicas e locais desenvolvan, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias que puidesen derivar como consecuencia das disposicións deste regulamento.

5. As delegacións do Goberno comunicaranlle á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas calquera accidente grave ou mortal producido nas actividades reguladas polo regulamento de explosivos, co fin de que o citado ministerio dispoña dun rexistro actualizado da sinistralidade laboral.

Artigo 3. Disposicións xerais sobre as empresas do sector dos explosivos e as súas autorizacións.

1. Considerarase empresa do sector de explosivos toda persoa física ou xurídica que se dedique á fabricación, almacenamento, distribución, transporte, comercialización, uso, transferencia, importación ou exportación de explosivos. Será obrigatorio que dispoña dun seguro ou doutra garantía financeira que cubra a súa responsabilidade civil, así como da licenza ou autorización correspondente.

2. De conformidade co disposto na Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, sobre protección da seguridade cidadá, as actividades relacionadas coa fabricación, comercio e distribución de explosivos constitúen un sector con regulación específica en materia de dereito de establecemento, nos termos previstos pola lexislación sobre investimentos estranxeiros en España, e correspóndelles aos ministerios de Defensa, do Interior,

Economía, Industria e Competitividade e de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital o exercicio das competencias de supervisión e control.

Os investimentos estranxeiros, directos ou indirectos, en sociedades españolas que teñan por obxecto desenvolver as actividades indicadas axustaranse aos requisitos e condicións establecidos no Real decreto 664/1999, do 23 de abril, sobre investimentos exteriores.

3. Todas as actividades regulamentadas concernentes aos explosivos só poderán ser desempeñadas por quen, tendo a capacidade de obrar prevista neste regulamento, posúa, ademais, a capacidade técnica e a solvencia financeira necesarias para o exercicio das ditas actividades.

4. Aqueles que exerzan cargos de mando ou de control responsabilizaranse do cumprimento das disposicións deste regulamento, advertirán o persoal que deles dependa da perigosidade das súas tarefas e facilitaranlles as instrucións e formación adecuadas.

5. Os servizos de vixilancia e protección inmediata que, conforme as disposicións vixentes, non estean reservados ás forzas e corpos de seguridade competentes nesta materia unicamente se poderán encomendar a persoal especificamente determinado neste regulamento e nas instrucións técnicas complementarias de desenvolvemento.

6. A presenza de explosivos advertirase en todo momento e lugar de modo perfectamente visible, mediante os sinais de perigo regulamentarios. O sinal de perigo nas fábricas e depósitos de explosivos será conforme o definido na ITC número 22.

7. Cando nun mesmo recinto ou edificio coexistan explosivos de diversa división de risco, conforme se definen no artigo 8 deste regulamento, a división de risco do recinto ou edificio corresponderá á máis desfavorable.

8. Os titulares de autorizacións para o exercicio das actividades reguladas por este regulamento deben ter nacionalidade española ou de calquera dos países membros do Espazo Económico Europeo ou a nacionalidade ou o parentesco determinados pola normativa que sexa de aplicación.

9. Non se recoñecerán administrativamente outras facultades, en relación coas materias regulamentadas, que as que se recoñezan especificamente en autorizacións outorgadas polos órganos competentes, de acordo co disposto no propio regulamento e no resto do ordenamento xurídico.

10. As facultades recoñecidas polas autorizacións outorgadas serán intransferibles e inalienables, salvo autorización expresa outorgada para o efecto.

11. A duración das autorizacións entenderase indefinida, salvo que nos preceptos aplicables ou nas mesmas autorizacións se conteña expresamente algunha limitación temporal, e coa condición de que non se modifiquen as condicións en que foron outorgadas sen a correspondente autorización.

12. A validez das autorizacións para a manipulación de explosivos estará condicionada ao feito de que os seus titulares teñan concertado e manteñan en vigor un seguro ou outra garantía financeira que cubra a súa responsabilidade civil, por unha cantidade que será determinada en función da clase e cantidade de explosivo que se vaia usar e do risco que poida xerar, tendo en conta as circunstancias obxectivas e subxectivas que en cada suposto concorran.

13. En caso de incumprimento das condicións establecidas nas autorizacións reguladas neste regulamento de forma que se afecte a seguridade de forma grave, poderase dispor, logo de informe favorable do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital e audiencia do interesado, o peche temporal do establecemento mentres non se emenden as anomalías existentes ou se establezan medidas de seguridade equivalentes.

14. O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital manterá información actualizada relativa ás empresas do sector de explosivos que posúan licenza ou autorización para a súa fabricación, almacenamento, transferencia, importación, exportación, transporte, comercio ou utilización. Esta información estará á disposición dos órganos competentes en materia de explosivos para o exercicio das súas funcións.

15. As empresas autorizadas para a fabricación, almacenamento, transferencia ou importación, comercialización e utilización de explosivos deberán dispor dun sistema de

seguimento da tenza destes, de conformidade coa ITC número 5, que permita identificar en todo momento o seu tedor.

16. As ditas empresas levarán rexistros das súas operacións, dos cales se deberá poder dispor inmediatamente para un posible control por petición das autoridades competentes, sen prexuízo de que a transmisión da información a poida levar a cabo outra empresa cuxos servizos fosen contratados para tal fin pola empresa do sector.

Ambas as empresas deberán cumprir as previsións establecidas para o efecto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro.

Artigo 4. *Definicións.*

Para os efectos deste regulamento, entenderase por:

1. Acreditación: acreditación conforme a definición do artigo 2, punto 10, do Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 339/93.

2. Axentes económicos: o fabricante, o representante autorizado, o importador, o distribuidor e toda persoa física ou xurídica que intervén no almacenamento, utilización, transferencia, importación, exportación ou comercio de explosivos.

3. Armas de guerra que incorporan explosivos: as definidas como tales no Regulamento de armas que conteñan explosivos.

4. Autorización de transferencia: a decisión adoptada con respecto ás transferencias previstas de explosivos dentro da Unión Europea.

5. Comercialización: toda subministración, remunerada ou gratuíta, dun explosivo para a súa distribución ou utilización no mercado da Unión Europea no transcurso dunha actividade comercial.

6. Distribuidor: toda persoa física ou xurídica integrada na cadea de distribución, distinta do fabricante ou do importador, que comercialice un explosivo.

7. Especificación técnica: un documento no cal se definen os requisitos técnicos dun explosivo, o sistema de iniciación ou o produto relacionado.

8. Avaliación da conformidade: o proceso polo cal se avalía se se satisfán os requisitos esenciais de seguridade deste regulamento en relación cun explosivo.

9. Explosivos: materias e obxectos considerados explosivos polas recomendacións das Nacións Unidas relativas ao transporte de mercadorías perigosas e que figuran na clase 1 das ditas recomendacións. Poden ser:

a) Materias explosivas: materias sólidas ou líquidas (ou mestura de materias) que por reacción química poidan emitir gases a temperatura, presión e velocidade tales que poidan orixinar efectos físicos que afecten a súa contorna.

b) Obxectos explosivos: obxectos que conteñan unha ou varias materias explosivas.

10. Exportador: toda persoa física ou xurídica establecida na Unión Europea que realice a expedición dun explosivo a un país terceiro.

11. Fábrica de armas de guerra que incorporen explosivo: instalación, recinto, taller, factoría ou industria onde se fabrican e producen armas de guerra que incorporan explosivo.

12. Fabricante: toda persoa física ou xurídica que fabrica un explosivo, ou que manda deseñar ou fabricar un explosivo e comercializa o dito explosivo co seu nome comercial ou marca ou o utiliza para os seus propios fins.

13. Importador: toda persoa física ou xurídica establecida na Unión Europea que introduza no mercado da Unión Europea un explosivo dun país terceiro.

14. Introducción no mercado: a primeira comercialización no mercado da Unión Europea dun explosivo.

15. Lexislación de harmonización da Unión Europea: toda lexislación da Unión Europea que harmonice as condicións para a comercialización dos produtos.

16. Marcación CE: unha marcación pola cal o fabricante indica que o explosivo é conforme todos os requisitos aplicables establecidos na lexislación de harmonización da Unión Europea que prevé a súa colocación.

17. Norma harmonizada: norma harmonizada conforme a definición do artigo 2, punto 1, letra c), do Regulamento (UE) n.º 1025/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, sobre a normalización europea, polo que se modifican as directivas 89/686/CEE e 93/15/CEE do Consello, e as directivas 94/9/CE, 94/25/CE, 95/16/CE, 97/23/CE, 98/34/CE, 2004/22/CE, 2007/23/CE, 2009/23/CE e 2009/105/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derroga a Decisión 87/95/CEE do Consello, e a Decisión n.º 1673/2006/CE do Parlamento Europeo e do Consello.

18. Organismo de avaliación da conformidade: un organismo que desempeña actividades de avaliación da conformidade, que inclúen calibración, ensaio, certificación e inspección.

19. Organismo nacional de acreditación: organismo nacional de acreditación conforme a definición do artigo 2, punto 11, do Regulamento (CE) n.º 765/2008.

20. Recuperación: calquera medida destinada a obter a devolución dun explosivo xa posto á disposición do usuario final.

21. Retirada: calquera medida destinada a impedir a comercialización dun explosivo que se encontra na cadea de subministración.

22. Representante autorizado: toda persoa física ou xurídica establecida na Unión Europea que recibiu un mandato por escrito dun fabricante para actuar no seu nome en tarefas específicas.

23. Seguridade: conxunto de medidas para previr accidentes ou limitar o seu alcance ou efectos.

24. Seguridade cidadá: conxunto de medidas que se deben aplicar para protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades, crear e manter as condicións adecuadas para o efecto e remover os obstáculos que o impidan, evitando calquera ilícito penal ou administrativo que teña por obxecto as materias regulamentadas, os establecementos relacionados con aqueles ou os medios de transporte en que sexan desprazados.

25. Seguridade industrial: conxunto de medidas que se deben aplicar co fin de conseguir a prevención e limitación de riscos, así como a protección contra accidentes e sinistros capaces de producir danos ou perdas ás persoas, flora, fauna, bens ou ao ambiente, derivados da actividade industrial ou da utilización, funcionamento e mantemento das instalacións ou equipamentos e da produción, uso ou consumo, almacenamento ou refugallo dos produtos industriais.

26. Seguridade e saúde no traballo: conxunto de medidas que se deben aplicar co fin de conseguir eliminar ou diminuír o risco de que se produzan accidentes de traballo ou enfermidades profesionais.

27. Transferencia: todo desprazamento físico de explosivos dentro da Unión Europea, exceptuados os desprazamentos que se realicen dentro do territorio do Estado español.

Serán de aplicación as definicións, non incluídas neste artigo, dalgún concepto necesario para a comprensión do disposto neste regulamento, que aparecen no Manual de recomendacións relativas ao transporte de mercadorías perigosas, regulamento tipo, das Nacións Unidas ou, na súa falta, nas normas UNE-EN/UNE/EN da materia.

Artigo 5. *Obrigas dos axentes económicos.*

1. Obrigas dos fabricantes:

a) Cando introduzan os seus explosivos no mercado ou os utilicen para os seus propios fins, os fabricantes garantirán que foron deseñados e fabricados de conformidade cos requisitos esenciais de seguridade establecidos na ITC número 2.

b) Os fabricantes elaborarán a documentación técnica a que se refire a ITC número 3 e velarán por que se leve a cabo o correspondente procedemento de avaliación da conformidade a que se refire o artigo 11.

Cando mediante ese procedemento se demostrase que un explosivo cumpre os requisitos aplicables, os fabricantes elaborarán unha declaración UE de conformidade, segundo o modelo a ITC número 27, e colocarán a marcación CE.

c) Os fabricantes conservarán a documentación técnica e a declaración UE de conformidade durante dez anos despois da introdución do explosivo no mercado, contados desde a última data de fabricación do explosivo.

d) Os fabricantes aseguraranse de que existan procedementos para que a produción en serie manteña a súa conformidade con este regulamento. Deberán tomar debidamente en consideración os cambios no deseño ou as características do explosivo e os cambios nas normas harmonizadas ou outras especificacións técnicas conforme as cales declaran a súa conformidade.

e) Os fabricantes garantirán que os explosivos que introduzan no mercado leven unha identificación única conforme o sistema de identificación e rastrexabilidade de explosivos enunciado no artigo 7. Cando se trate de explosivos excluídos do dito sistema, os fabricantes:

i. Aseguraránse de que os explosivos que introduzan no mercado leven un número de tipo, partida ou serie ou calquera outro elemento que permita a súa identificación ou, se o tamaño, a forma ou o deseño do explosivo non o permite, de que a información requirida figure na embalaxe ou nun documento que acompañe o explosivo.

ii. Indicarán nos explosivos o seu nome, o seu nome comercial rexistrado ou marca rexistrada e o seu enderezo postal de contacto no explosivo ou, cando non sexa posible, na súa embalaxe ou nun documento que se xunte co explosivo. O enderezo deberá indicar un único lugar en que se poida contactar co fabricante. Os datos de contacto figurarán, polo menos, en castelán.

f) Os fabricantes garantirán que cos explosivos que introduzan no mercado se xunten as instrucións e a información relativa á seguridade redactadas, polo menos, en castelán, de conformidade co establecido no artigo 107. Estas instrucións e información relativa á seguridade, así como toda a etiquetaxe, serán claras, comprensibles e intelixibles.

g) Os fabricantes que consideren ou teñan motivos para pensar que un explosivo que introduciron no mercado non é conforme con este regulamento adoptarán inmediatamente as medidas correctoras necesarias para que sexa conforme, retiralo do mercado ou recuperalo, no caso de ser necesario. Ademais do anterior, cando o explosivo presente un risco, os fabricantes informarán inmediatamente diso a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e aquelas autoridades nacionais competentes dos Estados membros en que o comercializaron, e proporcionarán detalles, en particular, sobre a non conformidade e as medidas correctoras adoptadas. Do mesmo xeito, os fabricantes comunicaránllo aos distribuidores e consumidores finais.

h) Sobre a base dunha solicitude motivada da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, os fabricantes facilitarán toda a información e documentación necesarias para demostrar a conformidade do explosivo con este regulamento, redactadas, polo menos, en castelán. Cooperarán coa dita autoridade competente, por petición súa, en calquera acción destinada a evitar os riscos que presenten os explosivos que introduciron no mercado.

2. Representantes autorizados:

a) Os fabricantes poderán designar, mediante mandato escrito, un representante autorizado.

As obrigas establecidas no punto 1.a) e a obriga de elaborar a documentación técnica a que se refire o punto 1.b) non formarán parte do mandato do representante autorizado.

b) Os representantes autorizados efectuarán as tarefas especificadas no mandato recibido do fabricante. O mandato deberalle permitir ao representante autorizado, polo menos:

i. Manter a declaración UE de conformidade e a documentación técnica á disposición das autoridades nacionais de vixilancia do mercado durante un período de dez anos despois da introdución do explosivo no mercado, contados desde a última data de fabricación do explosivo.

ii. Sobre a base dunha solicitude motivada da autoridade competente, facilitarlle á dita autoridade toda a información e a documentación necesarias para demostrar a conformidade do explosivo.

iii. Cooperar coas autoridades competentes, por petición destas, en calquera acción destinada a eliminar os riscos que expoñan os explosivos obxecto do mandato do representante autorizado.

3. Obrigas dos importadores:

a) Os importadores só introducirán no mercado explosivos conformes.

b) Antes de introducir un explosivo no mercado, os importadores aseguraranse de que o fabricante levou a cabo o debido procedemento de avaliación da conformidade que se recolle no artigo 11. Aseguraranse de que o fabricante elaborou a documentación técnica, de que o explosivo leva a marcación CE e de que se xuntan os documentos necesarios, e de que o fabricante respectou os requisitos establecidos no punto 1.e).

Cando un importador considere ou teña motivos para crer que un explosivo non é conforme cos requisitos esenciais de seguridade da ITC número 2, non introducirá o dito explosivo no mercado ata que sexa conforme. Ademais, cando o explosivo presente un risco, o importador informará o fabricante e a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

c) Os importadores indicarán no explosivo o seu nome, o seu nome comercial rexistrado ou marca rexistrada e o seu enderezo postal de contacto ou, cando non sexa posible, na súa embalaxe ou nun documento que se xunte co explosivo. Os datos de contacto figurarán, polo menos, en castelán.

d) Os importadores garantirán que co explosivo se xuntan as instrucións e a información relativa á seguridade, de conformidade co establecido no artigo 107, redactadas, polo menos, en castelán.

e) Mentres sexan responsables dun explosivo, os importadores aseguraranse de que as condicións do seu almacenamento ou transporte non comprometan o cumprimento dos requisitos esenciais de seguridade da ITC número 2.

f) Os importadores que consideren ou teñan motivos para pensar que un explosivo que introduciron no mercado non é conforme con este regulamento adoptarán inmediatamente as medidas correctoras necesarias para que sexa conforme, retiralo do mercado ou recuperalo, no caso de ser necesario. Ademais do anterior, cando o explosivo presente un risco, os importadores informarán inmediatamente diso a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e aquelas autoridades nacionais competentes dos Estados membros en que o comercializaron, e proporcionarán detalles, en particular, sobre a non conformidade e as medidas correctoras adoptadas. Do mesmo xeito, os importadores comunicaránllelo aos distribuidores e consumidores finais.

g) Durante dez anos despois da introdución do explosivo no mercado, contados desde a última data de fabricación do explosivo, os importadores manterán unha copia da declaración UE de conformidade á disposición da Dirección Xeral de Política Enerxética e

Minas, e aseguraranse de que, logo de petición, as ditas autoridade reciban unha copia da documentación técnica.

h) Sobre a base dunha solicitude motivada da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, os importadores facilitarán, en papel ou en formato electrónico, toda a información e documentación necesarias para demostrar a conformidade do explosivo, redactadas, polo menos, en castelán. Cooperarán coa dita autoridade, por petición súa, en calquera acción destinada a evitar os riscos que expoñan os explosivos que introduciron no mercado.

4. Obrigas dos distribuidores:

a) Ao comercializar un explosivo, os distribuidores actuarán coa debida dilixencia en relación cos requisitos deste regulamento.

b) Antes de comercializar un explosivo, os distribuidores aseguraranse de que o explosivo leve a marcación CE, se xunten os documentos requiridos e as instrucións e a información relativa á seguridade, redactados, polo menos, en castelán, e de que o fabricante e o importador cumprisen os requisitos establecidos nos puntos 1.e) e 3.c).

Cando un distribuidor considere ou teña motivos para pensar que un explosivo non é conforme cos requisitos esenciais de seguridade da ITC número 2, non introducirá o dito explosivo no mercado ata que sexa conforme. Ademais, cando o explosivo presente un risco, o distribuidor informará o fabricante ou o importador respecto diso, así como a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

c) Mentres sexan responsables dun explosivo, os distribuidores aseguraranse de que as condicións do seu almacenamento ou transporte non comprometan o cumprimento dos requisitos esenciais de seguridade da ITC número 2.

d) Os distribuidores que consideren ou teñan motivos para pensar que un explosivo que comercializaron non é conforme con este regulamento velarán por que se adopten as medidas correctoras necesarias para que sexa conforme, retíralo do mercado ou recuperalo, no caso de ser necesario. Ademais, cando o explosivo presente un risco, os distribuidores informarán inmediatamente diso a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e aquelas autoridades nacionais competentes dos Estados membros en que o comercializaron, e proporcionarán detalles, en particular, sobre a non conformidade e as medidas correctoras adoptadas.

e) Sobre a base dunha solicitude motivada da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, os distribuidores facilitarán, en papel ou en formato electrónico, toda a información e documentación necesarias para demostrar a conformidade do explosivo. Cooperarán coa dita autoridade, por petición súa, en calquera acción destinada a evitar os riscos que expoñan os explosivos que introduciron no mercado.

5. Para os efectos deste regulamento, considerárase fabricante e, por conseguinte, estará suxeito ás obrigas do fabricante, conforme o número 1, un importador ou distribuidor que introduza un explosivo no mercado co seu nome ou marca comercial ou modifique un explosivo que xa se introduciu no mercado de forma que poida quedar afectada a súa conformidade cos requisitos deste regulamento.

Cando se trate de explosivos non recollidos no sistema enunciado no artigo 7, os axentes económicos identificarán, logo de solicitude, ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas:

- a) Calquera axente económico que lles fornecese un explosivo.
- b) Calquera axente económico a quen fornecesen un explosivo.

Os axentes económicos estarán en condicións de presentar a información a que se refire o parágrafo anterior durante dez anos despois de que se lles forneceu o explosivo e durante dez anos despois de que fornecesen o explosivo.

6. Os axentes económicos estarán en posesión dunha licenza ou autorización para a fabricación, o almacenamento, a utilización, a importación, a exportación, a transferencia ou o comercio de explosivos.

O parágrafo anterior non se aplicará aos empregados dun axente económico que posúa unha licenza ou autorización.

7. Cando a autoridade competente expida unha licenza ou unha autorización, conforme o punto anterior, para a fabricación de explosivos, controlará en particular a capacidade dos axentes económicos para garantir o respecto das obrigas técnicas que elixisen.

Artigo 6. *Entidades colaboradoras da Administración.*

1. Enténdese por entidade colaboradora da Administración (ECA) calquera entidade pública ou privada que, reunindo determinados requisitos, colabora coa autoridade competente proporcionando asistencia técnica e apoio en tarefas de auditoría e inspección de seguridade industrial dentro do ámbito de aplicación do Regulamento de explosivos.

2. As entidades colaboradoras da Administración, para actuar no ámbito deste regulamento, rexeranse no non especificamente regulado neste artigo polo disposto para os organismos de control na sección 1.^a do capítulo IV do Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial, aprobado polo Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro.

3. As entidades colaboradoras da Administración, unha vez acreditadas pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC), para poderen actuar no ámbito deste regulamento requiren autorización previa da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. As autorizacións outorgadas terán validez para todo o ámbito do Estado e facultan para iniciar a súa actividade desde o momento da recepción da correspondente notificación por parte do interesado.

4. Excepcionalmente, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá autorizar as entidades que, sen disporen da correspondente acreditación da ENAC, cumpran cos requisitos indicados no número 2, logo de avaliación por parte da citada dirección xeral. Para iso, deberán presentar todas as probas documentais necesarias para a verificación e o recoñecemento do cumprimento dos ditos requisitos. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas realizará, neste caso, un estudo dos argumentos que xustifique a competencia técnica da entidade, incluíndo, de ser o caso, as auditorías que se consideren necesarias.

5. Cando unha empresa, por requirimento da autoridade competente, solicite o informe dunha entidade colaboradora da Administración, poderá seleccionar libremente unha entre todas as autorizadas previamente pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, e está obrigada a permitir o acceso ás súas instalacións e a facilitar a información, documentación e condicións de funcionamento daquelas.

6. Cando unha empresa ou a autoridade competente que requiriu o servizo detecte unha actuación irregular dunha entidade colaboradora da Administración, comunicarllo á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, que poderá iniciar un procedemento para, se procede, revogar a autorización.

7. As entidades colaboradoras da Administración poderán subcontratar, total ou parcialmente, ensaios e auditorías de carácter complementario á súa actividade con laboratorios de ensaio e entidades de inspección, dos definidos no capítulo III do Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial. Queda baixo a súa responsabilidade que estas entidades subcontratadas reúnan as condicións de terceira «parte» en relación coa instalación ou produto obxecto da súa actuación.

8. Así mesmo, as entidades colaboradoras da Administración poderán subcontratar parcialmente outros servizos da súa actividade, diferentes aos sinalados no número anterior, con organismos alleos. Nestes casos é preceptivo que se detallen as condicións da subcontratación, incluídas as relativas ao sometemento obrigatorio polo organismo contratado aos procedementos que foren preceptivos para a entidade colaboradora da Administración que realiza a subcontratación.

9. As entidades colaboradoras da Administración deberán dar conta desta subcontratación á empresa a que prestan o seu servizo e á autoridade competente.

10. As entidades colaboradoras da Administración remitiranlle anualmente á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a seguinte documentación:

- a) Memoria detallada en que se relacionen as actuacións realizadas nas actividades para as cales se encontren autorizadas.
- b) Copia do informe de seguimento da entidade de acreditación que as acreditou que confirme o mantemento das condicións de acreditación. No caso de que a entidade non dispoña da acreditación da ENAC, presentará todas as probas documentais que a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas lle solicite para o adecuado seguimento periódico.

Artigo 7. *Identificación e rastrexabilidade dos explosivos.*

1. Os axentes económicos rexeranse por un sistema uniforme de identificación única e rastrexabilidade dos explosivos, tendo en conta o seu tamaño, forma ou deseño, excepto cando non resulte necesario colocar unha identificación única no explosivo debido ao seu baixo nivel de risco, sobre a base das súas características e de factores como os seus escasos efectos detonantes, os seus usos e o baixo risco de seguridade que presenta debido aos escasos efectos potenciais dun uso indebido.

O sistema non se aplicará aos explosivos transportados e entregados sen embalar ou en camións cisterna para a súa descarga directa no barreno, nin nos explosivos fabricados no lugar da voadura e que se cargan inmediatamente despois de se produciren (producción *in situ*).

2. O sistema preverá a recompilación e o almacenamento de datos por medios electrónicos que permitan a identificación e a rastrexabilidade únicas no explosivo ou a súa embalaxe, e o acceso aos ditos datos. Estes datos en cuestión gardarán relación coa identificación única do explosivo, incluída a súa localización en canto estea en posesión dos axentes económicos, e coa identidade destes.

3. Os datos mencionados no número 2 comprobaranse a intervalos regulares e protexeranse para que non sexan danados ou destruídos de forma accidental ou premeditada. Os datos almacenaranse durante dez anos a partir do momento en que tivese lugar a operación ou, no caso de que se utilizasen ou eliminasen, dez anos a partir da súa utilización ou eliminación, mesmo cando o axente económico cesase nas súas actividades. Deberase poder dispor deles inmediatamente por petición das autoridades competentes.

4. A comunicación electrónica, informática ou telemática dos datos realizarase garantindo a integridade, autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación da información.

5. No que se refire aos puntos anteriores será de aplicación o establecido na ITC número 5.

6. A Dirección Xeral da Garda Civil poderá supervisar a rastrexabilidade dos explosivos mediante un sistema informático. O sistema terá conectividade coas empresas e permitirá a presentación telemática segura da documentación requirida para a rastrexabilidade dos explosivos.

CAPÍTULO II

Clasificación de explosivos

Artigo 8. *Divisións de risco.*

Os explosivos adscribiranse, para os efectos da gradación de risco involucrado na manipulación, almacenamento e transporte, a unha das divisións de risco definidas no Manual de recomendacións relativas ao transporte de mercadorías perigosas, regulamento tipo, das Nacións Unidas:

– División 1.1 Materias e obxectos que presentan un risco de explosión en masa (unha explosión en masa é unha explosión que afecta de maneira practicamente instantánea case toda a carga).

– División 1.2 Materias e obxectos que presentan un risco de proxección sen risco de explosión en masa.

– División 1.3 Materias e obxectos que presentan un risco de incendio con lixeiro risco de efectos de onda expansiva ou de proxección ou de ambos os efectos, pero sen risco de explosión en masa:

- a) cuxa combustión dá lugar a unha radiación térmica considerable, ou
- b) que arden uns a continuación doutros con efectos mínimos de onda expansiva ou de proxección ou de ambos os efectos.

– División 1.4 Materias e obxectos que só presentan un pequeno risco de explosión en caso de ignición ou cebado durante o transporte. Os efectos limítanse esencialmente aos vultos e normalmente non dan lugar á proxección de fragmentos de tamaño apreciable nin a grandes distancias. Un incendio exterior non debe implicar a explosión practicamente instantánea da case totalidade do contido dos vultos.

– División 1.5 Materias moi pouco sensibles que presentan un risco de explosión en masa, cunha sensibilidade tal que, en condicións normais de transporte, só existe unha probabilidade moi reducida de cebado ou de que a súa combustión se transforme en detonación. Exíxese, como mínimo, que non exploten cando sexan sometidas á proba de lume exterior.

– División 1.6 Obxectos extremadamente pouco sensibles que non supoñan risco de explosión en masa. Os ditos obxectos non conterán máis que materias extremadamente pouco sensibles e que presenten unha probabilidade desprezable de cebado ou de propagación accidental. O risco vinculado aos obxectos da división 1.6 queda limitado á explosión dun obxecto único.

Artigo 9. *Clasificación.*

A composición e a aplicación dos explosivos determinarán a súa clasificación en:

1. Materias explosivas.
 - 1.1 Explosivos iniciadores.
 - 1.2 Explosivos rompedores.
 - 1.2.1 Substancias explosivas.
 - 1.2.2 Mesturas explosivas.
 - 1.2.2.1 Explosivos tipo A (dinamitas).
 - 1.2.2.2 Explosivos tipo B (nafos).
 - 1.2.2.3 Explosivos tipo C (explosivos plásticos).
 - 1.2.2.4 Explosivos tipo E-a (hidroxeles).
 - 1.2.2.5 Explosivos tipo E-b (emulsións).
 - 1.2.2.6 Outros explosivos rompedores.
 - 1.3 Explosivos propulsores.
 - 1.3.1 Pólvoras negras.
 - 1.3.2 Pólvoras sen fume.
 - 1.3.3 Outros explosivos propulsores.
 - 1.4 Outras materias explosivas.
2. Obxectos explosivos.
 - 2.1 Mechas.
 - 2.1.1 Mechas lentas.
 - 2.1.2 Outras mechas.

- 2.2 Cordóns detonantes.
 - 2.2.1 Cordóns detonantes flexibles.
 - 2.2.2 Outros cordóns detonantes.
- 2.3 Detonadores.
 - 2.3.1 Detonadores de mecha.
 - 2.3.2 Detonadores eléctricos.
 - 2.3.3 Detonadores non eléctricos.
 - 2.3.4 Detonadores electrónicos.
 - 2.3.5 Outros detonadores.
 - 2.3.6 Relés.
 - 2.3.7 Outros sistemas de iniciación.
- 2.4 Multiplicadores.
 - 2.4.1 Multiplicadores sen detonador.
 - 2.4.2 Multiplicadores con detonador.
 - 2.4.3 Outras cargas explosivas.

2.5 Outros obxectos explosivos.

2. A clasificación dos explosivos correspóndelle ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, que decidirá de conformidade co establecido neste título e na ITC número 4.

Serán preceptivos os informes do Ministerio de Defensa e da Comisión de Seguridade Mineira, dependente do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

As armas de guerra e os explosivos que non vaian ser comercializados nin transportados quedan expresamente excluídos da clasificación a que se refire este número.

Artigo 10. *Presunción de conformidade do explosivo.*

Os explosivos que sexan conformes con normas harmonizadas ou partes destas cuxas referencias se publicaron no *Diario Oficial de la Unión Europea* presumiranse conformes cos requisitos esenciais de seguridade recollidos na ITC número 2 a que se apliquen as ditas normas ou partes delas.

Artigo 11. *Procedementos de avaliación da conformidade.*

Para a avaliación da conformidade dos explosivos, o fabricante seguirá un dos procedementos seguintes mencionados na ITC número 3:

- a) O exame UE de tipo (módulo B) e, á elección do fabricante, un dos seguintes:
 - i. A conformidade co tipo baseada no control interno da produción máis control supervisado dos produtos a intervalos aleatorios (módulo C2).
 - ii. A conformidade co tipo baseada no aseguramento da calidade do proceso de produción (módulo D).
 - iii. A conformidade co tipo baseada no aseguramento da calidade do produto (módulo E).
 - iv. A conformidade co tipo baseada na verificación do produto (módulo F).
- b) A conformidade baseada na verificación por unidade (módulo G).

Artigo 12. *Declaración UE de conformidade.*

1. A declaración UE de conformidade afirmará que se demostrou o cumprimento dos requisitos esenciais de seguridade da ITC número 2.

2. A declaración UE de conformidade axustarase á estrutura do modelo establecido na ITC número 27, conterá os elementos especificados nos módulos correspondentes establecidos na ITC número 3 e manterase actualizada continuamente. Traducirase, polo menos, para o castelán.

3. Cando un explosivo estea suxeito a máis dun acto da Unión Europea que exixa unha declaración UE de conformidade, elaborárase unha declaración UE de conformidade única con respecto a todos eses actos da Unión Europea. Esta declaración conterá a identificación dos actos da Unión Europea correspondentes e as súas referencias de publicación.

4. Ao elaborar unha declaración UE de conformidade, o fabricante asumirá a responsabilidade da conformidade do explosivo cos requisitos establecidos neste regulamento.

CAPÍTULO III

Catalogación

Artigo 13. *Catálogo de explosivos.*

1. O Catálogo de explosivos configúrase como un rexistro administrativo dependente do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

2. A catalogación efectuarase no libro de rexistro de explosivos, cos índices e ficheiros necesarios. O libro de rexistro adoptará o formato de base de datos con soporte informático.

3. A catalogación farase con consignación de datos clasificatorios en termos tan amplos como se requira para unha plena identificación.

Artigo 14. *Catálogo público de explosivos.*

1. Na sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital publicarase o Catálogo de explosivos, procedemento CATEX-Clasificación e catalogación de explosivos e artigos pirotécnicos, certificado de conformidade de explosivos e homologación de accesorios, que funcionará como rexistro público da listaxe dos produtos catalogados e, por tanto, autorizados para o seu almacenamento, introdución no mercado e distribución a nivel comunitario, así como daqueles autorizados para a súa venda a nivel nacional, de acordo co disposto na ITC número 4.

2. O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital facilitarálles ao Ministerio de Defensa e á Intervención Central de Armas e Explosivos relación detallada dos explosivos catalogados.

Artigo 15. *Catalogación de explosivos.*

1. Previamente á súa importación, transferencia, almacenamento, distribución, comercialización ou utilización, os explosivos deberán estar catalogados conforme o disposto neste capítulo e na ITC número 4.

2. A catalogación de explosivos efectuarase mediante a mera incorporación ao catálogo daqueles que obteñan os certificados de conformidade e marcación CE e que, por tanto, fosen sometidos a un procedemento de avaliación da conformidade segundo os procedementos mencionados na ITC número 3, e que cumpran cos requisitos de seguridade que lles sexan aplicables, segundo o disposto na ITC número 2.

3. Non requirirán catalogación os explosivos, materias ou obxectos fabricados e incorporados a un produto final dentro dun mesmo complexo fabril ou grupo empresarial que non vaian ser comercializados e, por tanto, non dispoñen de marcación CE.

4. Tampouco requirirán catalogación as materias ou os obxectos explosivos recuperados de armas de guerra que vaian ser incorporados a un produto final sometido a un procedemento de avaliación da conformidade segundo os procedementos mencionados na ITC número 3, e que cumpran cos requisitos de seguridade que lles sexan aplicables, segundo o disposto na ITC número 2.

Artigo 16. Solicitudes de catalogación de explosivos.

As solicitudes de catalogación, redactadas polo menos en castelán, dirixiranse á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, xunto co disposto na ITC número 4.

Artigo 17. Procedemento de catalogación de explosivos.

1. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, unha vez analizada a solicitude e a documentación presentada, de ser o caso, incorporará o correspondente explosivo ao catálogo, e así llo notificará ao interesado mediante resolución e de acordo co disposto na ITC número 4.

2. Unha vez efectuada, a catalogación será comunicada ao seu solicitante, quen poderá pedir razoadamente, en calquera momento, a súa anulación. O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital poderá solicitar dos solicitantes xustificación da posta efectiva no mercado dos produtos catalogados e, no caso negativo, proceder de oficio á súa eliminación do catálogo, logo de comunicación a aqueles, que poderán oporse razoadamente.

Artigo 18. Presentación por vía electrónica.

Conforme o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as solicitudes de catalogación de explosivos presentaranse por vía electrónica, con certificado electrónico, na sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, procedemento CATEX.

Artigo 19. Modificación de produtos catalogados.

Calquera modificación dun produto catalogado que afecte de maneira significativa as súas características deberá ser comunicada ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital para os efectos de que este determine se é preciso ou non proceder a unha nova catalogación. A substitución dun compoñente non explosivo por outro de función similar que non altere significativamente as características certificadas ou catalogadas non requirirá nova catalogación.

CAPÍTULO IV

Marcación CE

Artigo 20. Marcación CE.

1. A marcación CE estará suxeita aos principios xerais recollidos no artigo 30 do Regulamento (CE) n.º 765/2008.

2. A marcación CE deberase colocar de maneira visible, lexible e indeleble sobre o explosivo. Cando isto non se poida garantir debido á natureza do produto, colocarse na embalaxe e nos documentos adxuntos.

3. A marcación CE colocarse antes de que o explosivo sexa introducido no mercado.

4. A marcación CE irá seguida do número de identificación do organismo notificado cando este participe na fase de control da produción.

O número de identificación do organismo notificado será colocado polo propio organismo ou, seguindo as instrucións deste, polo fabricante ou polo seu representante

autorizado. Os requisitos para cumpriren os organismos notificados responsables da avaliación da conformidade dos explosivos son os establecidos na ITC número 21.

5. A marcación CE e, de ser o caso, o número de identificación do organismo notificado poderán ir seguidos de calquera outra marca que indique un risco ou uso especial.

6. Nos casos de explosivos fabricados para uso propio, explosivos transportados e entregados sen embalar ou en unidades móbiles de fabricación de explosivos (en diante, MEMU – Mobile Explosive Made Units) para a súa descarga directa no barreno, e explosivos fabricados no lugar de voadura e que se cargan inmediatamente despois de producirse (producción *in situ*), a marcación CE colocárase nos documentos que os acompañen.

7. A marcación CE dos explosivos será condición indispensable para a súa catalogación.

8. A marcación CE non se colocará ilícitamente sobre ningún explosivo.

9. O modelo que se deberá utilizar para a marcación CE será o disposto na ITC número 7.

10. Non se colocará sobre os explosivos ningunha marca nin inscrición que poida inducir a erro a terceiros sobre o significado e a forma da marcación CE. Poderase colocar nos explosivos calquera outra marcación sempre que non reduza a visibilidade nin a lexibilidade da marcación CE.

11. Cando os explosivos estean tamén regulados noutra normativa reguladora doutros aspectos e que tamén prescriba a marcación CE, esta marcación indicará que os ditos produtos se presumen tamén conformes coas outras disposicións que lles sexan aplicables.

12. Cando un explosivo non sexa conforme pero vaia provisto da marcación CE, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas adoptará as medidas oportunas contra quen queira que sexa o responsable da colocación da marcación e informará diso, a través da canle adecuada, a Comisión Europea.

Artigo 21. Excepcións á marcación CE para fabricantes, importadores, distribuidores e consumidores autorizados.

1. O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de informe favorable da Dirección Xeral da Garda Civil e, no caso de fábricas de armas de guerra que incorporen explosivo, do Ministerio de Defensa, poderá outorgar autorizacións para poder:

1.º Importar, transferir, fabricar, almacenar, transportar e utilizar explosivos sen catalogar en réxime experimental, en cantidade e lugar concretos, de acordo cun plan concreto de probas, aprobado polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

2.º Importar, transferir, fabricar, almacenar e transportar explosivos non catalogados, en réxime temporal e para fins de tránsito ou exportación.

3.º Importar, transferir, fabricar, almacenar e transportar explosivos sen marcación CE, para fins de eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización.

4.º Importar, transferir, fabricar, almacenar, transportar e utilizar explosivos non catalogados, en cantidade e lugar concretos.

2. Na resolución en virtude da cal se outorgue a correspondente autorización fixaranse taxativamente as limitacións e medidas de todo tipo que condicionen a súa validez e o prazo máximo de vixencia. A dita resolución será tamén comunicada á Dirección Xeral da Garda Civil, Intervención Central de Armas e Explosivos e, de ser o caso, ao Ministerio de Defensa.

3. As solicitudes de autorización reguladas neste artigo presentaranse por vía electrónica, con certificado electrónico, na sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, procedemento ATREO - Autorizacións de excepcións á catalogación de explosivos e pirotecnia.

4. Os produtos amparados polas autorizacións previstas neste artigo estarán exentos da aplicación do sistema de seguimento de tenza a que se refire o artigo 7. Neste caso, irán identificados por un número de lote ou serie nos propios explosivos, ben no seu envase ou embalaxe. Ademais, indicárase a referencia do axente económico, así como o enderezo dun único lugar de contacto cos ditos axentes; todo iso redactado, polo menos, en castelán.

TÍTULO II

Fábricas de explosivos

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 22. *Fabricación de explosivos.*

1. A fabricación de explosivos só se poderá efectuar en fábricas fixas ou móbiles autorizadas conforme as normas deste capítulo e con suxeición ás prescricións xerais deste título, así como ás condicións específicas a que se someta a autorización. Excepción a fabricación de pólvora e mecha polos talleres de pirotecnia para o seu uso propio.

2. As fábricas fixas de explosivos estarán formadas polas seguintes instalacións: locais de fabricación, depósito de produtos terminados, depósito auxiliar e, de ser o caso, de lugar destinado á eliminación ou inertización de explosivos. Ademais, opcionalmente, poderán dispor doutras dependencias e instalacións tales como oficinas, comedores, laboratorios de ensaio, centros de investigación, etc.

3. As fábricas móbiles estarán constituídas polas seguintes instalacións: unidades móbiles de fabricación de explosivos (MEMU) e un depósito de produtos terminados e, de ser o caso, depósitos auxiliares, integrado ou non nunha fábrica fixa de explosivos, de conformidade co establecido no título III.

4. Como regra xeral, as MEMU estacionaranse no interior do recinto da súa fábrica móbil autorizada. Con todo, e de forma ocasional, as MEMU poderanse estacionar no interior doutra fábrica ou depósito de produtos terminados ou de consumo autorizados, coa condición de que se cumpran os requisitos establecidos nas ITC número 1 e número 9.

5. Previamente á súa circulación e utilización en territorio español, as MEMU deberán ser homologadas e catalogadas pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, de conformidade co establecido na ITC número 32. Así mesmo, a utilización das MEMU estará condicionada ao cumprimento dos requisitos de seguridade cidadá establecidos na ITC número 1.

6. As fábricas de explosivos fixas ou móbiles, en diante, fábricas de explosivos, non poderán ser establecidas, modificadas substancialmente nin trasladadas senón en virtude de autorización do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de informe favorable do Ministerio de Defensa e da Dirección Xeral da Garda Civil, e oídos os delegados do Goberno nas comunidades autónomas.

7. Nos expedientes de establecemento, modificación substancial e traslado será preceptiva a apertura previa dun período de información pública.

8. Na concesión das autorizacións para a instalación, modificación substancial ou traslado dunha fábrica deberase comprobar, en particular, a capacidade dos solicitantes para garantir o cumprimento das obrigas técnicas que exige a actividade que pretenden desenvolver.

9. As autorizacións para o establecemento, modificación, reconstrución, traslado, caducidade, cambio de titularidade e peche dunha fábrica de armas de guerra que incorpore explosivos serán competencia do Ministerio de Defensa, que, a través da Dirección Xeral de Armamento e Material, poderá establecer o cumprimento de normas e manuais específicos, así como a documentación adicional exigible en cada caso.

As disposicións deste capítulo serán supletoriamente aplicables, salvo o relativo a órganos competentes.

Para as citadas fábricas as competencias en materia de seguridade industrial e de seguridade e saúde no traballo corresponderanlle ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, a través da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. As inspeccións na dita materia realizaranas as áreas funcionais de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno.

O exercicio das competencias en materia de seguridade cidadá e protección civil corresponderá ao Ministerio do Interior, a través da Dirección Xeral da Garda Civil e da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, respectivamente.

En ambos os casos, as inspeccións entenderanse no referente aos requisitos establecidos neste regulamento, que serán de obrigado cumprimento.

En relación co cumprimento dos requisitos complementarios, documentación, normas e manuais específicos exixidos, de ser o caso, pola Dirección Xeral de Armamento e Material, a inspección corresponderalle ao Ministerio de Defensa a través dos seus órganos competentes.

10. Dentro dun mesmo establecemento fabril poderán operar varias compañías que pertencen a un mesmo grupo empresarial, sempre que a súa actividade ou obxecto social estean regulados por este regulamento, e contén con autorización do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de informe e coas condicións que establezan a Área Funcional de Industria e Enerxía e a Intervención Central de Armas e Explosivos.

Artigo 23. *Instalacións en fábricas.*

As instalacións que integren a fábrica de explosivos deberanse situar dentro dun recinto valado cuxa localización deberá cumprir as distancias determinadas na ITC número 9, entre elas e cos elementos exteriores que se establecen.

Artigo 24. *Alteracións na contorna.*

1. Cando con posterioridade ao establecemento dunha fábrica se producisen alteracións que, en razón das distancias exixidas no artigo anterior, deixasen sen efecto a autorización, obrigando con iso ao levantamento da fábrica, poderase tolerar unha marxe de redución de ata un 25 por 100 de tales distancias, sempre que quede suficientemente garantida a seguridade das persoas e bens.

2. Tal marxe de redución só a poderá autorizar a autoridade a quen corresponder a autorización do establecemento, logo das verificacións necesarias.

3. Será preceptivo o informe da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas nos expedientes administrativos de autorización de obras e servizos en terreos comprendidos dentro das distancias de localización indicadas na ITC número 9.

Requirirase que o dito informe sexa favorable cando se pretenda transformar en urbanizable ou edificable o solo comprendido dentro das indicadas distancias que non tivese tales cualificacións no momento de obter a licenza municipal para o establecemento da fábrica.

Artigo 25. *Solicitud de autorización de fábrica.*

As persoas naturais ou xurídicas que se propoñan establecer unha fábrica dirixirán á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a correspondente solicitude, xunto cun proxecto visado e asinado por un titulado universitario competente na materia, que comprenda todos os puntos descritos na ITC número 6, así como:

- a) Borrador do Plan de seguridade cidadá, segundo o disposto na ITC número 1.
- b) Solicitude de inicio de avaliación de impacto ambiental, en virtude do establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, se procede.
- c) Ademais, no caso de fábricas móbiles, resolución de homologación das MEMU, en virtude do establecido na ITC número 32.

As solicitudes a que se refire este artigo presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

Para resolver mellor poderanse requirir do solicitante cantos datos complementarios se consideren oportunos.

Artigo 26. *Autorizacións de establecemento de fábrica.*

1. Se procede conceder a autorización para o establecemento, modificación substancial ou traslado de fábricas, deberase facer expresa referencia:

- a) Á persoa natural ou xurídica a cuxo favor se outorgue a autorización.
- b) Á localización da fábrica, con indicación das súas instalacións e distancias que a condicionan.
- c) Aos explosivos cuxa fabricación se autorice.
- d) Ao límite máximo de capacidade de produción anual para fábricas fixas.
- e) Ás existencias de explosivos que, como máximo, poden ter.
- f) Ao sinalamento das zonas e edificios perigosos, con determinación dos requisitos que lles sexan exixibles.
- g) Ás medidas de seguridade, tanto industrial como cidadá, que deban ser adoptadas.
- h) Ás condicións específicas a que se somete a autorización.
- i) Ao plan de prevención de accidentes graves segundo o disposto na ITC número 10.
- j) Á referencia ás condicións particulares sobre o uso do solo da localización e ambientais que poida ter imposto a autoridade competente na materia.
- k) Ao prazo de execución, con sinalamento do prazo, a partir da resolución, en que deben ser ultimadas as instalacións.
- l) Ás capacidades máximas de almacenamento permitidas por polvoreira ou almacén e demais edificios perigosos.
Na autorización detallarase a capacidade máxima de cada almacén ou edificio perigoso para cada unha das divisións de risco, supondo que a totalidade do almacenado se corresponde coa división de risco máis desfavorable.
- m) Á referencia ao plan de emerxencia aprobado.
- n) Á autorización expresa das instalacións e procedementos autorizados para a eliminación e inertización.
- o) Á referencia ao Plan de seguridade cidadá aprobado.
- p) Ademais, no caso de fábricas móbiles, referencia á homologación e catalogación de cada MEMU, segundo establece a ITC número 32.

2. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas comunicarlle ao solicitante a obrigatoriedade de constituír unha garantía na Caixa Xeral de Depósitos, en calquera das modalidades previstas no regulamento da dita Caixa Xeral, á disposición da Secretaría de Estado de Seguridade, en relación coas competencias sancionadoras respecto das autorizacións, instalacións, funcionamento, medidas de vixilancia, control e prevención, intervención ou inspección das fábricas, cuxa contía se establecerá, en razón do volume da actividade da fábrica, do investimento que se vai realizar e da contía das sancións que se lles puidesen impor; inclúese a indicada obrigatoriedade na autorización definitiva de establecemento, modificación substancial ou traslado das fábricas. Este aval ou garantía da fábrica debe incluír todas as instalacións asociadas a ela, incluídos o depósito de produtos terminados e depósito auxiliar e, de ser o caso, as MEMU.

3. O establecemento, a modificación substancial e o traslado dunha fábrica virán condicionados polas distancias de localización fixadas na ITC número 9.

Artigo 27. *Traslado de fábricas.*

1. A autorización para o traslado das fábricas someterase ás mesmas normas que rexen para o seu establecemento, sexa cal for a razón que o motive e aínda que a industria volva instalarse cos seus antigos elementos.

2. A autorización de traslado dunha fábrica anulará e deixará sen efecto a outorgada para o seu establecemento na súa anterior localización.

3. As solicitudes a que se refire este artigo presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

Artigo 28. *Cambio de titularidade.*

O cambio de titularidade dunha fábrica requirirá a aprobación da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de informe da Dirección Xeral da Garda Civil, que a poderá conceder ou non, razoadamente, á vista da documentación achegada.

As solicitudes a que se refire este artigo presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

Artigo 29. *Modificacións.*

1. As autorizacións para introducir unha modificación substancial nunha fábrica solicitaranse á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas xunto cun proxecto visado e asinado por un titulado universitario competente na materia, que comprenda todos os puntos descritos na ITC número 6.

Ademais, de ser o caso, actualizárase o Plan de prevención de accidentes graves e o Plan de seguridade cidadá.

As solicitudes a que se refire este artigo presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

Poderanse requirir do solicitante cantos datos complementarios se consideren oportunos.

2. Entenderase por modificación substancial dunha fábrica aquela que implique:

– Cambio dos explosivos cuxa produción está autorizada, en relación coa clasificación do artigo 9.

– Ampliación da capacidade de produción, sempre que modifique as distancias de regulación de localización establecidas na ITC número 9 ou implique un incremento do 25% ou superior na capacidade máxima de produción autorizada.

– Un aumento de máis dun 25% do réxime de distancias establecidas na ITC número 9.

– Cambio de actividade que se vaia desenvolver na fábrica.

3. As autorizacións para introducir calquera outra modificación material nunha fábrica solicitaranse da Delegación do Goberno na comunidade autónoma, a través da correspondente Área Funcional de Industria e Enerxía, xunto co correspondente proxecto técnico. A autorización de tales modificacións por parte do delegado do Goberno na comunidade autónoma realízase logo de informe da Área Funcional de Industria e Enerxía, que sinalará as condicións en que se deba realizar, e da Intervención Central de Armas e Explosivos en canto ás posibles afeccións en materia de seguridade cidadá. Das oportunas resolucións darase traslado á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. Estas solicitudes presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

4. O empresario titular da fábrica, cando preveña unha nova fabricación, a utilización de novos explosivos ou de novos procedementos, a construción ou a modificación dun local de fabricación, a creación ou a modificación non substancial dunha instalación, a reorganización dunha localización ou un posto de traballo susceptible de ter incidencia sobre a seguridade dos traballadores ou a posta en marcha de novos medios ou de novos circuitos de transporte no establecemento, debe revisar e actualizar a documentación a que se refire o artigo 45.

5. A alta ou a baixa dunha unidade de MEMU nunha fábrica móbil xa autorizada será considerada como modificación non substancial.

Artigo 30. *Instalacións en desuso.*

1. Cando as instalacións dunha fábrica de explosivos queden total ou parcialmente inutilizadas, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá autorizar a súa reconstrución.

2. No suposto de que se vaian introducir modificacións substanciais ao reconstruír as instalacións, aplicaranse as normas previstas nos casos das ditas modificacións.

Artigo 31. *Certificado de idoneidade e posta en marcha.*

1. Unha vez finalizadas as operacións de instalación, traslado ou modificación substancial ou reconstrución da fábrica ou adecuación, os servizos da Área Funcional de Industria e Enerxía realizarán unha visita de inspección, do mesmo xeito que a Intervención Central de Armas e Explosivos, para verificar o cumprimento das normas regulamentarias e das condicións específicas que na autorización se sinalasen.

Para o desenvolvemento destas inspeccións, as áreas funcionais de Industria e Enerxía poderanlle requirir á empresa titular da fábrica o informe dunha entidade colaboradora da Administración (ECA), de acordo co disposto neste regulamento.

2. Se o resultado da inspección fose satisfactorio, a Área Funcional de Industria e Enerxía expedirá certificado de idoneidade para os efectos da posta en marcha da industria, ou das instalacións afectadas, e sinalarase un prazo para iso. No caso contrario, fixarase un prazo de emenda máximo de tres meses, para corrixir as deficiencias detectadas.

3. A posta en funcionamento das instalacións relativas ao establecemento, modificación substancial, traslado ou reconstrución das fábricas de explosivos requirirá un permiso de funcionamento expreso do delegado do Goberno, que se outorgará, de ser o caso, á vista do certificado de idoneidade e do informe favorable da Intervención Central de Armas e Explosivos sobre o cumprimento do establecemento das medidas de seguridade e vixilancia autorizadas no correspondente Plan de seguridade cidadá.

4. O delegado do Goberno remitirá copia do permiso á Área Funcional de Industria e Enerxía, ao concello do lugar en que radique a fábrica, á Intervención Central de Armas e Explosivos e á Dirección Xeral de Armamento e Material do Ministerio de Defensa.

5. Os permisos de funcionamento perderán a súa validez cando a entrada en funcionamento non tivese lugar aos seis meses da súa concesión ou cando todas as súas instalacións permanezan inactivas durante un período de seis meses. En ambos os casos, para poder restablecer a actividade, precisarase permiso do delegado do Goberno na comunidade autónoma, unha vez certificada a idoneidade das súas instalacións pola Área Funcional de Industria e Enerxía e pola Intervención Central de Armas e Explosivos.

Artigo 32. *Inspeccións das fábricas en materia de seguridade industrial e de seguridade e saúde no traballo.*

1. A inspección en materia de seguridade industrial e de seguridade e saúde no traballo das fábricas corresponderalle á Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno en cuxo territorio radiquen aquelas.

2. Para desenvolver as inspeccións en materia de seguridade industrial, as áreas funcionais e dependencias de Industria e Enerxía poderanlle requirir á empresa titular da fábrica o informe dunha entidade colaboradora da Administración, de acordo co disposto neste regulamento.

3. A dita área velará por que as instalacións e actividades se acomoden ás autorizacións oficiais en que se ampare o seu funcionamento. Así mesmo, coidará da estrita observancia das prescricións regulamentarias.

4. De igual forma, coñecerá especialmente do cumprimento das medidas de seguridade dos procesos de produción e dos aspectos técnicos da fabricación e almacenamento de explosivos.

5. A inspección en materia de seguridade industrial e de seguridade e saúde no traballo das fábricas de armas de guerra que incorporan explosivos realizaraa a Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno en cuxo territorio radiquen aquelas. Estas inspeccións realizaranse de forma conxunta entre a Área Funcional de Industria e Enerxía da Delegación ou Subdelegación do Goberno e a Dirección Xeral de Armamento e Material do Ministerio de Defensa, quen verificará o cumprimento dos requisitos, normas e manuais especificamente establecidos en cada caso, de acordo co artigo 22.9.

Do resultado da inspección efectuada polas áreas funcionais de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno será informada, en todo caso, a Dirección Xeral de Armamento e Material do Ministerio de Defensa.

Artigo 33. *Frecuencia das inspeccións.*

As fábricas serán obxecto de inspeccións técnicas ordinarias, polo menos, cada doce meses. Sen prexuízo do anterior, cando as áreas funcionais de Industria e Enerxía teñan coñecemento de que se produciu calquera anomalía nunha fábrica situada no territorio da súa xurisdición, disporán de modo inmediato unha inspección para que investigue as causas daquela e emita o informe correspondente, sen prexuízo de adoptar as medidas que resulten necesarias.

Artigo 34. *Rexistro de inspeccións.*

1. Cada fábrica terá un rexistro oficial segundo o formato autorizado pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, que estará constituído polas copias das actas formalizadas, en que quedará constancia do resultado de cantas inspeccións fose obxecto o establecemento.

2. As áreas funcionais de Industria e Enerxía levarán, pola súa banda, un rexistro xeral de inspeccións no cal se transcribirán as anotacións que se efectúen nos rexistros das fábricas a que se refire o número anterior.

3. Os resultados dos rexistros referidos nos números anteriores poderanse archivar en soporte informático.

Artigo 35. *Prescricións obrigatorias.*

1. As áreas funcionais de Industria e Enerxía poderán formular prescricións obrigatorias axustadas á normativa vixente ou observacións a título de recomendación, e deberanse distinguir claramente unhas doutras nas anotacións dos rexistros a que se refire o artigo anterior.

2. As prescricións obrigatorias deberán ser cumpridas dentro do prazo que nelas se sinala, salvo oposición razoada ante o delegado do Goberno na comunidade autónoma realizada nun prazo de 15 días desde a súa notificación.

3. En casos de urxencia, a propia Área Funcional de Industria e Enerxía poderá decidir o inmediato cumprimento das súas prescricións, e dará coñecemento do actuado ao delegado do Goberno na comunidade autónoma.

Artigo 36. *Paralización da actividade.*

1. Se a Área Funcional de Industria e Enerxía atopa na súa actuación supervisora fundados motivos que aconsellen a paralización, total ou parcial, da actividade, poderá solicitar do delegado do Goberno a revogación ou restrición do permiso de funcionamento outorgado.

2. En caso de emerxencia, a propia Área Funcional de Industria e Enerxía poderá decretar a suspensión provisional de todas as actividades ou de parte delas, e dará conta inmediata ao delegado do Goberno, quen resolverá o oportuno no termo de 10 días. Igualmente, se atopa na súa actuación feitos ou circunstancias dos cales deba entender, por razón da materia, algunha outra autoridade, poraos no seu coñecemento.

Artigo 37. *Inspeccións en materia de seguridade cidadá.*

1. A inspección sobre medidas de seguridade cidadá das fábricas e o control dos explosivos que estean almacenados nelas corresponde ás distintas intervencións de Armas e Explosivos, que poderán realizar, sen aviso previo, cantas inspeccións consideren necesarias.

2. A Intervención de Armas e Explosivos correspondente comunicará mediante copia da acta de inspección as anomalías observadas ao titular da fábrica. Así mesmo, a Intervención Central de Armas e Explosivos poderá determinar as medidas de emenda correspondentes para corrixir as anomalías dentro dun prazo determinado, e comunicarllelas á delegación do Goberno e ao titular da fábrica, sen prexuízo das medidas de seguridade que se poidan adoptar de conformidade co artigo 21 da Lei orgánica 4/2015, de protección da seguridade cidadá.

Artigo 38. *Caducidade das autorizacións e cesamento de actividade.*

1. As autorizacións caducarán cando transcorrese o prazo de execución e non se ultimasen as instalacións na data prevista por causa imputable aos propios interesados, que, en todo caso, poden solicitar prórroga mentres estean vixentes.

2. Cando, por calquera circunstancia, unha fábrica cese na súa actividade, total ou parcialmente, durante un período superior a seis meses, antes de renovar a dita actividade deberao pór en coñecemento da Área Funcional de Industria e Enerxía, a cal inspeccionará a fábrica e procederá na forma prevista no artigo 31.

Artigo 39. *Invalidez dos permisos.*

1. Os permisos de funcionamento perderán a súa validez cando todas as instalacións permanezan inactivas durante un período dun ano; nese caso, para poder renovar a actividade precisarase permiso do delegado do Goberno, logo de informe da Área Funcional de Industria e Enerxía e da Intervención de Armas e Explosivos da Comandancia da Garda Civil que corresponda.

2. Se, transcorrido o prazo correspondente ata a seguinte inspección, de acordo co disposto no artigo 33, continúa a instalación inactiva, iniciarase, de oficio ou por instancia de parte, o expediente de peche definitivo.

Artigo 40. *Rexistros de explosivos en fábricas.*

1. O empresario titular da fábrica designará a persoa encargada do mantemento dos rexistros de produtos explosivos. Estes rexistros levaranse por procedementos electrónicos, informáticos ou telemáticos.

2. Mensualmente, dentro dos cinco primeiros días hábiles, os responsables dos rexistros presentaranos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos para a súa supervisión na Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que por demarcación lles corresponda.

3. Os rexistros axustaranse ao establecido na ITC número 24.

Artigo 41. *Obrigas relativas aos depósitos integrados nas fábricas de explosivos.*

1. As fábricas de explosivos estarán obrigatoriamente dotadas, polo menos, dun depósito de produtos terminados distanciados das zonas de fabricación, das oficinas e demais dependencias, formado por unha ou varias polvoreiras, onde se gardarán os produtos explosivos terminados de fabricación propia e, de ser o caso, os produtos explosivos terminados procedentes de terceiros. A capacidade das polvoreiras deste depósito non poderá superar a disposta nos artigos 58 e 59, ademais da derivada do cumprimento do disposto na ITC número 9.

Os produtos finais fabricados e destinados á súa comercialización, unha vez que estean dispostos para iso (produto terminado con marcación CE ou produtos con

autorización expresa segundo artigo 21) depositaranse no depósito de produtos terminados.

Nestas polvoreiras poderanse almacenar conxuntamente os tipos de produtos mencionados nos parágrafos anteriores se a súa compatibilidade o permite, segundo o establecido na ITC número 16.

2. Igualmente, as fábricas de explosivos poderán dispor dun depósito auxiliar dentro do recinto de fabricación formado por polvoreiras que poidan albergar as materias e produtos explosivos de proceso necesarios para a fabricación dos produtos terminados.

Nestas polvoreiras poderanse almacenar conxuntamente os tipos de produtos mencionados no parágrafo anterior se a súa compatibilidade o permite, segundo o establecido na ITC número 16.

3. Ademais, a fábrica poderá contar con almacéns auxiliares para o almacenamento de material inerte e para o almacenamento doutras materias primas (produtos químicos) non explosivos. Estes almacéns auxiliares considéranse non perigosos para os efectos deste regulamento e, por tanto, non lles é de aplicación a ITC número 9, aínda que hai que ter en consideración a regulamentación vixente aplicable en función dos riscos asociados aos produtos que almacenen.

4. Os depósitos de produtos terminados integrados nas fábricas autorizaranse de forma conxunta con aquelas.

5. Os depósitos de produtos terminados e auxiliares ateranse, en todo caso, ao disposto no título III.

Artigo 42. *Peche de fábricas de explosivos.*

1. O peche dunha fábrica de explosivos notificaráselle á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas cunha antelación mínima de seis meses á data da paralización total das operacións. A notificación incluírá un plan de peche, de acordo coa ITC número 23, que deberá ser aprobado pola citada dirección xeral, que poderá establecer condicións adicionais.

2. En caso de incumprimento do plan de peche indicado no parágrafo anterior, a Área Funcional de Industria e Enerxía poderá solicitar do delegado do Goberno o cumprimento do referido plan de peche con cargo á garantía establecida no artigo 26.2.

3. A baixa dunha MEMU seralle notificada á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, así como á delegación do Goberno correspondente, con todos os detalles e información sobre os motivos ou circunstancias que dan lugar á solicitude. A baixa da MEMU implicará a anulación do catálogo correspondente, e será comunicada á Intervención Central de Armas e Explosivos.

4. No caso de baixa definitiva da MEMU, incluírase na solicitude o plan de despezamento ou inhabilitación aprobado pola Intervención Central de Armas e Explosivos.

5. A notificación a que se refire este artigo presentarase por vía electrónica a través da sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

Artigo 43. *Dirección técnica.*

1. Os directores das fábricas de explosivos deberán ser titulados universitarios. Os directores técnicos das fábricas de explosivos deberán cumprir co establecido na ITC número 31.

Os talleres de fabricación ou carga de cartucharía metálica que non fabriquen explosivos quedarán exentos do cumprimento anterior. En calquera caso, o empresario titular do taller, como responsable da seguridade das instalacións, designará a dirección técnica do taller, que corresponderá a un encargado con capacitación profesional que o faculte para iso, a cuxo nomeamento lle deberá dar conformidade expresa a Dirección Xeral da Garda Civil, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

2. O nomeamento dos directores técnicos das fábricas requirirá conformidade expresa da Dirección Xeral da Garda Civil, logo de informe favorable do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

3. O director técnico dunha fábrica e, de ser o caso, aqueles que teñan responsabilidades de dirección no seu funcionamento velarán polo seu correcto funcionamento, así como polo cumprimento das normas de seguridade previstas neste regulamento e daquelas medidas especiais de seguridade que se establecesen de acordo cos seus artigos 25, 28 e 29.

CAPÍTULO II

Seguridade nas fábricas de explosivos

Sección 1.^a Disposicións en materia de seguridade industrial e seguridade e saúde no traballo

Artigo 44. *Seguridade industrial.*

1. No proxecto que se debe xuntar coa solicitude de autorización dunha fábrica de explosivos deberase xustificar expresamente o correcto cumprimento das disposicións establecidas neste regulamento en materia de seguridade industrial e, en particular, as establecidas nas instrucións técnicas complementarias número 9, 12 e 13.

2. Será obrigatoria a existencia dun servizo contra incendios, que pode estar formado por persoal da fábrica, para combater o lume que se poida orixinar en calquera das instalacións ou dependencias dela, de acordo cun plan previamente establecido, que deberá ser periodicamente revisado.

3. O persoal da fábrica asignado eventualmente ao servizo contra incendios deberá recibir instrución periódica.

4. Ademais, deberase xustificar o cumprimento do disposto na normativa vixente en canto a medidas de seguridade contra incendios en establecementos industriais.

Artigo 45. *Seguridade e saúde no traballo.*

1. Para os efectos da seguridade e saúde dos traballadores, nas fábricas de explosivos deberá terse en consideración o disposto na ITC número 14.

2. O cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo quedará baixo a vixilancia das correspondentes áreas funcionais de Industria e Enerxía, as cales realizarán as inspeccións e comprobacións pertinentes.

3. Así mesmo, o empresario titular da fábrica de explosivos elaborará un plan de autoprotección, de conformidade co disposto no Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.

Artigo 46. *Funcionamento, persoal, sinalización e locais de traballo.*

1. Antes de incorporarse ao seu traballo, o persoal deberá recibir formación e información sobre as características das materias e produtos con que debe operar e dos riscos inherentes á súa manipulación, así como das medidas de prevención e protección necesarias. Do mesmo xeito, deberá recibir formación específica sobre as pautas de actuación en caso de emerxencia. Deberá quedar rexistro interno á disposición das autoridades de que o traballador recibiu esta formación e información asinada polo traballador.

2. O funcionamento das fábricas desenvolverase conforme os criterios e procedementos de seguridade, para cuxo fin deberán ser adoptados os sistemas, técnicas e directrices que resultaren máis idóneos e eficaces.

3. As operacións que se deban realizar na elaboración dos explosivos con produtos e materias primas caracterizados pola súa perigosidade desenvolveranse coa debida cautela, evitando calquera negligencia, imprudencia ou improvisación.

4. Os operarios observarán as instrucións que respecto da produción e seguridade lles dean os seus superiores.

5. Os empregados deberán utilizar os equipamentos de protección individual ou outros medios de protección especiais que lles facilite a empresa, adecuados ás materias que manipulen e ás operacións que realicen con elas, cando as condicións do traballo o requiran.

6. Non se permitirá fumar dentro do recinto da fábrica, salvo nos lugares ou dependencias autorizados expresamente para iso, se os houber.

7. Non se deberá acender lume nin almacenar materias inflamables ou facilmente combustibles no interior ou nas proximidades dos edificios, locais ou lugares perigosos, a non ser por causa ineludible e logo da adopción das medidas de seguridade pertinentes.

8. Tampouco poderá penetrarse nas ditas dependencias con obxectos susceptibles de produciren faíscas ou lume, salvo autorización especial.

9. As operacións de mantemento ou reparación que se deban efectuar en edificios ou locais perigosos estarán sometidas aos métodos de autorización establecidos na fábrica pola dirección desta e deberá efectualas persoal tecnicamente cualificado.

10. O tempo de permanencia fóra dos seus depósitos ou almacéns dos explosivos fabricados e das materias ou produtos intermedios, caracterizados pola súa perigosidade, será o menor racionalmente posible.

11. Os operarios coidarán da conservación e do perfecto estado de funcionamento dos instrumentos, máquinas e ferramentas que teñan ao seu cargo. Deberán dar conta inmediata aos responsables da súa unidade cando advirtan algunha condición ou acción indebida.

12. Adoptaranse as medidas necesarias para evitar a introdución indebida de materia explosiva ou inflamable entre os órganos ou mecanismos de maquinaria, aparellos ou utensilios, así como a colocación indebida de tales materias en lugares expostos á acción de elementos caloríficos ou outra clase de elementos incompatibles con elas.

13. Os instrumentos, máquinas e ferramentas empregados na fabricación de explosivos industriais, ademais de cumpriren coa normativa vixente aplicable, deberán estar fabricados cos materiais máis adecuados para as operacións ou manipulacións a que se destinen.

14. No manexo ou funcionamento dos ditos elementos de traballo deberase evitar que se produzan choques ou friccións anormais.

15. Os edificios, locais e almacéns perigosos deberán estar claramente identificados mediante unha clave numérica, alfabética ou alfanumérica. Esta clave deberá figurar, de forma ben visible, no exterior do edificio, local ou almacén e próxima ao acceso a el.

16. No interior dos ditos lugares, en lugar visible e xunto ao acceso principal, deberase dispor unha placa identificativa onde se recolla, polo menos, a información seguinte:

- a) Identificación do edificio ou local.
- b) Número máximo de persoas que pode albergar simultaneamente.
- c) Cantidade máxima de explosivos que poida conter, se procede, e división de risco.
- d) Medidas xerais de seguridade.
- e) Normas que se deben adoptar en caso de emerxencia.

17. Ningún empregado poderá entrar en zonas, edificios ou locais perigosos nos cales non lle corresponda traballar sen autorización especial para iso.

18. As fábricas deberán contar con persoal capacitado para a prestación de primeiros auxilios ás vítimas dos posibles accidentes. Así mesmo, deberán estar dotadas dos correspondentes recursos precisos para a súa eficiente prestación. Estableceranse os métodos de evacuación necesarios para trasladar urxentemente calquera persoa que requira asistencia externa, de acordo co plan de emerxencia establecido.

19. Deberanse tomar as debidas precaucións para a circulación do persoal nos espazos expostos a risco evidente e evitala no posible.

20. Os fabricantes de explosivos que dispoñan de fábricas móbiles deberán establecer as medidas de seguridade industrial e de seguridade e saúde no traballo necesarias durante a fase de fabricación, de conformidade co establecido neste regulamento.

Artigo 47. *Seguridade das instalacións.*

1. As dependencias auxiliares e de servizos á fabricación que existan no recinto fabril, e que non sexan locais perigosos, situaranse en lugares que ofrezan unha adecuada seguridade, sempre que nelas se preveña a presenza permanente de persoas.

2. As zonas, edificios ou locais perigosos deberanse agrupar atendendo á analogía das súas actividades ou das substancias utilizadas, co fin de evitar incrementos do risco por dispersión de operacións.

3. Con respecto á localización entre as diversas plantas de fabricación deberase observar un criterio de separación entre aquelas que ofrezan perigosidade e as que non a ofrezan.

4. Así mesmo, os edificios perigosos gardarán unha distancia entre si e respecto daqueles non perigosos en que haxa presenza permanente de persoas, segundo o establecido na ITC número 9, en función das características construtivas do edificio, do tipo de explosivo e da cantidade deste.

5. En determinados casos, por racionalidade dos procesos produtivos e para os efectos do cálculo das distancias respecto doutros edificios ou do exterior, os edificios implicados nun determinado proceso poderanse considerar como constituíntes dun único conxunto, polo que se calcularán as ditas distancias con base no total de materia explosiva contida no referido conxunto.

6. As defensas ou proteccións de que estean dotados os locais en que se manipulen ou almacenen produtos explosivos disporanse en forma tal que ou salvagarden as zonas que se considere necesario protexer para limitar os efectos dunha explosión no seu interior, ou salvagarden o local respecto dunha explosión exterior a el ou cumpran simultaneamente ambas as misións.

7. Como defensas ou proteccións poderanse utilizar accidentes naturais do terreo, muros, terrapléns, merlóns ou cavidades artificiais.

8. Cando a defensa ou protección se estableza a base de terrapléns, poderá estar cuberta de material, natural ou artificial, que garanta, de ser o caso, o perfil daquela.

9. Nos correspondentes proxectos xustificarse a non construción, de ser o caso, das mencionadas defensas ou proteccións, ou as súas características, no caso de que se constrúan. Neste suposto deberanse ter en conta as recomendacións relativas á súa construción, que se conteñen na ITC número 9.

10. Deberanse tomar as debidas precaucións para a circulación do persoal nos espazos expostos a risco evidente e evitala no posible.

11. Sen prexuízo das competencias da Administración forestal correspondente:

a) Sempre que as características do terreo e as condicións climáticas o permitan, procurárase fomentar a forestación ao redor das zonas e edificios perigosos para contribuír a minorar os efectos en caso de accidente.

b) As plantacións serán non resinosas e disporanse de forma tal que, cumprindo a finalidade para a cal están destinadas, non impliquen risco respecto dos edificios que rodean.

12. Os corredores de acceso aos edificios perigosos terán largura suficiente para garantir a evacuación rápida do persoal existente neles. A largura mínima será de dous metros. Manterase despexado o espazo situado ante as portas dos ditos edificios.

13. Naqueles edificios ou locais perigosos nos cales durante o desenvolvemento do proceso produtivo estea necesariamente presente persoal, as portas abrirán cara a fóra

ou, na súa falta, permanecerán abertas e convenientemente aseguradas cando haxa persoal no interior do local. En todo caso, deberán estar libres de trabas ou obstáculos que poidan impedir o desaloxo.

14. As xanelas dos edificios ou locais perigosos estarán dotadas de sistemas de peche que ofrezan suficiente seguridade. Os seus panos estarán pechados por material translúcido, fragmentable sen risco de corte. Se están pechados por cristais, estes estarán armados ou protexidos por tea metálica ou outra protección adecuada.

15. As portas dos edificios ou locais perigosos estarán dotadas de sistemas de peche que ofrezan suficiente seguridade.

16. O chan dos edificios ou locais perigosos deberá reunir os requisitos exixidos polas características dos explosivos que se fabriquen ou manipulen e deberá constituír, en todo caso, unha superficie unida, sen fendas ou fisuras, de fácil limpeza e lavado, que, ademais, reúna a condición de impermeabilidade cando se trate de pavimentos sobre os cales se poidan derramar explosivos en estado líquido.

17. Os canlóns e outros condutos de drenaxe, dentro e fóra dos edificios ou locais perigosos, deben ser de fácil inspección e limpeza en todos os seus tramos. Sempre que as súas características o permitan, serán descubertos ou facilmente accesibles e estarán deseñados de forma que os residuos explosivos arrastrados pola auga se depositen nun decantador do cal poidan ser recollidos.

18. As paredes dos edificios ou locais perigosos formarán superficies lisas, sen fendas nin fisuras, e serán de fácil limpeza e lavado.

19. Cando sexa necesaria a calefacción en edificios ou locais perigosos, procurarase a través de sistemas de aire, auga ou vapor de baixa presión ou outro medio similar adecuado. Non se poderán empregar focos caloríficos de ignición ou incandescencia, salvo que estean adecuadamente protexidos e expresamente aprobados polo delegado do Goberno na comunidade autónoma, logo de informe da Área Funcional de Industria e Enerxía.

20. No caso de sistema de calefacción por auga ou vapor en edificios ou locais perigosos nos cales exista risco de produción de po explosivo, os radiadores serán lisos, non estarán formados por tubos de aletas e colocaranse en lugares onde non se produzan depósitos de po de forma que poidan ser limpados facilmente eles e a súa contorna. Así mesmo, protexeranse para que non se poidan colocar obxectos sobre eles, no caso de que tal feito poida supor risco.

21. Nos ditos edificios ou locais non existirán elementos ou factores capaces de provocar alteracións súbitas ou intensas da temperatura ambiente.

22. No caso dos sistemas de calefacción por aire quente, os xeradores deste deberanse dispor no exterior do local perigoso e aspirarán o aire do exterior. Só se autoriza a captación de aire do local perigoso cando se utilice un filtro de reciclaxe que garanta a súa limpeza.

23. A entrada de aire quente nos edificios ou locais perigosos situarase en zonas onde non tenda a acumularse o po.

24. As ventilacións e captacións de aire nos edificios ou locais perigosos, destinadas a diminuír ou eliminar concentracións de gases, vapores ou pos, deben prever a posibilidade dunha limpeza eficaz daquelas.

25. As centrais produtoras de calor situaranse en edificios independentes e a distancia adecuada dos edificios perigosos.

26. O uso de enerxía eléctrica no interior dos edificios ou locais perigosos adaptarase ao disposto na ITC número 13.

27. Aquelas instalacións nas cales a falta de enerxía eléctrica pode presentar risco disporán de xeradores de electricidade para casos de emerxencia.

28. Os edificios perigosos estarán sempre protexidos por pararraios, que deberán responder ao establecido na ITC número 9.

29. As dependencias da fábrica estarán dotadas de medios para combater calquera conato de incendio.

30. No recinto fabril ou nas súas proximidades deberán existir reservas adecuadas de auga para o caso de incendio, susceptibles de seren empregadas en todo momento.

Artigo 48. *Tormentas.*

Cando se forme e ameace unha tormenta con descarga eléctrica nas inmediacións das instalacións da fábrica, suspenderanse os traballos nas zonas perigosas, á vez que se toman medidas apropiadas en cada caso mentres aquela dure, salvo que a dita interrupción puidese ser causa dun perigo maior.

Artigo 49. *Comunicación de accidentes.*

1. O empresario titular da fábrica estará obrigado a comunicar, de modo inmediato, á Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno na comunidade autónoma onde estea situada a fábrica, todo accidente grave ou mortal que se produza no seu recinto, así como calquera reparación que, como consecuencia do accidente, se vexa obrigado a executar. Todo iso sen prexuízo da obriga do empresario titular da fábrica de requirir, de maneira inmediata, aquelas outras autoridades que por natureza dos feitos tivesen que intervir.

2. En calquera caso, a empresa ten obriga de informar dos ditos accidentes a autoridade laboral competente cando, con ocasión dos ditos accidentes, se produciu o accidente de traballo dun traballador da empresa, de conformidade co previsto no artigo 23.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, ou no ámbito da Seguridade Social, de conformidade co establecido na Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, do 16 de decembro de 1987, pola que se establecen os modelos para a notificación de accidentes de traballo e se dan instrucións para a súa formalización e tramitación. Así mesmo, terase en conta o disposto na Orde TAS/2926/2002, do 19 de novembro, pola que se establecen novos modelos para a notificación de accidentes de traballo e se posibilita a súa transmisión por procedemento electrónico.

3. O empresario ten a obriga de realizar, ante calquera accidente laboral ocorrido nos centros de traballo comprendidos no ámbito de aplicación deste regulamento, a investigación correspondente co obxecto de determinar as súas causas e a necesidade de adoptar novas medidas de prevención e protección. Toda esta información será igualmente presentada á Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno na comunidade autónoma correspondente.

4. Adicionalmente, as conclusións da investigación do accidente serán remitidas á Inspección de Traballo e Seguridade Social pola Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente.

Artigo 50. *Transporte na fábrica.*

1. O traslado de produtos explosivos entre as distintas dependencias da fábrica deberase efectuar en recipientes pechados ou cubertos, salvo que estivesen convenientemente envasados ou embalados, e evítaranse choques e friccións. Este transporte e distribución axustaranse ao disposto na ITC número 34.

2. Os produtos explosivos deberán saír das fábricas e dos depósitos nas condicións establecidas nos regulamentos de transporte de mercadorías perigosas, vixentes en cada momento, ou nos acordos internacionais sobre a materia subscritos por España, cando se trate de exportacións.

Artigo 51. *Residuos de produtos.*

En relación cos residuos de materias primas perigosas ou de produtos explosivos producidos ou utilizados na fabricación, observarase o disposto na ITC número 12.

*Sección 2.ª Disposicións en materia de seguridade cidadá**Artigo 52. Cerramento e vixilancia das fábricas.*

1. Sen prexuízo de que o Ministerio do Interior, a través da Dirección Xeral da Garda Civil, adopte as medidas de protección, control e inspección das fábricas de explosivos que considere necesarias en razón á competencia que lle outorga o ordenamento xurídico, as ditas fábricas estarán baixo a vixilancia e protección de vixilantes de explosivos, conforme o Plan de seguridade cidadá da instalación, elaborado por un director ou xefe de seguridade, este último pertencente a unha empresa de seguridade, o cal deberá aprobar a Intervención Central de Armas e Explosivos, conforme o establecido na ITC número 1. Esta vixilancia humana poderá ser substituída por uns medios físicos e electrónicos, conforme o disposto na citada instrución, que igualmente quedarán recollidos no Plan de seguridade cidadá.

2. As fábricas de explosivos contarán cun cerramento nas condicións e co obxecto que indica a ITC número 1. Contarán cunha porta principal e as secundarias que sexan xustificadamente necesarias para a seguridade, incluídas as saídas de emerxencia, segundo a súa normativa específica, todas elas de resistencia análoga á da cerca.

3. Desde as diferentes zonas da fábrica poderase establecer comunicación cos vixilantes de explosivos que realicen a súa custodia, e a empresa de seguridade encargada desta deberá asegurar a comunicación entre a súa sede e o persoal que desempeñe a vixilancia e protección da fábrica.

4. A Dirección Xeral da Garda Civil poderá exixir un sistema de alarma eficaz en conexión coa unidade da Garda Civil que designe.

5. Os vixilantes de explosivos extremarán a vixilancia respecto á contorna do recinto fabril e das zonas, edificios e locais perigosos comprendidos nel.

6. Logo de autorización da Intervención Central de Armas e Explosivos, poderá substituírse, total ou parcialmente, a vixilancia e protección mediante vixilantes de explosivos por un sistema de seguridade electrónica contra roubo e intrusión en conexión cunha central receptora de alarmas ou centro de control de seguridade.

7. O cerramento das fábricas terá unha altura non inferior a 2 metros e 50 centímetros, dos cales os 50 centímetros superiores serán necesariamente de aramado de espiño, inclinado cara ao exterior 45º respecto da vertical.

8. En calquera caso, estará despexado e non presentará irregularidades ou elementos que permitan escalalo. Queda prohibido, salvo autorización explícita, calquera tipo de construción no interior do recinto da fábrica a menos de 10 metros do cerramento.

9. As portas de acceso ao recinto da fábrica, nos períodos en que o dito acceso estea aberto, estarán suxeitas a constante vixilancia por parte de persoal de seguridade de explosivos no número que determine a Intervención Central de Armas e Explosivos no Plan de seguridade cidadá, que controlará a entrada e saída de persoas ou cousas e disporá dun método de conexión eficaz para transmitir alarmas en caso de necesidade.

10. As ditas portas de acceso deberán responder ás características exixidas para o resto do cerramento e a súa fechadura será de seguridade.

11. As plantas de fabricación e edificios en que se conteñan ou manipulen materias explosivas encontraranse, na súa totalidade, dentro dun recinto con cerramento adecuado, dotado dun corredor exterior constituído por unha franxa de terreo de, polo menos, tres metros de largura, enteiramente despexado de forma tal que facilite a efectiva vixilancia e protección.

12. As medidas de vixilancia e protección establecidas na ITC número 1 deste regulamento serán de obrigado cumprimento para as fábricas de explosivos.

Artigo 53. Controis de entrada e saída.

1. Só se permitirá a entrada ou saída en fábricas ás persoas ou cousas que gocen de autorización para o efecto e logo das verificacións ou controis que resulten oportunos.

2. O acceso nunha fábrica de explosivos de persoas alleas a ela requirirá o seu rexistro nun libro de visitas habilitado para o efecto, logo da identificación correspondente.

3. As ditas persoas serán informadas das condicións xerais de seguridade e do plan de evacuación, e durante a súa permanencia nel deberán estar acompañadas por un empregado a cuxas instrucións deberán atermos escrupulosamente, salvo que a súa presenza, por razón de inspección ou da súa actividade, implique a estada continua ou frecuente. Nese caso deberán atermos ás normas e instrucións que lles sexan facilitadas previamente pola dirección técnica ou polo encargado.

Artigo 54. Normas relativas ao desenvolvemento da actividade da fábrica.

1. Non se poderán introducir no recinto fabril bebidas alcohólicas nin efectos que permitan producir lume ou sexan susceptibles de afectar a súa seguridade. Queda prohibido sacar, sen a autorización pertinente, do recinto fabril calquera produto ou residuo perigoso.

2. Os servizos de vixilancia efectuarán periodicamente, e sen necesidade de aviso previo, rexistros individuais, cumprindo coas prescricións contidas no artigo 18 da Lei do Estatuto dos traballadores, cuxo texto refundido foi aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, para velar polo cumprimento do disposto no número anterior. Estas actuacións levaranse a cabo de acordo cun plan de rexistros, que formará parte do Plan de seguridade cidadá que fose autorizado pola Intervención Central de Armas e Explosivos, e que será supervisado pola Intervención de Armas e Explosivos que por demarcación corresponda, á cal se lle enviará mensualmente, dentro dos cinco primeiros días hábiles, un parte resumo das actuacións realizadas.

3. O persoal deberá manter orde ao entrar e saír da fábrica e das súas dependencias, así como durante a súa permanencia nelas, e quedalle prohibida a súa estada nelas fóra do correspondente horario laboral, salvo que expresamente se lle permita.

4. Cando cesar a actividade nos edificios ou locais perigosos, pecharanse as súas portas e xanelas asegurándoas debidamente e activaranse os sistemas de alarma, se procede.

Sección 3.^a Disposicións en materia de defensa nacional

Artigo 55. Funcionamento das fábricas de explosivos en aspectos de defensa nacional.

1. O Ministerio de Defensa poderá supervisar as actividades e o funcionamento das fábricas de explosivos nos aspectos concernentes á defensa nacional.

2. As fábricas de explosivos que sexan de interese para o Ministerio de Defensa por aspectos concernentes á defensa nacional poderán ter un enxeñeiro-inspector militar, designado polo Ministerio de Defensa, entre o persoal dos corpos de enxeñeiros dos exércitos. Para desempeñar a súa misión solicitará toda a información que precise, en calquera momento, sobre os medios de produción, capacidade e estado das instalacións produtivas, así como sobre o destino dos produtos fabricados e o cumprimento das medidas de seguridade das instalacións. En todo momento poderá comprobar a veracidade de tales informacións mediante as pertinentes visitas de inspección ás factorías. Tamén deberá velar, de ser o caso, polo cumprimento dos contratos de subministración ás Forzas Armadas, co fin de que alcancen plena efectividade en canto aos termos, condicións e prazos previstos neles, e poderá, para estes efectos, solicitar da autoridade competente a adopción de cantas medidas considere necesarias. Así mesmo, as fábricas de explosivos que fornezan produtos ao Ministerio de Defensa, ou aquelas que sexan de interese para o dito ministerio, poderán ter un enxeñeiro inspector militar, designado por ese ministerio entre o persoal dos corpos de enxeñeiros dos exércitos.

3. O enxeñeiro inspector militar, se na súa actuación supervisora achar fundados motivos que aconsellaren a paralización, total ou parcial, dunha fábrica de explosivos, poderá solicitar do delegado do Goberno a retirada ou restrición do permiso de funcionamento concedido. Nos casos de emerxencia, poderá decretar a suspensión

provisional de todas as actividades da fábrica ou de parte delas, e dará conta inmediata á Área Funcional de Industria e Enerxía e ao delegado do Goberno na comunidade autónoma, quen resolverá o oportuno no termo de 10 días. Os enxeñeiros inspectores militares, as áreas funcionais de Industria e Enerxía e as intervencións de Armas e Explosivos facilitaranse mutuamente as informacións e os datos que consideren de interese para o mellor desenvolvemento da súa misión, no ámbito das súas respectivas competencias. Se atoparen na súa actuación feitos ou circunstancias dos cales deba entender por razón da materia algunha outra autoridade, poñeranos en coñecemento dela.

TÍTULO III

Depósitos de explosivos

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 56. *Depósitos.*

1. Entenderase por depósito o recinto ou lugar que alberga unha ou máis polvoreiras.
2. Os depósitos poderán ser de tres tipos:
 - a) Depósito de produtos terminados, integrados ou non integrados nunha fábrica, con fins de comercialización de explosivos: son aqueles destinados a almacenar os produtos explosivos terminados de fabricación propia e, de ser o caso, os produtos explosivos terminados procedentes de terceiros fabricantes.
 - b) Depósito auxiliar asociado a unha fábrica de explosivos: son aqueles destinados a almacenar as materias e os produtos explosivos necesarios para a fabricación dos produtos terminados.
 - c) De consumo: son aqueles destinados ao almacenamento dos produtos terminados para o seu consumo por parte do titular.
3. Os depósitos de produtos terminados, integrados ou non nunha fábrica, poderán fornecer ou comercializar explosivos a calquera empresa consumidora de explosivos autorizada, incluíndo por tanto outros depósitos, fábricas ou establecementos autorizados, como ao propio consumidor final. Do mesmo xeito, os depósitos de produtos terminados poderanse abastecer directamente desde calquera establecemento autorizado para a comercialización destes produtos, incluíndo de países terceiros.

Nestes depósitos unicamente se almacenará o produto final para a súa comercialización, é dicir, produto con marcación CE ou con autorización específica segundo se establece no artigo 21.
4. Excepcionalmente e con autorización do delegado do Goberno, logo de informe da Área Funcional de Industria e Enerxía e da Intervención Central de Armas e Explosivos, as fábricas de explosivos poderán comercializar explosivos a granel directamente, sen necesidade de almacenar o explosivo no seu depósito de produtos terminados.
5. Os depósitos auxiliares asociados a unha fábrica de explosivos e os depósitos de consumo non terán función comercial. Estes depósitos poderán adquirir explosivo directamente a calquera establecemento autorizado para comercializar estes produtos, tanto se se trata de establecementos situados en España como na Unión Europea.
6. As delegacións do Goberno comunicarán á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e á Intervención Central de Armas e Explosivos da Dirección Xeral da Garda Civil (en diante, Intervención Central de Armas e Explosivos) os datos identificativos dos depósitos autorizados con capacidade total ata 10.000 kg netos de explosivos e das persoas que interveñan nas fases de consumo de explosivos.

Artigo 57. *Polvoreiras.*

1. Entenderase por polvoreira cada local, dentro do recinto dun depósito, acondicionado para o almacenamento de explosivos. Non terán a consideración de polvoreiras os almacéns a que se refire o artigo 41.3 deste regulamento.

2. As polvoreiras poderán ser:

- a) Superficiais.
- b) Semienterradas.
- c) Subterráneas.

Artigo 58. *Polvoreiras superficiais e semienterradas.*

1. As polvoreiras superficiais son edificacións á intemperie en cuxa contorna poden existir ou non defensas naturais ou artificiais.

A capacidade máxima de cada polvoreira superficial será de 25.000 quilogramos netos de explosivos.

2. As polvoreiras semienterradas estarán recubertas por terra en todas as súas caras, excepto na frontal. Este recubrimento terá un espesor mínimo dun metro na parte superior do edificio, as terras descenden por todas as súas partes segundo o seu noiro e non poden ter en ningún dos seus puntos de caída un espesor inferior a un metro.

A capacidade máxima de almacenamento de cada polvoreira semienterrada será de 50.000 quilogramos netos de explosivos.

Artigo 59. *Polvoreiras subterráneas.*

1. As polvoreiras subterráneas son escavacións ás cales se accede desde o exterior mediante un túnel, unha rampla, un pozo inclinado ou un pozo vertical.

2. A capacidade máxima de cada polvoreira subterránea ou nicho será de 5.000 quilogramos netos, pero limitarase a 1.000 quilogramos netos se a polvoreira está próxima a labores en que se prevexa a presenza habitual de persoas.

3. A capacidade máxima dos depósitos subterráneos será de 10.000 kg.

4. Os depósitos subterráneos de explosivos instalaranse en lugares illados que non sirvan de paso para outra actividade distinta ao abastecemento de materias explosivas e estarán situados de forma que, en caso de explosión ou incendio, os fumes non sexan arrastrados, pola corrente de ventilación, a lugares ocupados por traballadores. A instalación de depósitos subterráneos de explosivos seguirá as exixencias da ITC número 17.

Artigo 60. *Garantías técnicas.*

As polvoreiras construíranse coas debidas garantías técnicas en función da súa capacidade de almacenamento e da natureza das materias a que se destinen. En todo caso, cumprirán co disposto na ITC número 9.

Artigo 61. *Responsables.*

Do funcionamento e seguridade dos depósitos responderán os seus titulares ou aqueles a quen se outorgou o desfrute da titularidade, sen prexuízo da responsabilidade correspondente á empresa de seguridade encargada da súa vixilancia. En caso de tratarse de persoas xurídicas, responderán os seus representantes legais.

CAPÍTULO II

Depósitos de produtos terminados e depósitos de consumo*Sección 1.ª Normas xerais*

Artigo 62. *Autorización de depósitos de produtos terminados e depósitos de consumo de explosivos.*

1. O establecemento de depósitos de produtos terminados non integrados nunha fábrica e de consumo ata unha capacidade total de 10.000 quilogramos netos de explosivos será autorizado polo delegado do Goberno na comunidade autónoma, logo de informe da Área Funcional de Industria e Enerxía e da Intervención Central de Armas e Explosivos. Os depósitos de maior capacidade serán autorizados polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de informe favorable do Ministerio de Defensa e da Dirección Xeral da Garda Civil, oídos os delegados do Goberno nas comunidades autónomas. Os depósitos de produtos terminados integrados nas fábricas serán autorizados de forma conxunta con aquelas, tal e como especifica o artigo 26.

2. Consideraranse clandestinos os depósitos ou polvoreiras que non estean amparados pola correspondente autorización oficial.

3. A autorización para o establecemento ou modificación substancial dun depósito requirirá a apertura dun período de información pública.

Artigo 63. *Solicitudes.*

1. As persoas naturais ou xurídicas que se propoñan establecer un depósito de produtos terminados non integrados nunha fábrica, ou de consumo, de acordo co establecido no artigo anterior, deben formular a correspondente solicitude, xunto cun proxecto visado asinado por un titulado universitario competente na materia, que comprenda, polo menos:

- a) Memoria descritiva que detalle:
 - i. As disposicións adoptadas para o cumprimento do disposto neste regulamento.
 - ii. A capacidade proxectada do depósito, tipos de produtos que se van almacenar e divisións de risco.
 - iii. As características construtivas das instalacións que integran o depósito.
 - iv. A documentación relativa á prevención de accidentes graves segundo o disposto na ITC número 10.
 - v. O borrador do Plan de seguridade cidadá segundo o disposto na ITC número 1.
 - vi. O lugar, instalacións e procedementos de eliminación ou inertización, segundo o disposto na ITC número 12.
 - vii. O prazo de execución do proxecto.
- b) Planos de implantación das instalacións e plano topográfico en que figure a localización do depósito e os terreos limítrofes nun raio que cubra as distancias de seguridade, ou de tres quilómetros, no caso de que sexan inferiores, cos datos precisos para determinar as distancias indicadas na ITC número 9.
- c) Orzamento do investimento previsto.
- d) Solicitude de inicio de avaliación de impacto ambiental, de ser o caso, en virtude do establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- e) Identidade dos representantes legais e dos membros do Consello de Administración, cando se trate de persoas xurídicas.

2. Para resolver mellor poderanse obter do solicitante cantos datos complementarios se consideren oportunos.

3. As solicitudes para establecemento de depósitos de produtos terminados e de consumo ata unha capacidade total de 10.000 quilogramos netos de explosivos presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

4. As solicitudes para establecemento de depósitos de produtos terminados e de consumo cunha capacidade total maior a 10.000 quilogramos netos de explosivos presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

Artigo 64. *Modificacións en depósitos.*

1. As autorizacións para a modificación substancial de depósitos de produtos terminados non integrados a unha fábrica, ou depósitos de consumo, solicitaranse da mesma autoridade a quen corresponder autorizar o seu establecemento en caso de nova instalación, quen resolverá segundo o procedemento establecido no artigo 62. Coa solicitude xuntarase un proxecto visado asinado por un titulado universitario competente na materia no cal se reflectan os cambios que pretendan introducirse, con memoria descritiva, detallando a repercusión das innovacións en canto a capacidade de almacenamento, seguridade ou cambio de actividade, de ser o caso.

Enténdese por modificación substancial aquela que modifique en máis dun 25% as distancias de regulación de localización establecidas na ITC número 9, ou supoña un cambio de actividade que se vai desenvolver no depósito ou un cambio da capacidade total do conxunto da instalación. Non se considerará cambio de actividade o almacenamento doutras mercadorías perigosas da clase 1 establecida na regulamentación sobre transporte de mercadorías perigosas.

2. Cando a modificación dun depósito autorizado supoña exceder os límites de capacidade de almacenamento establecidas nel, tramitarase conforme o establecido para a modificación substancial das fábricas de explosivos.

3. As autorizacións para as restantes modificacións dos depósitos solicitaranse, xunto con proxecto visado dos cambios que pretendan introducirse, do delegado do Goberno na comunidade autónoma, quen resolverá logo de informe da Área Funcional de Industria e Enerxía, que sinalará as condicións en que deba realizarse, e da Intervención Central de Armas e Explosivos en canto ás posibles afeccións en materia de seguridade cidadá.

4. En ningún caso se poderán outorgar autorizacións de traslado para cambiar a localización de depósitos, e deberase instruír necesariamente para iso un expediente de novo establecemento.

5. As solicitudes a que se refire este artigo presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas ou a través da sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, segundo corresponda a súa autorización

Artigo 65. *Utilización dos depósitos.*

1. Os depósitos soamente poderán ser utilizados por quen estea recoñecido como o seu titular.

2. Igualmente, poderán ser utilizados por aquelas persoas físicas ou xurídicas ás cales os ditos titulares cedesen a súa explotación.

3. A cesión da explotación e o cambio na titularidade dun depósito requirirá a aprobación da autoridade a quen corresponda outorgar a autorización para o seu establecemento. Con carácter xeral, só se pode ceder a explotación ou a titularidade dun depósito no seu conxunto, non das súas polvoreiras por separado.

4. Con carácter excepcional e por razóns xustificadas, logo de informe e coas condicións que establezan a Área Funcional de Industria e Enerxía e a Intervención Central de Armas e Explosivos, a autoridade referida no número anterior poderá autorizar

a cesión temporal dunha ou máis polvoreiras dun depósito, e o titular do depósito será o responsable último.

5. Toda cesión requirirá que o cesionario acredite que cumpre os requisitos exixibles previstos neste regulamento.

6. As solicitudes a que se refire este artigo presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas ou a través da sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, segundo corresponda a súa autorización.

Artigo 66. *Concesión de autorización de establecemento dun depósito.*

1. Soamente se concederá autorización para o establecemento dun depósito ou modificación substancial cando a petición responda a necesidades debidamente xustificadas. Estas autorizacións serán intransferibles, salvo autorización expresa, de acordo co artigo 65.

2. Nas autorizacións para o establecemento dun depósito de explosivos ou modificación substancial deberase facer expresa referencia:

- a) Á persoa natural ou xurídica a cuxo favor se expiden.
- b) Á clase de depósito.
- c) Á localización do depósito, con indicación das súas polvoreiras e distancias que o condicionan.
- d) Á capacidade máxima de almacenamento permitida por polvoreira.
Na autorización detallarase a capacidade máxima de cada polvoreira para cada unha das divisións de risco, supondo que a totalidade do almacenado se corresponde coa división de risco máis desfavorable.
- e) Á capacidade máxima do depósito.
- f) Ás materias cuxo almacenamento se autorice.
- g) Ás condicións específicas a que se somete a autorización.
- h) Ao prazo de execución do proxecto, sinalando a data en que se deben ultimar as instalacións.
- i) Ao plan de prevención de accidentes graves segundo o disposto na ITC número 10, se procede.
- j) Á referencia ás condicións particulares sobre o uso do solo da localización e ambientais que poida impor a autoridade competente na materia.
- k) Á referencia ao plan de emerxencia aprobado.
- l) Á autorización expresa das instalacións e procedementos autorizados para a eliminación e inertización, reutilización ou reciclaxe.
- m) Á referencia ao Plan de seguridade cidadá aprobado.

Artigo 67. *Certificado de idoneidade e posta en marcha.*

1. Finalizadas as operacións de instalación ou modificación substancial do depósito de produtos terminados non integrado na fábrica, ou de consumo, os servizos da Área Funcional de Industria e Enerxía realizarán visita de inspección, do mesmo xeito que a Intervención Central de Armas e Explosivos, para verificar o cumprimento das normas regulamentarias e das condicións específicas que na autorización se sinalasen.

Para desenvolver estas inspeccións, as áreas funcionais de Industria e Enerxía poderán requirir á empresa titular do depósito o informe dunha entidade colaboradora da Administración.

2. Se o resultado da inspección é satisfactorio, a Área Funcional de Industria e Enerxía expedirá certificado de idoneidade para os efectos da posta en marcha do depósito, e dará un prazo para iso.

3. A posta en funcionamento das polvoreiras e elementos que integran o depósito estará condicionada á obtención dun permiso do delegado do Goberno, que se outorgará, de ser o caso, á vista do certificado de idoneidade e do informe favorable da Intervención

Central de Armas e Explosivos sobre o cumprimento do establecemento das medidas de seguridade e vixilancia aprobadas no correspondente plan de seguridade cidadá.

4. O delegado do Goberno remitirá copia do permiso á Área Funcional de Industria e Enerxía, ao concello do lugar en que radique o depósito e á Intervención Central de Armas e Explosivos.

Artigo 68. *Caducidade das autorizacións.*

As autorizacións caducarán cando transcorrese o prazo de execución e non se ultimasen as instalacións na data prevista por causa imputable aos propios interesados, os cales, en todo caso, poden solicitar prórroga mentres sigan vixentes.

Artigo 69. *Invalidez dos permisos.*

1. Os permisos de funcionamento perderán a súa validez cando todas as instalacións permanezan inactivas durante un período dun ano; nese caso, para poder renovar a actividade precisarase permiso do delegado do Goberno, logo de informe da Área Funcional de Industria e Enerxía e da Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil da comandancia que corresponda.

2. Se, transcorrido o prazo correspondente ata a seguinte inspección de acordo co disposto no artigo 82, a instalación continúa inactiva, iniciarase, de oficio ou por instancia de parte, o expediente de peche definitivo.

Artigo 70. *Rexistros de explosivos nos depósitos.*

1. O empresario titular do depósito de produtos terminados non integrado nunha fábrica, ou depósito de consumo, designará a persoa encargada do mantemento dos rexistros de produtos explosivos. Os ditos rexistros levaranse mediante procedementos electrónicos, informáticos ou telemáticos.

2. Mensualmente, dentro dos cinco primeiros días hábiles, os responsables dos rexistros presentaranos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos para a súa supervisión na Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que por demarcación corresponda.

3. Os rexistros axustaranse ao establecido na ITC número 24.

Sección 2.^a Disposicións sobre seguridade industrial e seguridade e saúde no traballo

Artigo 71. *Localizacións das polvoreiras.*

1. As localizacións das polvoreiras rexeranse polo establecido na ITC número 9.

2. O réxime de distancias sinalado no número anterior refírese á polvoreira unidade. No recinto do depósito en que existen varias polvoreiras, as medidas aplicables serán as correspondentes á polvoreira de máxima capacidade ou perigosidade, sempre que nelas queden comprendidas as distancias dos outros.

Artigo 72. *Alteracións na contorna.*

1. Cando con posterioridade ao establecemento dun depósito se produzan alteracións que, en razón das distancias exixidas no artigo anterior, deixen sen efecto a autorización, obrigando con iso ao levantamento do depósito, poderase tolerar unha marxe de redución de ata un 25 por 100 de tales distancias, sempre que quede suficientemente garantida a seguridade das persoas e bens.

2. Tal marxe de redución só a poderá outorgar a autoridade a quen corresponder outorgar a autorización do establecemento, logo das verificacións necesarias.

3. Será preceptivo o informe da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas nos expedientes administrativos de autorización de obras e servizos en terreos comprendidos dentro das distancias de localización indicadas na ITC número 9.

4. Requirirase que o dito informe sexa favorable cando se pretenda transformar en urbanizable ou edificable o solo comprendido dentro das indicadas distancias que non tivese tales cualificacións no momento de obter a licenza municipal para o establecemento do depósito.

Artigo 73. Dirección técnica.

1. O empresario titular do depósito, como responsable da seguridade das instalacións, designará a dirección técnica do depósito que corresponderá a un encargado con capacitación profesional que o faculte para iso, a cuxo nomeamento deberá dar conformidade expresa o delegado do Goberno na comunidade autónoma, logo de informe da Área Funcional de Industria e Enerxía e da Intervención de Armas e Explosivos da Comandancia da Garda Civil.

2. A dita dirección velará polo funcionamento e salvagarda do depósito e, en particular, polo cumprimento das medidas de seguridade regulamentarias.

Artigo 74. Seguridade industrial.

No proxecto que se debe xuntar coa solicitude de autorización dun depósito deberase xustificar expresamente o correcto cumprimento das disposicións establecidas neste regulamento en materia de seguridade industrial e, en particular, as establecidas nas instrucións técnicas complementarias número 9, 12 e 13.

Ademais, deberase xustificar o cumprimento do disposto na normativa vixente en canto a medidas de seguridade contra incendios en establecementos industriais.

Artigo 75. Seguridade e saúde no traballo.

1. Para os efectos da seguridade e saúde dos traballadores, nas polvoreiras deberá terse en consideración o disposto na ITC número 14.

2. O cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo quedará baixo a vixilancia das correspondentes áreas funcionais de Industria e Enerxía, as cales realizarán as inspeccións e comprobacións pertinentes.

3. Así mesmo, o empresario titular do depósito de explosivos elaborará un plan de autoprotección de conformidade co disposto no Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.

Artigo 76. Polvoreiras de produtos terminados e de consumo.

1. As polvoreiras subterráneas ateranse no seu deseño ao disposto na ITC número 17. A comunicación de cada polvoreira subterránea, ou do depósito que poidan constituír, se son varios, cos labores de explotación ou co exterior, efectuarase a través dunha galería crebada, de sección suficiente, que en cada ángulo disporá dun mango de manobra ou cámara de expansión, cuxa lonxitude será, como mínimo, igual á largura da dita galería.

Nos depósitos subterráneos, as medidas de seguridade cidadá proxectaranse de acordo coas específicas características de cada caso e deberán ser previamente aprobadas pola Intervención Central de Armas e Explosivos.

Especialmente, cando os depósitos subterráneos estean situados no interior dunha explotación mineira, a Intervención Central de Armas e Explosivos determinará, en cada caso, a necesidade ou non de aplicar o disposto no artigo 86.2.

2. A construción das polvoreiras superficiais e semienterradas realizarase, de ser o caso, de acordo co establecido na ITC número 9.

3. Cada polvoreira do depósito estará constituída por un só local, que poderá estar compartimentado ou dividido segundo paneis, e as súas únicas aberturas ao exterior serán as correspondentes aos condutos de ventilación, porta e iluminación desde o exterior debidamente protexido. Se a iluminación é interior, deberá terse en consideración o establecido na ITC número 13.

4. A porta das polvoreiras do depósito estará provista de peche de seguridade e con apertura cara a fóra.

5. Cando se trate dunha polvoreira subterránea, a porta estará situada na desembocadura.

6. Excepto durante as operacións de carga e descarga, manterase despexado o espazo situado ante as portas dos almacéns.

7. As polvoreiras superficiais e semienterradas estarán protexidas por pararraios, que deberán responder ás normas vixentes respecto diso, e deberá terse en consideración o establecido na ITC número 9.

8. O chan das polvoreiras deberá reunir os requisitos exixidos polas características dos produtos que se almacenen e deberá constituír, en todo caso, unha superficie unida, sen fendas nin fisuras, de fácil limpeza e lavado.

9. A ventilación das polvoreiras efectuarase, en principio, mediante sistemas de aireación natural, e queda só autorizado o uso de aparellos aeropropulsados, coas debidas condicións de seguridade e cando a súa instalación estea situada fóra das polvoreiras. Con todo, permitírase o uso interior destes sistemas cando se dea cumprimento ao establecido na ITC número 13.

Os respiradoiros estarán protexidos, deseñados ou acondicionados de forma que a través deles non sexa posible guindar obxectos dentro do almacén.

10. A separación entre polvoreiras limítrofes, non subterráneas, virá determinada polas distancias que figuran na ITC número 9. Nos depósitos subterráneos a separación das polvoreiras entre si axustarase ao disposto na ITC número 17.

Con todo, tendo en conta que a transmisión dos efectos dunha posible explosión depende das condicións xeotécnicas dos terreos, en casos específicos, o Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, unha vez efectuados os estudos técnicos correspondentes, poderá modificar tales distancias e capacidades máximas.

En casos excepcionais, por racionalidade de implantación das polvoreiras dun depósito de explosivos e para os efectos do cálculo das distancias entre polvoreiras, a outros edificios ou ao exterior, as polvoreiras implicadas nun determinado depósito poderanse considerar como unha única polvoreira. As ditas distancias calcularanse con base no total de materia explosiva contida na referida polvoreira conxunta, que en ningún caso poderá ser maior que a capacidade máxima de almacenamento unitaria permitida no artigo 58.

11. O almacenamento dos produtos efectuarase con precaución e en condicións de seguridade. O empillamento das embalaxes poderase realizar de forma manual ou mecánica e poderanse dispor en andeis adecuados. Para iso, teranse en conta as disposicións establecidas na lexislación vixente aplicable en materia de seguridade e saúde no traballo e, en particular, o Real decreto 487/1997, do 14 de abril.

Cando se almacenen caixas superpostas, deberanse empillar coa tapa cara arriba e coa información e marcación visibles.

12. En ningún caso se poderán almacenar conxuntamente materias incompatibles entre si. A compatibilidade de almacenamento recóllese de forma xeral na ITC número 16.

13. Antes de incorporarse ao seu traballo, o persoal deberá recibir formación e información sobre as características das materias e produtos con que debe operar e dos riscos inherentes á súa manipulación, así como das medidas de prevención e protección necesarias. Do mesmo xeito, deberá recibir formación específica sobre as pautas de actuación en caso de emerxencia. A empresa titular do depósito deberá conservar rexistro interno desta formación asinada polo traballador, á disposición da autoridade competente.

14. Non se poderá acender lume nin almacenar materias combustibles ou facilmente inflamables no interior ou nas proximidades das polvoreiras do depósito, con excepción dos seus envases, embalaxes e elementos e accesorios de paletizado. Tampouco se poderá penetrar no recinto do depósito con calquera obxecto capaz de producir chama ou faísca.

15. As operacións de reparación e mantemento que se deban efectuar dentro do recinto das polvoreiras dun depósito deberá efectualas persoal tecnicamente cualificado, e adoptaranse cantas precaucións sexan precisas.

Artigo 77. Sinalización.

1. As polvoreiras do depósito deberán estar claramente identificadas mediante unha clave numérica, alfabética ou alfanumérica. Esta clave deberá figurar, de forma ben visible, no exterior do edificio, local ou almacén e próxima ao acceso. A identificación deberá coincidir coa que conste no proxecto aprobado.

2. No interior dos ditos lugares, en lugar visible e xunto ao acceso principal, deberá disporse unha placa identificativa onde se recolla, polo menos, a información seguinte:

- a) Identificación do edificio ou local.
- b) Número máximo de persoas que pode albergar simultaneamente.
- c) Cantidade máxima de explosivos que poida conter, se procede, e división de risco.
- d) Medidas xerais de seguridade.
- e) Normas que se deben adoptar en caso de emerxencia.

Artigo 78. Servizo contra incendios.

1. Será obrigatoria a existencia dun servizo contra incendios, que poderá estar formado por persoal do depósito, para combater o lume que se poida orixinar en calquera das instalacións, de acordo cun plan previamente establecido polo titular responsable da instalación, que deberá ser periodicamente revisado. O dito plan incluírá os medios humanos, funcións, procedementos de actuación, formación recibida e medios técnicos do servizo contra incendios.

2. O persoal do depósito asignado eventualmente ao servizo contra incendios deberá recibir instrución periódica.

Artigo 79. Comunicación de accidentes.

1. O empresario titular do depósito estará obrigado a comunicar, de modo inmediato, á Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno na comunidade autónoma onde estea situado o depósito, todo accidente grave ou mortal que se produza no seu recinto, así como calquera reparación que, como consecuencia do accidente, se vexa obrigado a executar. Todo iso sen prexuízo da obriga do empresario titular do depósito de requirir de maneira inmediata aquelas outras autoridades que por natureza dos feitos teñan que intervir.

2. En calquera caso, a empresa ten a obriga de informar dos ditos accidentes a autoridade laboral competente cando, con ocasión deses accidentes, se producise o accidente de traballo dun traballador da empresa, de conformidade co previsto no artigo 23.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, ou no ámbito da Seguridade Social, de conformidade co establecido na Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, do 16 de decembro de 1987, pola que se establecen os modelos para a notificación de accidentes de traballo e se dan instrucións para a súa formalización e tramitación, así como na Orde TAS/2926/2002, do 19 de novembro, pola que se establecen novos modelos para a notificación dos accidentes de traballo e se posibilita a súa transmisión por procedemento electrónico.

3. O empresario ten a obriga de realizar, ante calquera accidente laboral ocorrido nos centros de traballo comprendidos no ámbito de aplicación deste regulamento, a investigación correspondente co obxecto de determinar as súas causas e a necesidade de adoptar novas medidas de prevención e protección. Toda esta información será igualmente presentada á Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno na comunidade autónoma correspondente.

4. Adicionalmente, as conclusións da investigación do accidente serán remitidas á Inspección de Traballo e Seguridade Social pola Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente.

Artigo 80. *Transporte no interior do depósito.*

O transporte e a distribución de explosivos no interior do depósito axustaranse ao disposto na ITC número 34.

Artigo 81. *Inspeccións dos depósitos.*

1. A inspección en materia de seguridade industrial e de seguridade e saúde no traballo dos depósitos de produtos terminados corresponderalle á Área Funcional de Industria e Enerxía en cuxo territorio radiquen aqueles.

Para desenvolver estas inspeccións en materia de seguridade industrial, as áreas funcionais de Industria e Enerxía poderán requirir á empresa titular do depósito o informe dunha entidade colaboradora da Administración.

2. A dita área velará por que as instalacións e actividades se acomoden ás autorizacións oficiais en que se ampare o seu funcionamento. Así mesmo, coidará da estrita observancia das prescricións regulamentarias.

Artigo 82. *Frecuencia das inspeccións.*

Os depósitos de explosivos serán obxecto de inspeccións técnicas ordinarias, polo menos, cada doce meses. Sen prexuízo do anterior, cando as áreas funcionais de Industria e Enerxía teñan coñecemento de que se produciu calquera anomalía nun depósito situado no territorio da súa xurisdición, disporán de modo inmediato unha inspección para que investigue as súas causas e emita o correspondente informe, sen prexuízo de adoptaren as medidas que resulten necesarias.

Artigo 83. *Rexistro de inspeccións.*

1. Cada depósito terá un rexistro oficial segundo o formato autorizado pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, que estará constituído polas copias das actas formalizadas, no cal quedará constancia do resultado de cantas inspeccións fose obxecto o establecemento, segundo o modelo que figura na ITC número 24.

2. As áreas funcionais de Industria e Enerxía levarán, pola súa banda, un rexistro xeral de inspeccións, no cal se transcribirán as anotacións que se efectúen nos rexistros dos depósitos a que se refire o número anterior.

3. Os resultados dos rexistros referidos nos números anteriores poderanse archivar en soporte informático.

Artigo 84. *Prescricións obrigatorias.*

1. As áreas funcionais de Industria e Enerxía poderán formular prescricións obrigatorias axustadas á normativa vixente ou observacións a título de recomendación, e deberanse distinguir claramente unhas doutras nas anotacións dos rexistros a que se refire o artigo anterior.

2. As prescricións obrigatorias deberán ser cumpridas dentro do prazo que nelas se sinala, salvo oposición razoada ante o delegado do Goberno na comunidade autónoma realizada nun prazo de 15 días desde a súa notificación.

3. En casos de urxencia, a propia Área Funcional de Industria e Enerxía poderá decidir o inmediato cumprimento das súas prescricións, dando coñecemento do actuado ao delegado do Goberno na comunidade autónoma.

Artigo 85. *Paralización da actividade.*

1. Se a Área Funcional de Industria e Enerxía atopa na súa actuación supervisora fundados motivos que aconsellen a paralización, total ou parcial, da actividade, poderá solicitar do delegado do Goberno a revogación ou restrición do permiso de funcionamento outorgado.

2. En caso de emerxencia, a propia Área Funcional de Industria e Enerxía poderá decretar a suspensión provisional de todas as actividades ou de parte delas e dará conta inmediata ao delegado do Goberno, quen resolverá o oportuno no termo de 10 días. Igualmente, se atopa na súa actuación feitos ou circunstancias dos cales deba entender, por razón da materia, algunha outra autoridade, poñeraos no seu coñecemento.

Sección 3.^a Disposicións en materia de seguridade cidadá

Artigo 86. Cerramento e vixilancia dos depósitos.

1. Sen prexuízo de que o Ministerio do Interior, a través da Dirección Xeral da Garda Civil, adopte as medidas de protección, control e inspección dos depósitos de produtos terminados de explosivos, e de consumo, que considere necesarias en razón da competencia que lle outorga o ordenamento xurídico, os ditos depósitos estarán baixo a vixilancia e protección de vixilantes de explosivos, conforme o Plan de seguridade cidadá da instalación, elaborado por un director ou xefe de seguridade, este último pertencente a unha empresa de seguridade, o cal deberá ser aprobado pola Intervención Central de Armas e Explosivos, conforme o establecido nas ITC número 1 e número 11. Esta vixilancia humana poderá ser substituída por uns medios físicos e electrónicos, conforme o disposto nas citadas instrucións, que igualmente quedarán recollidos no Plan de seguridade cidadá.

2. Os depósitos de produtos terminados explosivos non integrados nunha fábrica e os depósitos de consumo posuirán unha porta principal e as secundarias que sexan xustificadamente necesarias para a seguridade, incluíndo as saídas de emerxencia, segundo a súa normativa específica, todas elas de resistencia análoga á da cerca.

3. A Dirección Xeral da Garda Civil poderá exixir un sistema de alarma eficaz en conexión coa unidade da Garda Civil que se designe.

4. As medidas de vixilancia e protección establecidas na ITC número 1 serán de obrigado cumprimento para os depósitos de explosivos.

Artigo 87. Controis de entrada e saída

1. Só se permitirá a entrada ou saída ás zonas de almacenamento dos depósitos ás persoas que gocen de autorización para o efecto e logo das verificacións ou controis que resulten oportunos. A entrada a estas zonas perigosas, desde as oficinas no caso de que as haxa, advertirase coa correspondente sinalización de prohibido o paso a toda persoa non autorizada e calquera outra que se considere necesaria para a seguridade das ditas zonas.

2. O acceso ás zonas de almacenamento dos depósitos de persoas alleas a elas requirirá un permiso da dirección ou do encargado da instalación, que deberá asinar un libro de visitas habilitado para ese efecto, logo da identificación correspondente.

3. As ditas persoas serán advertidas de que entran nas citadas zonas do depósito baixo o seu propio risco, e durante a súa permanencia en tales zonas deberán estar acompañadas por un empregado a cuxas instrucións se deberán ater escrupulosamente, salvo que a súa presenza, por razón de inspección ou da súa actividade, implique a estadía continua ou frecuente no recinto. Nese caso, deberanse ater ás normas e instrucións que lles sexan facilitadas previamente pola dirección técnica ou polo encargado.

4. Non se poderán introducir no recinto ou sacar del efectos que sexan susceptibles de afectar a seguridade.

5. Os servizos de vixilancia efectuarán rexistros individuais periodicamente e sen necesidade de aviso previo, cumprindo coas prescricións contidas no artigo 18 da Lei do Estatuto dos traballadores, cuxo texto refundido foi aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, para velar polo cumprimento do disposto no número anterior. Estas actuacións levaranse a cabo de acordo cun plan de rexistros que formará parte do Plan de seguridade cidadá aprobado pola Intervención Central de Armas e Explosivos e que será supervisado pola Intervención de Armas e Explosivos que por

demarcación corresponda, á cal se lle enviará mensualmente, dentro dos cinco primeiros días hábiles, un parte resumo das actuacións realizadas.

6. A tenza e custodia de chaves das polvoreiras corresponderalle a unha unidade da Garda Civil, que poderá delegala expresamente na empresa de seguridade que presta servizo na instalación.

7. O horario de apertura dos depósitos, así como a tenza e custodia de chaves das polvoreiras, regularanse conforme o establecido na ITC número 11.

Artigo 88. *Inspeccións en materia de seguridade cidadá.*

1. A inspección sobre medidas de seguridade cidadá dos depósitos de produtos terminados e de consumo e o control de explosivos que estean almacenados neles correspóndenlles ás distintas intervencións de Armas e Explosivos, que poderán realizar, sen aviso previo, cantas inspeccións consideren necesarias.

2. A Intervención de Armas e Explosivos correspondente comunicará ao titular da fábrica, mediante copia da acta de inspección, as anomalías observadas. Así mesmo, a Intervención Central de Armas e Explosivos poderá determinar as medidas de emenda correspondentes para corrixir as anomalías dentro dun prazo determinado, que se lles comunicarán á Delegación do Goberno e ao titular da fábrica, sen prexuízo das medidas de seguridade que se poidan adoptar de conformidade co artigo 21 da Lei orgánica 4/2015, de protección da seguridade cidadá.

CAPÍTULO III

Depósitos auxiliares asociados a fábricas de explosivos

Sección 1.^a Disposicións sobre seguridade nos depósitos auxiliares

Artigo 89. *Localizacións das polvoreiras ou almacéns auxiliares.*

As localizacións das polvoreiras auxiliares rexeranse polo establecido na ITC número 9.

Artigo 90. *Polvoreiras auxiliares subterráneas.*

Nos depósitos auxiliares asociados a unha fábrica poderanse autorizar polvoreiras subterráneas en condicións debidamente xustificadas e sempre que se cumpra o disposto neste regulamento e na ITC número 17 para este tipo de almacéns.

Artigo 91. *Polvoreiras auxiliares asociadas a fábricas.*

1. As polvoreiras auxiliares poderán dispor dos compartimentos necesarios para o seu correcto funcionamento.

2. A porta das polvoreiras auxiliares estará provista de peche de seguridade e apertura cara a fóra.

3. O chan das polvoreiras auxiliares deberá reunir os requisitos exixidos polas características dos produtos que se almacenen e deberán constituír, en todo caso, unha superficie unida, sen fendas ou fisuras, de fácil limpeza e lavado.

4. As polvoreiras auxiliares, superficiais ou semienterradas, estarán protexidas por sistemas pararraios, e deberase ter en consideración o disposto nas instrucións técnicas complementarias número 9 e 13.

5. A ventilación das polvoreiras efectuarase, en principio, mediante sistemas de aireación natural, e só queda autorizado o uso de aparellos aeropropulsados coas debidas condicións de seguridade e cando a súa instalación estea situada fóra dos edificios. Nas polvoreiras subterráneas poderase autorizar o uso de tales aparellos, no seu interior, sempre que estean dotados de dispositivos de seguridade que se consideren adecuados, de acordo co establecido na ITC número 13.

6. Os respiradoiros estarán protexidos, deseñados ou acondicionados de forma que, a través deles, non sexa posible tirar obxectos dentro da polvoreira.

Artigo 92. *Medidas de seguridade contra incendios.*

Todas as polvoreiras auxiliares estarán dotadas de extintores e medios necesarios para combater rapidamente calquera conato de incendio, de acordo cun plan previamente establecido, que deberá ser periodicamente revisado. Así mesmo, deberán cumprir o disposto na normativa vixente en canto a medidas de seguridade contra incendios en establecementos industriais.

Sección 2.^a Disposicións en materia de seguridade cidadá

Artigo 93. *Medidas de seguridade cidadá.*

As polvoreiras auxiliares asociadas a fábricas contarán coas condicións para a seguridade cidadá que indica a ITC número 1, ligadas ás medidas integrais da fábrica onde se sitúen.

CAPÍTULO IV

Depósitos especiais

Artigo 94. *Réxime.*

1. Quedan excluídos do réxime xeral dos depósitos os almacenamentos especiais a que se refire este capítulo.

2. O almacenamento accidental de explosivos fóra dos depósitos autorizados poderase permitir coas medidas de seguridade que determine a Intervención de Armas e Explosivos correspondente, logo de autorización do delegado do Goberno na comunidade autónoma, soamente cando concorran circunstancias que o fagan indispensable, tales como accidente ou causa imprevisible no transporte.

3. As medidas de seguridade e a apertura dos depósitos especiais, así como a tenza e custodia de chaves destes, regularanse conforme o establecido nas ITC número 1 e número 11.

4. O empresario titular do depósito especial designará a persoa encargada do mantemento dos rexistros de produtos explosivos, que se axustará ao establecido na ITC número 24.

Mensualmente, dentro dos cinco primeiros días hábiles, os responsables dos rexistros presentaranos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos para a súa supervisión na Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que por demarcación corresponda.

Artigo 95. *Polvoreiras auxiliares de distribución.*

1. Os delegados do Goberno, logo de informe das correspondentes áreas funcionais de Industria e Enerxía e da Intervención de Armas e Explosivos da comandancia que corresponda, poderán autorizar aos usuarios de explosivos polvoreiras auxiliares de distribución con capacidade unitaria máxima de 50 quilogramos ou 500 detonadores, sen que se poida exceder o número de dez polvoreiras auxiliares por instalación.

2. A polvoreira estará construída en forma de caixa forte, contará cun nivel de seguridade de grao VII, que se define na ITC número 28, estará ancorada ao terreo mediante unha cuberta de formigón e disporá de dobre fechadura de seguridade, unha de cuxas chaves estará en poder do encargado da explotación ou obra e a outra, en poder do vixilante de explosivos, se o houbese. Ademais, aquelas explotacións ou obras cuxa duración sexa superior a seis meses, e sempre que nelas estea almacenada unha cantidade superior a 150 kg de explosivo ou 1.000 detonadores, deberán contar coa presenza de vixilantes de explosivos. Estes vixilantes poderán ser substituídos por

medidas alternativas de seguridade recollidas nun plan de seguridade aprobado pola Intervención Central de Armas e Explosivos, de acordo co disposto na ITC número 1. Así mesmo, a polvoreira será homologada polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

3. As distancias das polvoreiras entre si e respecto de núcleos de poboación, complexos industriais, liñas de comunicación, etc. estarán de acordo coa ITC número 18. Así mesmo, no caso de que estas polvoreiras se sitúen nun lugar subterráneo, deberase cumprir a ITC número 17.

4. As solicitudes a que se refire este artigo presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas

Artigo 96. *Polvoreiras transportables.*

1. Para determinados traballos temporais especiais, tales como escavacións de estrada, túneles, canles, etc., nos cales, polo avance dos traballos, haxa que desprazar en forma periódica os depósitos de explosivos, poderanse autorizar depósitos de consumo con capacidade máxima de 5.000 quilogramos, formados por polvoreiras transportables prefabricadas ou construídas de forma que poidan ser trasladadas dun lugar a outro. En todo caso, os desprazamentos realizaranse sempre en baleiro. O desprazamento periódico destas polvoreiras deberase poder probar, por solicitude da autoridade competente.

2. Estas polvoreiras serán homologadas polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, segundo o establecido na ITC número 28. Así mesmo, serán autorizadas para todo o territorio nacional polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de informe da Intervención Central de Armas e Explosivos.

3. A instalación do depósito, en cada caso, será autorizada polos delegados do Goberno correspondentes, de acordo co disposto no artigo 62. Nas autorizacións de instalación establecerase un prazo para a súa validez. As solicitudes a que se refire este número presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

4. No que se refire ao réxime de distancias, a este tipo de depósitos seralles de aplicación o establecido na ITC número 9, para o que se considerarán como polvoreiras superficiais. Así mesmo, no caso de que estas polvoreiras se sitúen nun lugar subterráneo, deberase cumprir a ITC número 17.

Artigo 97. *Almacenamentos especiais.*

1. Sen prexuízo do disposto no Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, nas plataformas mariñas de perforación o delegado do Goberno na comunidade autónoma, logo de informe da Área Funcional de Industria e Enerxía e da Intervención de Armas e Explosivos da Comandancia da Garda Civil, poderá autorizar, dando conta ás autoridades marítimas, a instalación de dúas polvoreiras auxiliares de distribución, segundo o previsto no artigo 95, que serán instaladas coa súa parte frontal dirixida cara ao mar.

2. Nos portos e aeroportos, o delegado do Goberno na comunidade autónoma poderá autorizar a instalación dun depósito para o almacenamento de explosivos, logo de informe da Área Funcional de Industria e Enerxía e da Intervención Central de Armas e Explosivos, do cal dará conta á autoridade portuaria e aeroportuaria, respectivamente.

3. Para o adestramento de cans utilizados para a detección de explosivos, o delegado do Goberno na comunidade autónoma poderá autorizar, logo de informe da Área Funcional de Industria e Enerxía e da Intervención Central de Armas e Explosivos, a instalación dunha polvoreira auxiliar de distribución para o almacenamento do explosivo utilizado na súa instrución.

4. Para as actividades de experimentación e análise de explosivos levadas a cabo polos organismos notificados, o delegado do Goberno na comunidade autónoma poderá autorizar, logo de informe da Área Funcional de Industria e Enerxía e da Intervención

Central de Armas e Explosivos, a instalación dunha polvoreira auxiliar de distribución para o almacenamento do explosivo utilizado.

5. Para as empresas de realización de efectos especiais que usen explosivos, o delegado do Goberno na comunidade autónoma poderá autorizar, logo de informe da Área Funcional de Industria e Enerxía e da Intervención Central de Armas e Explosivos, a instalación dunha polvoreira auxiliar de distribución para o almacenamento do explosivo utilizado.

TÍTULO IV

Envases

CAPÍTULO I

Normas xerais

Artigo 98. *Acondicionamento dos explosivos.*

1. As materias e os obxectos regulados por este regulamento deberán estar debidamente acondicionados para o seu mellor almacenamento e conservación.

2. Os produtos adquiridos a terceiros que se almacenen cos seus envases ou embalaxes orixinais de transporte pechados, de acordo coas disposicións vixentes a este respecto, manterán a división de risco asignada para o seu transporte.

Aos produtos almacenados a granel atribuiráselles por defecto a división 1.1.

Todo iso para os efectos de seguridade no seu posterior transporte, de acordo co disposto nas regulamentacións sobre transporte de mercadorías perigosas e, na súa falta, neste título.

3. O acondicionamento das ditas materias e obxectos efectuarase mediante envases ou embalaxes, salvo que estivese autorizado outro acondicionamento por parte da autoridade competente.

4. Os explosivos non poderán extraerse dos seus envases, salvo para o seu manexo ou adecuada utilización.

Artigo 99. *Envases e embalaxes.*

1. Para os efectos deste título, entenderase por:

a) Envase: o recipiente ou recinto de retención destinado a recibir ou conter materias ou obxectos explosivos.

b) Embalaxe: a protección externa con que, de ser o caso, son dotados certos envases.

2. Os envases poderán ser exteriores, se se trata de envases que carecen de embalaxe ou elemento de protección, ou interiores, no caso de existiren.

Artigo 100. *Homologación.*

1. Todo envase exterior ou embalaxe se deberá axustar a un tipo de construción sometido a probas e homologado conforme as disposicións sobre envases e embalaxes das regulamentacións relativas ao transporte de mercadorías perigosas.

2. No exterior dos envases exteriores e embalaxes deberán figurar as marcas, duradeiras e visibles, que indiquen a súa conformidade co tipo de deseño homologado e os sinais de perigo que lles correspondan segundo a normativa aplicable, así como as etiquetas que permitan identificar o seu contido conforme a ITC número 15.

3. A estes envases e embalaxes seralles de aplicación o previsto na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, cando cumpra, así como as súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 101. *Frases obrigatorias.*

En cada envase exterior ou embalaxe deberán figurar, redactadas polo menos en castelán, as frases:

- a) «Risco de explosión por choque, fricción ou lume».
- b) «Protéxase de fontes de calor. Non fumar».

Artigo 102. *Envases e embalaxes baleiros.*

Os envases e embalaxes baleiros, non limpos, que presenten sinais de conter residuos perigosos deberán estar ben pechados e presentar, de ser o caso, as mesmas condicións de estanquidade e levar as mesmas etiquetas de perigo que se estivesen cheos ata que se proceda á súa eliminación ou inertización, segundo o establecido na ITC número 12.

Artigo 103. *Separación de mercadorías perigosas.*

Os produtos regulados neste regulamento non se poderán envasar ou embalar en común con outras mercadorías perigosas ou con outras mercadorías que non estean sometidas á normativa que afecta as ditas mercadorías perigosas.

Artigo 104. *Conformidade coas normas.*

A expedición dos explosivos axustarase, en todo momento, ao establecido na Regulamentación para o transporte de mercadorías perigosas correspondente ao modo concreto de transporte.

CAPÍTULO II

Etiquetaxe

Artigo 105. *Garantía da etiquetaxe.*

1. Os fabricantes, importadores ou distribuidores garantirán que os produtos explosivos que se vaian comercializar ou pór á disposición do público estean etiquetados debidamente, de maneira visible, lexible e indeleble, polo menos, en castelán.
2. Esta etiquetaxe será clara, comprensible e intelixible.

Artigo 106. *Etiquetaxe do explosivo.*

1. Os datos, así como os seus formatos, dimensións e caracteres que deben figurar na etiquetaxe, cumprirán co disposto na ITC número 15.
2. A marcación CE, a que fai referencia o artigo 20.2, fixarase de maneira lexible, facilmente visible e indeleble, sobre os explosivos ou, se isto non fose posible, sobre unha etiqueta, fabricada de maneira que non se poida volver utilizar, fixada a estes, ou, por último, se os dous primeiros métodos non fosen posibles, sobre o envase exterior. A ITC número 7 recolle o modelo que se deberá utilizar para a marcación CE.
3. Tomarase como referencia para o formato da etiqueta a que, de ser o caso, se determine nas normas harmonizadas respecto diso.

- a) Se o explosivo non dispón de espazo suficiente para os requisitos de etiquetaxe mencionados no punto anterior, a información proporcionarase no envase exterior ou embalaxe.
- b) No caso de envases exteriores ou embalaxes, incluírase adicionalmente a marcación requirida na regulamentación para o transporte de mercadorías perigosas.
- c) O disposto neste artigo non se aplicará aos explosivos acollidos ás excepcións establecidas no artigo 21.

Artigo 107. *Folla de datos de seguridade.*

1. Facilitaráselle ao usuario profesional unha ficha de datos de seguridade na cal se indicarán as instrucións e información relativas á seguridade da súa manipulación, almacenamento, utilización e eliminación, redactada, polo menos, en castelán, segundo o establecido no artigo 31 e anexo II do Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do 18 de decembro (Regulamento REACH), e na disposición adicional primeira do Real decreto 1802/2008, do 3 de novembro, polo que se modifica o Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasamento e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, coa finalidade de adaptar as súas disposicións ao Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello (Regulamento REACH).

2. A ficha de datos de seguridade facilitarase en papel no interior dos envases exteriores ou embalaxes, ou será accesible por medios electrónicos.

TÍTULO V

Comercialización

Artigo 108. *Responsables da venda ou comercialización de explosivos.*

1. A comercialización de explosivos realizarana persoas físicas ou xurídicas autorizadas conforme o disposto neste regulamento ou persoas físicas ou xurídicas que contén coa debida autorización expresa.

2. Soamente se comercializarán produtos conformes co disposto neste regulamento.

Artigo 109. *Persoas autorizadas para a comercialización de explosivos.*

1. Entenderase por persoas autorizadas para a comercialización de explosivos aquelas persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dun depósito de produtos terminados, integrado ou non integrado nunha fábrica de explosivos, ou que contén cunha autorización expresa para a súa distribución.

2. Excepcionalmente, as armarías, nos aspectos regulados polo Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía, aprobado polo Real decreto 989/2015, do 30 de outubro, poderán adquirir, comercializar e utilizar, de ser o caso, determinados produtos explosivos que se usan igualmente no sector da cartucharía, sempre que estean incluídos no alcance das autorizacións, e deberán cumprir o establecido neste título.

Para estes efectos, nas autorizacións propias das armarías entenderanse autorizadas a adquisición, a comercialización e, de ser o caso, a utilización de tales produtos. Estes establecementos deberán manter en vigor e actualizada a correspondente póliza ou garantía que cubra a responsabilidade civil, indicada no artigo 111.3.

3. Queda expresamente prohibido o envío de explosivos por correspondencia vía postal.

Artigo 110. *Persoas autorizadas para a compra de explosivos.*

1. Entenderanse por persoas autorizadas para a compra de explosivos os consumidores (habituais ou eventuais), as fábricas e depósitos autorizados de explosivos ou aquelas que contén cunha autorización expresa para a súa distribución.

2. Así mesmo, os talleres de cartucharía e pirotecnia previstos no citado Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía poderán adquirir e utilizar, de ser o caso, determinados produtos explosivos que se usan igualmente no sector da cartucharía e pirotecnia, sempre que estean incluídos no alcance das súas autorizacións, e deberán cumprir o establecido neste título.

Para estes efectos, nas autorizacións propias dos talleres de cartucharía e pirotecnia entenderase autorizada a adquisición e, de ser o caso, a utilización de tales produtos.

Estes establecementos deberán manter en vigor e actualizada a correspondente póliza ou garantía que cubra a responsabilidade civil, indicada no artigo 111.3.

Artigo 111. *Autorizacións de comercialización.*

1. A titularidade dun depósito de produtos terminados explosivos, integrado ou non integrado nunha fábrica, comportará a autorización de venda ou comercialización dos produtos que nel se almacenen.

2. As autorizacións de comercialización de explosivos serán outorgadas pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de informe favorable da Intervención Central de Armas e Explosivos. As solicitudes a que se refire este número presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

3. En toda autorización de comercialización se establecerá a contía da póliza ou garantía que cubra a responsabilidade civil do seu titular, sen a cal carecerá de eficacia a dita autorización.

4. En razón do obrigado control da tenza dos explosivos, estes deben sempre ser almacenados, con excepción do explosivo a granel e do explosivo fabricado *in situ* con MEMU, con carácter previo á súa comercialización ou utilización, nun depósito debidamente autorizado conforme o disposto neste regulamento. A subministración aos consumidores que non dispoñan dun depósito de consumo debe ser sempre realizada desde un depósito de produtos terminados.

5. Calquera operación translativa da propiedade ou simple posesión de explosivos que non se axuste ao disposto neste título considerárase ilícita, e exixírase a responsabilidade que legalmente corresponda tanto ao comprador ou cesionario como ao vendedor ou cedente.

6. A subministración de explosivos deberá estar amparada pola documentación que, de ser o caso, se exixa neste regulamento e pola requirida segundo o medio de transporte utilizado. A dita documentación deberá acompañar a expedición en todo o seu percorrido. O destinatario recibiráa ao facerse cargo da mercadoría e deberaa conservar durante tres anos á disposición da autoridade competente. En materia de control da tenza e rastrexabilidade, o dito prazo será de dez anos, conforme se establece na ITC número 5.

7. O almacenamento e a comercialización de explosivos (pólvora e pistóns) por parte das armarías rexeranse polo establecido no Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía.

Artigo 112. *Libros de rexistro en fabricación e comercialización.*

1. Os responsables efectivos das instalacións autorizadas para a fabricación ou comercialización de explosivos designarán unha persoa encargada do mantemento dos libros de rexistro a que se refire a ITC número 24, e comunicaranllo á Intervención de Armas e Explosivos que por demarcación corresponda. Os ditos rexistros levaranse por procedementos electrónicos, informáticos ou telemáticos, logo de aprobación por parte da Intervención Central de Armas e Explosivos.

Se a persoa autorizada para a fabricación ou comercialización de explosivos é unha persoa física, entenderase que esta é a responsable efectiva da instalación. Se o autorizado é unha persoa xurídica, entenderase por responsable efectivo da instalación a persoa encargada, de feito, ou de dereito, da dirección da instalación.

No caso de que non se procedese á designación a que se refire o parágrafo anterior, a responsabilidade do mantemento dos libros de rexistro indicados asumiráa directamente o responsable efectivo da instalación.

2. Mensualmente, dentro dos cinco primeiros días hábiles, os responsables dos rexistros presentaranos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos para a súa supervisión na Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que por demarcación lles corresponda.

TÍTULO VI

Control de mercado

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 113. *Vixilancia do mercado e control dos explosivos.*

1. O obxecto do control de mercado é adoptar as medidas necesarias, ademais das dispostas noutros títulos deste regulamento, para garantir que os explosivos só se poñan no mercado se, sendo almacenados de maneira adecuada e unha vez fixada a súa utilización para os fins previstos, non supoñen un perigo para a saúde nin para a seguridade das persoas.

2. O control de mercado corresponderalle á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. A dita dirección xeral poderá instrumentar as tarefas de control de mercado a través das áreas funcionais de Industria e Enerxía.

3. O control de mercado realizarase regularmente mediante inspeccións dos produtos nos seus lugares de entrada no territorio da Comunidade, de fabricación, de almacenamento e de venda.

4. Os artigos 16 a 29 do Regulamento (CE) n.º 765/2008 aplicaranse aos explosivos.

CAPÍTULO II

Explosivos

Artigo 114. *Procedemento no caso de explosivos que expoñen un risco a nivel nacional.*

1. Cando a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas teña motivos suficientes para crer que un explosivo entraña un risco para a saúde ou a seguridade das persoas ou os bens ou o ambiente, levará a cabo unha avaliación relacionada co explosivo en cuestión atendendo a todos os requisitos pertinentes establecidos neste regulamento. Para tal fin, os axentes económicos correspondentes cooperarán en función das necesidades coa dita autoridade competente.

Cando, no transcurso da avaliación mencionada no parágrafo anterior, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas constate que o explosivo non cumpre os requisitos establecidos neste regulamento, pedirá sen demora ao axente económico pertinente que adopte todas as medidas correctoras adecuadas para adaptar o explosivo aos citados requisitos, retíralo do mercado ou recupéralo nun prazo de tempo razoable, proporcional á natureza do risco que elas prescriban.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas informará o organismo notificado correspondente, en consecuencia.

O artigo 21 do Regulamento (CE) n.º 765/2008 será de aplicación ás medidas mencionadas no parágrafo segundo deste número.

2. Cando a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas considere que o incumprimento non se limita ao territorio nacional, a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación informará a Comisión Europea e os demais Estados membros dos resultados da avaliación e das medidas que pediron ao axente económico que adopte.

3. O axente económico asegurarse de que se adoptan todas as medidas correctoras pertinentes en relación con todos os explosivos que comercializase en toda a Unión Europea.

4. Se o axente económico pertinente non adopta as medidas correctoras adecuadas no prazo de tempo indicado no número 1, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas adoptará todas as medidas provisionais adecuadas para prohibir ou restrinxir a comercialización dos explosivos no mercado nacional, retíralo dese mercado ou recupéralo.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, informará sen demora de tales medidas a Comisión Europea e os demais Estados membros.

5. A información mencionada no número 4 incluírá todos os detalles dispoñibles, en particular, os datos necesarios para identificar o explosivo non conforme, a orixe do explosivo, a natureza da suposta non conformidade e do risco exposto, e a natureza e duración das medidas nacionais adoptadas, así como os argumentos expresados polo axente económico pertinente. En particular, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas indicará se a non conformidade se debe a un dos motivos seguintes:

- a) O explosivo non cumpre os requisitos relacionados coa saúde ou coa seguridade das persoas ou coa protección dos bens ou do ambiente, ou
- b) Hai deficiencias nas normas harmonizadas que atribúen unha presunción de conformidade.

6. O resto de Estados membros informará sen demora a Comisión Europea e os demais Estados membros de toda medida que adopten e de calquera dato adicional sobre a non conformidade do explosivo en cuestión que teñan á súa disposición e, en caso de desacordo coa medida nacional adoptada, presentarán as súas obxeccións ao respecto.

7. Se, no prazo de tres meses a partir da recepción da información indicada no número 4, ningún Estado membro nin a Comisión Europea presenta ningunha obxección sobre unha medida provisional adoptada polo Estado español, a medida considerárase xustificada.

8. O Estado español e os demais Estados membros velarán por que se adopten sen demora as medidas restritivas adecuadas respecto do explosivo en cuestión, tales como a retirada do mercado do explosivo.

Artigo 115. *Procedemento de salvagarda da Unión Europea.*

1. Se, unha vez concluído o procedemento establecido nos números 3 e 4 do artigo 114, se formulan obxeccións contra as medidas adoptadas polo Estado español, ou se a Comisión Europea considera que tales medidas vulneran a lexislación da Unión Europea, a Comisión Europea consultará sen demora os Estados membros e o axente ou os axentes económicos pertinentes, e avaliará a medida nacional. Sobre a base dos resultados da avaliación, a Comisión Europea adoptará un acto de execución polo cal se determine se a medida nacional está ou non xustificada.

A Comisión Europea comunicará inmediatamente a súa decisión a todos os Estados membros e ao axente ou axentes económicos pertinentes.

2. Se a medida nacional se considera xustificada, todos os Estados membros adoptarán as medidas necesarias para velar por que o explosivo non conforme sexa retirado dos seus mercados nacionais, e informarán a Comisión Europea respecto diso. Se a medida nacional non se considera xustificada, o Estado membro en cuestión retiraráa.

3. Cando a medida nacional se considere xustificada e a non conformidade do explosivo se atribúa a unha deficiencia das normas harmonizadas, a Comisión Europea aplicará o procedemento previsto no artigo 11 do Regulamento (UE) n.º 1025/2012.

Artigo 116. *Explosivos conformes que presentan un risco para a saúde ou a seguridade.*

1. Se, tras efectuar unha avaliación conforme o artigo 114, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas comproba que un explosivo, aínda que conforme o disposto neste regulamento, presenta un risco para a saúde ou a seguridade das persoas ou para os bens ou o ambiente, pediralle ao axente económico pertinente que adopte todas as medidas adecuadas para asegurarse de que o explosivo en cuestión non presente ese risco cando se introduza no mercado, ou ben para retiralo do mercado ou recuperalo no prazo de tempo razoable, proporcional á natureza do risco, que se determine.

2. O axente económico asegurarse de que se adoptan as medidas correctoras necesarias en relación con todos os explosivos afectados que comercializase en toda a Unión Europea.

3. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, informará sen demora de tales medidas a Comisión Europea e os demais Estados membros. A información facilitada incluírá todos os detalles dispoñibles, en particular, os datos necesarios para identificar o explosivo en cuestión e determinar a súa orixe, a cadea de subministración, a natureza do risco exposto e a natureza e duración das medidas nacionais adoptadas.

4. A Comisión Europea consultará sen demora os Estados membros e o axente ou os axentes económicos en cuestión e avaliará a medida nacional. Sobre a base dos resultados da avaliación, adoptará mediante actos de execución unha decisión na cal indicará se a medida nacional está xustificada e, de ser o caso, propondrá medidas adecuadas.

Por razóns imperiosas de urxencia debidamente xustificadas relacionadas coa protección da saúde e seguridade das persoas, ou coa protección da propiedade ou do ambiente, a Comisión Europea adoptará actos de execución de aplicación inmediata.

5. A Comisión Europea comunicaralles inmediatamente a súa decisión a todos os Estados membros e ao axente ou axentes económicos pertinentes.

Artigo 117. *Incumprimento formal.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 114, se se constata unha das situacións indicada a continuación, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas pediralle ao axente económico correspondente que emende a falta de conformidade en cuestión:

- a) Colocouse a marcación CE incumprindo o artigo 30 do Regulamento (CE) n.º 765/2008 ou o artigo 20.
- b) Non se colocou a marcación CE.
- c) Colocouse o número de identificación do organismo notificado, cando este participe na fase de control da produción, incumprindo o artigo 20, ou non se colocou.
- d) Non se estableceu a declaración UE de conformidade.
- e) Non se estableceu correctamente a declaración UE de conformidade.
- f) A documentación técnica non está dispoñible ou é incompleta.
- g) A información mencionada nos artigos 5.1.e) ou 5.3.c) falta, é falsa ou está incompleta.
- h) Non se cumpre calquera outro requisito administrativo establecido nos artigos 5.1 ou 5.3.

2. Se a falta de conformidade indicada no número 1 persiste, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas adoptará as medidas adecuadas para restrinxir ou prohibir a comercialización do explosivo ou asegurarse de que sexa recuperado ou retirado do mercado.

TÍTULO VII

Uso de explosivos

Artigo 118. *Consumidores de explosivos.*

Enténdese por consumidor de explosivos aquela entidade que realiza actividades de utilización de explosivos en voaduras. Non se considerarán consumidores de explosivos as fábricas, os depósitos de explosivos e as demais entidades que non realizan voaduras. Do mesmo xeito, non se consideran consumidores de explosivos aquelas entidades que subcontratan a realización destas voaduras.

Así mesmo, enténdense por consumidores de explosivos as empresas de realización de efectos especiais con uso de explosivos, así como as empresas dedicadas ao

adestramento de cans utilizados para detectar explosivos e as empresas que desenvolvan actividades de formación con uso de explosivos para obter o carné de artilleiro ou o carné de auxiliar de artilleiro, reguladas na especificación técnica número 8.01.

Os consumidores de explosivos clasificaranse en:

a) Consumidores habituais, que son aqueles que requiren, para o exercicio normal da actividade que desenvolvan, o consumo de explosivos. Estes consumidores habituais poden ser: de ámbito nacional, cando a actividade que desenvolven se estende ao ámbito territorial de dúas ou máis provincias, de distinta comunidade autónoma do territorio nacional; de ámbito provincial, cando desenvolvan a súa actividade no territorio dunha única provincia; ou autonómico, cando a dita actividade se circunscribe a unha ou a varias provincias dunha comunidade autónoma determinada.

b) Consumidores eventuais, que son aqueles que ocasionalmente precisan o uso das referidas materias como complemento esporádico da súa actividade.

Artigo 119. *Autorización para a utilización de explosivos.*

1. A autorización para a utilización habitual de explosivos con ámbito nacional será outorgada pola Dirección Xeral da Garda Civil, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. Esta autorización terá un prazo de validez de cinco anos, salvo indicación en contrario, revogación ou renuncia ou cesación da actividade durante o prazo dun ano, e quedará recollida nun rexistro público oficial constituído para o efecto na Intervención Central de Armas e Explosivos.

2. A autorización para a utilización habitual de explosivos con ámbito provincial ou autonómico será outorgada polo delegado do Goberno na comunidade autónoma, logo de informe da Área Funcional de Industria e Enerxía e da Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil da comandancia ou zona que corresponda. Esta autorización terá un prazo de validez de cinco anos, salvo indicación en contrario, revogación, renuncia ou cesación da actividade de utilización de explosivos durante o prazo dun ano. Estas autorizacións deberanse recoller, igualmente, no rexistro oficial citado no parágrafo anterior.

3. A autorización para a utilización eventual de explosivos será outorgada polo delegado do Goberno na comunidade autónoma onde vaian ser utilizados, logo de informe da Área Funcional de Industria e Enerxía e da Intervención de Armas e Explosivos da Comandancia da Garda Civil que corresponda. Esta autorización unicamente terá validez para a utilización das cantidades que se establezan nos prazos e lugares que para o efecto se determinen.

4. Os consumidores habituais ou eventuais de explosivos deben cumprir os seguintes requisitos:

a) Estaren inscritos no Rexistro Integrado Industrial, de ser o caso, e dispor e manter a maquinaria e os equipamentos necesarios para realizar a actividade.

b) Estaren de alta no imposto sobre actividades económicas, nunha epígrafe coherente coa actividade de consumo de explosivos.

c) Disporen dun seguro ou doutra garantía financeira que cubra a súa responsabilidade civil en virtude do establecido no artigo 3.1.

d) Disporen, no cadro de persoal, de persoas cos coñecementos e capacidades necesarias para realizar a actividade.

e) Elaboraren e manteren ao día os documentos a que fai referencia o artigo 23 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

f) Cumpriren os requisitos de aplicación previstos neste regulamento e no Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira, aprobado polo Real decreto 863/1985, do 2 de abril.

5. Xunto coa solicitude de autorización como consumidores habituais ou eventuais de explosivos, debe incluírse a seguinte documentación:

a) Copia da escritura de constitución da empresa.

b) Copia do rexistro industrial e xustificación de estar de alta no imposto sobre actividades económicas, nunha epígrafe coherente coa actividade de consumo de explosivos.

c) No caso de entidades que realicen actividades de utilización de explosivos en voaduras: memoria detallada de medios técnicos (perforadoras e demais maquinaria) e humanos, incluídos carnés de artilleiro, que permitan xustificar, ademais, o tipo de voaduras que poden desenvolver e, no caso de que a solicitude sexa para actuar a nivel nacional, que a empresa posúe capacidade para actuar en varios lugares da xeografía nacional de forma simultánea.

d) Procedementos operativos ou disposicións internas de seguridade que deberán ser empregados para os traballos con explosivos.

e) Póliza ou garantía que cubra a responsabilidade civil e o xustificante de pagamento.

f) No caso de entidades que realicen actividades de utilización de explosivos en voaduras: tipos de voaduras para as cales solicita inscrición, conforme o establecido no Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira.

g) Os interesados deberán prestar o seu consentimento expreso para que se soliciten os seus antecedentes penais.

6. As solicitudes a que se refire este artigo presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas ou a través da sede electrónica do Ministerio do Interior, segundo corresponda.

7. Calquera modificación dos requisitos que motivaron a autorización como consumidor de explosivos a que se refire este artigo deberá ser comunicada ao órgano competente que emitiu a correspondente autorización.

Artigo 120. *Solicitude do pedido de subministración.*

1. Previamente á iniciación dun consumo de explosivo, e cunha antelación de polo menos 24 horas, o consumidor habitual ou eventual deberá efectuar a solicitude do pedido de subministración, a través da sede electrónica da Secretaría de Estado e Administracións Públicas, á Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno, logo de presentación da súa autorización como consumidor de explosivos, a que se refire o artigo 119. Indicará na solicitude, polo menos, os seguintes datos:

a) Depósito de produtos terminados do subministrador do explosivo.

b) Se o explosivo é para consumo ou para almacenamento.

c) O nome da explotación ou obra a que está destinado o explosivo, con indicación do termo municipal onde se atopa, así como nome, apelidos e DNI ou NIE do director facultativo, e copia da aprobación do proxecto de voadura, de ser o caso.

d) Medio que se utilizará para o transporte (tren, camión, barco).

e) Nome, apelidos e DNI ou NIE da persoa designada para a entrega do pedido.

f) Cantidade e clasificación dos explosivos conforme o artigo 9 para os cales solicita autorización de subministración; no caso das dinamitas, especificarase ademais se son pulverulentas, xelatinosas ou de seguridade.

2. De atopar conforme a solicitude, a Área Funcional de Industria e Enerxía autorizará o pedido de subministración, que poderá ter un prazo de validez máximo dun mes, segundo o modelo establecido na ITC número 25.

3. As solicitudes de autorización dos pedidos de subministración presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

4. Excepcionalmente, consumido o explosivo autorizado ou transcorrido o período de consumo establecido, a Área Funcional de Industria e Enerxía, á vista da documentación xustificativa achegada, poderá autorizar unha subministración e consumo adicional de ata un 10% do explosivo autorizado, e ata un 50% de ampliación do prazo para o seu consumo.

Artigo 121. *Presentación do pedido de subministración.*

1. A autorización do pedido de subministración, a que fai referencia o artigo anterior, será condición indispensable para a subministración da mercadoría e deberá facerse referencia a aquela na Guía de circulación que ampare a circulación desta.

2. O consumidor de explosivos que formalice unha compra destes remitirá ao depósito subministrador, para ese efecto, unha copia da autorización do pedido de subministración autorizada a que fai referencia o artigo anterior, sen cuxa presentación non se poderá realizar ningunha subministración, e o depósito subministrador enviaralles unha copia ás intervencións de Armas e Explosivos de orixe e destino.

Artigo 122. *Libros de rexistro e actas de uso en explotacións e obras.*

1. En todas as explotacións e obras en que se consuman explosivos deberase levar un libro de rexistro específico, libro de rexistro de consumo no cal se consignarán diariamente as entradas, saídas e existencias, así como os datos de identificación do material, do efectivamente consumido e do sobrante.

Ademais do disposto no parágrafo anterior, cada día que se consuman explosivos os responsables de cada equipamento de traballo ou voadura que se designen especificamente deberán completar e asinar unha acta de uso de explosivos.

Os libros de rexistro e actas de uso establecidas neste número axustaranse ao establecido na ITC número 24 e ao modelo que se poderá descargar na sede electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

2. Mensualmente, dentro dos cinco primeiros días hábiles, os responsables do libro de rexistro de consumo e das actas de uso de explosivos remitirán estes documentos, por calquera medio electrónico, informático ou telemático que garanta a súa integridade, autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación, á Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil da localidade a que estea adscrita a explotación ou obra, así como á Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente.

A remisión á Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente realizarase por medio da sede electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

Artigo 123. *Vixilancia.*

1. Coa finalidade de reforzar a protección dos explosivos na fase de consumo, os responsables da explotación ou obra deberán contar cun servizo de vixilantes de explosivos, os cales, ao finalizar o proceso de voadura, poderán efectuar de forma aleatoria rexistros individuais ao persoal que participase na dita operación, todo iso de acordo cun plan de rexistros aprobado no Plan de seguridade cidadá e, de ser o caso, aprobado e supervisado pola Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que por demarcación corresponda, á cal a empresa de seguridade lle enviará mensualmente, dentro dos cinco primeiros días hábiles, un resumo das actuacións realizadas.

A fase de consumo dos explosivos abranguerá as actividades comprendidas desde a recepción do transporte ou apertura das polvoreiras ata o seu uso, devolución, almacenamento ou eliminación do explosivo sobrante.

2. Excepcionalmente, poderase eximir do servizo de vixilantes de explosivos nos supostos establecidos na ITC número 11.

Artigo 124. *Persoal que intervén no manexo e consumo de explosivos.*

1. O persoal que intervén nos procesos de manexo e consumo de explosivos será o que a continuación se enumera e terá as funcións que para cada un se sinalan:

a) O responsable do equipamento de traballo ou da voadura, designado pola empresa consumidora de explosivos, ademais das funcións que polo seu cargo ten

encomendadas, e de reunir os requisitos exixidos para o seu nomeamento no caso de que manipule ou use explosivos, segundo o número 2, deberá custodiar e garantir a correcta utilización do material explosivo. Así mesmo, deberá asinar as actas de uso de explosivos e acreditar que os datos que constan nelas son certos.

b) A persoa responsable do mantemento do libro de rexistro de consumo, designada polo director facultativo da explotación ou obra.

c) Outras persoas que manexen ou manipulen explosivos (artilleiros e auxiliares de artilleiro) poderán intervir no proceso do seu consumo, sempre que fosen debidamente nomeados pola empresa consumidora de explosivos. Serán responsables da correcta utilización dos explosivos e, de ser o caso, daquelas outras obrigas que lles encomende a dirección facultativa.

No caso de que a empresa consumidora de explosivos sexa unha explotación mineira ou obra, as designacións anteriores serán realizadas polo director facultativo da explotación ou obra, o cal deberá cumprir os requisitos exixidos no Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira. No suposto de que non se procedese ás anteriores designacións, as funcións anteriores asumiráas directamente o director facultativo da explotación ou obra.

2. As habilitacións específicas para o manexo, manipulación e utilización de explosivos, que se aterán ao establecido na ITC número 8, serán concedidas pola Área Funcional de Industria e Enerxía da Delegación ou Subdelegación do Goberno. Os responsables da explotación ou obra deberán comunicar con antelación suficiente a contratación de tales persoas á Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que corresponda.

3. Os consumidores habituais ou eventuais de explosivos comunicarán á Intervención de Armas e Explosivos que por demarcación corresponda ao lugar de consumo, polo menos o día hábil anterior ao consumo do explosivo, en horario de atención ao público, a data e hora previstas do consumo.

Artigo 125. *Voaduras e utilización de explosivos.*

1. No que se refire á utilización de explosivos e execución de voaduras, será de aplicación o citado Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira en todo o que non se opoña ao establecido neste regulamento. A utilización de explosivos con fins civís considérase técnica mineira, nos termos do artigo 1 do citado regulamento.

2. O persoal que descargue explosivo a granel procedente das cargadoras de explosivo deberá dispor do correspondente carné de artilleiro segundo establece a ITC número 8. Así mesmo, as persoas físicas que vaian desenvolver actividades de auxiliar de artilleiro deberán dispor previamente do correspondente carné de auxiliar de artilleiro, segundo establece a ITC número 8.

3. O persoal que fabrique explosivos cunha MEMU deberá dispor do correspondente carné de artilleiro, especialidade de operador de MEMU, segundo establece a ITC número 8.

4. O transporte de explosivos no interior das instalacións mineiras axustarase ao disposto na ITC número 34.

5. Nas explotacións mineiras de interior e obras subterráneas poderanse utilizar equipamentos de bombeo de emulsións, suspensións ou xeles, a granel de interior, coa posibilidade de sensibilización do explosivo. Ademais de cumprir a lexislación vixente en materia de seguridade en máquinas, estes equipamentos ateranse ao disposto nas ITC número 1, 24, 30 e 32.

O persoal encargado do bombeo das emulsións, suspensións ou xeles destes equipamentos deberá dispor do correspondente carné de operador de MEMU, segundo establece a ITC número 8.

Estes equipamentos deberán estar asociados a unha fábrica de explosivos autorizada.

TÍTULO VIII

Importación, exportación, tránsito e transferencia

CAPÍTULO I

Normas xeraisArtigo 126. *Circulación.*

1. A importación, exportación, tránsito e transferencia de explosivos axustarase ao establecido neste título e aos convenios internacionais subscritos por España, con observancia, en todo caso, do disposto na normativa alfandegueira. Con todo, será de aplicación o establecido no Real decreto 679/2014, do 1 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, e no Regulamento (CE) n.º 428/2009 do Consello, do 5 de maio de 2009, polo que se establece un réxime comunitario de control das exportacións, a transferencia, a corretaxe e o tránsito de produtos de dobre uso.

2. Ademais do especificamente disposto neste título, á introdución de explosivos en territorio español seralle de aplicación o establecido neste regulamento. Especialmente, as autoridades competentes velarán polo cumprimento das normas sobre transportes, envases e embalaxes contidas neste regulamento. As instrucións de seguridade, as autorizacións necesarias e as preceptivas marcas en produtos, cando cumpra, e nos envases e embalaxes, deberán estar redactadas, polo menos, en castelán.

3. As persoas físicas ou xurídicas que pretendan desenvolver a actividade de importación, exportación, tránsito e transferencia de explosivos terán a obriga de comunicarlles aos axentes económicos residentes fóra de España os requisitos exixidos pola lexislación española.

4. Cando as autoridades previstas no artigo 2 vaian realizar un control sobre os explosivos que estean baixo vixilancia ou control alfandegueiro, deberán notificar a súa realización con anterioridade á autoridade alfandegueira competente.

Artigo 127. *Depósito regulamentario.*

1. Sen prexuízo do previsto no artigo 144 do Regulamento (UE) n.º 952/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de outubro de 2013, polo que se establece o código alfandegueiro da Unión, os explosivos almacenaranse en depósitos regulamentariamente autorizados de acordo co título III deste regulamento, previstos con anterioridade polo subministrador ou polo receptor, e comunicados coa debida antelación á Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil.

2. Os explosivos sen estatuto da Unión que sexan abandonados en favor da Facenda pública ou que sexan comisados entregaranse na delegación do Goberno correspondente. Os artigos sen estatuto da Unión que non fosen destruídos, previamente ao seu uso, disposición ou transmisión, deberán ser obxecto de despacho alfandegueiro. No caso de tratarse de explosivos militares, a mercadoría será entregada ao Ministerio de Defensa.

CAPÍTULO II

ImportaciónArtigo 128. *Rexistro Oficial de Importadores.*

1. As persoas físicas ou xurídicas que pretendan desenvolver a actividade de importación de explosivos deberán solicitar, con carácter previo, a súa inscrición no Rexistro Oficial de Importadores de Explosivos á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. Estas solicitudes presentaranse por vía electrónica, con certificado electrónico, na sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

2. Esta inscrición estará condicionada á xustificación da capacitación técnica para a actividade que se pretenda desenvolver, á dispoñibilidade de depósitos de produtos terminados autorizados e á contratación dunha póliza ou garantía que cubra a responsabilidade civil que, en cada caso, poida corresponder ao importador por calquera tipo de risco dos produtos importados.

3. Xunto coa solicitude de autorización de inscrición no Rexistro Oficial de Importadores de Explosivos débese incluír a seguinte documentación:

- a) Copia da escritura de constitución da sociedade.
- b) Copia do rexistro industrial e xustificación de estar de alta no imposto sobre actividades económicas, nunha epígrafe coherente coa actividade de importación de explosivos.
- c) Autorización do taller, depósito comercial ou autorización expresa para a distribución dos produtos importados.
- d) Resolución de autorización de fábrica de explosivos ou depósito.
- e) Documentación acreditativa da cobertura da responsabilidade civil, que cubra a actividade de importación de explosivos.

Artigo 129. *Permiso previo de circulación.*

1. A importación de explosivos regulada neste regulamento desde países que non sexan Estados membros da Unión Europea estará suxeita ao réxime xeral que en cada momento regule a actividade e necesitará ser autorizada segundo o disposto no Real decreto 679/2014, do 1 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de control de comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, cando se trate de produtos incluídos no ámbito de aplicación do dito real decreto.

Con carácter previo á importación, necesitará contar, ademais, cun permiso previo de circulación outorgado polo Ministerio do Interior, a través da Intervención Central de Armas e Explosivos, e baseado nun informe favorable da Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos. A solicitude do permiso previo de importación axustarase ao modelo reflectido no anexo I da Instrución técnica complementaria número 33.

2. O permiso administrativo previsto no número anterior, que terá unha validez dun ano, deberá ser presentado á Intervención de Armas e Explosivos da alfándega correspondente e xuntarse cos produtos durante o seu transporte por territorio español ata o seu destino.

3. Na solicitude de importación deberase facer referencia, como mínimo, aos datos enumerados nos artigos 143 e 144, así como ao lugar de depósito autorizado e ao punto de entrada en territorio nacional. O importador non poderá facer da mercadoría outro uso que aquel para o cal fose expresamente autorizado, conforme este regulamento.

Artigo 130. *Exencións.*

As importacións de explosivos que os ministerios de Defensa e do Interior efectúen para a súa utilización, empregando para o transporte e almacenamento os seus medios propios, quedan exentas do cumprimento do disposto no artigo anterior e neste título, aínda que deberán ser previamente comunicadas ao Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria e á Intervención Central de Armas e Explosivos. En cambio, as importacións de explosivos que efectúe o Ministerio de Defensa no exercicio das súas competencias, utilizando para o transporte e almacenamento medios privados, quedan suxeitas ao cumprimento do disposto no artigo seguinte.

Artigo 131. *Guía de circulación e control alfandegueiro.*

1. Unha vez obtido o permiso a que se refire o artigo 129, o expedidor estenderá a carta de porte e o importador completará a Guía de circulación, regulada nos artigos 152

e seguintes, e achegará o mencionado permiso. A Intervención de Armas e Explosivos da Alfándega correspondente autorizará a dita guía de circulación e comunicará a importación realizada á Intervención Central de Armas e Explosivos.

2. A autorización do réxime alfandegueiro solicitado estará condicionada á presentación da Guía de circulación. Unha vez realizada tal autorización, a Intervención de Armas e Explosivos competente, en relación co lugar en que estean depositados os artigos, comunicará a importación realizada á Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil.

CAPÍTULO III

Exportación

Artigo 132. *Autorización de exportación.*

1. A exportación de explosivos a países que non sexan Estados membros da Unión Europea estará suxeita ao réxime xeral que en cada momento regule a actividade e necesitará ser autorizada segundo o disposto no Real decreto 679/2014, do 1 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, cando se trate de produtos incluídos no ámbito de aplicación do citado real decreto.

2. O órgano competente expedirá a autorización administrativa de exportación sinalada no número anterior, da cal remitirá orixinal ao interesado e copia á Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil.

3. As exportacións de explosivos que efectúe o Ministerio de Defensa no exercicio das súas competencias, utilizando para o transporte e almacenamento medios propios, deben rexerse polo Real decreto 679/2014, do 1 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, e polas demais normas que, en cada caso, sexan aplicables. En cambio, as exportacións de explosivos que efectúe o Ministerio de Defensa no exercicio das súas competencias, utilizando para o transporte e almacenamento medios privados, quedan suxeitas ao cumprimento do disposto no artigo anterior.

4. Os materiais, os produtos e as tecnoloxías de dobre uso recollidos no artigo 5 da Lei 53/2007, do 28 de decembro, sobre o control de comercio exterior de material de defensa e de dobre uso, non precisan autorización administrativa de transferencia.

CAPÍTULO IV

Tránsito

Artigo 133. *Autorización de tránsito de orixe extracomunitaria.*

1. O tránsito por territorio nacional, así como por augas e espazo aéreo en que España exerza soberanía, dereito soberano ou xurisdición, dos produtos regulados neste regulamento procedentes de países non integrantes da Unión Europea necesitará ser obxecto de autorización previa e quedará sometido ao condicionado que nela se fixe.

2. Non se outorgará ningunha autorización se o solicitante non reside, non ten sucursal aberta ou non ten designado representante en territorio da Unión Europea responsable do tránsito.

Artigo 134. *Solicitud de autorización de tránsito de orixe extracomunitaria.*

1. A autorización solicitarase do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, cunha antelación mínima de 5 días hábiles, e farase constar na solicitude:

- a) Remitente, destinatario, empresa consignataria e persoa responsable en España da expedición, documento de identificación ou razón social, número de teléfono e correo electrónico.
- b) Lugares de orixe e destino. Data prevista de chegada e saída.
- c) Clases de materias obxecto da expedición, con indicación da designación nacional e internacional de cada produto. Número ONU.
- d) Peso bruto e neto de cada clase de produtos e número de vultos ou paquetes en que se envían.
- e) Características dos envases e embalaxes.
- f) Alfándegas de entrada e saída de España e itinerario previsto, con indicación das paradas técnicas que, de ser o caso, se consideren necesarias e dos almacenamentos de emerxencia previstos, de ser o caso.
- g) Medios de transporte e as súas características, identificados pola súa matrícula ou polo seu número de contedor.

Á dita solicitude xuntarase copia da documentación que ampare a expedición, emitida polo país de orixe.

2. A solicitude de autorización axustarase ao modelo da ITC número 33.

Artigo 135. *Competencia do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.*

1. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación dará conta da petición aos ministerios de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, de Defensa, de Fomento e da Presidencia e para as Administracións Territoriais (Centro Nacional de Intelixencia), así como ao Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, por vía electrónica, e á Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil, con antelación suficiente, que non poderá ser inferior a dous días hábiles respecto da data prevista para a realización do tránsito, co obxecto de que poidan formular as observacións ou dispor os servizos que consideren necesarios.

2. Se procede, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación outorgará a autorización correspondente, na cal se determinará o condicionado a que queda sometida a expedición en tránsito, e deberase dar traslado daquela a todos os órganos indicados. A comunicación ao Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais realizarase por vía electrónica. As autoridades alfandegueiras só autorizarán un transbordo ou un destino alfandegueiro cando os artigos para os cales se solicita dispoñan da autorización indicada.

Artigo 136. *Autorización de tránsito de orixe comunitaria.*

O tránsito por territorio nacional, así como por augas e espazo aéreo en que España exerza soberanía, dereito soberano ou xurisdición e cooperación dos produtos regulados neste regulamento procedentes de países integrantes da Unión Europea, independentemente do seu destino final, necesitará ser obxecto de autorización previa e quedará sometido ao condicionado que nela se fixe.

Artigo 137. *Solicitud de autorización de tránsito de orixe comunitaria.*

1. A autorización de tránsito de orixe comunitaria solicitarase da Intervención Central de Armas e Explosivos cunha antelación mínima de 5 días hábiles, e faranse constar na solicitude os datos enumerados no artigo 134.

2. Logo de informe da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, a Intervención Central de Armas e Explosivos, tras o exame da documentación presentada e da

información achegada, e concretamente das condicións en que deberá ter lugar o tránsito, aprobará a súa realización, se resulta garantida a seguridade cidadá.

3. A solicitude de autorización axustarase ao modelo da ITC número 33.

Artigo 138. *Competencia da Intervención Central de Armas e Explosivos.*

A Intervención Central de Armas e Explosivos dará conta das autorizacións expedidas ás comandancias da Garda Civil onde estean encadrados os puntos de entrada e saída do territorio nacional do tránsito en cuestión, co fin de efectuar cantos controis se consideren oportunos para garantir o mantemento da seguridade cidadá.

Artigo 139. *Acondicionamento das materias regulamentadas.*

No caso de que se realice o tránsito por vía terrestre e se prevexa algunha detención ou permanencia en territorio español, as materias regulamentadas deberán ir acondicionadas para permitir que sexan precintadas facilmente.

Artigo 140. *Medidas de seguridade.*

1. A Dirección Xeral da Garda Civil comprobará que se tomen as medidas convenientes para a debida seguridade do tránsito, segundo o medio de transporte que se vai empregar e a perigosidade da mercadoría.

2. Se, por avaría do medio de transporte ou por calquera outra causa imprevista, o tránsito non se puidese efectuar conforme os termos da autorización outorgada, a persoa responsable do tránsito porá inmediatamente os feitos acaecidos en coñecemento da Garda Civil, que os comunicará ao delegado do Goberno na comunidade autónoma, para os efectos de que adopte as medidas que considere oportunas.

3. Cando a realización do tránsito ocasione gastos, incluídos os do persoal de escolta e custodia da expedición, o aboamento da taxa correspondente, na contía e forma que legalmente se determinen, será por conta de quen solicitou a autorización.

CAPÍTULO V

Transferencia

Artigo 141. *Disposicións xerais.*

1. Para os efectos do disposto no presente capítulo, entenderase por «transferencia» todo desprazamento físico de explosivos dentro do territorio da Unión Europea, exceptuados os desprazamentos que se realicen nun mesmo Estado.

2. Só se poderán transferir explosivos entre España e calquera outro Estado membro da Unión Europea e circular por España procedentes da propia Unión Europea conforme o previsto na lexislación nacional e neste capítulo.

3. Antes da transferencia de explosivos, as autoridades competentes deberán comprobar que se cumpren os requisitos de seguridade xeral e da seguridade e protección públicas que establece este regulamento.

4. Para poder efectuar a transferencia de explosivos, o destinatario deberá obter unha autorización de transferencia da autoridade competente do seu Estado membro, a cal verificará que o destinatario está legalmente facultado para adquirir explosivos e que se encontra en posesión das licenzas ou autorizacións necesarias. O axente económico responsable da transferencia deberalles notificar ás autoridades competentes españolas e demais Estados membros de tránsito todo desprazamento de explosivos a través dos seus territorios, e deberá obter previamente a súa autorización.

5. As autorizacións de transferencia obtidas dos Estados membros participantes na transferencia virán reflectidas no documento recollido na Decisión 2004/388 EC da Comisión, do 15 de abril de 2004, para a transferencia intracomunitaria de explosivos cuxo modelo figura na ITC número 33 deste regulamento.

Unha vez presentada por parte do axente económico ás autoridades de destino a solicitude de transferencia, esta tramitarase a través do sistema electrónico común de autorización recollido na Decisión da Comisión 2010/347/UE, do 19 de xuño de 2010, coa condición de que todos os Estados participantes nela utilicen o dito sistema electrónico.

O documento de transferencia intracomunitaria de explosivos establecerá a validez da autorización concedida e o prazo durante o cal se poden realizar envíos parciais de explosivos ao abeiro da dita autorización.

6. Se as autoridades competentes consideran que existe algún problema con respecto á verificación da facultade de adquisición dos explosivos, a Intervención Central de Armas e Explosivos transmitirá a correspondente información dispoñible á Comisión Europea, a cal informará diso os demais Estados membros.

7. O disposto neste capítulo non será de aplicación aos explosivos destinados á súa utilización por parte das Forzas Armadas ou das forzas e corpos de seguridade do Estado, de conformidade coa lexislación vixente, sempre que para o seu transporte e almacenamento utilicen medios e persoal propios.

8. Os controis que se leven a cabo, nos casos das transferencias reguladas neste capítulo, non se poderán realizar en concepto de controis fronteirizos, senón no marco dos controis ordinarios aplicados no territorio nacional.

9. Sen prexuízo dos controis e autorizacións necesarios previstos neste capítulo, os destinatarios e os axentes económicos deberanlles comunicar ás autoridades competentes españolas, así como ás do Estado membro de tránsito, por petición delas, calquera información útil de que dispoñan para os efectos de garantir a seguridade das transferencias.

10. Ningún axente económico poderá efectuar a transferencia de explosivos sen que o destinatario obtivese para ese efecto as autorizacións necesarias de conformidade co establecido neste capítulo.

11. Non obstante o disposto neste capítulo, no caso de ameazas graves ou atentados contra a seguridade nacional, debidos á tenza ou ao emprego ilícitos de explosivos ou munición, as autoridades gubernativas competentes poderán adoptar calquera medida necesaria en materia de transferencia de explosivos, para previr tal tenza ou emprego ilícito, de acordo coa lexislación vixente de seguridade cidadá, respectando o principio de proporcionalidade e sen constituír un medio de discriminación arbitraria nin unha restrición encuberta do comercio entre Estados membros. Estas medidas serán notificadas á Comisión Europea, que informará diso os demais Estados membros.

Artigo 142. *Libre circulación.*

1. Sempre que se cumpran as disposicións da Directiva 2014/28/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro, non se poderá prohibir, restrinxir nin obstaculizar a comercialización dos explosivos, sen prexuízo da normativa aplicable ao outorgamento de autorizacións que fixa este regulamento a fabricantes, distribuidores e importadores.

2. Este regulamento non será obstáculo para que o Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital ou a Dirección Xeral da Garda Civil, por motivos de orde pública, seguridade pública, saúde pública ou protección do ambiente, adopten medidas que prohiban ou restrinxan a posesión, utilización ou comercialización de explosivos.

Artigo 143. *Transferencia directa.*

1. Cando se proxecte realizar unha transferencia de explosivos desde España a outro Estado membro da Unión Europea, o interesado solicitará, seguindo o modelo, contido e formato establecidos na ITC número 33, autorización da operación á Intervención Central de Armas e Explosivos, e especificará:

a) O nome e enderezo dos axentes económicos interesados, datos que deberán ser o suficientemente precisos para permitir pórse en contacto, en todo momento, cos

interesados e para asegurarse de que están oficialmente habilitados para actuar como tales.

b) A autorización, polo menos, das autoridades do Estado membro de destino, que figurará no documento para a transferencia intracomunitaria de explosivos, cuxo modelo figura no anexo III da ITC número 33.

c) O enderezo do lugar a que se enviará a mercadoría.

d) Os tipos, clases, unidades e cantidade de explosivos que se pretenden transferir e os seus números de identificación para os efectos do seguimento da súa tenza, incluído o número de identificación das Nacións Unidas.

e) Unha descrición completa do explosivo de que se trata, que incluírá o número de identificación única, o número de catalogación, a división de risco, o enderezo e nome do fabricante, así como o nome comercial.

f) A información relativa á observancia das condicións de introdución no mercado, se está prevista esta última.

g) O medio de transporte e o itinerario para seguir en España, incluíndo os enderezos dos lugares de saída (orixe) e o lugar de entrega (destino), e depósitos de explosivos de emerxencia para cuxa utilización, de ser o caso, estea autorizado o destinatario ou subministrador.

h) O nome, identificación, enderezo, teléfono, telefax e correo electrónico da empresa ou empresas de transporte.

i) As medidas de seguridade e vixilancia que se adoptarán no transporte durante a súa circulación por territorio nacional.

j) As datas previstas de saída desde orixe e de chegada a destino.

k) Os puntos de entrada e saída dos territorios dos Estados membros afectados, xa sexan como orixe, destino ou tránsito.

2. A Intervención Central de Armas e Explosivos verificará que o destinatario está autorizado polo Estado membro de destino para efectuar a transferencia e autorizará a transferencia, se procede. A autorización plasmarase no lugar establecido para iso no documento intracomunitario de transferencia de explosivos expedido polo país de destino, conforme o modelo que figura no anexo III da ITC número 33, ou ben, no caso do sistema electrónico de autorización, mediante a sinatura electrónica ou código de validación dixital que figurará indicado no documento que lle será expedido ao solicitante polo país de orixe. En ambos os casos, a validez da autorización será dun ano.

3. O documento de autorización conterá, polo menos, a información mencionada no número 1.

4. A citada autorización de transferencia deberase xuntar cos explosivos desde o seu lugar de orixe ata o seu destino, e deberase presentar sempre que o requiran as autoridades competentes. O destinatario conservará unha copia da dita autorización e presentaraa, logo de petición, á autoridade competente.

Artigo 144. *Transferencia inversa.*

1. Cando se trate dunha transferencia de explosivos a España procedente de calquera outro Estado membro da Unión Europea, o destinatario deberá solicitar autorización á Intervención Central de Armas e Explosivos incluíndo os datos seguintes:

a) O nome e enderezo dos axentes económicos interesados, datos que deberán ser o suficientemente precisos para permitir pórse en contacto, en todo momento, cos interesados e para asegurarse de que están oficialmente habilitados para actuar como tales.

b) O depósito autorizado como destino final dos explosivos, de ser o caso.

c) Os tipos, clases, unidades e cantidade de explosivos que se pretenden transferir e os seus números de identificación para efectos do seguimento da súa tenza, incluído o número de identificación das Nacións Unidas.

d) Unha descrición completa do explosivo de que se trata, que incluíra o número de identificación única, o número de catalogación, a división de risco, o enderezo e nome do fabricante, así como o nome comercial.

e) A información relativa á observancia das condicións de introdución no mercado, se está prevista esta última.

f) O medio de transporte e o itinerario para seguir en España, incluíndo os enderezos dos lugares de saída (orixe) e o lugar de entrega (destino), e depósitos de explosivos de emerxencia para cuxa utilización, de ser o caso, estea autorizado o destinatario ou subministrador.

g) O nome, identificación, enderezo, teléfono, telefax e correo electrónico da empresa ou empresas de transporte.

h) As medidas de seguridade e vixilancia que se adoptarán no transporte durante a súa circulación por territorio nacional.

i) As datas previstas de saída desde orixe e de chegada a destino.

j) Os puntos de entrada e saída dos territorios dos Estados membros afectados, xa sexan como orixe, destino ou tránsito.

2. A Intervención Central de Armas e Explosivos verificará que o destinatario está legalmente autorizado para adquirir, utilizar ou almacenar os explosivos, por dispor das licenzas e autorizacións necesarias e, logo de informe favorable da Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos, autorizará a transferencia, se procede. A autorización plasmarase no lugar establecido para iso no documento intracomunitario de transferencia de explosivos expedido polo país de destino, conforme o modelo que figura no anexo III da ITC número 33, ou ben, no caso do sistema electrónico de autorización, mediante a sinatura electrónica ou código de validación dixital que figurará indicado no documento que lle será expedido ao solicitante polo país de orixe. En ambos os casos, a validez da autorización será dun ano.

3. O documento de autorización conterá, polo menos, a información mencionada no número 1.

4. A citada autorización de transferencia deberase achegar cos explosivos desde a súa entrada en España ata o punto previsto de destino, e deberase presentarse sempre que o requiran as autoridades competentes. O destinatario conservará unha copia desta autorización e presentaraa, logo de petición, á autoridade competente.

Artigo 145. *Tránsito por territorio español.*

1. Cando se pretenda realizar unha transferencia de explosivos entre varios Estados membros da Unión Europea e España sexa país de tránsito, o axente económico correspondente solicitará a autorización de tránsito á Intervención Central de Armas e Explosivos, e achegará o documento de transferencia intracomunitaria do anexo III da ITC número 33, autorizado polo menos polas autoridades do país de destino, así como os datos citados no artigo anterior. Exceptúase da presentación do documento de transferencia intracomunitaria anterior, cando a tramitación da solicitude e autorizacións dos Estados membros se realice mediante o sistema electrónico de autorización.

2. Logo de informe da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, a Intervención Central de Armas e Explosivos, tras exame da documentación presentada, aprobará a realización do tránsito, se resulta garantida a seguridade cidadá, e comunicarllo ao responsable da transferencia.

A autorización plasmarase no lugar establecido para iso no documento intracomunitario de transferencia achegado polo solicitante. No caso de que se utilice sistema electrónico de autorización, a autorización concederáse mediante a sinatura electrónica ou código de validación dixital. En ambos os casos, a validez da autorización será dun ano.

3. Cada vez que o axente económico pretenda realizar o envío parcial dos explosivos contidos nunha autorización de tránsito concedida previamente, deberalle notificar á Intervención Central de Armas e Explosivos, cunha antelación de polo menos 3 días

hábiles á entrada en territorio español, os datos que figuran no anexo II da ITC número 33, e achegar copia das licenzas ou autorizacións necesarias para realizar a transferencia.

4. Tras verificar a información, a Intervención Central de Armas e Explosivos dará, se procede, a súa conformidade, e comunicarllo ao interesado, así como ás comandancias de entrada e saída do territorio nacional. Todo iso con independencia da obriga do axente económico de presentar, na Intervención de Armas e Explosivos máis próxima ao punto de entrada en territorio nacional, toda a documentación correspondente ao transporte.

TÍTULO IX

Transporte

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 146. *Regulación.*

1. O transporte de explosivos rexerese polo establecido na regulamentación vixente para o medio de transporte correspondente, polas prescricións establecidas neste título e polas instrucións técnicas complementarias correspondentes.

2. O transporte de residuos de explosivos rexerese polas normas de transporte de residuos e, de ser o caso, de transporte de residuos perigosos vixentes, en concreto o disposto na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 147. *Normas xerais.*

1. Para os efectos do disposto neste título, quedarán incluídos no ámbito de transporte o porte propiamente dito e as operacións de carga, descarga e manipulacións complementarias, así como os medios empregados nas citadas operacións.

O transporte de explosivos no interior das fábricas e depósitos de explosivos, así como no interior das explotacións ou obras onde se consome explosivo, axustarase ao establecido na ITC número 34.

2. O desprazamento das unidades de MEMU axustarase ao establecido nas ITC número 1 e número 11.

3. En xeral, está prohibido o transporte conxunto de detonadores con calquera outro explosivo, nun mesmo vehículo, vagón, adega ou contedor, salvo se a súa compatibilidade o permite, segundo o establecido na ITC número 16, ou se utilizan compartimentos ou anteparos separadores que cumpran o establecido na ITC número 29.

4. Durante as operacións comprendidas no transporte das materias regulamentadas estará prohibido fumar, portar mistos ou calquera outro dispositivo produtor de chamas, substancias que se poidan inflamar, armas de fogo e cartuxaría, salvo o armamento regulamentario correspondente aos vixilantes de explosivos do transporte.

5. Está prohibido realizar fóra do horario ordinario de apertura dos depósitos as operacións de porte propiamente dito, a carga, descarga e as manipulacións complementarias, conforme o establecido na ITC número 11.

Poderanse conceder excepcións puntuais e concretas á prohibición anterior, coa condición de que se dispoña de iluminación suficiente e de autorización para cada operación concreta, emitida pola autoridade que se indica, sobre os seguintes casos:

a) Carga e descarga de barcos e avións, con autorización da autoridade portuaria ou xestor da infraestrutura aeroportuaria. Carga e descarga de trens, con autorización do xefe de dependencia correspondente.

b) Carga e descarga de camións nas polvoreiras dun depósito, con autorización previa do xefe da Comandancia da Garda Civil.

6. Os servizos de seguridade de transporte de explosivos deberaos realizar a empresa de seguridade contratada para a súa prestación ou a empresa de seguridade á cal se lle cederon ou subcontrataron, sen que resulte admisible a subcontratación parcial de tales servizos.

Artigo 148. *Inspección.*

En todo momento, os produtos regulados estarán sometidos á inspección da autoridade e baixo a protección de vixilantes de explosivos, conforme o disposto na ITC número 1.

Artigo 149. *Equipamentos de carga e descarga de produtos.*

1. Os equipamentos de traballo utilizados nas operacións de carga e descarga de produtos regulados deben cumprir os requisitos e as disposicións legais que lles sexan de aplicación.

2. A carga máxima a que poderán ser sometidos os guindastres, pas ou outros medios auxiliares será o 75% da carga nominal asignada.

3. Para portes manuais será de aplicación o establecido no Real decreto 487/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á manipulación manual de cargas que entrañe riscos, en particular dorsolumbares, para os traballadores.

Artigo 150. *Transbordo de explosivos.*

1. Calquera transbordo de explosivo dun medio de transporte a outro requirirá a presenza previa do segundo medio, con capacidade de carga suficiente para recibir o envío, no lugar previsto para efectuar o transbordo.

2. Se por calquera causa o destinatario non se puidese facer cargo da mercadoría, deberá pór o feito en coñecemento da Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que por demarcación corresponda, a cal, en todo caso, resolverá sobre as medidas de custodia e vixilancia que considere que se deben adoptar ou sobre o reenvío daquela ao punto de orixe, operación que se efectuará logo de aviso e por conta do remitente, sen prexuízo das responsabilidades que este lle poida exixir ao destinatario. O disposto neste número aplicarase con carácter subsidiario nas zonas especiais reservadas para a recepción de transporte de explosivos.

3. O transbordo dos explosivos realizarase no menor tempo posible e sempre conforme as instrucións que o Ministerio de Fomento e a Intervención Central de Armas e Explosivos establezan para o efecto.

Artigo 151. *Documentación exixida.*

1. O transporte de produtos regulados deberá estar amparado pola documentación exixida polos regulamentos aplicables ao medio de transporte utilizado e pola que, de ser o caso, exixa este regulamento para permitir a súa circulación.

2. Esta documentación deberá acompañar a expedición en todo o seu percorrido. O destinatario recibiráa ao facerse cargo da mercadoría e deberaa conservar durante tres anos á disposición da autoridade competente.

CAPÍTULO II

Guía de circulación

Artigo 152. *Documentación requirida.*

1. O transporte de explosivos e o desprazamento de MEMU entre dous puntos do territorio nacional exixirá, ademais do requirido polos regulamentos de transporte, a seguinte documentación:

a) Guía de circulación, autorizada pola Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que corresponda ao punto de orixe da expedición.

- b) Carta de porte ou documento equivalente.
- c) Pedido de subministración autorizado conforme o disposto no artigo 120, salvo que o transporte se realice entre fábricas e depósitos de produtos terminados ou entre estes entre si.

2. Expediranse tantas guías de circulación como pedidos diferentes comprenda unha expedición.

Artigo 153. *Guía de circulación.*

1. A Guía de circulación é o documento que ampara o desprazamento de explosivos ou MEMU entre dous puntos do territorio nacional e en todo momento acompañará o transporte ou MEMU. O seu outorgamento condicionarase ao cumprimento das medidas de seguridade cidadá, de acordo coas normas que se establecen para o efecto na ITC número 1. No caso de que se transporte mecha de seguridade con destino á fabricación de artigos pirotécnicos, este quedará condicionado aos requisitos regulados no Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía, aprobado polo Real decreto 989/2015, do 30 de outubro.

2. As citadas guías de circulación de explosivos ou de MEMU axustaranse aos modelos, contidos e formatos dispostos na ITC número 1.

3. O consumidor de explosivos que formalice un pedido de compra remitiralle ao seu provedor unha das copias a que fai referencia o artigo 121.

4. O provedor, de acordo co establecido no artigo 152, completará a Guía de circulación, e presentará para a súa aprobación ou modificación, por calquera medio electrónico, informático ou telemático que garanta a súa integridade, autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación da información, á Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que por demarcación corresponda, e achegará a copia visada da autorización de subministración a que se refire o número anterior.

5. As guías de circulación presentaranse para a súa aprobación na Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que por demarcación corresponda, antes das 10:00 horas do día hábil anterior ao comezo do transporte.

6. Se a dita Intervención de Armas e Explosivos autoriza a expedición, esta remitirá unha copia da dita Guía de circulación á Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil do punto de destino, devolverá dúas copias ao provedor e unha última será arquivada para a súa debida constancia.

7. As copias do provedor da Guía de circulación, de ser o caso, serán entregadas ao transportista ou ao responsable da expedición, e deberán acompañala en todo o seu percorrido.

8. O destinatario, ao recibir a expedición, comprobará previamente se se axusta aos termos da Guía de circulación, formulará os reparos que considere oportunos no seu corpo en presenza do transportista ou responsable da expedición e dará conta inmediata dos ditos reparos, de ser o caso, á Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil do punto de destino.

9. En todo caso, o destinatario comunicarlle á Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil do punto de destino a recepción da expedición dentro das 48 horas desde que esta tivese lugar, e presentará a Guía de circulación recibida do transportista ou responsable da expedición, por calquera medio electrónico, informático ou telemático que garanta a súa integridade, autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación da información.

10. Así mesmo, o destinatario remitirá unha copia ao provedor, para a debida constancia deste da correcta recepción da mercadoría ou dos reparos pertinentes, de ser o caso.

CAPÍTULO III

Transporte por estradaArtigo 154. *Regulación.*

1. O transporte por estrada de explosivos realizado integramente en territorio español axustarase ao disposto no Real decreto 97/2014, do 14 de febreiro, polo que se regulan as operacións de transporte de mercadorías perigosas por estrada en territorio español. Así mesmo, deberán cumprirse as normas establecidas polo Acordo europeo sobre o transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada (ADR) que estea en vigor.

2. Así mesmo, seralle de aplicación o disposto na ITC número 1 e, de forma supletoria, a normativa de seguridade privada.

Artigo 155. *Competencias.*

A competencia nas materias reguladas por este capítulo corresponderalles aos seguintes departamentos, sen prexuízo do disposto no Real decreto 1256/2003, do 3 de outubro, polo que se determinan as autoridades competentes da Administración xeral do Estado en materia de transporte de mercadorías perigosas e se regula a comisión para a coordinación do dito transporte:

1. Ao Ministerio do Interior, respecto das normas de circulación, conducción e acompañamento dos vehículos e, especialmente, en canto ás medidas de seguridade, a regulación dos lugares de carga e descarga, e de estacionamento, os itinerarios e horarios a que se deba axustar o transporte por estrada, en zonas urbanas e núcleos de poboación, e réxime de vixilancia do transporte.

2. Ao Ministerio de Fomento, sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas en virtude do disposto na Lei orgánica 5/1987, do 30 de xuño, sobre delegación de facultades do Estado nas comunidades autónomas en relación co transporte por estrada e cable, respecto da documentación de transporte, distintivos, etiquetas e sinalización dos vehículos, así como o control e a vixilancia do seu cumprimento en coordinación co Ministerio do Interior, ás autorizacións para dedicarse a efectuar transportes, coa fixación de itinerarios se fose necesario, coordinándoos previamente cos organismos competentes en materia de tráfico, acondicionamento e estiba da carga, ao relacionado co uso das infraestruturas a cargo do departamento por onde discorra o transporte e á admisión, almacenamento e manipulación na zona de servizos dos portos e aeroportos, e terminais ferroviarias.

3. Ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, respecto das características técnicas dos vehículos e recipientes utilizados no transporte e ás probas ou inspeccións periódicas a que estes se deban someter e á clasificación e compatibilidade dos explosivos.

Artigo 156. *Paradas.*

1. Evitarase no posible efectuar paradas non previstas na Guía de circulación, así como atravesar poboacións e pasar por zonas de gran densidade de tráfico. Deberanse cumprir, en todo caso, as normas e os itinerarios de mercadorías perigosas.

2. Os lugares de paraxe escolleranse en áreas situadas a cincocentos metros, como mínimo, de núcleos de poboación. As paradas por necesidades de servizo non se efectuarán na proximidade de lugares habitados. Antes de abandonar a cabina, a tripulación asegurarse de que o motor estea parado, o cambio de marchas en posición segura e os freos de seguridade accionados.

3. En caso de detención por avaría, accidente ou calquera outra causa que racionalmente faga presumible un estacionamento prolongado do vehículo distinta ás necesidades do servizo, adoptaranse, sen prexuízo do establecido no Real decreto 97/2014, do 14 de febreiro, polo que se regulan as operacións de transporte de mercadorías perigosas por estrada en territorio español, as medidas de precaución que se

consideren necesarias en atención ás circunstancias do lugar e á natureza das substancias transportadas, e darase conta inmediata á Garda Civil.

Artigo 157. *Protocolo de emerxencia.*

Cando o percorrido dos transportes de explosivos, incluíndose nestes os correspondentes a operacións de importación, exportación, transferencia e tránsito, se efectúe mediante unha unidade de transporte de tipo ExII e ExIII (ADR), a bordo da dita unidade de transporte debe existir, á disposición das autoridades competentes, un protocolo de emerxencia no cal, xunto coas instrucións de seguridade para actuacións en casos de emerxencia, deberá figurar:

- a) Un número telefónico de contacto co responsable do transporte ante casos de emerxencia.
- b) Unha relación de depósitos de explosivos, coa súa localización exacta, utilizables para almacenamento accidental.

Artigo 158. *Normas xerais.*

1. Con independencia do establecido neste capítulo, a regulación en materia de circulación e tráfico dos vehículos que transporten explosivos por estrada aterase, en canto a lugares de estacionamento, carga e descarga, itinerarios, horarios e réximes de distancias de distribución, ás normas que para o efecto ditará, con carácter xeral, o Ministerio do Interior.

2. Queda prohibido ao persoal de condución e auxiliar abrir envases que conteñan explosivos, salvo que sexan requiridos pola autoridade competente.

3. Salvo nos casos en que estea autorizada a utilización do motor para o funcionamento de bombas e outros mecanismos que permitan ou faciliten a carga ou descarga do vehículo, o motor deberá estar parado ao realizar estas operacións.

CAPÍTULO IV

Transporte por ferrocarril

Artigo 159. *Regulación.*

1. O transporte por ferrocarril dos produtos regulados realizado integramente en territorio español axustarase ao disposto no Real decreto 412/2001, do 20 de abril, polo que se regulan diversos aspectos relacionados co transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril. Así mesmo, deberanse cumprir as normas establecidas no Regulamento para o transporte internacional de mercadorías perigosas por ferrocarril (RID) que estea en vigor.

2. Así mesmo, seralle de aplicación o disposto nas ITC número 1 e número 19 e, con carácter supletorio, a normativa de seguridade privada.

Artigo 160. *Competencias.*

A competencia das materias reguladas por este capítulo corresponderalles aos seguintes departamentos, sen prexuízo do establecido no Real decreto 1256/2003, do 3 de outubro:

1. Ao Ministerio do Interior, a través da Dirección Xeral da Garda Civil, en canto ao réxime de vixilancia no transporte e á carga e descarga e estacionamento.
2. Ao Ministerio de Fomento, naqueles aspectos que non estean expresamente atribuídos a outros departamentos.

3. Ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, respecto ás características técnicas dos recipientes utilizados no transporte e á clasificación e compatibilidade das materias transportadas.

Artigo 161. *Vixilancia.*

1. A vixilancia do transporte aterase ao disposto na ITC número 1 e, con carácter supletorio, á normativa de seguridade privada.

2. Os xefes de dependencias ferroviarias encargaranse de velar pola seguridade destas substancias mentres permanezan na estación baixo a súa xurisdición.

Artigo 162. *Normas xerais.*

1. No caso de que o convoi teña que sufrir unha paraxe durante a viaxe, ou nunha estación fronteiriza ou terminal, será colocado fóra das zonas de manobras, baixo a custodia de persoal encargado da vixilancia. Ademais, darase conta inmediata á Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil da comandancia que corresponda, para os efectos de que adopte as medidas complementarias que considere oportunas.

2. O horario de carga será fixado pola empresa ferroviaria correspondente e o expedidor deberase axustar a el. Se non se puidese realizar a carga completa durante o dito horario, a empresa ferroviaria avisará o expedidor para que adopte as medidas necesarias para garantir a vixilancia da mercadoría.

3. As operacións de carga e descarga débense efectuar na zona máis afastada posible dos locais aos cales o público teña acceso, así como das oficinas, talleres, cocheiras ou hangares de mercadorías. O lugar escollerase de maneira que se evite ao máximo a necesidade de atravesar as vías cos vultos ou envases.

4. Os vehículos que transportan substancias reguladas aproxímanse, sempre que sexa posible, ata un punto desde o cal se poida realizar o transbordo directo ao vagón. Análogo sistema se seguirá respecto dos vehículos que deban retirar as mercadorías.

5. Durante as operacións de carga e descarga, os vehículos cargados que estean en espera permanecerán a unha distancia prudencial do vagón en que se realizan estas operacións, non inferior a cen metros.

CAPÍTULO V

Transporte marítimo, fluvial e en encoros

Artigo 163. *Regulación.*

1. O transporte marítimo das materias regulamentadas aterase, con carácter xeral, ao establecido en convenios e códigos internacionais en vigor, no Regulamento nacional de admisión, manipulación e almacenamento de mercadorías perigosas nos portos, aprobado polo Real decreto 145/1989, do 20 de xaneiro, no Real decreto 210/2004, do 6 de febreiro, polo que se establece un sistema de seguimento e de información sobre o tráfico marítimo, e nas demais disposicións vixentes que lle sexan de aplicación.

2. O transporte fluvial e en encoros das materias regulamentadas aterase, con carácter xeral, ao establecido no Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, e nas demais disposicións vixentes que lle sexan de aplicación.

3. Así mesmo, seralle de aplicación o disposto nas ITC número 1 e número 20, así como, con carácter supletorio, na normativa de seguridade privada.

Artigo 164. *Competencias en transporte marítimo.*

A competencia das materias reguladas por este capítulo corresponderalles aos seguintes departamentos:

1. Ao Ministerio do Interior, a través da Dirección Xeral da Garda Civil, en canto ao réxime de vixilancia nas operacións de carga, descarga e medidas de seguridade durante a súa estadía en portos, tanto en terra como a bordo do buque.

2. Ao Ministerio de Fomento, naqueles aspectos que lle estean expresamente atribuídos e, especificamente, na regulación da admisión, manipulación e estadía na zona de servizo dos portos.

3. Ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, respecto dos envases e embalaxes autorizados e da clasificación e compatibilidade dos explosivos.

Artigo 165. *Vixilancia.*

1. As autoridades competentes controlarán o transporte marítimo das materias regulamentadas dentro da zona da súa xurisdición. Corresponderalles ás ditas autoridades outorgar as autorizacións que se requiran para efectuar a dita actividade.

2. A vixilancia do transporte aterase ao disposto na ITC número 1, así como, con carácter supletorio, á normativa de seguridade privada.

Artigo 166. *Custodia.*

1. A autoridade competente exercerá a supervisión da custodia das citadas materias e das actividades con elas relacionadas, mentres estean no recinto portuario.

2. O capitán ou patrón quedará responsabilizado delas desde o momento en que fosen embarcadas, sen prexuízo da facultade da autoridade competente para realizar as inspeccións e adoptar as prevencións que considere convenientes.

Artigo 167. *Xurisdición das augas.*

1. Toda embarcación que transporte materias regulamentadas deberá observar, dentro das augas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, as prescricións sinaladas neste capítulo.

2. As autoridades competentes poderán inspeccionar as citadas embarcacións dentro da zona sinalada e comprobar a observancia dos requisitos regulamentados.

Artigo 168. *Normas xerais.*

1. Ningunha embarcación se poderá abarloada a outra cargada con materias regulamentadas sen a autorización previa e escrita do capitán marítimo e a conformidade de ambos os capitáns.

2. A autoridade portuaria outorgará prioridade ás actividades e manobras que deban realizar os citados buques co obxecto de que a súa estadía en porto sexa o máis reducida posible.

3. En caso de forza maior ou outra circunstancia excepcional que impida a saída inmediata do buque, a Intervención de Armas e Explosivos que por demarcación corresponda ditará as ordes correspondentes para reforzar as condicións de seguridade cidadá e manterá unha vixilancia especial nas proximidades da embarcación e, de ser o caso, a bordo.

4. Durante a súa estadía en porto, estas embarcacións deberán permanecer no lugar que lles fose asignado. Soamente poderán efectuar movemento cando obtivesen o oportuno permiso da autoridade portuaria.

5. O buque debe dispor a bordo do persoal que constitúa as gardas de porto en cuberta e máquina, ademais do que poida ser necesario para realizar calquera manobra de emerxencia, e mesmo para manobrar en calquera momento. As gardas en porto organizaranse sempre de acordo co Convenio internacional sobre normas de formación, titulación e garda para a xente do mar e coas resolucións da OMI sobre a materia.

6. Así mesmo, débese manter o buque, durante a súa estadía en porto con explosivos, coas máquinas propulsoras listas para saír del en calquera momento. Por iso, non poderán efectuar ningunha reparación que poida impedir ou atrasar a saída, salvo

autorización expresa do capitán marítimo, logo de consulta do operador de peirao ou terminal, no caso de estar o buque atracado en terminais especializados.

7. Os vehículos que traian ou leven explosivos a/ou desde a zona portuaria deberán cumprir os requisitos da Guía de circulación que preceptúa este regulamento e exhibirán as placas e etiquetas que lles correspondan.

8. Non se permitirá o acceso ao peirao ou terminal por vía terrestre de ningunha clase de explosivos ata que o buque que deba recibilos estea debidamente atracado e listo para iniciar a carga e se cumprisen as disposicións xerais pertinentes, ou ben ata que os vehículos que deban recibilos se encontren no peirao listos para iniciar o transporte.

9. Tanto os buques que cargasen explosivos como os vehículos sobre os cales se descargaron sairán do porto no prazo máis breve posible, unha vez que conclúa a carga de cada un. Ambas as operacións se deberán facer cumprindo as instrucións do capitán marítimo e do director do porto, respectivamente.

Artigo 169. *Documentación.*

Ao entrar no recinto portuario, o encargado do transporte presentará a Guía de circulación e a autorización de embarque das mercadorías ante a autoridade portuaria correspondente. Esta comunicarlle a chegada das ditas mercadorías ao porto á autoridade competente que, logo das comprobacións oportunas, confirmará a autorización e establecerá, de ser o caso, as prescricións adicionais que sexan necesarias.

Artigo 170. *Carga e descarga.*

1. Os explosivos deberán ser cargados ou descargados directamente de buque a vehículo ou viceversa. Os explosivos non se almacenarán nin se manipularán sobre os peiraos ou alboios, salvo autorización da autoridade portuaria e coas medidas de seguridade que estableza a Intervención de Armas e Explosivos correspondente.

2. Durante as operacións de carga e descarga de explosivos, os vehículos cargados que estean en espera permanecerán a unha distancia prudencial do buque en que se realizan estas operacións, non inferior a cen metros.

Artigo 171. *Competencias en transporte fluvial e encoros. Disposicións xerais.*

1. Os organismos de bacía competentes controlarán a navegación fluvial e en encoros das materias regulamentadas.

2. Correspóndelles aos organismos de bacía, logo de informe da Intervención Central de Armas e Explosivos, o outorgamento das autorizacións de navegación e para o establecemento de embarcadiros necesarios para o exercicio da dita actividade.

3. O disposto no número anterior entenderase con suxeición á competencia do Ministerio de Fomento no referente ás condicións de embarque, carga e descarga, así como dos requisitos dos buques e do transporte propiamente dito, conforme o disposto na lexislación vixente.

4. A autorización de navegación esténdese ás operacións de carga e descarga, operacións que se deberán axustar ás normas xerais vixentes respecto diso e ás condicións específicas que se establezan na dita autorización.

5. A carga e descarga das citadas materias soamente se poderá realizar desde os correspondentes embarcadiros ata a embarcación e viceversa.

6. A autoridade competente fixará as condicións que deben reunir as embarcacións destinadas ao transporte fluvial e en encoros dos explosivos.

7. Cando as circunstancias o aconsellen, os organismos de bacía poderán clausurar, para os efectos de transporte de explosivos, un encoro ou un tramo ou sector do río, temporalmente, sen que poida representar un menoscabo no uso común do dominio público hidráulico por terceiros. Os custos de balizamento necesario para a navegación serán por conta do beneficiario autorizado.

8. Soamente poderán manexar ou gobernar as embarcacións destinadas a este tipo de transporte as persoas que estean provistas do correspondente título, outorgado pola autoridade competente.

9. A vixilancia do transporte fluvial de explosivos aterase ao disposto na ITC número 1.

CAPÍTULO VI

Transporte aéreo

Artigo 172. *Regulación.*

1. O transporte aéreo das materias regulamentadas aterase, con carácter xeral, ao establecido nas instrucións técnicas para o transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea da Organización de Aviación Civil Internacional (OACI) que estean en vigor.

2. Así mesmo, seralle de aplicación o disposto neste regulamento e nas instrucións técnicas complementarias que o desenvolvan, así como na normativa de seguridade privada.

Artigo 173. *Competencias.*

A competencia das materias reguladas por este capítulo corresponderalles aos seguintes departamentos:

1. Ao Ministerio do Interior, a través da Dirección Xeral da Garda Civil, en canto ao réxime de vixilancia no transporte nacional e nas operacións de carga e descarga en aeroportos, así como as medidas de seguridade no almacenamento.

2. Ao Ministerio de Fomento, naqueles aspectos que non estean expresamente atribuídos a outros departamentos e, especificamente, nas operacións de carga e descarga na zona de servizo dos aeroportos.

3. Ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, respecto dos envases e embalaxes autorizados e á clasificación e compatibilidade de estiba das materias transportadas.

Artigo 174. *Normas xerais.*

1. Os directores de aeroporto controlarán o transporte dos explosivos dentro da zona da súa xurisdición.

2. A vixilancia do transporte aterase ao disposto na ITC número 1 así como, con carácter supletorio, á normativa de seguridade privada.

3. Os directores de aeroporto serán responsables das actividades relacionadas cos explosivos, en canto se encontren dentro dos límites do aeroporto, e poderán realizar, en calquera momento, cantas inspeccións consideren convenientes.

4. O comandante da aeronave quedará responsabilizado dos ditos explosivos, sempre que se fixese cargo da aeronave para emprender o voo e ata que, finalizado este, fixese entrega da carga.

5. Ao efectuar a entrada no aeroporto, o responsable do transporte presentará a Guía de circulación e a autorización de embarque das mercadorías ao director do aeroporto, quen, logo das comprobacións que ordene levar a efecto, confirmará, de ser o caso, a autorización, e establecerá, se procede iso, as prescricións adicionais que sexan necesarias.

6. Cando unha aeronave transporte os explosivos, en situación de tránsito, e aterre para reparar avarías ou abastecerse de combustible, deberase estacionar na zona especificamente prevista para iso.

7. Tanto se os explosivos citados son descargados e almacenados conforme o previsto neste regulamento como se permanecen na aeronave, quedarán debidamente custodiados.

8. Unha vez cargado o material regulamentado no avión, este deberá partir inmediatamente, salvo expresa autorización da autoridade competente, por razón de forza maior ou outras circunstancias que aconsellen a medida.

9. Como trámite previo para descargar os explosivos, ou para reparar avarías ou realizar outra manipulación, en aeronaves que os transporten procedentes de aeroporto estranxeiro, será necesario exhibir ante a autoridade competente un certificado, expedido polas autoridades do aeroporto de orixe, que acredite o cumprimento das normas ditas polas autoridades internacionais de aviación civil sobre o transporte das ditas substancias.

10. No que respecta ao tráfico interno, e previamente á realización das ditas operacións, será necesario exhibir a Guía de circulación.

Artigo 175. *Zona de carga e descarga.*

1. Nos aeroportos en que habitualmente se carguen ou descarguen materias regulamentadas, existirá unha zona reservada para o efecto, convenientemente delimitada, sinalizada e illada do resto das instalacións, das cales quedará separada por unha distancia de seguridade que será determinada pola autoridade competente, segundo as características de cada aeroporto.

2. Na dita zona efectuarase o aparcamento das aeronaves que transporten as ditas materias, así como as operacións de carga e descarga ou calquera outra manipulación daquelas.

3. Esta zona estará provista dos equipamentos de detección e de extinción de incendios que determine a autoridade, co fin de previr e, de ser o caso, poder facer fronte a calquera incendio que se produza.

4. Nas edificacións afectas ao servizo da zona reservada observarase, no que lles sexa aplicable, o disposto neste regulamento.

5. Nos aeroportos que non estean dotados da zona reservada sinalada nos números anteriores habilitarase un lugar idóneo que reúna as indispensables condicións de seguridade, especialmente no que concirne á distancia de separación respecto das demais instalacións do aeroporto.

Artigo 176. *Vehículos.*

1. Os vehículos que transporten materias regulamentadas que vaian ser embarcadas aproximaranse, sempre que sexa posible, ata un punto desde o cal se poida efectuar o transbordo directo daquelas ao avión.

2. Análogo sistema se seguirá respecto dos vehículos en que se deban retirar as mercadorías desembarcadas.

3. Durante as operacións de carga e descarga de explosivos, nos casos en que non sexa factible tal aproximación, os vehículos en espera permanecerán a unha distancia prudencial do avión, que non será inferior a 100 metros.

Artigo 177. *Helicópteros.*

1. Tamén se poderá efectuar o transporte aéreo de materias regulamentadas a través de helicópteros, que se regulará, en canto lle sexa aplicable, polo disposto neste capítulo.

2. Os helicópteros que transporten as ditas substancias soamente poderán engalar ou aterrizar en aeroportos ou heliportos autorizados para efectuar operacións de carga ou descarga e outras manipulacións que fosen necesarias.

3. Soamente se poderán utilizar heliestacións e helisuperficies para o transporte destas substancias con carácter excepcional e logo de autorización da autoridade competente, que deberá estar presente, por si ou por representantes, durante a operación.

4. O Ministerio de Fomento determinará as clases e cantidades de explosivos que poden ser transportados nos distintos tipos de helicópteros.

5. Os helicópteros que transporten estas substancias deberán ir provistos dos equipamentos necesarios para a detección e extinción de incendios.

TÍTULO X

Réxime sancionador

CAPÍTULO I

Infraccións e sancións

Artigo 178. *Infraccións leves.*

As seguintes condutas serán consideradas infraccións leves:

1. A omisión ou insuficiencia nas medidas de seguridade para a custodia da documentación relativa ás materias regulamentadas, cando dea lugar á súa perda ou subtracción.

2. A omisión do deber de denunciar, ante a Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que corresponda, a perda ou subtracción de documentación relativa ás materias regulamentadas.

3. A omisión da obriga de remitirle á Administración os partes e demais documentos relativos ás materias regulamentadas nos ámbitos da seguridade industrial ou cidadá.

4. A omisión de datos nas comunicacións que é obrigatorio remitirle á Administración, relativas ás materias regulamentadas nos ámbitos da seguridade industrial ou cidadá.

5. As irregularidades na formalización dos libros e rexistros obrigatorios relativos ás materias regulamentadas, incluíndo a alegación de datos ou circunstancias falsos ou a omisión de comunicacións obrigatorias dentro dos prazos establecidos.

6. Todas aquelas condutas que, sen estaren cualificadas como infraccións moi graves ou graves, constitúan incumprimentos das obrigas ou requisitos ou vulneración das prohibicións establecidas neste regulamento e nas súas instrucións técnicas complementarias, na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, ou noutras leis especiais.

7. O incumprimento dos requisitos establecidos para as entidades colaboradoras da Administración e organismos notificados no ámbito da seguridade industrial.

Artigo 179. *Infraccións graves.*

As seguintes condutas serán consideradas infraccións graves:

1. A fabricación, almacenamento, circulación, comercio, transporte, distribución, adquisición, certificación ou alleamento, tenza ou uso das materias regulamentadas incumprindo a normativa de aplicación, carecendo da documentación ou das autorizacións necesarias ou excedendo os límites autorizados.

2. A fabricación, almacenamento, circulación, comercio, transporte, distribución, adquisición, tenza ou uso das materias regulamentadas, en cantidade maior que a autorizada.

3. A omisión ou insuficiencia na adopción ou na eficacia das medidas de seguridade cidadá ou precaucións necesarias ou obrigatorias na fabricación, almacenamento, distribución, circulación, comercio, transporte, adquisición, tenza ou utilización das materias regulamentadas.

4. A omisión ou insuficiencia na adopción ou na eficacia das medidas de seguridade industrial na fabricación, almacenamento, comercio, transporte, distribución, circulación, adquisición, tenza ou utilización das materias regulamentadas, cando comporte perigo ou dano grave para persoas, flora, fauna, cousas ou ambiente.

5. A alegación ou achega de datos ou circunstancias falsos para xustificar transaccións comerciais non autorizadas, ou ben obter autorizacións ou documentacións relativas ás materias regulamentadas.

6. A negativa de acceso ás autoridades competentes ou aos seus axentes ou a obstrución deliberada do exercicio das inspeccións ou controis regulamentarios en medios

de transportes, depósitos, fábricas, explotacións e demais establecementos ou instalacións relativos ás materias regulamentadas.

7. A desobediencia ou os actos de obstrución que pretendan impedir a calquera autoridade ou aos seus axentes, empregado público ou corporación oficial o exercicio lexítimo das súas funcións, o cumprimento ou a execución de acordos ou resolucións administrativas, cando se produzan á marxe dos procedementos legalmente establecidos.

8. A negativa ou a obstaculización a facilitar a información requirida polas administracións públicas, cando haxa obriga legal ou regulamentaria de atender tal petición de información.

9. O inicio ou a realización de calquera actividade relacionada coas materias regulamentadas sen a autorización pertinente.

10. A apertura ou o funcionamento de calquera establecemento, ou o inicio ou a realización de calquera actividade relacionada coas materias regulamentadas, sen adoptar as medidas de seguridade obrigatorias, ou cando estas sexan insuficientes.

11. A carencia dos libros ou rexistros previstos neste regulamento ou a omisión de comunicacións obrigatorias, respecto das materias regulamentadas.

12. O uso de calquera outra marcación que poida inducir a confusión coa marcación CE nas materias regulamentadas.

13. O incumprimento reiterado dos requisitos establecidos para as entidades colaboradoras da Administración e organismos notificados no ámbito da seguridade industrial.

Artigo 180. *Infraccións moi graves.*

As seguintes condutas serán consideradas infraccións moi graves:

1. A fabricación, almacenamento, circulación, comercio, transporte, distribución, adquisición, certificación, alleamento, tenza ou utilización de materias regulamentadas, incumprindo a normativa de aplicación, carecendo da documentación ou autorización requiridas ou excedendo os límites autorizados cando causen prexuízos moi graves ou se produza a perda ou subtracción das materias regulamentadas.

2. A omisión, insuficiencia ou falta de eficacia das medidas de seguridade industrial ou seguridade cidadá, ou precaucións que resulten obrigatorias, sempre que en tales actuacións se causen prexuízos moi graves ou se produza a perda ou subtracción das materias regulamentadas.

3. O uso ilícito da marcación CE, cando desta resulte un dano moi grave ou derive un perigo moi grave e inminente para as persoas, a flora, a fauna, as cousas ou o ambiente.

4. A incorrecta execución por parte das entidades colaboradoras da Administración ou organismo notificado das actuacións que se lles encomendan, así como continuar certificando unha vez retirada a correspondente notificación ou autorización, cando de tal conduta resulte un dano moi grave ou derive un perigo moi grave e inminente para as persoas, a flora, a fauna, as cousas ou o ambiente.

5. O incumprimento dos requisitos establecidos para as entidades colaboradoras da Administración ou para os organismos notificados, cando del resulte un dano moi grave ou derive un perigo moi grave e inminente para as persoas, a flora, a fauna, as cousas ou o ambiente.

Artigo 181. *Inspección e sancións.*

1. Inspección en materia de seguridade industrial e de seguridade e saúde no traballo:

a) Para desenvolver a función inspectora, as áreas funcionais de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno poderán establecer mecanismos de colaboración con órganos ou administracións que teñan atribuídas competencias e responsabilidades no ámbito laboral.

b) Os funcionarios públicos da Área Funcional de Industria e Enerxía que realicen a tarefa de inspección teñen, no exercicio das súas funcións, o carácter de autoridade pública.

c) A actividade inspectora documentarase mediante actas que estarán dotadas de presunción de certeza respecto dos feitos reflectidos nelas que fosen constatados polo inspector, sen prexuízo das probas en contrario. O seu contido axustarase ao modelo disposto na ITC número 24.

2. Inspección en materia de seguridade cidadá:

a) A inspección sobre medidas de seguridade cidadá correspóndelles ás intervencións de Armas e Explosivos, cuxos axentes no exercicio das súas funcións terán o carácter de axentes da autoridade.

b) Nos procedementos sancionadores que se instrúan nas materias obxecto deste regulamento, as denuncias ou actas formuladas polos axentes da autoridade en exercicio das súas funcións que presenciaren os feitos, logo de ratificación no caso de seren negados polos denunciados, constituirán base suficiente para adoptar a resolución que proceda, salvo proba en contrario e sen prexuízo de que aqueles deban achegar ao expediente todos os elementos probatorios dispoñibles.

3. Sancións:

a) As condutas tipificadas como infraccións leves nos números 1, 2 e 5 do artigo 178 serán sancionadas con multa desde 100 euros ata 600 euros conforme a Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá. As condutas tipificadas como infraccións leves nos números 6 e 7 do artigo 178 serán sancionadas con multa de ata 3.005,06 euros conforme a Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria. As condutas tipificadas como infraccións leves nos números 3 e 4, do artigo 178 serán sancionadas con multa desde 100 euros ata 600 euros ou ata 3.005,06 euros conforme a Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, ou a Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, segundo se refiran a aspectos de seguridade cidadá ou de seguridade industrial, respectivamente.

b) As condutas tipificadas como infraccións graves nos números 1, 2, 3, 5, 11 e 12 do artigo 179 serán sancionadas con multa desde 601 euros ata 30.000 euros conforme a Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá. As condutas tipificadas como infraccións graves nos números 4 e 13 do artigo 179 serán sancionadas con multa desde 3.005,07 euros ata 90.151,81 euros conforme a Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria. As condutas tipificadas como infraccións graves nos números 6, 7, 8, 9 e 10 do artigo 179 serán sancionadas con multa desde 601 euros ata 30.000 euros ou con multa desde 3.005,07 euros ata 90.151,81 euros conforme a Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, ou a Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, segundo se refiran a aspectos de seguridade cidadá ou de seguridade industrial, respectivamente.

Ademais, as condutas tipificadas nos números 1, 2 e 12 do artigo 179 serán sancionadas coa incautación de todo o explosivo apreendido ou de toda aquela cantidade de explosivo que exceda, de ser o caso, a cantidade autorizada.

Pola súa vez, a conduta tipificada no número 13 do artigo 179 será tamén sancionada coa retirada temporal da autorización de ata un ano.

A conduta tipificada no número 1 do artigo 179 implicará, de ser o caso, o peche do establecemento onde se produza a infracción por un período non superior a seis meses.

As condutas tipificadas nos números 3 e 10 do artigo 179 implicarán o peche do establecemento onde se produza a infracción en canto non se establezan as medidas de seguridade ou se emenden as anomalías existentes.

c) As condutas tipificadas como infraccións moi graves no número 3 do artigo 180 serán sancionadas con multa desde 30.001 euros ata 600.000 euros conforme a Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá. As condutas tipificadas como infraccións moi graves nos números 4 e 5 do artigo 180 serán sancionadas

con multa desde 90.151,82 euros ata 601.012,10 euros conforme a Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria. As condutas tipificadas como infraccións moi graves nos números 1 e 2 do artigo 180 serán sancionadas con multa desde 30.001 euros ata 600.000 euros ou con multa desde 90.151,82 euros ata 601.012,10 euros, conforme a Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, ou a Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, segundo se refiran a aspectos de seguridade cidadá ou de seguridade industrial, respectivamente.

Doutra banda, as condutas tipificadas nos números 1 e 2 do artigo 180 serán sancionadas, de ser o caso, co peche do establecemento ou empresa de transporte onde se produza a infracción por un período de seis meses e un día a dous anos.

Pola súa vez, a conduta tipificada no número 3 do artigo 180 será sancionada, de ser o caso, coa incautación do explosivo correspondente.

A conduta tipificada no número 5 do artigo 180 será tamén sancionada, de ser o caso, coa suspensión da actividade ou co peche do establecemento por un prazo máximo de cinco anos.

d) Para determinar a contía e gradación das sancións, e atendendo ao principio de proporcionalidade, teranse en conta as seguintes circunstancias:

i. A entidade do risco producido para a seguridade cidadá ou a saúde pública e a contía do prexuízo causado.

ii. A transcendencia do prexuízo para a prevención, mantemento ou restablecemento da seguridade cidadá.

iii. A alteración ocasionada no funcionamento dos servizos públicos ou no abastecemento á poboación de bens e servizos.

iv. O grao de culpabilidade.

v. O beneficio económico obtido como consecuencia da comisión da infracción.

vi. A capacidade económica do infractor.

vii. A reincidencia.

e) O explosivo incautado deberá ser destruído se a súa utilización constitúe un perigo para a seguridade. Os gastos que orixinen as operacións de intervención, almacenaxe, transporte e destrución serán por conta do infractor. O depósito e a destrución dos explosivos realizarase en instalacións do infractor sempre que estas sexan adecuadas.

Artigo 182. *Prescripción das infraccións.*

1. As infraccións administrativas recollidas nos artigos anteriores que se refiran a aspectos de seguridade cidadá prescribirán aos seis meses, ao ano ou aos dous anos de se teren cometido, segundo sexan leves, graves ou moi graves, respectivamente.

2. As infraccións administrativas recollidas nos artigos anteriores que se refiran a aspectos de seguridade industrial prescribirán ao ano, aos tres anos ou aos cinco anos de se teren cometido, segundo sexan leves, graves ou moi graves, respectivamente.

Artigo 183. *Prescripción das sancións.*

1. As sancións impostas por infraccións que se refiran a aspectos de seguridade cidadá cualificadas como moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por infraccións graves aos dous anos e as impostas por infraccións leves ao ano, computados desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza en vía administrativa a resolución pola cal se impón a sanción.

Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, e volverá transcorrer o prazo se aquel se paraliza durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

2. As sancións prescribirán ao ano, aos tres anos ou aos cinco anos, segundo que as correspondentes infraccións que se refiran a aspectos de seguridade industrial fosen cualificadas de leves, graves ou moi graves, respectivamente, computados desde o día

seguinte a aquel en que adquira firmeza en vía administrativa a resolución pola cal se impón a sanción.

CAPÍTULO II

Procedemento sancionador

Artigo 184. *Procedemento sancionador.*

1. Non se poderá impor ningunha sanción polas infraccións previstas, senón en virtude de procedemento instruído para o efecto e de acordo cos principios de audiencia ao interesado, economía, celeridade e sumariedade. Este procedemento rexeráse polo disposto no título IV da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no capítulo III do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e neste regulamento, sen prexuízo do disposto tanto no capítulo V da Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, como no título V da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, atendendo á natureza da conduta que o orixina.

2. Non se imporán sancións de suspensión temporal das autorizacións das fábricas e depósitos sen informe previo favorable do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

3. En todo caso, o peche temporal dos establecementos será acordado polo delegado do Goberno logo de informe preceptivo tanto da Intervención Central de Armas e Explosivos como da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

4. En materia de seguridade e saúde no traballo aplicarase o establecido na lexislación vixente aplicable e, en particular, no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

5. Cando as condutas a que se refire este regulamento poidan revestir caracteres de infracción penal, remitiráselle ao Ministerio Fiscal os antecedentes necesarios das actuacións practicadas, e o órgano administrativo competente para a resolución acordará a suspensión do procedemento ata que se dite resolución xudicial, se este se iniciou.

A resolución definitiva do procedemento administrativo sancionador só se poderá producir cando sexa firme a resolución ditada no ámbito penal; ata entón queda interrompido o prazo de prescrición.

As medidas cautelares adoptadas polas autoridades sancionadoras antes da intervención xudicial poderanse manter en vigor mentres as autoridades xudiciais non diten un pronunciamento expreso respecto diso.

Nos procesos penais en que interveña o Ministerio Fiscal, cando se acordase o arquivamento ou se ditase auto de sobresemento ou sentenza absolutoria por se acreditar que os feitos non son constitutivos de infracción penal, deberá aquel remitirle á autoridade sancionadora copia da resolución e dos particulares que considere necesarios, cando aqueles poidan ser obxecto de sanción administrativa conforme o previsto neste regulamento, co fin de continuar o expediente sancionador con base, de ser o caso, nos feitos que o órgano xudicial competente considerase probados.

Artigo 185. *Competencias.*

1. Será competente para iniciar os expedientes sancionadores en materia de seguridade industrial, independentemente da sanción que en definitiva se poida impor, calquera das autoridades que a continuación se relacionan:

- a) O ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.
- b) A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.
- c) Os delegados do Goberno nas comunidades autónomas, así como os subdelegados do Goberno nas provincias.

2. Corresponderá a competencia para a instrución dos procedementos sancionadores:

a) Ao órgano da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas que sexa competente, conforme as disposicións reguladoras da organización da dita dirección xeral, para a instrución dos procedementos por infracción grave cuxa resolución lle corresponda ao ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital e por infracción moi grave en materia de seguridade industrial, cuxa resolución lle corresponda ao Consello de Ministros.

b) Aos directores de área e xefes da Dependencia de Industria e Enerxía, nos procedementos sancionadores de infraccións leves en materia de seguridade industrial ou de control de produtos de mercado, cuxa resolución lle corresponda ao delegado do Goberno.

c) Á Dirección Xeral da Garda Civil, para a instrución dos procedementos sancionadores por infraccións moi graves en materia de seguridade cidadá.

d) Aos delegados do Goberno ou, de ser o caso, ao correspondente órgano da delegación do Goberno de que se trate, para a instrución dos procedementos sancionadores por infraccións graves e leves en materia de seguridade cidadá.

3. A competencia para ditar a correspondente resolución e impor as sancións determinadas nos artigos anteriores exercerana:

a) O Consello de Ministros, para sancionar, en todo caso, as infraccións moi graves en materia de seguridade industrial.

b) O ministro do Interior, para a sanción de infraccións moi graves en grao máximo, en materia de seguridade cidadá, de conformidade co establecido na Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá.

c) O ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, para sancionar, en todo caso, as infraccións graves en materia de seguridade industrial.

d) O secretario de Estado de Seguridade, para a sanción de infraccións moi graves en grao medio e grao mínimo, en materia de seguridade cidadá, de conformidade co establecido na Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá.

e) Os delegados do Goberno nas comunidades autónomas e nas cidades de Ceuta e Melilla, para impor calquera das sancións por infraccións leves en materia de seguridade industrial ou de control de produtos no mercado, así como para impor calquera das sancións por infraccións graves e leves, en materia de seguridade cidadá.

Artigo 186. *Explosivos incautados.*

1. Os explosivos incautados de acordo co disposto no artigo 181, como consecuencia dunha infracción administrativa, pasarán a poder do Estado, que, a través do delegado do Goberno correspondente, llelos entregará ás Forzas Armadas ou corpos da Garda Civil ou Nacional de Policía, cando poidan ser de utilidade para o desempeño das súas funcións. Se o anterior non é posible, poderaos destruír ou darlles outros fins, de acordo co disposto na ITC número 12.

2. Durante a instrución do expediente sancionador e, de ser o caso, durante a execución da sanción imposta, os explosivos incautados depositaranse nun establecemento debidamente habilitado, á disposición da autoridade competente para sancionar. O depósito realizarase nas instalacións do infractor sempre que estas sexan adecuadas.

Artigo 187. *Medidas cautelares.*

1. Iniciado o expediente sancionador, poderanse adoptar as medidas cautelares imprescindibles para o normal desenvolvemento do procedemento, evitar a comisión de novas infraccións ou asegurar o cumprimento da sanción que se puidese impor.

2. As ditas medidas, que deberán ser proporcionadas á natureza da infracción, poderán consistir na adopción de medidas de acción preventiva e na realización de

actuacións para o mantemento ou restablecemento da seguridade cidadá, de acordo co disposto na Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, e especialmente:

- a) No depósito en lugar seguro dos instrumentos ou efectos utilizados para cometer as infraccións.
- b) Na adopción de medidas provisionais de seguridade das persoas, dos bens, dos establecementos ou das instalacións que estean en situación de perigo, a cargo dos seus titulares.
- c) Na suspensión ou clausura preventiva de fábricas, depósitos, establecementos ou instalacións susceptibles de afectaren a seguridade cidadá.
- d) Na suspensión, parcial ou total, das actividades dos establecementos que sexan notoriamente vulnerables e non teñan en funcionamento as medidas de seguridade necesarias ou ben estas sexan insuficientes e poidan xerar un perigo para persoas ou bens.
- e) Na retirada preventiva de autorizacións, permisos, licenzas e outros documentos expedidos polas autoridades administrativas.

3. A duración das medidas cautelares de carácter temporal non poderá exceder a metade do prazo previsto para a sanción que poida corresponder á infracción cometida.

4. Os gastos ocasionados pola adopción das medidas provisionais serán por conta do causante dos feitos obxecto do expediente sancionador.

5. Así mesmo, como medidas provisionais anteriores ao procedemento, os axentes da autoridade intervirán e aprehenderán cautelarmente os instrumentos utilizados na comisión da infracción, así como os explosivos obxecto dela, que se manterán nos depósitos ou instalacións establecidos para o efecto ou baixo a custodia das forzas e corpos de seguridade en instalacións adecuadas conforme a legalidade, mentres se tramita o procedemento sancionador ou ata que, de ser o caso, se resolva a devolución ou se decrete o comiso.

Sen prexuízo do previsto no número 3 anterior, se a aprehensión é de materias funxibles explosivas e o custo do depósito supera o valor venal, destruíranse ou daráselles o destino legal adecuado, de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente.

6. Excepcionalmente, en supostos de posible desaparición dos explosivos, de grave risco ou de perigo inminente para persoas ou bens, as medidas previstas no número 2 anterior, salvo a letra e), poderán ser ordenadas directamente polos axentes da autoridade, e deberán ser ratificadas, modificadas ou revogadas por esta no prazo máximo de 15 días. En todo caso, estas medidas quedarán sen efecto se, transcorrido o dito prazo, non se incoa o procedemento ou o acordo de incoación non contén un pronunciamiento expreso acerca delas.

CAPÍTULO III

Revogación de autorizacións

Artigo 188. *Revogación de autorizacións.*

A vixencia das autorizacións concedidas estará condicionada ao mantemento dos requisitos exigibles para o seu outorgamento conforme o disposto neste regulamento, e as autoridades competentes poderán, para a súa concesión, comprobar en calquera momento tal mantemento, e revogalas en caso contrario mediante a instrución do correspondente procedemento administrativo de revogación.

Artigo 189. *Medidas de seguridade extraordinarias en situacións de emerxencia.*

1. As autoridades ou os seus axentes, no exercicio das súas funcións de control e inspección das actividades reguladas neste regulamento, efectuarán as comprobacións

das medidas de seguridade das instalacións e o exercicio das actividades autorizadas, e adoptarán, en caso de urxencia, de grave risco ou de perigo inminente para persoas e bens, a paralización parcial ou total da actividade da instalación, de acordo co establecido no artigo 21 da Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá.

As ditas medidas de seguridade extraordinarias serán postas de inmediato en coñecemento da autoridade que concedeu a autorización que habilita para o exercicio da actividade correspondente, co obxecto de proceder á súa confirmación, modificación ou ao seu levantamento no prazo de 15 días. Estas medidas de seguridade extraordinarias provisionais adoptadas quedarán sen efecto se, transcorrido o dito prazo, non se incoa o procedemento previsto no artigo 188 ou se o acordo de incoación non contén un pronunciamento expreso respecto diso.

2. De acordarse acertadas as medidas adoptadas e iniciarse o procedemento, durante a súa tramitación o titular ou responsable da actividade afectada deberá adoptar as medidas necesarias para emendar aquelas deficiencias que ocasionaron a situación de risco, e poderase revogar a autorización concedida para o exercicio da actividade cando a situación de risco non fose eliminada durante o prazo previsto para a tramitación do procedemento.

3. As medidas anteriores poderanse adoptar sen prexuízo da procedencia do exercicio da potestade sancionadora, nos supostos previstos neste regulamento.

Artigo 190. *Medidas de emenda de deficiencias.*

1. Nos supostos en que a autoridade ou os seus axentes detecten deficiencias ou irregularidades en instalacións ou establecementos relacionados coas actividades reguladas neste regulamento, sen risco relevante para a seguridade cidadá, poderase acordar que o seu titular ou responsable as emende, e concederase un prazo adecuado para iso, sen necesidade de adopción das medidas de seguridade extraordinarias previstas no artigo anterior.

2. Unha vez finalizado o prazo sen emendarse as deficiencias e irregularidades sen causa que o xustifique, a autoridade que concedeu a autorización correspondente poderá acordar o inicio do procedemento previsto no artigo 188.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 1

Seguridade cidadá: medidas de vixilancia e protección en instalacións, transportes de explosivos e unidades móbiles de fabricación de explosivos

Sen prexuízo do cumprimento das normas específicas que regulan cada caso e en cumprimento de canto establece o Regulamento de explosivos, detállanse as medidas de seguridade nos distintos establecementos e o transporte de explosivos.

Excepcionalmente, en función das circunstancias de localización, perigosidade, concentración do risco ou outras de análoga significación que poidan incidir no ámbito da seguridade de instalacións ou transportes de explosivos, a Intervención Central de Armas e Explosivos poderá modificar as medidas de seguridade a que se fai referencia nesta ITC.

1. Medidas de seguridade en fábricas e depósitos.

1. Na solicitude de autorización da fábrica ou depósito de explosivos, os seus titulares presentarán para a súa aprobación, ante a Intervención Central de Armas e Explosivos, un borrador do Plan de seguridade cidadá (PSC) con, polo menos, os contidos establecidos no anexo I desta ITC.

2. O Plan de seguridade cidadá da fábrica ou depósito será elaborado por un xefe de seguridade integrado nunha empresa de seguridade ou por un director de seguridade.

3. O titular da instalación será responsable do cumprimento das condicións especificadas no PSC, sen prexuízo da responsabilidade correspondente á empresa de seguridade encargada da súa vixilancia ou do mantemento dos sistemas de seguridade e CRA (central receptora de alarmas). Calquera variación, modificación ou cambio respecto

do determinado no citado PSC deberá ser obxecto de nova autorización ou aprobación por parte da Intervención Central de Armas e Explosivos.

4. Sempre que a fábrica non estea en horario de produción e os explosivos se encontren almacenados en depósitos, así como no caso de depósitos de explosivos fóra do horario de actividade, poderase substituír durante este período a vixilancia humana por unha seguridade física e electrónica eficaz, que será aprobada pola Intervención Central de Armas e Explosivos, e a instalación terá a consideración de autoprotexida. As medidas de seguridade mínimas que deben ter nestes casos son as que figuran no anexo II.

As fábricas e os depósitos de explosivos protexidos deberán cumprir as medidas de seguridade mínimas que se indican no anexo III desta ITC.

5. Sen prexuízo de que todas as fábricas de explosivos estean baixo o control dunha Intervención de Armas e Explosivos, a Dirección Xeral da Garda Civil poderá dotar algunha delas dunha Intervención Especial de Armas e Explosivos ou dun destacamento baixo o mando do interventor de Armas e Explosivos. Neste caso, os titulares das fábricas dotaranas dos medios necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.

6. A conexión entre a central receptora de alarmas e a Garda Civil serao coa unidade que designe o xefe da zona onde estea situada a fábrica ou depósito. A central receptora de alarmas, unha vez verificada a alarma, comunicará a incidencia sen dilación á unidade da Garda Civil e ás forzas e corpos de seguridade territorialmente competentes.

7. Todos os dispositivos electrónicos do sistema de seguridade deberán ser dos clasificados no grao 4 da Norma UNE-EN 50131. A modificación, substitución ou aprobación da citada norma será suficiente para a aplicación inmediata da nova desde o momento da súa entrada en vigor.

As medidas de seguridade instaladas antes da data de entrada en vigor deste regulamento terán validez indefinida, salvo que o elemento ou a medida de seguridade deixase de cumprir a finalidade para a cal foi instalado. En caso de instalación dun novo, este deberá cumprir co grao de seguridade exixido.

No caso de que un sistema de seguridade utilice elementos ou compoñentes que no momento da súa instalación non estean dispoñibles no mercado co grao exixido, permitirase a súa instalación sempre que cumpran a súa función.

8. As unidades móbiles de fabricación de explosivos (MEMU – Mobile Explosive Made Units), de conformidade co disposto neste regulamento, terán a consideración de fábrica móbil e deberán cumprir co disposto na ITC número 32 e no anexo VIII desta ITC.

2. Transporte por estrada.

1. Con 48 horas de antelación, as empresas de seguridade autorizadas e inscritas para o transporte no Rexistro Nacional de Seguridade Privada do Ministerio do Interior que pretendan transportar explosivos polo territorio nacional, incluído o transporte en MEMU, en actividades interiores, transferencias, importación, exportación ou tránsito, presentarán por calquera medio electrónico, informático ou telemático que garanta a súa integridade, autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación da información, para a súa aprobación ante a Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que sexa a competente en función do ámbito territorial do transporte, un plan de seguridade (documento base e addenda de actualización) segundo o modelo aprobado pola Intervención Central de Armas e Explosivos e confeccionado pola empresa de seguridade que deba efectualo.

2. Con carácter xeral, a dotación de cada vehículo de motor que transporte as materias citadas estará integrada polo menos por dous vixilantes de explosivos, sempre que os ditos vehículos cumpran os requisitos recollidos no anexo VI. Os vixilantes de explosivos poderán alternar as funcións de conducción e protección e deberá ser permanente a función de protección.

3. Un dos vixilantes de explosivos será responsable e coordinador de toda a seguridade. Os vixilantes de explosivos non poderán realizar operación ningunha de carga ou descarga, nin manipular a materia regulamentada, excepto a súa estiba, desestiba e

acondicionamento para o transporte e posta á disposición do usuario dentro da caixa do vehículo.

4. Naqueles casos en que o vehículo non cumpra coas especificacións que se determinen no anexo VI, ou cando a Intervención Central de Armas e Explosivos, mediante resolución motivada, o considere necesario por razóns de seguridade, ademais do persoal de dotación antes imposto, deberán ir acompañados por un vehículo de apoio con polo menos un vixilante de explosivos dunha empresa de seguridade privada, que non poderá realizar tarefas de condución, carga ou descarga, nin manipular a mercadoría.

5. Cando o transporte estea formado por tres ou máis vehículos que cumpran o anexo VI, a dotación mínima será dun vixilante de seguridade de explosivos por vehículo de motor en que se transporten as materias citadas, acompañado por dous vehículos de apoio nos cales viaxará, polo menos, un vixilante de explosivos dunha empresa de seguridade privada, que non poderá realizar tarefas de condución, carga ou descarga. No caso de que os vehículos non cumpran co anexo VI, a dotación de cada vehículo será dun vixilante de explosivos, acompañado por tantos vehículos de apoio como vehículos transporten explosivos.

6. Todos os vehículos de motor que conformen o transporte, incluídos os de apoio, estarán enlazados entre si e cun centro de comunicacións dunha empresa de seguridade privada designada pola empresa de seguridade que efectúe o transporte, así como cos centros operativos de servizos da Garda Civil das provincias de orixe, destino, entrada no territorio nacional e polas cales transcorra o transporte, mediante un ou varios sistemas de comunicación que permitan a conexión, en todo momento, desde calquera punto do territorio nacional.

7. Polas características do transporte, ademais destas medidas de seguridade, a Garda Civil poderá establecer unha escolta propia co número de efectivos que considere idóneo.

8. Todas as incidencias que se produzan durante o transporte constarán na Guía de circulación. Se por calquera razón se producen atrasos na saída de orixe ou chegada a destino, porase en coñecemento da Garda Civil do lugar da incidencia.

9. Con carácter xeral, na inspección e control do transporte de explosivos no punto de orixe ou inicio da expedición, supervisaranse os requisitos establecidos para os vehículos e as súas medidas de seguridade e, de ser o caso, a cantidade e clase de materia transportada. Unha vez verificado o cumprimento dos citados requisitos, admitirase o transporte.

3. Transporte por ferrocarril.

1. Con 48 horas de antelación, toda empresa que pretenda transportar explosivos polo territorio nacional, en actividades interiores, transferencias, importación, exportación ou tránsito, presentará, por calquera medio electrónico, informático ou telemático para a súa aprobación ante a Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que sexa a competente en función do ámbito territorial do transporte, un plan de seguridade (documento base e addenda de actualización) segundo o modelo aprobado pola Intervención Central de Armas e Explosivos e confeccionado pola empresa de seguridade que deba efectualo.

2. En ningún caso poderán circular dous vagóns consecutivos cargados con explosivos.

3. Con carácter xeral, a dotación para este tipo de transportes estará integrada polo menos por tres vixilantes de explosivos, sempre que os vagóns cumpran as características que se determinen por orde ministerial. Un deles será responsable e coordinador de toda a seguridade. En ningún caso poderán realizar tarefas de carga ou descarga nin manipular a mercadoría.

4. Os vixilantes de explosivos deberán viaxar distribuídos da seguinte maneira: un, no vagón tractor ou no máis próximo; outro, no vagón inmediatamente anterior do que transporte materias regulamentadas, e o outro, no inmediatamente posterior.

5. Naqueles casos en que os vagóns non cumpran coas especificacións que se determinen por orde ministerial, ou cando a Intervención Central de Armas e Explosivos, mediante resolución motivada, o considere necesario por razóns de seguridade, poderase aumentar o número de vixilantes de explosivos.

6. Todos os vixilantes de explosivos estarán enlazados entre si, cun centro de comunicacións dunha empresa de seguridade privada designada pola empresa de seguridade que efectúe o transporte, así como cos centros operativos de servizos da Garda Civil das provincias de orixe, destino, entrada no territorio nacional e polas cales transcorra o transporte, mediante un ou varios sistemas de comunicación que permitan a conexión, en todo momento, desde calquera punto do territorio nacional.

7. A empresa de seguridade do transporte no seu tramo final terá os vehículos e, de ser o caso, o persoal de dotación á espera, trinta minutos antes da hora prevista de chegada.

8. Polas características do transporte, ademais destas medidas de seguridade, a Garda Civil poderá establecer unha escolta propia co número de efectivos que considere idóneo.

9. Todas as incidencias que se produzan durante o transporte reflectiranse na Guía de circulación. Se por calquera razón se producen atrasos na saída de orixe ou chegada a destino, a empresa de transporte porao en coñecemento da Garda Civil do lugar da incidencia.

10. Todas as comandancias coñecerán o paso de transportes de explosivos pola súa demarcación. Para iso, a comandancia de orixe comunicarllelo con 24 horas de antelación ás comandancias de paso e de destino.

11. Así mesmo, seralle de aplicación o disposto na ITC número 19 relativa ao «Transporte por ferrocarril».

4. Transporte fluvial.

1. Con 48 horas de antelación, toda empresa que pretenda transportar explosivos polo territorio nacional, en actividades interiores, transferencias, importación, exportación ou tránsito, presentará, por calquera medio electrónico, informático ou telemático para a súa aprobación ante a Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que sexa a competente en función do ámbito territorial do transporte, un plan de seguridade (documento base e addenda de actualización) segundo o modelo aprobado pola Intervención Central de Armas e Explosivos e confeccionado pola empresa de seguridade que o deba efectuar.

2. Con carácter xeral, a dotación para este tipo de transportes estará integrada polo menos por dous vixilantes de seguridade de explosivos por embarcación, que se poderá aumentar cando a Intervención Central de Armas e Explosivos, mediante resolución motivada, o considere necesario por razóns de seguridade. Un deles será responsable e coordinador de toda a seguridade. En ningún caso poderán realizar tarefas de carga ou descarga nin manipular a mercadoría.

3. Todos as embarcacións estarán enlazadas entre si, cun centro de comunicacións dunha empresa de seguridade privada designada pola empresa de seguridade que efectúe o transporte, así como cos centros operativos de servizos da Garda Civil das provincias de orixe, destino, entrada no territorio nacional e polas cales transcorra o transporte, mediante un ou varios sistemas de comunicación que permitan a conexión, en todo momento, desde calquera punto do territorio nacional.

4. Nos portos fluviais onde se dispoña dun lugar habilitado pola autoridade portuaria e para os supostos de imposibilidade de transbordo directo do medio de transporte ao buque, existirá un depósito para o almacenamento do explosivo, que estará custodiado permanentemente por, polo menos, un vixilante de explosivos. O dito vixilante poderá ser substituído por medidas alternativas de seguridade aprobadas pola Intervención Central de Armas e Explosivos.

5. Excepcionalmente, en caso de imposibilidade de transbordo directo do medio de transporte ao buque, nos portos fluviais onde se dispoña dun lugar habilitado pola

autoridade portuaria, existirá un depósito especial para o almacenamento do explosivos que estará custodiado permanentemente por, polo menos, un vixilante de explosivos. O dito vixilante poderá ser substituído por medidas alternativas de seguridade aprobadas pola Intervención Central de Armas e Explosivos.

6. A empresa de seguridade do transporte no seu tramo final terá os vehículos e, de ser o caso, o persoal de dotación á espera, trinta minutos antes da hora prevista de chegada.

7. Polas características do transporte, ademais destas medidas de seguridade, a Garda Civil poderá establecer unha escolta propia co número de efectivos que considere idóneo.

8. Todas as incidencias que se produzan durante o transporte constarán na Guía de circulación. Se por calquera razón se producen atrasos na saída de orixe ou chegada a destino, a empresa de transporte porao en coñecemento da Garda Civil do lugar da incidencia.

9. Todas as comandancias coñecerán o paso de transportes de explosivos pola súa demarcación. Para iso, a comandancia de orixe comunicarállelo con 24 horas de antelación ás comandancias de paso e de destino.

10. Así mesmo, seralle de aplicación o disposto na ITC número 20 relativa a «Normas de seguridade para a carga, descarga e estadia en portos, aeroportos e aeródromos».

5. Transportes aéreos e marítimos.

1. Con 48 horas de antelación, toda empresa que pretenda transportar explosivos polo territorio nacional presentará, por calquera medio electrónico, informático ou telemático para a súa aprobación, ante a Intervención de Armas e Explosivos da Comandancia da Garda Civil onde estea situado o porto ou aeroporto, un plan de seguridade (documento base e addenda de actualización) segundo o modelo aprobado pola Intervención Central de Armas e Explosivos e confeccionado pola empresa de seguridade que o deba efectuar.

2. Excepcionalmente, nos supostos de imposibilidade de transbordo directo do medio de transporte ao buque ou aeronave e viceversa, nos portos e aeroportos onde se dispoña dun lugar habilitado pola autoridade portuaria ou aeroportuaria e logo de cumprimento dos trámites preceptivos, existirá un depósito especial para o almacenamento de explosivos, dos regulados no capítulo IV do título III, que estará custodiado permanentemente por, polo menos, un vixilante de explosivos. Con todo, o dito vixilante poderá ser substituído por medidas alternativas de seguridade aprobadas pola Intervención Central de Armas e Explosivos.

3. O transbordo de explosivos realizarase na zona reservada ou lugar habilitado pola autoridade portuaria ou aeroportuaria e baixo a custodia de, polo menos, un vixilante de explosivos.

4. No caso de que os explosivos non se descarguen e permanezan a bordo, o buque ou aeronave será trasladado á zona reservada ou ao lugar que designe a autoridade portuaria ou aeroportuaria, e os explosivos quedarán baixo a custodia de, polo menos, un vixilante de explosivos a bordo, se é posible, ou se non, nas súas inmediacións. O número de vixilantes será adecuado á cantidade de mercadoría transportada e ás características do lugar, circunstancias estas que serán valoradas pola Intervención de Armas e Explosivos correspondente.

5. A empresa de seguridade do transporte no seu tramo final terá os vehículos e, de ser o caso, o persoal de dotación á espera, trinta minutos antes da hora prevista de chegada.

6. Se por calquera razón se producen atrasos na saída de orixe ou chegada a destino, a empresa de transporte porao en coñecemento da Garda Civil do lugar da incidencia.

7. Así mesmo, seralle de aplicación o disposto na ITC número 20, relativa a «Normas de seguridade para a carga, descarga e estadia en portos, aeroportos e aeródromos».

ANEXO I

Plan de seguridade cidadá (PSC)

1. *Datos xerais*

1.1 Empresa:

- Titular da instalación e da persoa que exerza a súa representación.
- Actividade que se vai desenvolver.
- Autorizacións administrativas.
- Responsable da instalación.

1.2 Localización:

- Sitio, lugar, termo municipal, provincia e comunidade autónoma.
- Coordenadas xeográficas.
- Distancias a poboacións ou núcleos habitados máis próximos.

1.3 Descrición das instalacións:

- Edificios, depósitos, almacéns, naves.
- Reportaxe fotográfica ou de vídeo en soporte electrónico, informático ou telemático anexo a este PSC.
- Actividades que se van desenvolver en cada un.
- Produtos que se van fabricar ou almacenar e cantidades autorizadas.
- As MEMU, asignadas á instalación, de ser o caso.

1.4 Plano da instalación e planos topográficos:

- Plano topográfico E:1/25.000.
- Plano xeral de planta E:1/1000.
- Plano con delimitación de zonas e edificios E: 1/1000.
- Plano de planta con detalle das medidas de seguridade propostas por edificio da instalación E: 1/250.

2. *Análise de riscos*

2.1 Identificación e inventario de riscos.

2.2 Método utilizado:

- O método empregado será preferiblemente cuantitativo mixto.

2.3 Análise e avaliación.

3. *Seguridade*

3.1 Director do proxecto do PSC.

- Director ou xefe de seguridade que elabora o PSC.

3.2 Empresa de seguridade que presta servizo na instalación.

- Nome e razón social da empresa.
- Número de inscrición na Dirección Xeral da Policía.
- Actividades para as cales está autorizada.
- Datos de contactos.

- 3.3 Medidas de seguridade.
- 3.3.1 Persoal:
- Persoal de seguridade privada, con indicación do número de membros, quendas, horarios, postos de vixilancia e labores que se van desenvolver.
 - Resto de persoal.
- 3.3.2 Física:
- Medios de protección física da instalación, dos edificios e, de ser o caso, da MEMU.
- 3.3.3 Electrónica:
- Medios de protección electrónica da instalación e, de ser o caso, da MEMU.
 - Datos identificativos da central receptora de alarmas ou centro de control de seguridade.
 - Sistema de transmisión e supervisión dos elementos do sistema de seguridade.
 - Sistema de supervisión das liñas de comunicación con central receptora de alarmas ou centro de control de seguridade.
 - Sistema de control dos sinais.
 - Sistemas auxiliares.
- 3.3.4 Organizativas:
- Manual de funcionamento dos elementos dos sistemas de seguridade.
 - Protocolo de control de accesos de persoas e de vehículos.
 - Protocolo de actuación da central receptora de alarmas ou centro de control de seguridade.
 - Protocolo de actuación ante incidencias e emerxencias.
 - Protocolo de mantemento e revisión dos sistemas de seguridade.
 - Protocolo de custodia de chaves.
 - Plan de actuación de rexistro individual.
 - Protocolo de apertura e peche das polvoreiras.
 - Protocolo de actuación e labores que vai desenvolver o persoal que teña algún tipo de responsabilidade en relación coa seguridade da instalación.

ANEXO II

Medidas de seguridade en instalacións de explosivos autoprotexidas

Os elementos e medidas de seguridade que posúa cada unha das instalacións, e que se indican neste anexo, deberanse reflectir no Plan de seguridade cidadá aprobado pola Intervención Central de Armas e Explosivos.

A aprobación dos sistemas e elementos de seguridade instalados será realizada pola Intervención Central de Armas e Explosivos unha vez avaliadas e valoradas as características que concorran en cada unha das instalacións.

A. Protección perimetral

Ten por obxecto establecer as medidas de seguridade necesarias para impedir, dificultar, atrasar e detectar o acceso ao perímetro da instalación.

Protección física

1. Cerramento.

O seu obxecto é cumprir o disposto no Regulamento de explosivos, delimitar claramente a propiedade e tratar de evitar a intrusión.

1.1 As instalacións contarán cun cerramento suficientemente resistente, despexado e libre de elementos que permitan a escalada. Terá unha altura non inferior aos 2,50 metros en caso de fábricas ou aos 2 metros en caso de depósitos, medidos ambos desde o seu exterior e dos cales os 50 centímetros superiores serán necesariamente tres filas de arame de espiño ou concertina de dobre fío de 50 centímetros de diámetro colocadas sobre baionetas inclinadas 45° cara ao exterior.

No caso de que o rigor das inclemencias na zona actúe negativamente na tensión do cerramento ou nos arames de espiño, poden ser complementados coa citada concertina.

1.2 Se o cerramento é mediante valo metálico, a estrutura que o soporta estará colocada no interior e a súa parte inferior ancorada a un zócolo de formigón mediante pasadores de aleta, ou procedemento similar, embebidos nel como mínimo cada 30 cm. O punto da unión do zócolo ou estrutura similar co valo non se pode constituír en elemento que permita a escalada, para o que se lle dará o remate apropiado en obra, de forma que non haxa posibilidade de subir nel e gabear.

1.3 O dito cerramento estará, polo menos, a unha distancia de 10 metros de calquera polvoreira ou construción, distancia que se poderá reducir á metade mediante defensas artificiais.

1.4 No caso de que existan saídas de emerxencia, estas estarán dotadas dun sistema de apertura cara ao exterior e permanecerán pechadas en todo momento, permitindo a evacuación desde o interior. Terán as mesmas características que o cerramento a súa estrutura impedirá a súa escalada e apertura desde o exterior.

Finalizado o horario laboral, estas saídas pecharanse mediante unha fechadura de seguridade que evite que a unidade de control poida pór a instalación en modo conectado sen comprobar previamente que permanece pechada.

1.5 Instalaranse carteis informativos de perigosidade, de sistemas de seguridade e de conexión á central receptora de alarmas e en número suficiente que permita a súa visibilidade desde calquera punto de aproximación.

2. Corredor exterior.

2.1 Estará constituído por unha franxa de terreo de polo menos 3 metros de largura enteiramente despexada e non presentará irregularidades ou elementos que permitan a súa escalada, de tal forma que facilite a efectiva vixilancia e protección. O seu obxecto é evitar construcións pegadas ao cerramento, facilitar o control externo previo e a verificación de alarmas establecida no Plan de seguridade cidadá, así como actuar de devasa para evitar a propagación dentro da instalación dun incendio ou lume procedente do exterior.

2.2 Atendendo a circunstancias excepcionais do terreo en cada instalación concreta, a dita franxa de terreo poderá ser reducida ao espazo útil necesario para o tránsito de persoas, circunstancia que virá recollida no Plan de seguridade cidadá da instalación.

3. Acceso principal.

3.1 Estará constituído por unha única porta integrada no cercado perimetral, será perfectamente observable en toda a súa extensión desde o posto de control situado no interior do establecemento, estará construído con materiais suficientemente resistentes e sen elementos que faciliten a escalada.

3.2 Constará dun portón corredizo ou con follas batentes, cuxa apertura e peche serán por sistema controlado. O portón e calquera porta integrada nel estarán dotados de fechadura de seguridade.

3.3 Atendendo ás características da instalación, poderá ser autorizada polo delegado/subdelegado do Goberno, logo de informe da Intervención Central de Armas e Explosivos e da Área Funcional de Industria e Enerxía correspondente, a existencia de máis portas de acceso, que reunirán os requisitos antes sinalados.

Protección electrónica

1. Detección.

1.1 Condicións.

A distancia mínima entre o valado e o límite exterior da zona de cobertura do sistema de detección de intrusiones máis afastado das edificacións será de 3 metros.

Estará constituído por un mínimo de dous sistemas diferentes de detección perimetral para exteriores de distinto principio de funcionamento, ambos debidamente solapados entre si e con correspondencia entre as súas zonas.

Co obxecto de reducir o FAR (índice de falsas alarmas), ambos os sistemas irán integrados con lóxica «Y» e xanela de tempo que se determinen no Plan de seguridade cidadá.

A selección dos sistemas e a súa distribución realizaranse tendo en conta as características climatolóxicas da zona, a topografía ou orografía do terreo, a organización da área da localización dos elementos constitutivos ou auxiliares (postes de iluminación, valado, etc.). Para ese efecto, poderase optar entre diferentes tecnoloxías de detección. Calquera delas será válida, sempre que se cumpra o obxectivo para o cal se instala.

Unha vez instalados os sistemas, avaliaranse por separado. A probabilidade de detección (Pd) de cada un deles non poderá ser inferior ao 90 por 100 con índice de confianza do 95 por 100.

Ambos os sistemas acreditarán un MTBF (tempo medio entre fallos) mellor ou igual a 20.000 horas.

1.2 No caso de que se instalen barreiras de infravermellos, a altura máxima do seu feixe inferior será de 30 centímetros e a altura mínima do feixe superior será de 150 centímetros; en ningún caso a distancia entre dous feixes consecutivos poderá ser superior a 30 centímetros.

1.3 No caso de instalar un sistema de detección perimetral de vídeo (sensor, intelixente, etc.), este debe permitir que se vexa todo o perímetro da instalación. As cámaras estarán ademais dotadas de dispositivo térmico ou de visión nocturna que permita a visión permanente de forma eficaz.

1.4 Todas as portas de acceso, incluídas as de emerxencia, deberán contar cun sistema de detección de apertura/peche.

1.5 Os sistemas establecidos, cando detecten a intrusión ou o intento de intrusión, deberán activar o sistema de iluminación sorpresiva e megafonía con mensaxes disuasorias e avisador acústico exterior.

B. *Protección periférica*

Ten por obxecto establecer as medidas de seguridade necesarias para impedir, dificultar, atrasar e detectar o acceso ás edificacións da instalación.

Protección física

1. Polvoreiras.

1.1 Con independencia do tipo de construción, a resistencia do formigón non será inferior a 250 quilogramos por centímetro cadrado en todas as caras da polvoreira.

1.2 A fachada será de formigón, de espesor igual ou superior a 30 centímetros, armado con dobre reixa de aceiro adherente de diámetro menor ou igual a 12 milímetros. A separación entre ambas as reixas será de 10 centímetros, colocadas entre si de forma graduada, e os cadrados das mallas terán un lado igual ou superior a 20 centímetros.

1.3 Excepto na fachada, o espesor mínimo do formigón será de 20 centímetros, deberá ir armado con barras de aceiro adherente de diámetro igual ou superior a 12 milímetros, cunha separación máxima de 20 centímetros entre os centros das filas horizontais e verticais. É admisible o emprego de aceiro corrugado na estrutura de

polvoreiras tipo bóveda (iglú), aínda que as súas características serán obxecto de definición en cada caso concreto.

1.4 A porta da polvoreira será dunha ou dúas follas, montadas sobre gonzos externos, que permitan a apertura a 180 graos. As dimensións máximas dunha folla serán de 3 metros de altura e 1,5 de largura. O chasis será de aceiro e provisto de reforzos que faciliten a súa colocación en obra e a integración coa armadura do formigón da fachada.

O nivel de protección das portas das polvoreiras será como mínimo de grao V conforme a Norma UNE-EN 1143-1.

Os condutos de ventilación, se están abertos na estrutura e é rectilínea a súa sección, non serán superiores a 15 por 15 centímetros e deberán estar protexidos interna e externamente para evitar a introdución de obxectos no seu interior.

1.5 A polvoreira, con excepción do muro de cabeceira ou fachada, irá recuberta de terra compactada, de espesor mínimo dun metro, medido sobre teito ou clave.

O material de recheo será limpo, cohesivo e libre de pedras (diámetro máximo 20 milímetros). Encherase por camadas cuxo grosor estará de acordo co tipo de terras e maquinaria empregada. A compactación mínima será do 85 por 100 do Proctor normal.

O noiro de terras será o máis suave posible e en ningún caso inferior a 1,5:1.

Sobre o total da superficie de recubrimento estenderase unha capa anterosión a base de gunita, ou outro elemento similar, que evite o desprazamento da terra que recobre a polvoreira.

Protección electrónica

1. Portas e xanelas de edificios.

1.1 As polvoreiras deberán dispor de detectores de apertura/peche, de tipo fin de carreira, asociados ao mecanismo de peche de forma que se garanta o seu pechamento. Así mesmo, contarán con detectores sísmicos en cada folla.

1.2 Os edificios perigosos onde se almacenen explosivos deberán dispor de detectores de apertura/peche compatibles coa materia almacenada.

Enténdese por edificio perigoso aquel que alberga un ou varios locais en que se levan a cabo a manipulación ou o almacenamento de explosivos.

2. Estruturas.

As polvoreiras contarán con detectores sísmicos instalados á distancia necesaria para que entre dous elementos consecutivos non queden puntos sen detección e con capacidade para detectar calquera ataque contra os paramentos das edificacións. Prohíbese o uso de detectores inerciais.

C. Interior

Protección física

Determinaranse para as diferentes salas, recintos ou cuartos da propia instalación.

Protección electrónica

Sistema de detección.

As polvoreiras e os edificios perigosos que almacenen explosivos contarán con detectores de intrusión. Instalaranse na zona interior e serán compatibles coa materia que se vai almacenar. O seu número e situación deberán ser os máis adecuados para poder detectar de forma inmediata os posibles intentos de intrusión a través dos accesos, así como o movemento no interior do edificio.

D. Sistemas auxiliares.

1. Sistema de vixilancia CCTV (circuíto pechado de televisión).

Ten por obxecto fundamental a captación e o posterior tratamento das imaxes.

1.1 Instalaranse nas zonas ou lugares que se consideren máis convenientes para cumprir a súa misión e permitir rexistrar e gravar imaxes da zona perimetral, accesos e interior da instalación que se determine no Plan de seguridade cidadá, polo que o número de cámaras e a súa localización se axustarán ás condicións ou características propias de cada instalación.

1.2 Permitirá que a central receptora de alarmas visualice e verifique calquera alarma.

1.3 A calidade de imaxe nos lugares ou zonas determinados no Plan de seguridade cidadá deberá permitir a detección e videovixilancia eficaz das persoas, vehículos ou obxectos rexistrados e, de ser o caso, poderase exixir que a súa resolución ou densidade permita o recoñecemento e a identificación de tales persoas, vehículos ou obxectos.

1.4 O sistema permitirá igualmente almacenar as imaxes gravadas polo menos 15 días e os soportes dos equipamentos de rexistro deberán contar con medidas de protección para impedir o seu roubo ou subtracción.

2. Armeiros.

Os armeiros da instalación de explosivos, destinados á custodia das armas do persoal de seguridade privada, deberán dispor das seguintes medidas de seguridade:

2.1 Físicas:

- Local. Construción de obra de ladrillo ou similar.
- Porta local. Clase IV de UNE-EN 1627 que cumpra os requisitos da Norma UNE-85160 en canto a criterios de selección, aplicación e instalación.
- Reixas fixas, encastradas macizas e acaroadas conforme a Norma UNE 108142, no caso de existiren ocos, xanelas ou zonas translúcidas exteriores ou ben cristal blindado con grao de resistencia ao ataque manual P6B da Norma UNE-EN 356.
- Caixa forte grao III da Norma UNE-EN 1143-1, para a custodia de armas.

2.2 Electrónicas:

- Detector de apertura/peche en porta.
- Detectores de intrusión no interior do local.
- Cámara CCTV con visionamento do interior do local e do acceso a el.

3. Pulsadores de alarma.

3.1 Próximos ás portas das polvoreiras e edificios perigosos, pero sen que se vexan obstaculizados por elas, instalaranse pulsadores de alarma activables manualmente, sen que teñan que realizarse manipulacións previas.

3.2 Instalaranse dous nas polvoreiras, exterior e interior, e un no interior do edificio perigoso.

3.3 Os pulsadores de alarma estarán permanentemente conectados. A súa activación considerárase alarma confirmada, polo que a central receptora de alarmas debe comunicar tal incidencia de forma inmediata ás forzas e corpos de seguridade correspondentes.

4. Sistema de iluminación sorpresivo.

A instalación contará cun sistema de iluminación, un ordinario que entrará en funcionamento durante as horas nocturnas ou cando a iluminación sexa insuficiente e outro sorpresivo que entrará en funcionamento no caso de que se produza a alarma ou

prealarma nos sistemas de detección perimetral. A súa localización, ángulos e distancias non provocarán cegamentos.

5. Fonte de alimentación ininterrompida (UPS ou SAI) e de emerxencia.

5.1 Tanto a CRA (central receptora de alarmas) como a unidade de control da instalación e, de ser o caso, a unidade de comunicacións contarán con UPS para casos de fallo da alimentación ordinaria.

5.2 A UPS da instalación conservará activados os equipamentos o tempo suficiente para a entrada en servizo do grupo electrógeno de emerxencia e deberá ter, polo menos, unha autonomía de 1 hora.

5.3 Tanto a UPS como o grupo electrógeno deberán contar coas seguintes medidas de seguridade:

- Físicas:
 - Local. Construción de obra de ladrillo ou similar.
 - Porta local. Clase IV de UNE-EN 1627 que cumpra os requisitos da Norma UNE-85160 en canto a criterios de selección, aplicación e instalación.
 - Reixas fixas, encastradas macizas e acaroadas ou conforme a Norma UNE 108142, no caso de existiren ocios, xanelas ou zonas translúcidas exteriores, ou ben cristal blindado con grao de resistencia ao ataque manual P6B da Norma UNE-EN 356.
- Electrónicas:
 - Detector de apertura/peche en porta.
 - Detectores de intrusión.

5.4 A entrada en servizo da UPS e do grupo electrógeno transmitirá unha «prealarma».

E. Sistema de control

1. Unidade de control.

1.1 Todos os elementos activos deberán ser controlados por unha unidade de control da instalación, coas seguintes características:

- Dispor das suficientes zonas de análise de sistemas, por separado.
- Poder conectar cada un dos elementos con programación independente.
- Poder agrupar zonas de detección en función dos edificios e áreas da instalación.
- Sistema de soporte de enerxía de emerxencia independente con fonte de alimentación propia.
 - Conexión a sistemas de telefonía.
 - Teclado de control.
 - Saída exterior para conexión con sistemas informáticos, programación de zonas, claves de acceso, claves de conexión e conexión dos sistemas en función do número de usuarios.

1.2 A unidade de control da instalación estará permanentemente conectada a unha central receptora de alarmas ou centro de control de seguridade, que disporá dun protocolo de actuación específico para as necesidades de cada instalación, de acordo co recollido no Plan de seguridade cidadá de cada unha delas. En ningún caso a central receptora de alarmas ou centro de control de seguridade poderá desconectar unha zona, elemento ou o sistema de seguridade da instalación, salvo avarías ou calquera outra causa sobrevida que cause deficiencias no seu funcionamento.

1.3 Os cambios de estado da unidade de control cumprirán as seguintes regras:

- O cambio do sistema de estado «conectado» a «desconectado» e viceversa realizarase desde a dita unidade. Os cambios de estado xerarán sempre alarma.

– A xanela de tempo para o acceso ou saída será a necesaria para non xerar falsas alarmas e será expresamente recollida no Plan de seguridade cidadá da instalación. A dita xanela de tempo será activada polo contacto magnético do portón de acceso exterior e afectará unicamente os sistemas de seguridade que deba transitar de forma lóxica ata chegar á unidade de control.

– O cambio de estado farase mediante cartón magnético e código persoal ou dispositivo biométrico ou outro sistema que requira, polo menos, unha dobre autorización.

2. Sala da unidade de control.

2.1 A unidade de control estará aloxada dentro dunha caixa ou armario, dotada de fechadura e sistema antisabotaxe, nun cuarto ou sala de grao II da Norma UNE-EN 1143-1, con acceso restrinxido á persoa ou persoas que deban manipular o seu teclado de control. Se houber ocos ou xanelas exteriores, estarán protexidos por reixas fixas de seguridade, conforme a Norma UNE 108142, ou ben cristal con clase de resistencia P6B ao ataque manual, conforme a Norma UNE-EN 356. A dita sala estará dentro da zona protexida polo sistema de detección perimetral.

2.2 A porta de acceso á sala terá unha blindaxe, de clase de resistencia V, da Norma UNE-EN 1627 a parte opaca, e con clase de resistencia P6B ao ataque manual conforme a Norma UNE-EN 356 a parte translúcida. Débese contar en ambos os casos con fechadura de seguridade e cercos reforzados e que, no seu conxunto, cumpra cos requisitos que se establecen na Norma UNE 85160.

2.3 A sala contará para a súa protección cun detector de apertura na porta, detectores de intrusión no interior en número adecuado ás súas dimensións e características construtivas, así como cámaras de CCTV que permitan ver o seu interior e acceso.

2.4 Na sala da unidade de control poderanse custodiar as chaves das polvoreiras ou MEMU nun habitáculo independente, sempre que se cumpran as medidas de seguridade indicadas no anexo I da ITC número 11.

3. Supervisión de liñas de comunicación.

3.1 A supervisión de circuitos proporcionará un adecuado nivel de seguridade ás liñas de transmisión de sinal entre os detectores e a unidade de control da instalación e entre esta e a central receptora de alarmas.

3.2 A unidade de control e a central receptora de alarmas, de forma integrada ou mediante elemento ou dispositivo engadido, posibilitarán a supervisión das liñas de comunicación, e a central receptora de alarmas será a que debe detectar e iniciar o protocolo de alarma ante a falta de liña de comunicación, conforme o protocolo establecido para iso no Plan de seguridade cidadá.

3.3 A transmisión entre cada elemento coa unidade de control da instalación serao sempre vía cable de seguridade.

3.4 A transmisión entre a unidade de control da instalación coa central receptora de alarmas será mediante dobre vía de comunicación, de forma que a inutilización dunha delas produza a transmisión do sinal pola outra ou ben unha soa vía que permita a transmisión dixital IP con supervisión permanente da liña e unha comunicación de apoio («backup»).

3.5 A supervisión dos sistemas e das liñas de comunicación serao de forma permanente.

4. Estados do sistema.

Os estados do sistema son «conectado» e «desconectado».

4.1 Desconectado.

Neste estado todos os sensores, excepto os pulsadores de alarma, pasan a desconectado para permitir traballos no establecemento. Se os traballos se localizan

nunha zona determinada da instalación, só pasarán a estado desconectado os sensores dos edificios afectados.

Consérvanse a ligazón e as funcións de supervisión de liñas e antisabotaxe de todos os detectores.

Na unidade de control da instalación coñecerase o estado de todos os sensores e só se xerarán alarmas en caso de fallo ou activación das unidades de supervisión de liña, dispositivos antisabotaxe, pulsadores de alarma e perda de ligazón.

4.2 Conectado.

Todos os sensores activados e en posición conectados.
Xeraranse dous tipos de avisos, «prealarma» e «alarma».

4.2.1 Prealarma.

A prealarma, que se anunciará ópticamente na unidade de control da instalación, xerarase por:

- Activación dun dos elementos dunha zona perimetral.
- Entrada en servizo da alimentación de emerxencia (UPS).
- Activación dun dos elementos do sistema de detección periférica, distinto dos detectores fin de carreira das portas das polvoreiras.
- Activación dun elemento do sistema de detección interior.
- Activación dun dos elementos que conforman os seguintes sistemas de seguridade:
 - Sala da unidade de control.
 - Sistema auxiliar.
 - Sistema de seguridade que posúe o armeiro para custodia de armas.
 - Calquera outro sistema de seguridade que se autorice para protexer calquera elemento da instalación.

4.2.2 Alarma.

A alarma, que se anunciará óptica e acusticamente e necesitará «recoñecemento ou verificación», xerarase por:

- Activación de dous elementos dunha zona perimetral dentro da xanela de tempo establecida.
- Activación de máis dun elemento do sistema de detección periférico dentro da xanela de tempo establecida.
- Activación de máis dun elemento do sistema de detección interior dentro da xanela de tempo establecida.
- Estado «aberto» en contactos fin de carreira de calquera polvoreira.
- Perda de ligazón conforme o disposto no sistema de control.
- Activación de dispositivos antisabotaxe.
- Cambios de estado do sistema.
- Activación dun pulsador de alarma, que terá a consideración de alarma confirmada.

ANEXO III

Medidas de seguridade en instalacións de explosivos protexidas

Enténdese por instalación protexida aquela que conte cun servizo de seguridade permanente composto por, polo menos, un vixilante de explosivos.

Os elementos e as medidas de seguridade que posúa cada unha das instalacións, e que se indican neste anexo, deberanse reflectir no Plan de seguridade cidadá aprobado pola Intervención Central de Armas e Explosivos.

A aprobación dos sistemas e elementos de seguridade instalados será realizada pola Intervención Central de Armas e Explosivos unha vez avaliadas e valoradas as características que concorran en cada unha das instalacións.

A. Protección humana

1. O número de vixilantes de explosivos e as funcións que van desempeñar serán os determinados no Plan de seguridade cidadá da instalación, atendendo ás circunstancias que concorran en cada caso concreto, tales como sistemas e elementos de seguridade con que conta a instalación, localización, perigosidade, concentración de risco e outras de análoga significación que incidan na seguridade.

2. Así mesmo, reflectirase:

- Empresa de seguridade responsable.
- Número de vixilantes de explosivos por quendas.
- Número de quendas.
- Número de postos de vixilancia.
- Responsable da seguridade.

B. Protección perimetral

Ten por obxecto establecer as medidas de seguridade necesarias para impedir, dificultar, atrasar e detectar o acceso ao perímetro da instalación.

Protección física

1. Cerramento.

1.1 O seu obxecto é cumprir o disposto no Regulamento de explosivos, delimitar claramente a propiedade e tratar de evitar a intrusión.

1.2 As instalacións contarán cun cerramento suficientemente resistente, despexado e libre de elementos que permitan a súa escalada. Terá unha altura non inferior aos 2,50 metros en caso de fábricas ou aos 2 metros en caso de depósitos, medidos ambos desde o exterior do cerramento e dos cales os 50 centímetros superiores serán necesariamente tres filas de arame de espiño ou concertina de dobre fío de 50 centímetros de diámetro colocadas sobre baionetas inclinadas 45° cara ao exterior.

No caso de que o rigor das inclemencias na zona actúe negativamente na tensión do valo ou nos arames de espiño, poden ser complementados coa citada concertina.

1.3 Se o cerramento é mediante valo metálico, a estrutura que o soporta estará colocada no interior e a súa parte inferior axustada ao terreo na forma necesaria, co fin de evitar a intrusión de persoas e as alarmas xeradas pola entrada de animais á instalación.

1.4 O dito cerramento estará, polo menos, a unha distancia de 10 metros de calquera polvoreira ou construción, distancia que se poderá reducir á metade mediante defensas artificiais.

1.5 No caso de que existan saídas de emerxencia, estas estarán dotadas dun sistema de apertura cara ao exterior e permanecerán pechadas en todo momento, permitindo a evacuación desde o interior. Terán as mesmas características que o cerramento e a súa estrutura impedirá a súa escalada e apertura desde o exterior.

Finalizado o horario laboral, estas saídas pecharanse mediante unha fechadura de seguridade que evite que a unidade de control poida pór a instalación en modo seguro sen comprobar previamente que permanece pechada.

1.6 Instalaranse carteis informativos de perigo de sistemas de seguridade e de conexión á central receptora de alarmas e en número suficiente que permita a súa visibilidade desde calquera punto de aproximación.

2. Corredor exterior.

2.1 Estará constituído por unha franxa de terreo de, polo menos, 3 metros de largura enteiramente despexada e non presentará irregularidades ou elementos que permitan a súa escalada, de tal forma que facilite a efectiva vixilancia e protección. O seu obxecto é evitar construcións pegadas ao cerramento, facilitar o control externo previo e a verificación de alarmas establecida no Plan de seguridade cidadá, así como actuar de devasa para evitar a propagación dentro da instalación dun incendio ou lume procedente do exterior.

2.2 Atendendo a circunstancias excepcionais do terreo en cada instalación concreta, a dita franxa de terreo poderá ser reducida ao espazo útil para o tránsito de persoas, circunstancia que virá recollida no Plan de seguridade cidadá da instalación.

3. Acceso principal.

3.1 Estará constituído por unha única porta, dunha ou dúas follas, ou portón corredizo cuxa apertura e peche serán por sistema controlado, estará integrada no cercado perimetral, será perfectamente observable en toda a súa extensión desde o posto de control situado no interior do establecemento e estará construída con materiais suficientemente resistentes e sen elementos que faciliten a escalada.

3.2 Se a porta é de dúas follas, deberase instalar un pasador de ancoraxe ao chan para fixar conveniente esta folla. O pasador non poderá ser manipulable desde o exterior da porta.

3.3 O portón e calquera porta integrada nel estarán dotados de fechadura ou cadeado de seguridade.

3.4 Atendendo ás características da instalación, poderá ser autorizada polo delegado/subdelegado do Goberno, logo de informe da Intervención Central de Armas e Explosivos e da Área Funcional de Industria e Enerxía correspondente, a existencia de máis portas de acceso, que reunirán os requisitos antes sinalados.

Protección electrónica

Ten por obxecto establecer medidas de seguridade para detectar, avisar e dar sinal de alarma ante calquera tipo de ameaza, perigo, presenza ou intento de asalto ou intrusión que se poida producir.

Atendendo á clase, ao número de elementos e aos sistemas de seguridade existentes, determinarase o número de vixilantes de explosivos que prestará protección na instalación. Esta circunstancia será avaliada pola Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil e quedará reflectida no Plan de seguridade cidadá.

1. Detección.

1.1 Condicións:

A instalación poderá contar con sistemas de detección perimetral.

A selección dos sistemas e a súa distribución realizarase tendo en conta as características climatolóxicas da zona, a topografía do terreo, a organización da área da localización dos elementos constitutivos ou auxiliares (postes de iluminación, valado, etc.). Para ese efecto, poderase elixir entre diferentes tecnoloxías de detección. Calquera delas será válida sempre que se cumpra o obxectivo para o que se instala.

Se houbese dous ou máis sistemas de seguridade perimetrais, avaliaranse por separado. A probabilidade de detección (Pd) de cada un deles non poderá ser inferior ao 90 por 100 con índice de confianza do 95 por 100.

O sistema acreditará un MTBF mellor ou igual a 20.000 horas.

1.2 No caso de que se instalen barreiras de infravermellos, a altura máxima do seu feixe inferior será de 30 centímetros e a altura mínima do feixe superior será de 150 centímetros; en ningún caso a distancia entre dous feixes consecutivos poderá ser superior a 30 centímetros.

1.3 No caso de instalar un sistema de detección perimetral de vídeo (sensor, intelixente, etc.), debe permitir ver todo o perímetro da instalación, ou as zonas que se sinalen no Plan de seguridade cidadá da instalación. As cámaras estarán, ademais, dotadas de dispositivo térmico ou de visión nocturna que permita a visión permanente de forma eficaz.

1.4 Todas as portas de acceso, incluídas as de emerxencia, deberán contar cun sistema de detección de apertura/peche.

1.5 Os sistemas establecidos, cando detecten a intrusión ou intento de intrusión, deberán activar o sistema de iluminación sorpresiva e megafonía con mensaxes disuasorias e avisador acústico exterior.

C. Protección periférica

Ten por obxecto establecer as medidas de seguridade necesarias para impedir, dificultar, atrasar e detectar o acceso ás edificacións da instalación.

Protección física

1. Polvoreiras.

1.1 A estrutura da polvoreira e a súa porta serán, polo menos, de grao III da Norma UNE-EN 1143-1.

1.2 Os ocos de aireación e zonas translúcidas exteriores estarán protexidos.

Protección electrónica

1. Portas e xanelas dos edificios.

1.1 As polvoreiras deberán dispor de detectores de apertura/peche, de tipo fin de carreira, asociados ao mecanismo de peche de forma que se garanta o seu pechamento. Así mesmo, contarán con detectores sísmicos.

1.2 Os edificios perigosos onde se almacenen explosivos deberán dispor de detectores de apertura/peche compatibles coa materia almacenada.

2. Estructuras.

As polvoreiras contarán con detectores sísmicos instalados á distancia necesaria para que entre dous elementos consecutivos non queden puntos sen detección e con capacidade para detectar calquera ataque contra os paramentos das edificacións. Prohíbese o uso de detectores inerciais.

D. Protección interior

Protección física

Determinarase para as diferentes salas, recintos ou cuartos necesarios na propia instalación.

Protección electrónica

Sistema de detección.

As polvoreiras e os edificios perigosos que almacenen explosivos contarán con detectores de intrusión. Instalaranse na zona interior e serán compatibles coa materia para almacenar. O seu número e situación deberán ser os máis adecuados para poder detectar de forma inmediata os posibles intentos de intrusión a través dos accesos, así como o movemento no interior do edificio.

E. Sistemas auxiliares

1. Sistema de vixilancia CCTV.

Ten por obxecto fundamental a captación e o posterior tratamento das imaxes.

1.1 Instalaranse nas zonas ou lugares que se establezan no Plan de seguridade cidadá e, en especial, nos accesos, polvoreiras e edificios ou locais que conteñan material explosivo.

1.2 O número de cámaras e a súa localización axustaranse ás condicións ou características propias de cada instalación.

1.3 A calidade de imaxe nos lugares ou zonas determinados no Plan de seguridade cidadá deberá permitir a detección e videovixilancia eficaz das persoas, vehículos ou obxectos rexistrados e, de ser o caso, poderase exixir que a súa resolución ou densidade permita o recoñecemento e a identificación das citadas persoas, vehículos ou obxectos.

1.4 O sistema permitirá igualmente almacenar as imaxes gravadas polo menos 15 días. Os soportes dos equipamentos de rexistro deberán contar con medidas de protección para impedir o seu roubo ou subtracción.

2. Armeiros.

No caso de que os armeiros destinados á custodia de armas do persoal de seguridade privada que presta servizo nunha instalación de explosivos non estean dentro do centro de control de seguridade, deberán contar, polo menos, coas medidas de seguridade que se indican a continuación:

2.1 Físicas:

- Local. Construción de obra de ladrillo ou similar.
- Porta local. Clase IV de UNE-EN 1627 que cumpra os requisitos da Norma UNE-85160 en canto a criterios de selección, aplicación e instalación.
- Reixas fixas, encastradas macizas e acaroadas conforme a Norma UNE 108142, no caso de existiren ocos, xanelas ou zonas translúcidas exteriores, ou ben cristal blindado con grao de resistencia ao ataque manual P6B da Norma UNE-EN 356.
- Caixa forte grao III da Norma UNE-EN 1143-1, para custodia de armas.

2.2 Electrónicas:

- Detector de apertura/peche en porta.
- Detectores de intrusión no interior do local.
- Cámara CCTV con visionamento do interior do local e acceso a el.

3. Pulsadores de alarma.

3.1 Instalaranse nos edificios que se determinen no Plan de seguridade cidadá, próximos ás portas dos edificios, pero sen que se vexan obstaculizados por elas e serán activables manualmente, sen que se teñan que realizar manipulacións previas.

3.2 Instalaranse dous en cada edificio, un pola parte exterior e outro pola parte interior.

3.3 Os pulsadores de alarma estarán permanentemente conectados. A súa activación considerárase alarma confirmada, polo que a central receptora de alarmas ou o centro de control de seguridade debe comunicar tal incidencia de forma inmediata ás forzas e corpos de seguridade correspondentes.

4. Sistema de iluminación.

A instalación contará cun sistema de iluminación adecuado que permita que a vixilancia humana sexa efectiva.

5. Control de accesos.

Estará destinado a albergar o vixilante de explosivos encargado do control de acceso á instalación e situado de forma que se vexa a porta do acceso principal.

5.1 Poderá contar con dispositivo fixo ou móbil que permita a apertura e o peche automático da porta de acceso principal ou activar calquera outro dispositivo de control que impida un acceso non autorizado á instalación.

5.2 Disporá dun dispositivo ou pulsador de alarma conectado coa central receptora de alarma e co centro de control de seguridade, para activar no caso de acceso non autorizado.

5.3 Disporá dun sistema de comunicación eficaz para a transmisión de alarma ou incidencia.

6. Fonte de alimentación ininterrompida (UPS ou SAI) e de emerxencia.

6.1 Tanto a central receptora de alarmas ou o centro de control de seguridade, como a unidade de control da instalación e, de ser o caso, a unidade de comunicacións, contarán con UPS para casos de fallo da alimentación ordinaria.

6.2 A UPS da instalación conservará activados os equipamentos o tempo suficiente para a entrada en servizo do grupo electrógeno de emerxencia e deberá ter, polo menos, unha autonomía de 1 hora.

6.3 A entrada en servizo da UPS e do grupo electrógeno transmitirá unha «prealarma».

6.4 Tanto a UPS como o grupo electrógeno deberán contar coas seguintes medidas de seguridade:

– Físicas:

- Local. Construción de obra de ladrillo ou similar.
- Porta local. Clase IV de UNE-EN 1627 que cumpra os requisitos da Norma UNE-85160 en canto a criterios de selección, aplicación e instalación.
 - Reixas fixas, encastradas macizas e acaroadas ou conforme a Norma UNE 108142, no caso de existiren ocios, xanelas ou zonas translúcidas exteriores ou ben cristal blindado con grao de resistencia ao ataque manual P6B da Norma UNE-EN 356.

– Electrónicas:

- Detector de apertura/peche en porta.
- Detectores de intrusión.

7. Centro de control de seguridade.

7.1 Todas as instalacións protexidas disporán dun centro de control de seguridade para apoio ás funcións do persoal de seguridade que presta servizos nela. Será o lugar onde se centralizan os sinais de alarma e as imaxes dos sistemas de videovixilancia comúns da instalación e que é atendido por persoal de seguridade.

7.2 Nel poderanse custodiar as chaves da instalación, das MEMU e situar os armeiros ou caixas das armas dos vixilantes de explosivos que prestan o servizo de seguridade na instalación, conforme a UNE EN-1143-1.

Igualmente, aloxará a unidade de control ou sistema de xestión da unidade de control, no caso de que non dispoña xa dun cuarto ou sala destinado para tal fin coas características que se indican no punto correspondente a ela, no caso de instalacións autoprotexidas.

7.3 O centro de control de seguridade estará conectado a unha central receptora de alarmas.

7.4 O centro de control de seguridade disporá das seguintes medidas de seguridade:

– Físicas:

- Local. Construción cuxa estrutura reúna o grao II da Norma UNE-EN 1143-1.
- Porta local. Clase V de UNE- EN 1627 a parte opaca, e con clase de resistencia P6B ao ataque manual conforme a Norma UNE-EN 356 a parte translúcida. Deberase contar en ambos os casos con fechadura de seguridade e cercos reforzados e que no seu conxunto cumpra cos requisitos que se establecen na Norma UNE 85160.
 - Xanelas ou ocos exteriores. Protexidos mediante cristais blindados, con clase de resistencia ao ataque manual da clase P6B, segundo a Norma UNE-EN 356, ou reixas fixas, macizas e acaroadas, ou encastradas, de acordo coa Norma UNE 108142.

– Electrónicas:

- Porta de acceso. Detector de apertura/peche.
- Pulsador de alarma.
- Sistema de comunicación eficaz de dobre vía para comunicación coas forzas e corpos de seguridade correspondentes, de forma que a inutilización dunha delas produza a transmisión do sinal pola outra ou ben unha soa vía que permita a transmisión dixital IP con supervisión permanente da liña e unha comunicación de apoio.
 - Sistema CCTV que permita ver os accesos e o interior do centro de control.

F. *Sistemas de control*

1. Unidade de control.

1.1 Todos os elementos activos deberán ser controlados por unha unidade de control da instalación, coas seguintes características:

- Dispor das suficientes zonas de análise de sistemas, por separado.
- Poder conectar cada un dos elementos con programación independente.
- Poder agrupar zonas de detección en función dos edificios e áreas da instalación.
- Sistema de soporte de enerxía de emerxencia independente con fonte de alimentación propia.
- Conexión a sistemas de telefonía.
- Teclado de control.
- Saída exterior para conexión con sistemas informáticos, programación de zonas, claves de acceso, claves de conexión e conexión dos sistemas en función do número de usuarios.

1.2 A unidade de control da instalación estará permanentemente conectada ao centro de control de seguridade, que disporá dun protocolo de actuación específico para as necesidades de cada instalación, de acordo co recollido no Plan de seguridade cidadá de cada unha delas. En ningún caso a central receptora de alarmas ou o centro de control de seguridade poderán desconectar unha zona, elemento ou o sistema de seguridade da instalación, salvo avarías ou calquera outra causa sobrevida que cause deficiencias no seu funcionamento.

1.3 Os cambios de estado da unidade de control cumprirán as seguintes regras:

- O paso do sistema desde estado «conectado» a «desconectado» e viceversa realizarase desde a dita unidade. Os cambios de estado xerarán sempre alarma.

2. Sistema de supervisión de liñas de comunicación.

2.1 A supervisión de circuitos proporcionará un adecuado nivel de seguridade ás liñas de transmisión de sinal entre os detectores e a unidade de control da instalación e entre esta e a central receptora de alarmas ou o centro de control de seguridade.

2.2 A unidade de control da instalación e a central receptora de alarmas ou o centro de control de seguridade, de forma integrada ou mediante elemento ou dispositivo engadido, posibilitarán a supervisión das liñas de comunicación, e será a central receptora de alarmas ou o centro de control de seguridade os que deben detectar e iniciar o protocolo de alarma ante a falta de liña de comunicación, conforme o protocolo establecido para iso no Plan de seguridade cidadá.

2.3 A transmisión entre cada elemento coa unidade de control da instalación serao sempre vía cable de seguridade.

2.4 A transmisión entre a unidade de control da instalación co centro de control de seguridade e este coa central receptora de alarmas será mediante dobre vía de comunicación, de forma que a inutilización dunha delas produza a transmisión do sinal pola outra ou ben unha soa vía que permita a transmisión dixital IP con supervisión permanente da liña e unha comunicación de apoio.

2.5 A supervisión de sistemas e das liñas de comunicación serao de forma permanente.

3. Estados do sistema.

A configuración dos estados do sistema farase de conformidade co aprobado no Plan de seguridade cidadá da instalación. Os estados serán conectado e desconectado. Con todo, o seu contido mínimo será o seguinte:

3.1 Desconectado.

Neste estado todos os sensores, excepto os pulsadores de alarma, pasan a desconectado para permitir traballos no establecemento. Se os traballos se localizan nunha zona determinada da instalación, só pasarán a estado desconectado os sensores dos edificios afectados.

Consérvanse a ligazón e as funcións de supervisión de liñas e antisabotaxe de todos os detectores.

No centro de control de seguridade da instalación coñecerase o estado de todos os sensores e só se xerarán alarmas en caso de fallo ou activación das unidades de supervisión de liña, dispositivos antisabotaxe, pulsadores de alarma e perda de ligazón.

3.2 Conectado.

Todos os sensores activados e en posición conectados. Xeraranse dous tipos de avisos: «alarma» e «prealarma».

3.2.1 Prealarma:

Anunciarase ópticamente no centro de control de seguridade da instalación e, de ser o caso, xerarse na central receptora de alarmas:

- Pola activación dun elemento do sistema de detección perimetral, no caso de que a instalación o teña instalado.
- Pola activación dun dos elementos que conforman os sistemas de detección periférica, detección interior ou sistemas auxiliares.
- Pola entrada en servizo da alimentación de emerxencia (UPS).

3.2.2 Alarma:

Anunciarase óptica e acusticamente e necesitará «recoñecemento ou verificación»; xerarse:

- Pola activación de máis dun elemento da mesma zona do sistema de detección perimetral, no caso de que a instalación o teña instalado.
- Activación de máis dun elemento dos sistemas de detección periférico, interior ou sistemas auxiliares, dentro da xanela de tempo establecida.

- Perda de ligazón conforme o disposto no sistema de control.
- Activación dun detector de apertura/peche das polvoreiras.
- Cambios de estado do sistema.
- Activación dun pulsador de alarma, que terá a consideración de alarma confirmada.
- Activación dispositiva antisabotaxe.

ANEXO IV

Medidas de seguridade en depósitos de consumo de interior

De conformidade co disposto no artigo 76.1 do Regulamento de explosivos, as medidas de seguridade mínimas que se deberán establecer nos depósitos de consumo de interior serán as que se indican a continuación:

- Físico-pasivas:
 - Portas. Unha situada na galería ou galerías de acceso ao depósito e outra en cada un dos nichos que conformen este. Serán de reixa e estarán dotadas de cadeado ou fechadura de seguridade.
- Electrónicas:
 - Sistema de iluminación adecuado.
 - Conexión coa CRA.
 - Detector de apertura/peche en portas de galerías de acceso ao depósito e aos nichos.
 - Detectores de intrusión que dean protección a galerías de acceso ao depósito e cada un dos nichos.
 - Sistema de CCTV que permita a visión pola CRA do acceso ou accesos a bocaminas, galería de acceso ao depósito e acceso a nichos.
 - No acceso á bocamina, instalárase un avisador óptico-acústico de activación do sistema de alarma.
 - Sistema de alimentación ininterrompida que permita o funcionamento dos elementos do sistema de seguridade, durante polo menos 24 horas. Este estará situado no interior dunha estrutura dotada de elementos antisabotaxe.

ANEXO V

Medidas de seguridade en polvoreiras auxiliares de distribución

O artigo 95. 2 do Regulamento de explosivos establece que, naquelas explotacións ou obras cuxa duración sexa superior a seis meses e sempre que nelas estea almacenada unha cantidade superior a 150 kg de explosivo ou superior a 1.000 detonadores, se deberá contar coa presenza de vixilantes de seguridade de explosivos. Os ditos vixilantes poderán ser substituídos por medidas alternativas de seguridade recollidas nun plan de seguridade aprobado pola Intervención Central de Armas e Explosivos.

O número de vixilantes de explosivos que exerzan as funcións de vixilancia e protección das polvoreiras auxiliares de distribución dependerá da orografía, das distancias, da cantidade de explosivo e do campo de visión.

As medidas de seguridade alternativas mínimas que se deberán establecer, recollidas no plan de seguridade, serán:

1. Polvoreiras auxiliares situadas no interior dun local.
 - Físico-pasivas:
 - Local. Construción de obra de ladrillo ou de resistencia similar.
 - Porta do local. Deberá estar dotada de fechadura de seguridade.

- Xanelas ou ocós exteriores. Protexidos mediante reixas fixas, macizas e/ou acaroadas, ou encastradas.

- Electrónicas:

- Porta do local. Detector de apertura/peche.
- Detectores de intrusión. En número necesario para dar cobertura á súa totalidade.
- Sistema de iluminación eficaz.
- Conexión á CRA.
- Pulsador de alarma.
- Avisador acústico-óptico exterior, de activación do sistema de alarma.
- CCTV, no interior, que permita o visionamento pola CRA.
- Sistema de alimentación ininterrompida que permita o funcionamento dos elementos do sistema de seguridade polo menos 24 horas. Este estará situado no interior dunha estrutura dotada de elementos antisabotaxe.

2. Polvoreiras auxiliares situadas no exterior:

- Físico-pasivas:

- Un valado perimetral de polo menos 2 metros de altura, dos cales os últimos 50 cm serán necesariamente tres filas de arame de espiño ou concertina de dobre fío de 50 cm de diámetro colocada sobre baioneta inclinada 45° cara ao exterior.

- Porta das mesmas características que o valado, que estará dotada de cadeado ou fechadura de seguridade.

- Carteis no cercado perimetral visibles desde o exterior e en número suficiente, nos cales se indique que a instalación conta con medidas de seguridade electrónicas e que están conectadas a unha CRA.

- Electrónicas:

- Detector de apertura/peche da porta do depósito auxiliar ou ataque a calquera das súas paredes.

- Avisador óptico-acústico con temporizador.

- Conexión con CRA.

- Sistema de alimentación ininterrompida que permita o funcionamento dos elementos do sistema de seguridade, polo menos 24 horas. Este estará situado no interior dunha estrutura dotada de elementos antisabotaxe.

3. Polvoreiras auxiliares situadas en minas de interior ou obras subterráneas:

- Físico-pasivas:

- Porta. Situada nos accesos á galería ou nichos onde se sitúe a polvoreira auxiliar. Será de reixas e estará dotada de cadeado ou fechadura de seguridade.

- Electrónicas:

- Sistema de iluminación adecuado.

- Conexión coa CRA.

- Detector de apertura/peche en portas de galerías de acceso ás polvoreiras.

- Detectores de intrusión que dean protección a galerías de acceso ás polvoreiras.

- Sistema de CCTV que permita o visionamento pola CRA do acceso ou accesos a bocaminas e galería de acceso ás polvoreiras.

- No acceso á bocamina instalárase un avisador óptico-acústico de activación do sistema de alarma.

- Sistema de alimentación ininterrompida que permita o funcionamento dos elementos do sistema de seguridade, durante polo menos 24 horas. Este estará situado no interior dunha estrutura dotada de elementos antisabotaxe.

ANEXO VI

Requisitos que deben cumplir os vehículos que se dediquen ao transporte de explosivos por estrada

Sen prexuízo de cumprir co disposto no Real decreto 97/2014, do 14 de febreiro, polo que se regulan as operacións de transporte de mercadorías perigosas por estrada en territorio español, e no Acordo europeo sobre o transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada (ADR), os vehículos que se dediquen ao transporte de explosivos por estrada deberán reunir os seguintes requisitos de:

A. Seguridade:

– Sistema de bloqueo do vehículo, constituído por un mecanismo tal que, ao ser accionado directamente mediante pulsador ou indirectamente por apertura das portas da cabina, sen desactivar o sistema, corte a inxección de combustible ao motor do vehículo e accione unha alarma acústica e luminosa. Este sistema deberá ter un retardo entre a súa activación e a acción de dous minutos como máximo.

– Sistema de alarma móbil, con conexión á central receptora de alarmas ou centro de control de seguridade, con dispositivo acústico e luminoso, que poida activar en caso de emerxencia, roubo ou intrusión no vehículo unha persoa non autorizada.

– Unha reixa metálica no interior do tubo do depósito de subministración de combustible ao vehículo, para impedir a introdución de elementos estraños.

– Sistema de protección do depósito de combustible para, cando non sexa de gasóleo, impedir que se produza unha explosión deste no caso de que se vise alcanzado por un proxectil ou fragmento de explosión, así como evitar a reacción en cadea do combustible situado no depósito en caso de incendio do vehículo.

– Peche especial da caixa do vehículo, mediante cadeado ou fechadura de seguridade.

B. Sinalización:

Panel no exterior do teito da cabina do vehículo coas seguintes características, lendas e requisitos:

I. Características:

- Dimensións do recadro: 110 × 60 cm.
- Fondo: branco.
- Pintura: fluorescente.

II. Lenda:

- «EX» (en maiúsculas, relativa a transporte de explosivos).
- Caracteres numéricos e alfabéticos correspondentes á matrícula do vehículo.

III. Tipo de caracteres:

- Cor: negra.
- Pintura: fluorescente.
- Medidas: 20 × 10 cm.
- Grosor de caracteres: 2 cm.
- Espazo entre liñas: 10 cm.
- Distancia entre caracteres: 2 cm.

EX**1234 ZZZ**

C. Comunicaci3ns:

Os veh3culos dispor3n dun ou varios sistemas de comunicaci3n que permitan a conexi3n, coa sede ou delegaci3ns da empresa, cos veh3culos ou vixilantes de apoio ao transporte, as3 como a memorizaci3n dos tel3fonos dos centros operativos de servizos das circunscrici3ns das comandancias da Garda Civil polas cales circule o transporte.

A antena estar3 instalada e debidamente protexida na parte superior da caixa do veh3culo e deberase contar cun sistema de navegaci3n global que lle permita ao centro de control de seguridade da empresa de transporte a localizaci3n dos seus veh3culos con precisi3n e en todo momento.

2. Os requisitos anteriormente descritos deber3n ser inspeccionados pola Intervenci3n de Armas e Explosivos da Garda Civil correspondente coa antelaci3n suficiente ao comezo do transporte solicitado. Deber3 quedar constancia de que o veh3culo re3ne os ditos requisitos na Gu3a de circulaci3n ou documento similar que acompa3e o transporte.

ANEXO VII



GUÍA DE CIRCULACIÓN DE EXPLOSIVOS

NÚMERO _____ / _____

MINISTERIO DO INTERIOR
DIRECCIÓN XERAL DA GARDA CIVIL

DATOS XERAIS

Intervención de Armas e Explosivos:

Outras autorizacións:

PEDIDO DE SUBMINISTRACIÓN

Número de pedido de subministración autorizado

Data:

Solicitante:

DESCRIPCIÓN COMPLETA DA MERCADORÍA

Núm. ONU	División de risco	Núm. de catálogo e denominación	Cantidade	Nº de identificación

DATOS DO TRANSPORTE

Solicitante do transporte:

Provedor:

Orixe:

Destino:

Medio de transporte:

Paraxes previstas:

RESPONSABLES DA MERCADORÍA		
SAE a mercadoría que figura na presente. <p style="text-align: center;">O provedor</p> Asdo. _____	RECIBÍN a mercadoría que figura na presente. <p style="text-align: center;">O transportista</p> Asdo. _____	RECIBÍN a mercadoría que figura na presente. <p style="text-align: center;">O destinatario</p> Asdo. _____
REPAROS / INCIDENCIAS/ DEVOLUCIÓNS O transportista: O destinatario:		
DILIXENCIA DE AUTORIZACIÓN <input type="checkbox"/> Cúmrese co disposto na ITC núm. 1 do Regulamento de explosivos respecto ás medidas de vixilancia e protección. <input type="checkbox"/> Cúmrese co disposto na ITC núm. 11 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía respecto ás medidas de vixilancia e protección, cando se realice o transporte de mecha de seguridade, nas condicións establecidas no dito regulamento. <p style="text-align: center;">_____, ____ de _____ de 20____</p> <p style="text-align: center;">O interventor de Armas e Explosivos de orixe</p> <p style="text-align: center;">TIP _____</p>		
DILIXENCIA DE COMUNICACIÓN EN DESTINO Ás _____ horas de hoxe, o destinatario pon en coñecemento desta Intervención de Armas e Explosivos que a mercadoría referida na presente guía chegou ao seu poder. <p style="text-align: center;">_____, ____ de _____ de 20____</p> <p style="text-align: center;">O interventor de Armas e Explosivos de destino</p> <p style="text-align: center;">TIP _____</p>		

ANEXO Á GUÍA DE CIRCULACIÓN DE EXPLOSIVOS
NÚMERO _____

Núm. ONU	División de risco	Núm. de catálogo e denominación	Cantidade	Núm. de identificación

Instrucións para a confección do documento

Datos xerais:

Nesta epígrafe farase constar a Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que autoriza a Guía de circulación.

En «Outras autorizacións» indicaranse, se as houberse, as «autorizacións de transferencia», «permiso previo de circulación», «tránsito» ou «embarque» en porto ou aeroporto.

Pedido de subministración:

Esta epígrafe non se completará en transportes de explosivos de fábricas a depósitos de produtos terminados, ou entre estes depósitos.

Descrición completa da mercadoría:

Nesta epígrafe reflectiranse os datos completos de cada clase de materias ou obxectos explosivos que se transporte.

Na epígrafe «cantidade», indicárase peso (kg), medida (metros) ou unidades, segundo o tipo de explosivo de que se trate.

Na epígrafe «N.º de identificación», indicárase a clave de identificación completa (números e letras). En caso de seren consecutivos poderanse estampar da seguinte maneira (AT 023 100806B34156 20-50).

No caso de que a cantidade de mercadoría non poida ser consignada na súa totalidade na Guía de circulación, achegarase un anexo que se axustará ao modelo que se xunta ás presentes instrucións.

A recollida e o almacenamento dos datos relativos ao «N.º de identificación» da epígrafe «Descrición completa da mercadoría» poderanse realizar por medios telemáticos ou informáticos que garantan a súa integridade, autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación da información.

Datos do transporte:

Solicitante do transporte: nome, domicilio e CIF (persoa física ou xurídica).

Provedor: nome, domicilio e CIF (persoa física ou xurídica).

Orixe: localización do depósito subministrador.

Destino: localización do lugar do consumo.

Medio de transporte: vehículo, ferrocarril, barco, aeronave.

Responsables da mercadoría:

Deberá asinar cada un dos responsables implicados no transporte.

Reparos/incidencias/devolucións:

O transportista: nesta epígrafe estampará aqueles reparos ou incidencias que consideren oportunos relacionados co desenvolvemento do transporte.

O destinatario: nesta epígrafe estampará os reparos que considere oportunos.

Así mesmo, quedarán reflectidas as cantidades de explosivos que se devolvan.

Dilixencia de autorización:

Esta epígrafe cubrirá a Intervención de Armas e Explosivos de orixe.

Dilixencia de comunicación en destino:

Esta epígrafe cubrirá a Intervención de Armas e Explosivos de destino, unha vez recibida a comunicación efectuada polo destinatario.

Nota: se por causas xustificadas varía algún dos datos que figura na Guía de circulación no momento de iniciarse o transporte, anularase e expedirase unha nova cos datos actualizados.

Nos casos en que a relación de explosivos que se pretenda transportar non teña cabida no espazo correspondente do documento da Guía de circulación, utilizaranse os anexos necesarios da epígrafe «descrición completa da mercadoría».

ANEXO VIII

Medidas de seguridade que se deberán establecer nas unidades móbiles de fabricación de explosivos (MEMU)

En cumprimento das normas específicas que regulan cada caso e en canto determina o Regulamento de explosivos, unha MEMU terá a consideración de fábrica móbil, conteña ou non materias susceptibles de produciren explosivos, e deberá cumprir as características, os requisitos, as medidas de seguridade e as disposicións que se detallan neste anexo, así como o disposto na ITC número 32.

Excepcionalmente e de conformidade co disposto nesta ITC, en función das circunstancias de localización, perigo, concentración do risco ou outras de análoga significación que poidan incidir no ámbito da súa seguridade, a Intervención Central de Armas e Explosivos poderá modificar as medidas de seguridade a que se fai referencia neste anexo.

1. Características dos vehículos.

– Os vehículos destinados a unidades móbiles de fabricación de explosivos (MEMU) deberán reunir as singularidades e os requisitos que determine o Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

– Igualmente, cumprirán co disposto no Real decreto 97/2014, do 14 de febreiro, polo que se regulan as operacións de transporte de mercadorías perigosas por estrada en territorio español, no Acordo europeo sobre o transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada (ADR) e outras disposicións que poidan ser de aplicación.

2. Requisitos dos vehículos.

A. Sinalización:

– Contará cun panel no exterior do teito da cabina do vehículo que permita a súa localización desde o aire. Este panel de sinalización poderá ser dispensado pola Dirección Xeral da Garda Civil, en circunstancias excepcionais por razóns de seguridade.

– O panel terá as seguintes características, lendas e requisitos:

Características:

- Dimensións do recadro: 110 × 60 cm.
- Fondo: branco.
- Pintura: fluorescente.

Lenda:

• «MEMU», (en maiúsculas, relativa á fábrica móbil de explosivos) seguida dun código de identificación asignado pola Dirección Xeral da Garda Civil.

MEMU 123

1234 ZZZ

- Caracteres numéricos e alfabéticos correspondentes á matrícula do vehículo.

Tipo de caracteres:

- Cor: negra.
- Pintura: fluorescente.
- Medidas: 20 × 10 cm.
- Grosor de caracteres: 2 cm.
- Espazo entre liñas: 10 cm.
- Distancia entre caracteres: 2 cm.

B. Comunicaci3ns:

– Levarán instalados, polo menos, dous sistemas de comunicaci3n que permitan a conexi3n, en todo momento, coa sede ou delegaci3ns da empresa de seguridade do transporte de explosivos, así como a memorizaci3n de tel3fonos dos centros operativos de servizos das circunscrici3ns das comandancias da Garda Civil polas cales circule o transporte. Un dos sistemas permitirá a activaci3n por voz e a comunicaci3n por mans libres.

– Deberá contar cun sistema de navegaci3n global que lle permita ao centro de control da empresa de transporte a localizaci3n dos seus vehículos con precisi3n en todo momento. A antena estará instalada e debidamente protexida na parte superior da caixa do vehículo.

3. Medidas de seguridade.

a) Persoal.

Composici3n:

– A seguridade da MEMU, con ou sen materias primas, será prestada con carácter xeral por dous vixilantes de explosivos armados na cabina da MEMU. Os vixilantes de explosivos poderán alternar as funci3ns de conduci3n e protecci3n. A funci3n de protecci3n deberá ser permanente.

– Un dos vixilantes de explosivos será responsable e coordinador de toda a seguridade. Os vixilantes de explosivos non poderán realizar ningunha operaci3n de carga ou descarga nin manipular a materia regulamentada.

– Os vixilantes de explosivos irán armados con revólver do calibre 38 de 4 polgadas, un deles con escopeta de repetici3n de calibre 12 con postas nun taco contedor, grill3ns de pulso, así como medios de comunicaci3n persoais e independentes para ligaz3n entre eles e coa empresa de seguridade a que pertencen.

Funci3ns:

– Protecci3n e seguridade durante o transporte, paraxes, estacionamentos e lugares de custodia.

– Durante a fase de produci3n, de ser o caso, realizarán exclusivamente as tarefas de vixilancia e protecci3n, tanto do vehículo como da manipulaci3n do produto. Poderán igualmente realizar a vixilancia e protecci3n do consumo do explosivo elaborado.

– Terán ao seu cargo os sistemas de seguridade e de alarma de que disp3n o vehículo.

– As demais funci3ns ou acci3ns que se deberán desenvolver encomendadas nos protocolos de actuaci3n e plan de seguridade elaborado para o efecto.

Comprobaci3ns previas:

– Os vixilantes de explosivos, ao se faceren cargo do servizo, comprobarán o estado de funcionamento dos sistemas de protecci3n e de comunicaci3n, así como os medios materiais ou técnicos de que dispoñen para a súa prestaci3n.

– Igualmente, os vixilantes de explosivos deberán dar conta inmediata ao seu xefe ou director de seguridade das anomalías ou deficiencias observadas, así como de calquera outra circunstancia que poida repercutir na seguridade.

b) Protección física e electrónica:

Os vehículos disporán de:

– Sistema de bloqueo do vehículo, que ao ser accionado directamente mediante pulsador ou indirectamente por apertura das portas da cabina, sen desactivar o sistema, corte a inxección de combustible ao motor do vehículo e permita illar a central de control de produción e bombeo de explosivos. Este sistema deberá ter un retardo entre a súa activación e acción de dous minutos como máximo.

– Unha reixa metálica no interior do tubo do depósito de subministración de combustible ao vehículo, para impedir a introdución de elementos estraños.

– Sistema de protección do depósito de combustible para, cando non sexa de gasóleo, impedir que se produza unha explosión deste no caso de que se vise alcanzado por un proxectil ou fragmento de explosión, así como evitar a reacción en cadea do combustible situado no depósito en caso de incendio do vehículo.

– Sistema de alarma, con conexión á central receptora de alarmas ou centro de control de seguridade que se active en caso de emerxencia, roubo ou intrusión no vehículo por persoa non autorizada, así como o intento de acceder ao panel da central de control de produción e bombeo, facer funcionar este ou calquera dos contedores de explosivos, fóra dun horario predeterminado ou da área asignada onde se vai empregar o explosivo.

– A cabina disporá de pulsador de pánico ou alarma silenciosa, sistema de audio e cámara TV que permita o ver o seu interior no caso de activación dunha alarma.

– Alarma acústica e luminosa exterior, que se activará en caso de emerxencia, roubo ou intrusión no vehículo de persoa non autorizada, así como pola activación de calquera sistema de seguridade instalado no vehículo, con excepción do pulsador de pánico ou alarma silenciosa.

– Optativamente, un armeiro de grao III da Norma UNE-EN 1143-1 ancorado no vehículo que disporá dun detector de apertura/peche non autorizado, para a custodia das armas curtas dos vixilantes de explosivos.

– Localización GPS ou sistema de posicionamento:

• Serán equipados cunha unidade de rastrexo as 24 horas, capaz de verificar onde se encontra o vehículo en todo momento.

• O sistema estará deseñado para dar alarma se o vehículo:

◦ Se aparta da ruta establecida ou realiza unha paraxe non prevista ou por un tempo superior ao determinado.

◦ O sistema perde ligazón por un tempo superior ao previamente establecido.

• Todo iso salvo que previamente exista unha comunicación previa por parte do seu condutor que indique a súa causa determinante. A citada comunicación realizarase atendendo a estándares ou protocolos de seguridade previamente establecidos para determinar que non se trata dun feito susceptible de xerar alarma.

– Central de control de produción e bombeo.

• A central de control de produción e bombeo dos produtos estará aloxada dentro dun armario ou caixa de grao III da Norma UNE-EN 1143-1 ou de aceiro manufacturado de polo menos 4 mm de espesor dotado de fechadura de seguridade.

• O armario ou caixa deberá contar cun detector de apertura.

– Depósitos, contedores ou compartimentos de almacenamento de produtos.

- Disporán dun sistema ou caudalímetro que permita determinar en todo momento a cantidade de material que contén cada un deles, a cantidade de produto final resultante e a cantidade de cada un dos produtos utilizados.

- Disporán dun sistema de apertura/peche de seguridade.

4. Horarios.

- As MEMU poderán fabricar e circular en días laborables, en horario comprendido entre as 6.00 e as 18.00 horas en horario de inverno, e entre as 6.00 horas e as 20.00 horas en horario de verán.

- As saídas das MEMU poderanse autorizar entre as 7.00 e as 12.00 horas dos días hábiles, baixo supervisión da Intervención de Armas e Explosivos.

5. Lugar de estacionamento e custodia das MEMU.

- Como regra xeral, as MEMU estacionaranse e custodiaranse no interior do recinto da súa fábrica móbil autorizada. Con todo, e de forma ocasional, as MEMU poderán estacionarse no interior doutra fábrica ou depósito de produtos terminados ou de consumo autorizados. As MEMU estacionadas no recinto dunha fábrica ou depósito non poderán conter explosivos. Para os efectos do cálculo de distancias, estas MEMU serán consideradas como polvoreiras superficiais con división de risco 1.1 e unha capacidade máxima Q de, polo menos, 100 kg.

- No caso das MEMU que transporten explosivos, estes descargaranse nas polvoreiras.

- O lugar destinado para tal fin, así como para a custodia das chaves, deberase indicar no correspondente plan de seguridade cidadá da instalación.

- Os sistemas de alarma e localización da MEMU estarán activados permanentemente.

6. Accidentes ou incidentes.

- En caso de accidente, avaría ou calquera outro incidente, dará lugar á activación do plan de emerxencia e protocolo de actuación previsto.

- Cando o vehículo non se poida trasladar a un lugar debidamente autorizado para iso, a paraxe ou estacionamento deberase facer, se é posible, nun lugar fóra do núcleo urbano baixo a custodia de dous vixilantes de explosivos, ata que temporalmente se resolva.

- Tales feitos comunicaranse de forma inmediata á Intervención de Armas e Explosivos correspondente, a través do COC (centro operativo de coordinación) da Comandancia da Garda Civil, para coñecemento, ratificación, implementación ou modificación das medidas de seguridade adoptadas.

- O traslado a un lugar autorizado será realizado o máis axiña posible e comunicado á Intervención de Armas e Explosivos correspondente.

7. Reparación e mantemento.

As saídas das MEMU do seu recinto fabril ou depósito autorizado para realizar operacións de mantemento ou reparación deberán ser aprobadas previamente pola Intervención de Armas e Explosivos da Comandancia, quen establecerá para cada caso as medidas de seguridade que se deberán adoptar durante a dita estadía exterior.

ANEXO IX



**GUÍA DE CIRCULACIÓN PARA UNIDADES MÓBILES
DE FABRICACIÓN DE EXPLOSIVOS**

MINISTERIO DO INTERIOR

DIRECCIÓN XERAL DA GARDA CIVIL

DATOS XERAIS Intervención de Armas e Explosivos: Outras autorizacións:				
PEDIDO DE SUBMINISTRACIÓN Número de pedido de subministración autorizado e data: Número de carta de porte: Solicitante:				
DESCRIPCIÓN DO EXPLOSIVO TRANSPORTADO				
Núm. ONU	División de risco	Núm. de catálogo e denominación	Cantidade	Nº de identificación
DESCRIPCIÓN DO EXPLOSIVO QUE SE VAI FABRICAR				
Núm. ONU	División de risco	Núm. de catálogo e denominación	Cantidade	
DATOS DO TRANSPORTE Solicitante do transporte: Provedor: Orixe: Destino: Número de catálogo MEMU e matrícula: Paraxes previstas: Depósito autorizado de custodia e estacionamento:				

RESPONSABLES DA MERCADORÍA		
SAE a mercadoría que figura na presente. <p style="text-align: center;">O provedor</p> Asdo. _____	RECIBÍN a mercadoría que figura na presente. <p style="text-align: center;">O transportista</p> Asdo. _____	RECIBÍN a mercadoría que figura na presente. <p style="text-align: center;">O destinatario</p> Asdo. _____
REPAROS / INCIDENCIAS/ DEVOLUCIÓN O transportista: O destinatario:		
CERTIFICACIÓN DO EXPLOSIVO FABRICADO POLA MEMU Cantidade total de explosivo fabricado: <p style="text-align: center;">O operario da MEMU</p> Asdo. _____ Nº de carné de artilleiro:		
DILIXENCIA DE AUTORIZACIÓN <input type="checkbox"/> Cúmrese co disposto na ITC núm. 1 do Regulamento de explosivos respecto ás medidas de vixilancia e protección. _____, ____ de _____ de 20____ <p style="text-align: center;">O intervisor de Armas e Explosivos de orixe</p> TIP _____		
DILIXENCIA DE COMUNICACIÓN EN DESTINO Ás _____ horas de hoxe, o destinatario pon en coñecemento desta intervención de Armas e Explosivos que a mercadoría referida nesta guía chegou ao seu poder. _____, ____ de _____ de 20____ <p style="text-align: center;">O intervisor de Armas e Explosivos de destino</p> TIP _____		

ANEXO Á GUÍA DE CIRCULACIÓN DE MEMU
NÚMERO _____

Núm. ONU	División de risco	Núm. de catálogo e denominación	Cantidade	Núm. de identificación

Instrucións para a confección do documento

Datos xerais:

Nesta epígrafe farase constar a Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que autoriza a Guía de circulación.

En «Outras autorizacións» indicaranse, se as houberse, as autorizacións de «transferencia», «permiso previo de circulación», «tránsito» ou «embarque» en porto ou aeroporto.

Pedido de subministración:

Esta epígrafe non se cubrirá en transportes de explosivos de fábricas a depósitos de produtos terminados, ou entre estes depósitos.

Descrición completa da mercadoría:

Nesta epígrafe reflectiranse os datos completos de cada clase de materias ou obxectos explosivos que se transporte.

Na epígrafe «N.º de identificación», indicárase a clave de identificación completa (números e letras); no caso de seren consecutivos poderanse estampar da seguinte maneira (AT 023 100806B34156 20-50).

A recollida e o almacenamento dos datos relativos ao «N.º de identificación» da epígrafe «Descrición completa da mercadoría» poderanse realizar por medios telemáticos ou informáticos que garantan a súa integridade, autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación da información.

No caso de que a cantidade de mercadoría non poida ser consignada na súa totalidade na Guía de circulación, achegarase o anexo.

Datos do transporte:

Solicitante do transporte: nome, domicilio e CIF (persoa física ou xurídica).

Provedor: nome, domicilio e CIF (persoa física ou xurídica).

Orixe: localización do depósito subministrador.

Destino: o lugar onde se fabrique *in situ*.

Depósito autorizado de custodia e almacenamento: o lugar onde quedará estacionada a MEMU ao finalizar o transporte.

Responsables da mercadoría:

Deberá asinar cada un dos responsables implicados no transporte.

Reparos/incidencias/devolucións:

O transportista: nesta epígrafe estamparanse aqueles reparos ou incidencias que considere oportunos relacionados co desenvolvemento do transporte.

O destinatario: nesta epígrafe estamparanse os reparos que considere oportunos.

Así mesmo, quedarán reflectidas as cantidades de explosivos ou materias que se devolvan.

Fabricación MEMU:

O operador MEMU ou responsable da unidade móbil anotará a cantidade total de explosivo fabricado ao finalizar o dito proceso.

Dilixencia de autorización:

Esta epígrafe cubrirá a Intervención de Armas e Explosivos de orixe.

Dilixencia de comunicación en destino:

Esta epígrafe cubrirá a Intervención de Armas e Explosivos de destino, unha vez recibida a comunicación efectuada polo destinatario.

Nota: se por causas xustificadas varía algún dos datos que figuran na Guía de circulación no momento de iniciarse o transporte, anularase e expedirse unha nova cos datos actualizados.

Nos casos en que a relación de explosivos que se pretenda transportar non teña cabida no espazo correspondente do documento da Guía de circulación, utilizaranse os anexos necesarios da epígrafe «Descrición completa da mercadoría».

ANEXO X

Medidas de seguridade que establecer nos equipamentos de bombeo de emulsións, suspensións ou xeles, a granel de interior, coa posibilidade de sensibilización do explosivo

De conformidade co disposto no artigo 125.5 do presente regulamento, as explotacións mineiras de interior e obras subterráneas que utilicen equipamentos de bombeo de emulsións, suspensións ou xeles, a granel de interior, coa posibilidade de sensibilización do explosivo, deberán contar cun plan de seguridade cidadá elaborado para o efecto, que será aprobado pola Intervención de Armas e Explosivos da Comandancia.

Sen prexuízo dos requisitos con que debe contar a instalación para o almacenamento de explosivos ou materias primas intermedias para a súa fabricación (MPIFE), os equipamentos de bombeo de emulsións, suspensións ou xeles, a granel, disporán, polo menos, das seguintes medidas de seguridade:

a) Persoal.

Composición:

– Durante a utilización do equipamento de bombeo, permanecerá un vixilante de explosivos armado, situado nas entradas e saídas da bocamina ou obra subterránea. Poderá igualmente realizar a vixilancia e protección do consumo do explosivo elaborado.

– Disporá de medios de comunicación persoal para enlace coa empresa de seguridade a que pertence.

Funcións:

– O seu labor principal consistirá en impedir a subtracción de materias primas ou explosivos e poderá levar a cabo os rexistros persoais necesarios.

– As demais funcións ou accións que se vaian desenvolver encomendadas nos protocolos de actuación e plan de seguridade elaborado para o efecto.

Comprobacións previas:

– Ao facerse cargo do servizo, comprobará o estado de funcionamento dos sistemas de protección e de comunicación, así como os medios materiais ou técnicos de que dispoñen para a súa prestación.

– Igualmente, os vixilantes de explosivos deberán dar conta inmediata ao seu xefe ou director de seguridade das anomalías ou deficiencias observadas, así como de calquera outra circunstancia que poida repercutir na seguridade.

b) Protección física e electrónica.

Os equipamentos disporán de:

- Sistema de alarma con conexión á central receptora de alarmas ou centro de control de seguridade que se active en caso de roubo ou intento non autorizado de acceder ao panel de control de produción e de bombeo, de facer funcionar este ou calquera dos contedores de explosivos.
- Pulsador de alarma que permita o seu accionamento manual.
- Sistema de localización GPS ou de posicionamento permanente.
- A central de control de produción e bombeo estará aloxada dentro dun armario ou caixa de grao III da Norma UNE-EN 1143-1 ou de aceiro manufacturado de, polo menos, 4 mm de espesor, dotado de fechadura de seguridade. O armario ou caixa disporá dun detector de apertura/peche.
- Os depósitos, contedores ou compartimentos de almacenamento de produtos disporán dun sistema ou caudalímetro que permita determinar en todo momento a cantidade de material que contén cada un deles, a cantidade de produto final resultante e a cantidade de cada un dos produtos utilizados. Contarán cun sistema de apertura/peche de seguridade.

c) Estacionamento e custodia.

O estacionamento e a custodia do equipamento realizaranse no interior do almacén de materias primas intermedias ou, de ser o caso, nun lugar no interior da mina ou obra subterránea autorizado pola Intervención de Armas e Explosivos da Comandancia da Garda Civil.

Unha vez finalizada a obra, trasladarase o equipamento á fábrica a que estea asociada.

En ambos os casos, o equipamento debe encontrarse baleiro tanto de explosivos como de MPIFE, con excepción de que o equipamento se sitúe no interior dun depósito de explosivos autorizado.

e) Traslado, reparación e mantemento.

O traslado, a reparación ou o mantemento fóra dos lugares autorizados para o seu uso serán autorizados previamente pola Intervención de Armas e Explosivos da Comandancia da Garda Civil, quen establecerá en cada caso as medidas de seguridade que se deberán adoptar.

f) Homologación.

Previamente á súa utilización en territorio español, os equipamentos de bombeo de emulsións, suspensións ou xeles, a granel de interior, coa posibilidade de sensibilización do explosivo, deberán ser homologados e catalogados pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, de conformidade co establecido na ITC número 32.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 2**Requisitos esenciais de seguridade dos explosivos de uso civil***1. Obxecto*

Esta ITC ten por obxecto establecer os requisitos esenciais de seguridade que deben cumprir os explosivos.

2. Requisitos xerais

1. Os explosivos deberán estar deseñados, fabricados e entregados de tal forma que presenten o mínimo risco para a seguridade da vida e a saúde humanas, e eviten danos

aos bens e ao ambiente en condicións normais e previsibles, en particular no que se refire ás regras de seguridade e ás prácticas correctas ata a súa utilización.

2. Os explosivos deberán alcanzar os niveis de rendemento especificados polo fabricante co fin de garantir a máxima seguridade e fiabilidade.

3. Os explosivos deberán estar deseñados e fabricados de tal maneira que, empregando técnicas adecuadas, se poidan eliminar de tal maneira que se reduzan ao mínimo os efectos sobre o ambiente.

3. *Requisitos especiais*

1. Como mínimo, a seguinte información e propiedades deben, de ser o caso, terse en conta ou ser obxecto de ensaio:

a) A concepción e as propiedades características, incluídos a composición química, o grao de homoxeneidade e, de ser o caso, as dimensións e a distribución do tamaño do granulado.

b) A estabilidade física e química do explosivo en todas as condicións ambientais a que poida estar exposto.

c) A sensibilidade ao impacto e á fricción.

d) A compatibilidade de todos os compoñentes no que se refire á súa estabilidade química e física.

e) A pureza química do explosivo.

f) A resistencia do explosivo á auga cando se teña a intención de utilizalo en condicións húmidas ou en auga, e cando a súa seguridade ou fiabilidade se poidan ver adversamente afectadas pola auga.

g) A resistencia a temperaturas baixas e altas, cando se teña intención de manter ou utilizar o explosivo ás ditas temperaturas e a súa seguridade ou fiabilidade se poidan ver adversamente afectadas ao arrefriar ou quentar un compoñente ou o explosivo no seu conxunto.

h) A conveniencia de utilizar o explosivo en ambientes perigosos (por exemplo, contorna con posible presenza de grisú ou masas quentes) se se ten a intención de utilizalo nas ditas condicións.

i) O dispositivo de seguridade para previr unha iniciación ou ignición casual ou extemporánea.

j) A carga e o funcionamento correctos do explosivo cando se utilice para a súa finalidade prevista.

k) As instrucións convenientes e, de ser o caso, as observacións relativas á seguridade de manipulación, almacenamento, utilización e eliminación.

l) A capacidade do explosivo, a súa cuberta ou outros compoñentes, para resistir a deterioración durante o almacenamento ata a data de caducidade especificada polo fabricante.

m) A indicación de todos os dispositivos e accesorios necesarios para un funcionamento fiable e seguro do explosivo.

2. Cada explosivo deberase probar en condicións realistas. Se isto non for posible nun laboratorio, os ensaios efectuaranse nas condicións correspondentes á utilización prevista do explosivo.

3. Requisitos para os grupos de explosivos

3.1 Os explosivos de voadura cumprarán tamén os seguintes requisitos:

a) O método proposto de iniciación deberá garantir unha detonación ou deflagración, segundo proceda, segura, fiable e completa do explosivo de voadura; no caso específico da pólvora negra, controlarase a capacidade de deflagración.

b) Os explosivos de voadura en forma de cartucho deben transmitir a detonación de forma segura e fiable dun extremo a outro da columna de cartuchos.

c) Os gases producidos polos explosivos de voadura destinados á súa utilización subterránea unicamente poderán conter monóxido de carbono, gases nitrosos, outros gases, vapores ou residuos sólidos no aire, en cantidades que non prexudiquen a saúde en condicións normais de funcionamento.

3.2. Os cordóns detonantes, mechas lentas, outras mechas e cordóns de ignición cumprirán tamén os seguintes requisitos:

a) A cuberta dos cordóns detonantes, mechas lentas, outras mechas e cordóns de ignición deberá posuír a suficiente resistencia mecánica e protexer adecuadamente o recheo de explosivo cando se expoña á tensión mecánica normal.

b) Os parámetros dos tempos de combustión das mechas lentas deberanse indicar e cumprir de maneira fiable.

c) Os cordóns detonantes deberanse poder iniciar de maneira fiable, ter suficiente capacidade de iniciación e cumprir os requisitos no que se refire ao almacenamento, mesmo en condicións climáticas especiais.

3.3. Os detonadores (incluídos os detonadores de retardo) e relés cumprirán tamén os seguintes requisitos:

a) Os detonadores deberán iniciar de maneira fiable a detonación dos explosivos de voadura que se teña intención de utilizar conxuntamente con eles en todas as condicións previsibles de utilización.

b) Os detonadores de retardo deberán ser capaces de iniciarse de maneira fiable.

c) A capacidade de iniciación non debe resultar adversamente afectada pola humidade.

d) Os tempos de retardo dos detonadores de retardo deben ser suficientemente uniformes para que o risco de superposición dos tempos de retardo de substitucións próximas sexa insignificante.

e) As características eléctricas dos detonadores eléctricos deberanse indicar na embalaxe (por exemplo, corrente de seguridade ou resistencia).

f) Os cables dos detonadores eléctricos deberán posuír o suficiente illamento e resistencia mecánica, incluída a solidez do seu enlace co detonador, para o uso previsto.

3.4. Os propulantes e combustibles de foguete cumprirán tamén os seguintes requisitos:

a) Estes materiais non deberán detonar cando se utilicen para a súa finalidade prevista.

b) Os propulantes deberanse estabilizar en caso necesario contra a descomposición (por exemplo, os baseados en nitrocelulosa).

c) Os combustibles sólidos de foguete non deberán conter fisura ningunha non intencionada nin burbullas de gas cando veñan en forma comprimida ou fundida que poida afectar perigosamente o seu funcionamento.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 3

Procedementos de avaliación da conformidade

1. Obxecto

O obxecto desta ITC é a descrición dos procedementos de conformidade que pode seguir un fabricante para avaliar a conformidade dos explosivos.

2. Procedementos de avaliación da conformidade

Módulo B: exame UE de tipo

1. O exame UE de tipo é a parte do procedemento de avaliación da conformidade mediante a cal un organismo notificado examina o deseño técnico dun explosivo e verifica e dá fe de que este deseño técnico cumpre o disposto neste regulamento.

2. O exame UE de tipo débese efectuar en forma dunha avaliación da adecuación do deseño técnico do explosivo mediante o exame da documentación técnica e da documentación de apoio a que se fai referencia no punto 3, e en forma de exame dunha mostra, representativa da produción prevista, do produto completo (combinación do tipo de produción e do tipo de deseño).

3. O fabricante presentará unha solicitude de exame UE de tipo ante un único organismo notificado da súa elección.

A dita solicitude comprenderá:

a) O nome e o enderezo do fabricante e, se a solicitude a presenta o representante autorizado, tamén o nome e enderezo deste.

b) Unha declaración por escrito na cal se precise que a mesma solicitude non foi presentada ante outro organismo notificado.

c) A documentación técnica; a documentación técnica permitirá avaliar a conformidade do explosivo aos requisitos aplicables deste regulamento, e incluírá unha análise e unha avaliación do risco adecuados; especificará os requisitos aplicables e recollerá, na medida en que sexa pertinente para a avaliación, o deseño, a fabricación e o funcionamento do explosivo; a documentación técnica conterá, cando cumpra, polo menos os seguintes elementos:

i) Unha descrición xeral do explosivo.

ii) Planos de deseño e de fabricación e esquemas de compoñentes, subconxuntos, circuítos, etc.

iii) As descricións e explicacións necesarias para a comprensión dos ditos planos e esquemas e do funcionamento do explosivo.

iv) Unha lista das normas harmonizadas, aplicadas total ou parcialmente, cuxas referencias se publicasen no *Diario Oficial de la Unión Europea* e, cando non se aplicasen esas normas harmonizadas, a descrición das solucións adoptadas para cumprir os requisitos esenciais de seguridade deste regulamento xunto cunha lista doutras especificacións técnicas pertinentes aplicadas; no caso de normas harmonizadas que se apliquen parcialmente, especificaranse na documentación técnica as partes que se aplicaron.

v) Os resultados dos cálculos de deseño realizados, dos exames efectuados, etc.

vi) Os informes sobre os ensaios.

d) As mostras, representativas da produción prevista; o organismo notificado poderá solicitar outras mostras se o programa de ensaio o require.

e) A documentación de apoio da adecuación do deseño técnico; esta documentación de apoio mencionará todos os documentos que se utilizaron, en particular, no caso de que as normas harmonizadas pertinentes non se aplicasen integramente; a documentación de apoio incluírá, en caso necesario, os resultados dos ensaios realizados de conformidade con outras especificacións técnicas pertinentes polo laboratorio apropiado do fabricante ou por outro laboratorio de ensaio no seu nome e baixo a súa responsabilidade.

4. O organismo notificado encargarse do seguinte:

Respecto do explosivo:

4.1 Examinar a documentación técnica e a documentación de apoio para avaliar a adecuación do deseño técnico do explosivo.

Respecto da mostra ou das mostras:

4.2 Comprobar que foron fabricadas de acordo coa documentación técnica e establecer os elementos que foron deseñados de acordo coas disposicións aplicables das normas harmonizadas pertinentes, así como os elementos que se deseñaron de conformidade con outras especificacións técnicas pertinentes.

4.3 Efectuar, ou facer que se efectúen, os exames e ensaios oportunos para comprobar se, cando o fabricante elixiu aplicar as solucións das normas harmonizadas pertinentes, estas solucións se aplicaron correctamente.

4.4 Efectuar, ou facer que se efectúen, os exames e ensaios oportunos para comprobar se, no caso de que non se aplicasen as solucións das normas harmonizadas pertinentes, as solucións adoptadas polo fabricante para aplicar outras especificacións técnicas pertinentes cumpren os requisitos esenciais de seguridade correspondentes deste regulamento.

4.5 Pórese de acordo co fabricante sobre un lugar onde se vaian efectuar os exames e ensaios.

5. O organismo notificado elaborará un informe de avaliación que recolla as actividades realizadas de conformidade co punto 4 e os seus resultados. Sen prexuízo das súas obrigas respecto das autoridades notificantes, o organismo notificado só dará a coñecer o contido deste informe, integramente ou en parte, co acordo do fabricante.

6. Se o tipo cumpre co disposto neste regulamento que se aplica ao explosivo en cuestión, o organismo notificado expedirá ao fabricante un certificado de exame UE de tipo. O dito certificado incluírá o nome e o enderezo do fabricante, as conclusións do exame, as condicións de validez (de ser o caso) e os datos necesarios para identificar o tipo aprobado. Poderanse achegar un ou varios anexos ao certificado de exame UE de tipo.

O certificado de exame UE de tipo e os seus anexos conterán toda a información pertinente para avaliar a conformidade dos explosivos fabricados co tipo examinado e permitir o control en servizo.

No caso de que o tipo non satisfaga os requisitos aplicables deste regulamento, o organismo notificado negarase a expedir un certificado de exame UE de tipo e informará diso o solicitante, explicando detalladamente a súa negativa.

7. O organismo notificado manterase informado dos cambios no estado da técnica xeralmente recoñecido que indique que o tipo aprobado xa non pode cumprir os requisitos aplicables deste regulamento, e determinará se tales cambios requiren máis investigacións. Nese caso, o organismo notificado informará o fabricante en consecuencia.

O fabricante informará o organismo notificado que teña no seu poder a documentación técnica relativa ao certificado de exame UE de tipo sobre calquera modificación do tipo aprobado que poida afectar a conformidade do explosivo cos requisitos esenciais de seguridade deste regulamento ou as condicións de validez do dito certificado. Tales modificacións requirirán unha aprobación adicional en forma de engadido ao certificado orixinal de exame UE de tipo.

8. Cada organismo notificado informará a súa autoridade notificante sobre os certificados de exame UE de tipo ou sobre calquera engadido a eles que expedise ou retirase e, periodicamente ou logo de solicitude, porá á disposición da súa autoridade notificante a lista dos ditos certificados ou engadidos a eles que fosen rexeitados, suspendidos ou restrinxidos doutro xeito.

Cada organismo notificado informará os demais organismos notificados sobre os certificados de exame UE de tipo ou sobre os engadidos a eles que rexeitase, retirase, suspendese ou restrinxise doutro xeito e, logo de solicitude, sobre os ditos certificados ou os engadidos a eles que expedise.

A Comisión Europea, os Estados membros e os demais organismos notificados poderán, logo de solicitude, obter unha copia dos certificados de exame UE de tipo ou os seus engadidos. Logo de solicitude, a Comisión Europea e os Estados membros poderán obter unha copia da documentación técnica e dos resultados dos exames efectuados polo

organismo notificado. O organismo notificado estará en posesión dunha copia do certificado de exame UE de tipo, dos seus anexos e dos seus engadidos, así como do expediente técnico que inclúa a documentación presentada polo fabricante ata o final da validez do dito certificado.

9. O fabricante porá á disposición das autoridades nacionais unha copia do certificado de exame UE de tipo, dos seus anexos e dos seus engadidos, así como a documentación técnica durante un período de dez anos despois da introdución do explosivo no mercado.

10. O representante autorizado do fabricante poderá presentar a solicitude a que se fai referencia no punto 3 e cumprir as obrigas recollidas nos puntos 7 e 9, sempre que estean especificadas no seu mandato.

Módulo C2: conformidade co tipo baseada no control interno da produción máis control supervisado dos produtos a intervalos aleatorios

1. A conformidade co tipo baseada no control interno da produción máis control supervisado a intervalos aleatorios dos produtos é a parte dun procedemento de avaliación da conformidade mediante a cal o fabricante cumpre as obrigas establecidas nos puntos 2, 3 e 4 e garante e declara, baixo a súa exclusiva responsabilidade, que os explosivos en cuestión son conformes co tipo descrito no certificado de exame UE de tipo e cumpren os requisitos deste regulamento que son aplicables.

2. Fabricación.

O fabricante tomará todas as medidas necesarias para que o proceso de fabricación e o seu seguimento garantan a conformidade dos explosivos fabricados co tipo descrito no certificado de exame UE de tipo e cos requisitos deste regulamento que son aplicables.

3. Control do produto.

Un organismo notificado elixido polo fabricante realizará controis do produto ou fará que se realicen a intervalos aleatorios determinados polo dito organismo, co fin de comprobar a calidade do control interno do produto tendo en conta, entre outras cousas, a complexidade tecnolóxica dos explosivos e a cantidade producida. Examinarase unha mostra adecuada do produto acabado, tomada *in situ* polo organismo notificado antes da súa introdución no mercado, e efectuaranse os ensaios adecuados, sinalados por partes pertinentes das normas harmonizadas, ou ben ensaios equivalentes establecidos noutras especificacións técnicas pertinentes, para comprobar a conformidade do explosivo co tipo descrito no certificado de exame UE de tipo e cos requisitos pertinentes deste regulamento. Nos casos en que unha mostra non alcance un nivel de calidade aceptable, o organismo notificado adoptará as medidas oportunas.

O procedemento de mostraxe de aceptación que se debe aplicar ten por obxecto determinar se o proceso de fabricación do explosivo se leva a cabo dentro de límites aceptables, con vistas a garantir a conformidade do explosivo.

O fabricante, baixo a responsabilidade do organismo notificado, colocará o número de identificación do organismo notificado durante o proceso de fabricación.

4. Marcación CE e declaración UE de conformidade.

4.1. O fabricante colocará a marcación CE en cada explosivo que sexa conforme co tipo descrito no certificado de exame UE de tipo e satisfaga os requisitos aplicables deste regulamento.

4.2. O fabricante redactará unha declaración UE de conformidade para cada tipo de explosivo e manteraa á disposición das autoridades nacionais durante un período de dez anos despois da introdución do explosivo no mercado. Na declaración UE de conformidade identificarase o tipo de explosivo para o cal foi elaborada.

Facilitaráselles unha copia da declaración UE de conformidade ás autoridades competentes logo de solicitude.

5. Representante autorizado.

As obrigas do fabricante mencionadas no punto 4 poderá cumprilas o seu representante autorizado, no seu nome e baixo a súa responsabilidade, sempre que estean especificadas no seu mandato.

Módulo D: conformidade co tipo baseada no aseguramento da calidade do proceso de produción

1. A conformidade co tipo baseada no aseguramento da calidade do proceso de produción é a parte dun procedemento de avaliación da conformidade mediante a cal o fabricante cumpre as obrigas establecidas nos puntos 2 e 5 e garante e declara, baixo a súa exclusiva responsabilidade, que os explosivos en cuestión son conformes co tipo descrito no certificado de exame UE de tipo e satisfán os requisitos deste regulamento que son aplicables.

2. Fabricación.

O fabricante xestionará un sistema aprobado de calidade para a produción, así como para a inspección dos produtos acabados e os ensaios dos explosivos segundo o especificado no punto 3, e estará suxeito á vixilancia a que se refire o punto 4.

3. Sistema de calidade.

3.1. O fabricante presentará ante o organismo notificado da súa elección unha solicitude de avaliación do seu sistema de calidade para os explosivos de que se trate.

A dita solicitude comprenderá:

- a) O nome e o enderezo do fabricante e, se a solicitude a presenta o representante autorizado, tamén o nome e enderezo deste.
- b) Unha declaración por escrito na cal se precise que esta solicitude non foi presentada ante outro organismo notificado.
- c) Toda a información pertinente segundo a categoría de explosivo de que se trate.
- d) A documentación relativa ao sistema de calidade.
- e) A documentación técnica do modelo aprobado e unha copia do certificado de exame UE de tipo.

3.2. O sistema de calidade garantirá que os explosivos son conformes co tipo descrito no certificado de exame UE de tipo e satisfán os requisitos deste regulamento que lles son aplicables.

Todos os elementos, requisitos e disposicións adoptados polo fabricante figurarán nunha documentación levada de maneira sistemática e ordenada en forma de medidas, procedementos e instrucións, todos eles por escrito. A documentación do sistema de calidade permitirá unha interpretación uniforme dos programas, plans, manuais e expedientes de calidade.

En especial, incluírá unha descrición adecuada:

- a) Dos obxectivos de calidade, do organigrama e das responsabilidades e poderes do persoal de xestión no que se refire á calidade dos produtos.
- b) Das correspondentes técnicas, procesos e accións sistemáticas de fabricación, control da calidade e aseguramento da calidade que se utilizarán.
- c) Dos exames e ensaios que se efectuarán antes, durante e despois da fabricación e da súa frecuencia.
- d) Dos expedientes de calidade, tales como os informes de inspección, os datos sobre ensaios e calibración, os informes sobre a cualificación do persoal afectado, etc.
- e) Dos medios con que se fai o seguimento da consecución da calidade dos produtos exixida e do funcionamento eficaz do sistema de calidade.

3.3. O organismo notificado avaliará o sistema de calidade para determinar se cumpre os requisitos a que se refire o punto 3.2.

Dará por suposta a conformidade cos ditos requisitos dos elementos do sistema de calidade que cumpran as especificacións correspondentes da norma harmonizada correspondente.

Ademais de experiencia en sistemas de xestión da calidade, o equipo de auditores contará, polo menos, cun membro que posúa experiencia en avaliación no campo e tecnoloxía do produto de que se trate, así como coñecementos sobre os requisitos aplicables deste regulamento. A auditoría incluírá unha visita de avaliación ás instalacións do fabricante. O equipo de auditores revisará a documentación técnica mencionada no punto 3.1, letra e), para comprobar se o fabricante é capaz de identificar os requisitos pertinentes deste regulamento e de efectuar os exames necesarios, co fin de garantir que o explosivo cumpre os ditos requisitos.

A decisión notificaráselle ao fabricante. A notificación incluírá as conclusións da auditoría e a decisión de avaliación motivada.

3.4. O fabricante comprometerase a cumprir as obrigas que deriven do sistema de calidade, tal como estea aprobado, e a mantelo de forma que siga resultando adecuado e eficaz.

3.5. O fabricante manterá informado o organismo notificado que aprobouse o sistema de calidade de calquera adaptación prevista do dito sistema.

O organismo notificado avaliará as adaptacións propostas e decidirá se o sistema de calidade modificado responde aínda aos requisitos recollidos no punto 3.2 ou se é necesaria unha nova avaliación.

Notificaralle a súa decisión ao fabricante. A notificación incluírá as conclusións do exame e a decisión de avaliación motivada.

4. Vixilancia baixo a responsabilidade do organismo notificado.

4.1. O obxectivo da vixilancia consiste en verificar que o fabricante cumpre debidamente as obrigas que lle impón o sistema de calidade aprobado.

4.2. O fabricante permitirá a entrada do organismo notificado nos locais de fabricación, inspección, ensaio e almacenamento, para os efectos de avaliación, e proporcionaralle toda a información necesaria, en especial:

- a) A documentación relativa ao sistema de calidade.
- b) Os expedientes de calidade, tales como os informes de inspección, os datos sobre ensaios e calibración, os informes sobre a cualificación do persoal afectado, etc.

4.3. O organismo notificado efectuará auditorías periódicas co fin de asegurarse de que o fabricante mantén e aplica o sistema de calidade, e facilitaralle ao fabricante un informe da auditoría.

4.4. Por outra banda, o organismo notificado poderá efectuar visitas inesperadas ao fabricante. No transcurso das ditas visitas, o organismo notificado poderá efectuar ou facer efectuar, se se considera necesario, ensaios dos produtos co obxecto de comprobar o bo funcionamento do sistema de calidade. O dito organismo presentarlle ao fabricante un informe da visita e, se se realizou algún ensaio, un informe deste.

5. Marcación CE e declaración UE de conformidade.

5.1. O fabricante colocará a marcación CE e, baixo a exclusiva responsabilidade do organismo notificado mencionado no punto 3.1, o número de identificación deste último en cada explosivo que sexa conforme o tipo descrito no certificado de exame UE de tipo e satisfaga os requisitos aplicables deste regulamento.

5.2. O fabricante redactará unha declaración UE de conformidade para cada tipo de explosivo e manteraa á disposición das autoridades nacionais durante un período de dez anos despois da introdución do explosivo no mercado. Na declaración UE de conformidade identificarase o tipo de explosivo para o cal foi elaborada.

Facilitaráselles unha copia da declaración UE de conformidade ás autoridades competentes logo de solicitude.

6. O fabricante manterá á disposición das autoridades nacionais durante dez anos despois da introdución do explosivo no mercado:

- a) A documentación a que se refire o punto 3.1.
- b) A información relativa á adaptación a que se refire o punto 3.5 que se aprobou.
- c) As decisións e os informes do organismo notificado a que se refiren os puntos 3.5, 4.3 e 4.4.

7. Cada organismo notificado informará a súa autoridade notificante sobre as aprobacións de sistemas de calidade expedidas ou retiradas e, periodicamente ou logo de solicitude, porá á disposición da súa autoridade notificante a lista de aprobacións de sistemas de calidade que rexeitase, suspendese ou restrinxise doutro xeito.

Cada organismo notificado informará os demais organismos notificados sobre as aprobacións de sistemas de calidade que rexeitase, suspendese, retirase ou restrinxise doutro xeito e, logo de solicitude, das aprobacións de sistemas de calidade que expedise.

8. Representante autorizado.

As obrigas do fabricante mencionadas nos puntos 3.1, 3.5, 5 e 6 poderá cumprilas o seu representante autorizado, no seu nome e baixo a súa responsabilidade, sempre que estean especificadas no seu mandato.

Módulo E: conformidade co tipo baseada no aseguramento da calidade do produto

1. A conformidade co tipo baseada no aseguramento da calidade do produto é a parte dun procedemento de avaliación da conformidade mediante a cal o fabricante cumpre as obrigas establecidas nos puntos 2 e 5 e garante e declara, baixo a súa exclusiva responsabilidade, que os explosivos en cuestión son conformes co tipo descrito no certificado de exame UE de tipo e satisfán as disposicións deste regulamento que lles son aplicables.

2. Fabricación.

O fabricante xestionará un sistema aprobado de calidade para a inspección dos produtos acabados e os ensaios dos explosivos segundo o especificado no punto 3 e estará suxeito á vixilancia a que se refire o punto 4.

3. Sistema de calidade.

3.1. O fabricante presentará ante o organismo notificado da súa elección unha solicitude de avaliación do seu sistema de calidade para os explosivos de que se trate.

A dita solicitude comprenderá:

- a) O nome e o enderezo do fabricante e, se a solicitude a presenta o representante autorizado, tamén o nome e enderezo deste.
- b) Unha declaración por escrito na cal se precise que a mesma solicitude non foi presentada ante outro organismo notificado.
- c) Toda a información pertinente segundo a categoría de explosivo de que se trate.
- d) A documentación relativa ao sistema de calidade.
- e) A documentación técnica do modelo aprobado e unha copia do certificado de exame UE de tipo.

3.2. O sistema de calidade garantirá que os explosivos son conformes co tipo descrito no certificado de exame UE de tipo e cos requisitos aplicables deste regulamento.

Todos os elementos, requisitos e disposicións adoptados polo fabricante figurarán nunha documentación levada de maneira sistemática e ordenada en forma de medidas,

procedementos e instrucións, todos eles por escrito. A citada documentación do sistema de calidade permitirá unha interpretación uniforme dos programas, plans, manuais e expedientes de calidade.

En especial, incluírá unha descrición adecuada:

- a) Dos obxectivos de calidade, do organigrama e das responsabilidades e poderes do persoal de xestión no que se refire á calidade dos produtos.
- b) Dos exames e ensaios que se efectuarán despois da fabricación.
- c) Dos expedientes de calidade, tales como os informes de inspección e os datos sobre ensaios e calibración, os informes sobre a cualificación do persoal afectado, etc.
- d) Dos medios con que se fai o seguimento do funcionamento eficaz do sistema de calidade.

3.3 O organismo notificado avaliará o sistema de calidade para determinar se cumpre os requisitos a que se refire o punto 3.2.

Dará por suposta a conformidade cos ditos requisitos dos elementos do sistema de calidade que cumpran as especificacións correspondentes da norma harmonizada correspondente.

Ademais de experiencia en sistemas de xestión da calidade, o equipo de auditores contará polo menos cun membro que posúa experiencia en avaliación no campo e na tecnoloxía do produto de que se trate, así como coñecementos sobre os requisitos aplicables deste regulamento. A auditoría incluírá unha visita de avaliación ás instalacións do fabricante. O equipo de auditores revisará a documentación técnica mencionada no punto 3.1, letra e), para comprobar se o fabricante é capaz de identificar os requisitos pertinentes deste regulamento e de efectuar os exames necesarios, co fin de garantir que o explosivo cumpre os ditos requisitos.

A decisión notificaráselle ao fabricante. A notificación incluírá as conclusións da auditoría e a decisión de avaliación motivada.

3.4 O fabricante comprometerase a cumprir as obrigas que deriven do sistema de calidade tal como estea aprobado e a mantelo de forma que siga resultando adecuado e eficaz.

3.5 O fabricante manterá informado o organismo notificado que aprobouse o sistema de calidade de calquera adaptación prevista do dito sistema.

O organismo notificado avaliará as adaptacións propostas e decidirá se o sistema de calidade modificado responde aínda aos requisitos recollidos no punto 3.2 ou se é necesaria unha nova avaliación.

Notificaralle a súa decisión ao fabricante. A notificación incluírá as conclusións do exame e a decisión de avaliación motivada.

4. Vixilancia baixo a responsabilidade do organismo notificado.

4.1. O obxectivo da vixilancia consiste en verificar que o fabricante cumpre debidamente as obrigas que lle impón o sistema de calidade aprobado.

4.2. O fabricante permitirá a entrada do organismo notificado nos locais de fabricación, inspección, ensaio e almacenamento, para os efectos de avaliación, e proporcionaralle toda a información necesaria, en especial:

- a) A documentación relativa ao sistema de calidade.
- b) Os expedientes de calidade, tales como os informes de inspección, os datos sobre ensaios e calibración, os informes sobre a cualificación do persoal afectado, etc.

4.3. O organismo notificado efectuará auditorías periódicas co fin de asegurarse de que o fabricante mantén e aplica o sistema de calidade, e facilitaralle ao fabricante un informe da auditoría.

4.4. Por outra banda, o organismo notificado poderá efectuar visitas inesperadas ao fabricante. No transcurso das ditas visitas, o organismo notificado poderá efectuar ou facer

efectuar, se se considera necesario, ensaios dos produtos co obxecto de comprobar o bo funcionamento do sistema de calidade. O dito organismo presentaralle ao fabricante un informe da visita e, se se realizou algún ensaio, un informe deste.

5. Marcación CE e declaración UE de conformidade.

5.1. O fabricante colocará a marcación CE e, baixo a exclusiva responsabilidade do organismo notificado mencionado no punto 3.1, o número de identificación deste último en cada explosivo que sexa conforme o tipo descrito no certificado de exame UE de tipo e satisfaga os requisitos aplicables deste regulamento.

5.2. O fabricante redactará unha declaración UE de conformidade para cada tipo de explosivo e manteraa á disposición das autoridades nacionais durante un período de dez anos despois da introdución do explosivo no mercado. Na declaración UE de conformidade identificarase o tipo de explosivo para o cal foi elaborada.

Facilitaráselles unha copia da declaración UE de conformidade ás autoridades competentes logo de solicitude.

6. O fabricante manterá á disposición das autoridades nacionais durante dez anos despois da introdución do explosivo no mercado:

- a) A documentación a que se refire o punto 3.1.
- b) A información relativa á adaptación a que se refire o punto 3.5 que se aprobou.
- c) As decisións e os informes do organismo notificado a que se refiren os puntos 3.5, 4.3 e 4.4.

7. Cada organismo notificado informará a súa autoridade notificante sobre as aprobacións de sistemas de calidade expedidas ou retiradas e, periodicamente ou logo solicitude, porá á disposición da súa autoridade notificante a lista de aprobacións de sistemas de calidade que rexeitase, suspendese ou restrinxise doutro xeito.

Cada organismo notificado informará os demais organismos notificados sobre as aprobacións de sistemas de calidade que rexeitase, suspendese ou retirase e, logo de solicitude, das aprobacións de sistemas de calidade que expedise.

8. Representante autorizado.

As obrigas do fabricante mencionadas nos puntos 3.1, 3.5, 5 e 6 poderá cumprilas o seu representante autorizado, no seu nome e baixo a súa responsabilidade, sempre que estean especificadas no seu mandato.

Módulo F: conformidade co tipo baseada na verificación do produto

1. A conformidade co tipo baseada na verificación do produto é a parte dun procedemento mediante o cal o fabricante cumpre as obrigas establecidas nos puntos 2, 5.1 e 6 e garante e declara, baixo a súa exclusiva responsabilidade, que os explosivos en cuestión, que se axustan ás disposicións do punto 3, son conformes co tipo descrito no certificado de exame UE de tipo e cumpren as disposicións deste regulamento que lles son aplicables.

2. Fabricación.

O fabricante adoptará as medidas necesarias para que o procedemento de fabricación e o seu seguimento garantan a conformidade dos explosivos fabricados co tipo aprobado descrito no certificado de exame UE de tipo e cos requisitos deste regulamento que lles aplican.

3. Verificación.

Un organismo notificado elixido polo fabricante efectuará os exames e ensaios pertinentes co fin de verificar a conformidade dos explosivos co tipo aprobado descrito no certificado de exame UE de tipo e cos requisitos correspondentes deste regulamento.

Os exames e ensaios para comprobar a conformidade dos explosivos cos requisitos correspondentes levaranse a cabo, por elección do fabricante, mediante exame e ensaio de cada produto, tal como se especifica no punto 4, ou mediante o exame e ensaio dos explosivos sobre unha base estatística, segundo se especifica no punto 5.

4. Verificación da conformidade mediante exame e ensaio de cada produto.

4.1 Examinaranse un por un todos os explosivos e realizaranse os ensaios adecuados definidos na norma ou normas harmonizadas ou efectuaranse ensaios equivalentes establecidos noutras especificacións técnicas pertinentes para verificar a súa conformidade co tipo aprobado descrito no certificado de exame UE de tipo e cos requisitos correspondentes deste regulamento. Na falta de tales normas harmonizadas, o organismo notificado de que se trate decidirá os ensaios oportunos que se deberán realizar.

4.2. O organismo notificado expedirá un certificado de conformidade relativo aos exames e ensaios efectuados e colocará o seu número de identificación en cada explosivo aprobado ou fará que este sexa colocado baixo a súa responsabilidade.

O fabricante manterá os certificados de conformidade dispoñibles para a súa inspección por parte das autoridades nacionais durante un período de dez anos despois da introdución do explosivo no mercado.

5. Verificación estatística da conformidade.

5.1 O fabricante tomará todas as medidas necesarias para que o proceso de fabricación e o seu seguimento garantan a homoxeneidade de cada lote que se produza, e presentará os seus explosivos para a súa verificación en forma de lotes homoxéneos.

5.2 Seleccionarase ao azar unha mostra de cada lote. Todos os explosivos dunha mostra se examinarán individualmente e realizaranse os ensaios apropiados establecidos nas normas harmonizadas ou ensaios equivalentes establecidos noutras especificacións técnicas pertinentes, para comprobar a súa conformidade co tipo aprobado descrito no certificado de exame UE de tipo e cos requisitos aplicables deste regulamento, e determinar se o lote se acepta ou se rexeita. Na falta de tales normas harmonizadas, o organismo notificado de que se trate decidirá os ensaios oportunos que se deberán realizar.

5.3 Se se acepta un lote, apróbanse todos os explosivos de que consta o lote, coa excepción dos explosivos da mostra que non superasen satisfactoriamente os ensaios.

O organismo notificado expedirá un certificado de conformidade relativo aos exames e ensaios efectuados e colocará o seu número de identificación en cada explosivo aprobado ou fará que este sexa colocado baixo a súa responsabilidade.

O fabricante manterá os certificados de conformidade á disposición das autoridades nacionais durante un período de dez anos despois da introdución do explosivo no mercado.

5.4 Se un lote é rexeitado, o organismo notificado ou a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas tomarán as medidas pertinentes para impedir a introdución no mercado do dito lote. No caso de rexeitamento frecuente de lotes, o organismo notificado poderá suspender a verificación estatística e tomar as medidas oportunas.

6. Marcación CE e declaración UE de conformidade.

6.1 O fabricante colocará a marcación CE e, baixo a responsabilidade do organismo notificado mencionado no punto 3, o número de identificación deste último en cada explosivo que sexa conforme o tipo aprobado descrito no certificado de exame UE de tipo e satisfaga os requisitos aplicables deste regulamento.

6.2 O fabricante redactará unha declaración UE de conformidade para cada tipo de explosivo e manteraa á disposición das autoridades nacionais durante un período de dez anos despois da introdución do explosivo no mercado. Na declaración UE de conformidade identificarase o tipo de explosivo para o cal foi elaborada.

Facilitaráselles unha copia da declaración UE de conformidade ás autoridades competentes logo de solicitude.

Se así o acordou o organismo notificado mencionado no punto 3, o fabricante colocará igualmente o número de identificación do organismo notificado nos explosivos, baixo a responsabilidade deste último.

O fabricante poderá, se así o acorda o organismo notificado e baixo a súa responsabilidade, colocar o número de identificación do organismo notificado nos explosivos durante o proceso de fabricación.

7. Representante autorizado.

As obrigas do fabricante poderá cumprilas o seu representante autorizado, no seu nome e baixo a súa responsabilidade, sempre que estean especificadas no seu mandato. O representante autorizado non poderá cumprir as obrigas do fabricante mencionadas nos puntos 2 e 5.1.

Módulo G: conformidade co tipo baseada na verificación por unidade

1. A conformidade baseada na verificación por unidade é o procedemento de avaliación da conformidade mediante o cal o fabricante cumpre as obrigas establecidas nos puntos 2, 3 e 5, e garante e declara, baixo a súa exclusiva responsabilidade, que o explosivo en cuestión, que se axusta ao disposto no punto 4, é conforme os requisitos deste regulamento que lle son aplicables.

2. Documentación técnica.

2.1 O fabricante elaborará a documentación técnica e poraa á disposición do organismo notificado a que se refire o punto 4. A documentación permitirá avaliar se o explosivo cumpre os requisitos pertinentes e incluírá unha análise e unha avaliación do risco adecuadas. Especificará os requisitos aplicables e recollerá, na medida en que sexa pertinente para a avaliación, o deseño, a fabricación e o funcionamento do explosivo; a documentación técnica incluírá, cando cumpra, polo menos os seguintes elementos:

- a) Unha descrición xeral do explosivo.
- b) Os planos de deseño e de fabricación e esquemas dos compoñentes, subconxuntos, circuítos, etc.
- c) As descrições e explicacións necesarias para a comprensión dos ditos planos e esquemas e do funcionamento do explosivo.
- d) Unha lista das normas harmonizadas, aplicadas total ou parcialmente, cuxas referencias se publicaron no *Diario Oficial de la Unión Europea* e, cando non se aplicasen esas normas harmonizadas, a descrición das solucións adoptadas para cumprir os requisitos de seguridade esenciais deste regulamento xunto cunha lista doutras especificacións técnicas pertinentes aplicadas; no caso de normas harmonizadas que se apliquen parcialmente, especificaranse na documentación técnica as partes que se aplicaron.
- e) Os resultados dos cálculos de deseño realizados, dos exames efectuados, etc.
- f) Os informes sobre os ensaios.

2.2 O fabricante manterá a documentación técnica á disposición das autoridades nacionais pertinentes durante un período de dez anos despois da introdución do explosivo no mercado.

3. Fabricación.

O fabricante tomará todas as medidas necesarias para que o proceso de fabricación e o seu seguimento garantan a conformidade do explosivo fabricado cos requisitos aplicables deste regulamento.

4. Verificación.

Un organismo notificado elixido polo fabricante realizará, ou fará que se realicen, os exames e ensaios apropiados, como se establece nas normas harmonizadas ou ensaios equivalentes establecidos noutras especificacións técnicas pertinentes, para comprobar a conformidade do explosivo cos requisitos aplicables deste regulamento. Na falta de tales normas harmonizadas, o organismo notificado de que se trate decidirá os ensaios oportunos que se deberán realizar.

O organismo notificado emitirá un certificado de conformidade relativo aos exames e ensaios efectuados e colocará o seu número de identificación no explosivo aprobado, ou fará que este sexa colocado baixo a súa responsabilidade.

O fabricante manterá os certificados de conformidade á disposición das autoridades nacionais durante un período de dez anos despois da introdución do explosivo no mercado.

5. Marcación CE e declaración UE de conformidade.

5.1 O fabricante colocará a marcación CE e, baixo a responsabilidade do organismo notificado mencionado no punto 4, o número de identificación deste último en cada explosivo que satisfaga os requisitos aplicables deste regulamento.

5.2 O fabricante redactará unha declaración UE de conformidade e manteraa á disposición das autoridades nacionais durante un período de dez anos despois da introdución do explosivo no mercado. Na declaración UE de conformidade identificarase o explosivo para o cal foi elaborada.

Facilitaráselles unha copia da declaración UE de conformidade ás autoridades competentes logo de solicitude.

6. Representante autorizado.

As obrigas do fabricante mencionadas nos puntos 2.2 e 5 poderá cumprilas o seu representante autorizado, no seu nome e baixo a súa responsabilidade, sempre que estean especificadas no seu mandato.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 4

Catalogación de explosivos

1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta ITC ten por obxecto establecer o procedemento para a catalogación dos explosivos, previamente á súa importación, transferencia, almacenamento, distribución e utilización.

2. *Xeneralidades*

A catalogación de explosivos require que tales produtos obteñan os certificados de conformidade e marcación CE e que, por tanto, fosen sometidos a un procedemento de avaliación da conformidade segundo os procedementos mencionados na ITC número 3, e que cumpran cos requisitos de seguridade que lles sexan aplicables, segundo o disposto na ITC número 2.

A catalogación dos explosivos implicará a autorización de almacenamento, distribución, comercialización e utilización dos ditos produtos.

Na resolución de catalogación dos explosivos deberase reflectir:

- a) A súa asignación, para os efectos da gradación do risco involucrado no seu almacenamento e transporte, a unha das divisións establecidas no artigo 8.
- b) O seu encadramento nun dos grupos de compatibilidade detallados na ITC número 16.
- c) A súa clasificación de acordo co artigo 9.
- d) De ser o caso, as súas condicións particulares de emprego ou restricións de utilización en relación coas características específicas dos labores a que se destinen.
- e) Nome/s comercial/ais e variantes comerciais.
- f) Calquera outro requisito adicional ou medida de seguridade complementaria que se considere conveniente especificar.
- g) Prazo de validez da catalogación.

A catalogación dos explosivos e a súa inclusión no catálogo oficial a que fai referencia o artigo 14 efectuarase mediante a atribución a cada substancia ou produto concreto dunha numeración formada por cinco grupos de números coa seguinte significación:

- Primeiro grupo: formado por catro díxitos, indicativo do número correlativo de catalogación.
- Segundo grupo: formado por un máximo de catro díxitos, de acordo coa clasificación do artigo 9.
- Terceiro grupo: formado por un díxito, que identifique, se é 1, que o fabricante pertence á Unión Europea e, se é 0, que o fabricante ten outra nacionalidade.
- Cuarto grupo: formado por catro díxitos, para indicar o número ONU da materia ou obxecto.
- Quinto grupo: formado por dous díxitos e unha letra, para identificar a división de risco, conforme o artigo 8, e o grupo de compatibilidade, segundo a ITC número 16.

No caso de se utilizar o módulo F, a catalogación limitase ao lote a que lle corresponde, que foi obxecto do certificado de conformidade co tipo

3. Procedemento para a catalogación

Solicitud de inclusión no catálogo:

A catalogación dun explosivo solicitaráa, mediante a sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, segundo modelo reflectido no anexo desta ITC, o fabricante, importador ou distribuidor que primeiro pretenda introducir o explosivo no territorio español, á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, e indicará o seguinte:

- Identificación do solicitante.
- Identificación do fabricante ou importador, con indicación da fábrica onde se fabrica o explosivo ao cal se aplicarán os módulos de conformidade D, F ou G, segundo proceda.
- Identificación, de ser o caso, da entidade que sustenta o módulo de control do produto (módulos C2 e E).
- Tipo e clase do explosivo.
- Nome/s comercial/ais e variantes comerciais.

Xunto coa solicitud achegarase a seguinte documentación redactada, polo menos, en castelán:

- Borrador de declaración de conformidade conforme o modelo establecido na ITC número 27, emitida polo fabricante ou polo seu mandatario na Unión Europea.
- Memoria técnica do produto cuxa catalogación se solicita, que comprende a descrición, as características e as propiedades, con información suficiente.
- Copia dos documentos emitidos polos organismos notificados para a avaliación da conformidade, de ser o caso:

- Exame UE de tipo (módulo B) en que se basea a declaración de conformidade e notificación da aplicación dos módulos: C2: conformidade co tipo baseada no control interno da produción máis control supervisado a intervalos aleatorios, D: conformidade co tipo baseada no aseguramento de calidade do proceso de produción, E: conformidade co tipo baseada no aseguramento da calidade do produto, ou F: verificación do produto, que o fabricante elixise para a fase de fabricación, ou
 - Certificado de calidade de módulo G: conformidade baseada na verificación por unidade.
 - Proposta de número ONU, división de risco e grupo de compatibilidade.
 - Instrucións de uso.
 - Ficha de datos de seguridade.

As solicitudes de catalogación de explosivos presentaranse por vía electrónica, con certificado electrónico, na sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, procedemento CATEX.

Notificación ao interesado:

Á vista da documentación presentada, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas incluírá o explosivo solicitado no rexistro, asignaralle a división de risco e grupo de compatibilidade e comunicarllo ao interesado.

No caso de que a documentación achegada non se axuste ao establecido no número 3, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas notificaralle ao solicitante este feito para a súa emenda.

Modificacións no produto catalogado:

Calquera modificación relativa ás características do produto que poida afectar a súa marcación CE será comunicada ao organismo notificado, que avaliará as novas condicións e emitirá un suplemento de certificado ou un novo, de ser o caso. Cos novos documentos o interesado informará a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 5

Identificación e rastrexabilidade de explosivos con fins civís

1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta ITC ten por obxecto establecer un sistema harmonizado para a identificación única e a rastrexabilidade dos explosivos con usos civís, como un desenvolvemento do artigo 7, e en cumprimento do disposto no artigo 15 da Directiva 2014/28/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, relativa á harmonización das lexislacións dos Estados membros en materia de comercialización e control de explosivos con fins civís.

O sistema de identificación e rastrexabilidade de explosivos con fins civís non se aplicará ás municións nin aos explosivos transportados e entregados sen embalar ou en camións cisterna para a súa descarga directa no barreno cuxo transporte a granel estea regulamentariamente autorizado. Tampouco será de aplicación aos explosivos fabricados no lugar da voadura e que se cargan directamente ao barreno (fabricados en MEMU).

O sistema de identificación e rastrexabilidade de explosivos con fins civís tampouco se aplicará a:

- a) Mechas, que son dispositivos de ignición, non detonantes, de tipo cordón.
- b) Mechas de seguridade, consistentes nunha alma de fino po negro rodeada dun tecido flexible cun ou máis revestimentos exteriores de protección e que, unha vez acesos, arden a unha velocidade predeterminada sen ningún efecto explosivo externo.

c) Cartuchos-cebo ou pistóns, consistentes nun caparucho de metal ou plástico que contén unha pequena cantidade dunha mestura explosiva primaria de rápida ignición por impacto e que serven como elementos de ignición para cartuchos de armas pequenas ou en cebos de percusión para cargas propulsoras.

2. *Identificación única, marcación e fixación do produto*

Todas as persoas físicas ou xurídicas en posesión de licenza ou autorización para a fabricación e importación de explosivos deberán marcar os explosivos e cada unha das unidades de envase máis pequenas cunha identificación única ou clave de identificación, sen prexuízo do disposto no capítulo I do título IV.

A identificación única deberase marcar ou fixar firmemente no artigo en cuestión dunha forma duradeira e claramente lexible.

A identificación única debe permitir o seguimento das subministracións de explosivos de fábricas a depósitos e destes entre si e aos consumidores finais.

Cando un explosivo se someta a ulteriores procesos de fabricación, os fabricantes non estarán obrigados a marcalo cunha nova identificación, salvo que a identificación orixinal non quedase marcada ou fixada firmemente no artigo de forma duradeira e claramente lexible.

A identificación única non será necesaria para os explosivos que se fabriquen para a exportación e se marquen cunha identificación que sexa conforme cos requisitos do país importador e permita a rastrexabilidade do explosivo.

As identificacións únicas deberán figurar nas correspondentes guías de circulación, conforme o previsto na ITC número 1, e poderanse anotar, se son correlativas, unicamente a primeira e a última.

A identificación única deberá comprender os elementos descritos no anexo.

3. *Normas para o control da tenza de explosivos*

As persoas físicas ou xurídicas responsables da transferencia ou importación de explosivos en España deberanse someter, desde o momento da entrada dos ditos produtos en territorio nacional, á normativa aplicable para o efecto, para os titulares dos depósitos industriais e comerciais, establecida no articulado do Regulamento de explosivos.

Se un explosivo se importa ou se transfere a España cunha identificación única xa fixada, o responsable da súa distribución deberalle proporcionar á Intervención Central de Armas e Explosivos os datos relativos ao produto para a súa comprobación e coñecemento.

Cando os distribuidores envasen de novo os produtos que vaian fornecer, deberán fixar a identificación única no explosivo e na unidade de envase máis pequena.

1. Explosivos fabricados en España: no caso de explosivos fabricados en España, todas as persoas físicas ou xurídicas en posesión de licenza ou autorización para a dita fabricación de explosivos deberán presentar ante a Intervención Central de Armas e Explosivos unha proposta da identificación única dos seus produtos, excepto no relativo ao segundo grupo do código de identificación alfanumérico. Será a dita Intervención Central de Armas e Explosivos a que atribuirá os tres díxitos identificativos do nome do lugar de fabricación do segundo grupo do código de identificación alfanumérico, e outorgará sempre o mesmo número a cada lugar de fabricación.

A Intervención Central de Armas e Explosivos notificaralle ao solicitante a súa resolución, na cal comunicará a súa conformidade coa proposta presentada e a súa consecuente autorización ou a súa denegación motivada. A Intervención Central de Armas e Explosivos deberá autorizar ou denegar tamén de forma expresa calquera modificación que se pretenda incluír nunha identificación única xa autorizada.

2. Explosivos fabricados fóra da Unión Europea: todo fabricante establecido nun Estado membro da Unión Europea ou nun Estado asinante do Espazo Económico Europeo que pretenda importar ao Reino de España, para a súa posta no mercado comunitario por primeira vez, explosivo fabricado nun lugar de fabricación situado fóra da Unión Europea ou

fóra dun Estado que asinase un acordo *ad hoc* deberá solicitarlle á Intervención Central de Armas e Explosivos, con carácter previo á importación, a atribución do segundo grupo do código de identificación alfanumérico, que será sempre o mesmo para cada lugar de fabricación.

No caso de que o fabricante non estea establecido nun Estado membro da Unión Europea ou nun Estado asinante do Espazo Económico Europeo, a solicitude deberá ser presentada polo importador.

En ambos os supostos, a atribución do segundo grupo do código de identificación alfanumérico deberase producir con carácter previo á importación e será condición necesaria para ela.

4. *Identificación única en función da clasificación dos explosivos, embalaxes e envases exteriores*

Tanto en materias como en obxectos explosivos, as empresas poderán xuntar aos produtos copias adhesivas desprendibles da etiqueta orixinal para uso dos seus clientes. Estas copias deberán estar marcadas de maneira visible como copias do orixinal, co fin de previr un uso inadecuado.

1. Materias explosivas.

a) Explosivos encartuchados e explosivos en saco ou bolsa: a identificación única consistirá nunha etiqueta adhesiva ou nunha impresión directa en cada cartucho, saco ou bolsa. En cada caixa de cartuchos colocarse unha etiqueta relacionada coas que aparecen en cada unidade. Ademais, as empresas poderán pór en cada cartucho, saco ou bolsa unha etiqueta electrónica inerte pasiva e, de modo similar, unha etiqueta electrónica relacionada en cada caixa de cartuchos.

b) Explosivos en botes ou bidóns: a identificación única consistirá nunha etiqueta adhesiva ou nunha impresión directa no bote ou bidón. Ademais, as empresas poderán pór en cada bote ou bidón unha etiqueta electrónica inerte pasiva.

c) Explosivos de dous compoñentes: a identificación única consistirá nunha etiqueta adhesiva ou nunha impresión directa en cada unidade de envase máis pequena que conteña os dous compoñentes.

2. Obxectos explosivos.

a) Detonadores de mecha: a identificación única consistirá nunha etiqueta adhesiva ou nunha impresión ou estampación directa no casco do detonador. En cada caixa de detonadores colocarse unha etiqueta relacionada coa que aparece en cada unidade. Ademais, as empresas poderán pór en cada detonador unha etiqueta electrónica inerte pasiva e en cada caixa de detonadores unha etiqueta electrónica relacionada.

b) Detonadores eléctricos, non eléctricos e electrónicos: a identificación única consistirá ben nunha etiqueta adhesiva nos cables ou no tubo, ben nunha etiqueta adhesiva ou unha impresión ou estampación directa no casco do detonador. En cada caixa de detonadores colocarse unha etiqueta relacionada coa que aparece en cada unidade. Ademais, as empresas poderán pór en cada detonador unha etiqueta electrónica inerte pasiva, e en cada caixa de detonadores unha etiqueta electrónica relacionada.

c) Cebos e multiplicadores: a identificación única consistirá nunha etiqueta adhesiva ou nunha impresión ou estampación directa no cebo ou multiplicador. En cada caixa de cebos ou multiplicadores colocarse unha etiqueta relacionada coa que aparece en cada unidade. Ademais, as empresas poderán pór en cada cebo ou multiplicador unha etiqueta electrónica inerte pasiva, e en cada caixa de cebos ou multiplicadores unha etiqueta electrónica relacionada. Esta identificación única non será exixible para os cartuchos cebo ou pistóns referidos no número 1 desta ITC.

d) Cordóns detonantes: a identificación única consistirá nunha etiqueta adhesiva ou nunha impresión directa na bobina. A identificación única marcarase cada 5 metros, ben na camisa externa do cordón, ben na capa interna de plástico extruída situada

inmediatamente debaixo da fibra exterior do cordón. En cada caixa de cordón detonante colocárase unha etiqueta relacionada coa que aparece en cada unidade. Ademais, as empresas poderán inserir dentro do cordón unha etiqueta electrónica inerte pasiva, e en cada caixa de cordón unha etiqueta relacionada.

5. *Recollida de datos, mantemento de rexistros e obrigas das empresas*

As empresas do sector dos explosivos deberán

a) Pór en práctica un sistema de recollida de datos relativos aos explosivos que inclúa a identificación única destes ao longo de toda a cadea de subministración e do seu ciclo de vida, de tal maneira que en todo momento poida ser identificado o seu tedor.

b) Levar un rexistro, en soporte informático, de todas as identificacións de explosivos e de toda a información pertinente, en especial do tipo de cada explosivo, da súa localización mentres está na súa posesión ou baixo a súa custodia e ata que se transfira a outra empresa ou se utiliza, e da empresa ou persoa a cuxa custodia se entregou.

c) Mesmo cando cesasen a súa comercialización ou actividade, as empresas do sector dos explosivos deberán conservar e manter á disposición da Intervención Central de Armas e Explosivos os datos recollidos, en especial as identificacións únicas, a orixe e a localización de cada explosivo durante o seu ciclo de vida ou ao longo de toda a cadea de subministracións, por un período de dez anos, computados desde a súa entrega ou desde o momento final coñecido do ciclo de vida do explosivo.

d) Facilitarlle á Intervención Central de Armas e Explosivos o nome e os datos de contacto dunha persoa capacitada para proporcionar a información descrita na letra c) anterior fóra do horario normal de traballo.

e) Someter a proba o seu sistema de recollida de datos para asegurarse da súa eficacia e da calidade dos datos rexistrados anualmente. Deberán protexer os datos rexistrados para que non sexan danados ou destruídos de forma accidental ou premeditada. Este labor poderá ser realizado por medios propios ou alleos e poderá ser verificado por entidades colaboradoras da Administración reguladas no artigo 6 deste regulamento.

Mediante especificación técnica regularanse os criterios de avaliación do sistema de recollida e almacenamento de datos de rastrexabilidade de explosivos

ANEXO

Identificación única

A identificación única deberá comprender os seguintes elementos:

A) Unha parte lexible polo ollo humano, que conteña:

a) O nome do fabricante.

b) Un código de identificación alfanumérico composto por:

1. Primeiro grupo: dúas letras identificativas do Estado membro (lugar de produción ou importación no mercado comunitario, por exemplo, ES = España).

2. Segundo grupo: tres díxitos identificativos do nome do lugar de fabricación.

3. Terceiro grupo: o código do produto e a información loxística únicos deseñados polo fabricante.

B) Unha identificación lexible electronicamente en forma de código de barras ou código matricial directamente relacionado co código de identificación alfanumérico.

Exemplo:



C) Tratándose de artigos demasiado pequenos para que a súa identificación única conteña todos os grupos descritos nas letras A) e B) deste anexo, considerárase suficiente a información indicada nos puntos A).b) i e ii, e na letra B).

No caso de que os artigos sexan demasiado pequenos para poder ir provistos da información indicada no punto A).b) i e ii, e na letra B), ou se a súa forma ou deseño fan que sexa tecnicamente imposible incluír unha identificación única, incluírase unha identificación única en cada unha das unidades de envase máis pequenas.

Cada unha das unidades de envase máis pequenas deberá estar selada.

Cada detonador de mecha ou cada multiplicador que se axuste á exención establecida no segundo parágrafo marcarase de forma duradeira e claramente lexible coa información establecida no punto A).b) i e ii. O número de detonadores de mecha ou multiplicadores que contén indicárase en cada unha das unidades de envase máis pequenas.

Cada un dos cordóns detonantes que se axuste á exención establecida no segundo parágrafo marcarase coa identificación única no cilindro ou na bobina e, de ser o caso, na unidade de envase máis pequena.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 6

Normas básicas para a solicitude de autorización de establecemento, traslado ou modificación substancial dunha fábrica de explosivos

En desenvolvemento dos artigos 25 a 29, coas solicitudes de autorización para o establecemento, traslado ou modificación substancial dunha fábrica de explosivos deberáse xuntar un proxecto visado no cal, como mínimo, se faga referencia, de ser o caso, aos seguintes aspectos:

1. Memoria descritiva con detalle de:

1.1 Consideracións xerais.

Disposicións adoptadas para o cumprimento do disposto neste regulamento.

Identificación das persoas, naturais ou xurídicas, solicitantes e dos seus representantes legais, e dos membros do seu consello de administración, cando se trate de persoas xurídicas. Indicarase a composición do órgano directivo e do capital social desembolsado, así como dos medios previstos para o financiamento do proxecto; sinalárase especificamente a participación de capital estranxeiro e xuntárase, neste caso, a preceptiva autorización do Consello de Ministros, de acordo co Real decreto 664/1999, do 23 de abril, sobre investimentos exteriores.

Prazo de execución do proxecto.

Capacidade técnica de que dispón o solicitante, detallando as tecnoloxías -de dominio público, de desenvolvemento propio, adquiridas (achegarase, neste caso, o correspondente acordo de cesión de tecnoloxía), etc.-e o persoal titulado -directivo e técnico- con que se conta para o desenvolvemento do proxecto.

Xustificación da necesidade ou conveniencia para o conxunto da industria e da economía nacional das novas instalacións proxectadas en razón da súa localización, da posta en mercado de novos produtos, da renovación tecnolóxica, etc.

Localización dos terreos nos cales, de ser o caso, se pretende desenvolver o proxecto, con detalle suficiente para facilitar a súa localización, e xustificación dos dereitos sobre os ditos terreos.

1.2 Alcance do proxecto.

Materias ou obxectos explosivos que se proxecte fabricar, con indicación da súa clasificación, de acordo co artigo 9, e do seu número de catalogación, de ser o caso, ou, na súa falta, de que se solicitará esta -conforme o capítulo III do título I- sen iniciar a fabricación ata que a dita catalogación sexa concedida.

Medios de fabricación que se deban empregar e capacidade de almacenamento.

Capacidade máxima de produción proxectada e producións efectivas anuais inicialmente previstas, con indicación do réxime de traballo necesario para elas.

Descrición xeral das instalacións proxectadas, con específica referencia ao almacenamento de materias primas, produtos intermedios e produtos terminados regulamentados.

Plan de prevención de accidentes e informe de seguridade, de ser o caso, de acordo coa ITC número 10 e demais normas e directivas de aplicación.

1.3 Descrición do proceso.

Descrición do proceso ou procesos de fabricación proxectados, con detalle suficiente para posibilitar a intervención e inspección prevista no capítulo I do título II.

Relación das materias primas que se deberán empregar na produción e do consumo previsto delas, con especial detalle cando as ditas materias primas se correspondan con materias ou obxectos explosivos.

Medidas específicas de seguridade proxectadas no proceso ou procesos e plans de control previstos respecto diso.

Plan de aseguramento da calidade previsto, con específico detalle se se pretenden dotar os produtos fabricados da marcación CE.

1.4 Descrición da instalación.

Descrición dos edificios, maquinaria e equipamentos que constitúen as instalacións proxectadas, con detalle da implantación prevista e sinalamento das zonas, edificios e locais perigosos, con indicación das cantidades máximas de materias e obxectos regulamentados previstos neles, para o cumprimento da ITC número 9.

Características construtivas das instalacións que integran a fábrica.

Características construtivas dos chans, paredes, portas e xanelas dos edificios e locais perigosos.

Detalle da disposición das defensas previstas e das características construtivas delas.

Lugar, instalacións e procedementos de eliminación ou inertización segundo o disposto na ITC número 12.

1.5 Obra civil.

Características técnicas da obra, con descrición da estrutura dos edificios, da urbanización e do valado.

1.6 Servizos.

Detallaranse todos aqueles servizos que formen parte do proxecto, como poden ser:

- Equipamentos eléctricos instalados, con indicación do seu grao de protección conforme a clasificación da zona, edificio ou local.
- Instalación de terras estáticas e dinámicas.
- Rede de vapor e de aire comprimido.
- Instalación de calefacción e ventilación ambiental.
- Rede de auga de proceso e de auga contra incendios, con indicación das peculiaridades da súa captación.
- Rede de gas natural.
- Pararraios de protección, con indicación da área de protección dos pararraios previstos.
- Resumo da potencia eléctrica realmente instalada para a actualización, no seu día, do correspondente rexistro industrial.

1.7 Repercusión ambiental.

Estudo da posible repercusión sobre o ambiente, con particular incidencia no tratamento e emisión de efluentes, que inclúa:

- Cantidade e composición dos residuos e das emisións (sólidas, líquidas, gasosas, sonoras, caloríficas, etcétera) asociadas ao proceso.
- Aspectos cuantificativos sobre o ambiente, incluíndo usos do solo, impacto paisaxístico e interrelación cos restantes factores.
- Programa de vixilancia ambiental para avaliar periodicamente os efectos do proxecto sobre o ambiente da contorna.

1.8 Prevención de accidentes graves.

Documentación relativa á prevención de accidentes graves segundo o disposto na ITC número 10, se procede.

2. Planos:

- Plano de situación da fábrica, a escala máxima 1:50.000, con indicación de accesos, conexión coa rede eléctrica, etc.
- Plano topográfico en que figure a localización da fábrica, incluíndo os terreos limítrofes, nun raio que cubra as distancias de seguridade ou de tres quilómetros no caso de que sexan inferiores, con referencia dos datos precisos para determinar a área de influencia en relación coa ITC número 9.
- Planos de localización das instalacións no conxunto da fábrica.
- Planos de detalle de esquemas de procesos, obra civil, instalación de equipamentos e maquinaria, instalación eléctrica, contra incendios, etc.

3. Orzamento:

Orzamento detallado de todos os traballos necesarios, incluíndo adquisición de equipamentos, montaxes e desmontes, obra civil, construción de edificios, instalación de servizos, etc.

4. Regulamentación:

Con independencia do cumprimento do disposto neste regulamento e demais normativa aplicable, terase especial atención respecto do previsto:


- No Regulamento electrotécnico para baixa tensión.
- No Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión.

- No Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión.
- No Regulamento de seguridade contra incendios en establecementos industriais.
- Na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, e no Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico da edificación.
- Na Instrución de formigón estrutural (EHE-08), aprobada polo Real decreto 1247/2008, do 18 de xullo.
- Nas normas de construción sismorresistente: parte xeral e edificación, aprobadas polo Real decreto 997/2002, do 27 de setembro.
- Na Instrución de aceiro estrutural (EAE), aprobada polo Real decreto 751/2011, do 27 de maio.
- Na Lei de prevención de riscos laborais.
- No Regulamento de aparellos de presión.
- No Regulamento de seguridade para plantas e instalacións frigoríficas.
- Nas normas básicas das instalacións de gas.
- Nas instrucións técnicas complementarias MIE-APQ-001 «Almacenamento de líquidos inflamables e combustibles», e MIE-APQ-006, «Almacenamento de líquidos corrosivos», do Regulamento de almacenamento de produtos químicos.
- Nas disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, aprobadas polo Real decreto 486/1997, do 14 de abril.
- Nas disposicións mínimas en materia de sinalización e saúde no traballo, aprobadas polo Real decreto 485/1997, do 14 de abril.
- Nas disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipamentos de traballo, aprobadas polo Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 7

Marcación de conformidade

A marcación CE de conformidade está composta das iniciais «CE», tal como figura no grafismo seguinte:



No caso de que se reduza ou se aumente a marcación, deberán respectarse as mesmas proporcións que indica a escala do anterior grafismo.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 8

Carné de artilleiro

1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta ITC ten por obxecto a regulación das condicións e dos requisitos preceptivos para a obtención do carné de artilleiro que corresponde á habilitación específica que acredita a capacidade técnica e laboral dos traballadores que manexan, manipulan e utilizan explosivos, de conformidade co establecido no artigo 124 deste regulamento.

2. *Definicións*

Para os efectos desta ITC, enténdese por:

2.1 Artilleiro: persoa que realiza operacións de manipulación, manexo e utilización de explosivos, incluíndo carga, descarga desde cargadora de explosivos, disparo e destrución ou eliminación de explosivos.

2.2 Auxiliar de artilleiro: persoal de apoio que colabora, baixo a supervisión do artilleiro, nas operacións de movemento e traslado de explosivos e accesorios de voadura, e non pode intervir nas operacións de carga, disparo e destrución de explosivos, así como o persoal que realiza actividades de adestramento de cans utilizados para detectar explosivos.

2.3 Operario de MEMU: persoa que realiza, ademais das operacións de artilleiro, operacións de fabricación *in situ* de explosivos mediante MEMU, incluíndo carga, control, disparo, limpeza e eliminación de explosivos.

2.4 Voaduras baixo a auga: voaduras que se realizan baixo columna de auga, en canles fluviais, lagos, encoros ou no mar, que pola súa proximidade poidan afectar núcleos habitados, edificacións e instalacións de calquera tipo.

2.5 Demolicións: voaduras de demolición de edificios, estruturas en xeral ou cimentacións.

2.6 Voaduras en presenza de atmosfera potencialmente explosiva: voaduras en presenza de gases ou pos inflamables ou explosivos.

3. *Xeneralidades*

3.1 O carné de artilleiro non capacita, por si só, para realizar a actividade de manexo, manipulación e utilización de explosivos, senón que esta debe ser exercida no seo dunha empresa consumidora de explosivos autorizada. O operario de MEMU debe dispor do carné de artilleiro e especialidade de operador de MEMU.

3.2 O carné de artilleiro será expedido pola Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno que corresponda e terá validez en todo o territorio español.

3.3 As áreas funcionais de Industria e Enerxía levarán un rexistro cos carnés de artilleiros expedidos; con todo, e en virtude do disposto no artigo 56.6, as áreas funcionais de Industria e Enerxía comunicaranlles á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e á Intervención de Armas e Explosivos da Comandancia correspondente os carnés de artilleiro e auxiliar de artilleiro que expidan, renoven ou revoguen.

3.4 A solicitude do carné de artilleiro e auxiliar de artilleiro, así como a súa renovación e a documentación asociada mencionada nesta ITC, presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

4. *Modalidades de carné de artilleiro*

4.1 En relación co tipo de voadura que se pode realizar, establécense dúas categorías de carné de artilleiro: carné de artilleiro básico e carné de artilleiro especializado.

O carné de artilleiro básico engloba todas as voaduras (convencionais, as grandes voaduras, voaduras con riscos peculiares, voaduras próximas a instalacións eléctricas e voaduras próximas a emisión de ondas, descarga de explosivo desde cargadoras, utilización de explosivos para a xeración de efectos especiais, así como destrución de explosivos), salvo as voaduras asignadas unicamente ao carné de artilleiro especializado.

O carné de artilleiro especializado engloba, ademais das voaduras establecidas para o artilleiro básico, as seguintes voaduras (unha ou varias): demolicións, voaduras baixo a auga, voaduras en presenza de atmosfera potencialmente explosiva por presenza de gases ou pos inflamables ou explosivos, ou o operador de MEMU.

4.2 En relación coa experiencia, o carné de artilleiro (básico e especializado) ten, pola súa vez, dúas modalidades de expedición: o carné de artilleiro provisional e o carné de artilleiro definitivo.

O carné de artilleiro provisional corresponde ao primeiro carné de artilleiro que se outorga e habilita para exercer a función de artilleiro durante un período de prácticas de seis meses, sempre baixo a supervisión dun artilleiro con carné definitivo. No propio carné de artilleiro figurará o período de validez de seis meses para indicar que se trata dun carné de artilleiro provisional.

O carné de artilleiro definitivo obtense, logo de solicitude, unha vez superado o período de prácticas de seis meses por parte do artilleiro provisional.

4.3 O carné de artilleiro será expedido pola Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente, e nel especificarase se o seu posuidor está capacitado para realizar as funcións de artilleiro básico ou de artilleiro especializado en determinados tipos de voadura, en virtude do establecido nesta ITC, así como na data de validez do dito carné.

4.4 Para a expedición e posterior utilización do carné de artilleiro, o seu posuidor debe estar contratado por unha empresa consumidora de explosivos autorizada. Con todo, a expedición do carné é única independentemente de que o artilleiro cambie de empresa, polo que non será necesaria neste caso a expedición dun novo carné.

4.5 As solicitudes para obter o carné de artilleiro realizaranas os empresarios titulares da empresa consumidora de explosivos autorizada e axustaranse ao modelo reflectido no anexo I desta ITC.

4.6 O carné de artilleiro axustarase ao modelo establecido na Especificación técnica 8.02.

5. *Requisitos específicos para obter o carné de artilleiro*

Para obter o carné de artilleiro provisional (básico con ou sen especialización), os interesados deben cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter feitos 18 anos no momento de realizar a solicitude á Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente.

b) Estar polo menos en posesión do certificado de estudos primarios no momento de realizar a solicitude.

c) Estar en condicións psicofísicas para a actividade de utilización de explosivos, acreditadas por certificado médico.

d) Recibir e superar a formación teórica e práctica indicada nesta ITC, impartida por unha entidade autorizada, segundo se establece na Especificación técnica 8.01, sen prexuízo do establecido no número 9.

e) Superar un exame de capacitación realizado pola Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente, sen prexuízo do establecido no número 9.

f) Recibir conformidade por parte da Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil da comandancia que corresponda. Para iso, os interesados deberán prestar o seu consentimento expreso para que se soliciten os seus antecedentes penais, segundo o modelo reflectido no anexo I desta ITC.

6. Contido mínimo da formación do artilleiro

6.1 Xeneralidades.

1. Os cursos de formación do artilleiro deben proporcionar unha formación respecto ao coñecemento:

- Das características e propiedades dos explosivos e dos sistemas de iniciación.
- Da seguridade na utilización dos explosivos e dos sistemas de iniciación.
- Da regulamentación referente á manipulación, transporte, almacenamento, uso, rastrexabilidade e destrución dos explosivos e dos sistemas de iniciación.
- Dunha formación práctica básica sobre o manexo e uso de explosivos e dos sistemas de iniciación.

2. Esta formación é independente da formación teórica e práctica en materia de seguridade e saúde que o empresario lle debe proporcionar a cada traballador, de acordo co establecido no artigo 19 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

3. Unha vez superado o nivel de coñecemento establecido, os aspirantes a artilleiro recibirán unha acreditación documental disto expedida pola entidade formadora autorizada, onde se detallen a duración e o contido do curso impartido, de acordo co programa formativo establecido nesta ITC.

4. O interesado aspirante a artilleiro xuntará copia desta acreditación ao realizar a solicitude de exame á Área Funcional de Industria e Enerxía da Delegación ou subdelegación do Goberno correspondente.

6.2 Curso básico de formación.

Trátase dun curso teórico-práctico de formación, que terá unha duración mínima de 30 horas, cunha dedicación mínima dun terzo destas para a formación práctica, e un número máximo de 20 alumnos por clase. O contido do curso básico será o seguinte:

a) Composición e propiedades dos distintos tipos de explosivos e sistemas de iniciación.

– Coñecementos xerais sobre a definición dos explosivos e sistemas de iniciación e información básica sobre eles.

– Aspectos teóricos básicos dos explosivos e iniciadores máis usuais:

- Explosivos industriais de uso civil.
- Detonadores eléctricos, non eléctricos e de mecha.
- Detonadores electrónicos.
- Cordóns detonantes e mechas lentas.
- Relés.
- Explosores e comprobadores.
- Outros sistemas de iniciación.

b) Formación básica en técnicas de voaduras.

– Coñecementos básicos sobre voaduras.

– Carga e densidade de carga.

– Principios sobre diámetros de perforación conforme os diversos tiros de voaduras.

– Principios básicos do deseño de voaduras.

– Importancia do retacado.

– Medidas de prevención para evitar proxeccións.

- c) Formación básica sobre seguridade en voaduras.
 - Seguridade no manexo, almacenamento, transporte, rastrexabilidade e uso dos explosivos.
 - Normas para o tratamento dos barrenos falidos e destrución de explosivos.
 - Instrucións xerais sobre seguridade en canteiras e minas a ceo aberto, obras civís, traballos subterráneos e escavacións en xeral.
- d) Formación específica sobre seguridade nos seguintes tipos de voaduras:
 - Grandes voaduras.
 - Voaduras con riscos peculiares.
 - Voaduras próximas a instalacións eléctricas.
 - Voaduras próximas a emisión de ondas.
- e) Formación práctica no manexo dos explosivos.
- f) Exemplos de accidentes ilustrativos, así como fallos máis representativos e medidas para evitalos.

6.3 Curso especializado de formación.

Aqueles artilleiros que pretendan desenvolver o seu labor nas condicións específicas establecidas no número 4.1 desta ITC, ademais de recibiren a formación básica descrita no punto anterior, deberán recibir e superar un curso de especialidade relacionado co tipo de actividade ou especialización. No carné de artilleiro especificarase o tipo de voadura para a cal o dito carné habilita.

A duración dos cursos para cada especialidade será de 15 horas como mínimo, todas elas de formación teórica. Os principais temas que se desenvolverán son:

- a) Descrición das técnicas relacionadas co campo da especialidade:
 - Demolicións.
 - Voaduras baixo a auga.
 - Voaduras en presenza de atmosfera potencialmente explosiva por presenza de gases ou pos inflamables ou explosivos.
 - Operación de MEMU.
- b) Propiedades e características dos explosivos e sistemas de iniciación utilizables no campo da especialidade.
 - Normativa específica de aplicación.
 - Medidas de seguridade específicas da especialidade.

Para realizar o curso de especialización non é necesario dispor previamente do carné de artilleiro básico.

7. Expedición e validez do carné de artilleiro

7.1 Cumpridos os requisitos establecidos no número 5, a empresa consumidora de explosivos solicitaralle a expedición do carné de artilleiro á Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente, a través da sede electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, e achegará os documentos necesarios para xustificar o cumprimento dos requisitos anteriores, xustificante de alta no respectivo réxime da Seguridade Social do traballador aspirante a artilleiro, fotocopia do DNI ou NIE e unha fotografía recente. En caso satisfactorio, a Área Funcional de Industria e Enerxía correspondente expedirá un carné de artilleiro provisional que, tendo validez en todo o territorio español, habilita para exercer a función de artilleiro durante un período de prácticas de seis meses, baixo a supervisión dun artilleiro con carné definitivo. No propio carné de artilleiro figurará o seu período de validez.

Unha vez superado este período de prácticas, e logo de presentación dun certificado de prácticas emitido e asinado polo empresario titular da empresa consumidora de explosivos e polo artilleiro supervisor, a Área Funcional de Industria e Enerxía expedirá o carné de artilleiro definitivo.

7.2 Os carnés de artilleiro definitivos terán un período de validez de cinco anos. Desde seis meses antes da súa caducidade, a empresa consumidora de explosivo poderá solicitar a súa renovación ante a Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente, polo mesmo período de tempo, logo de xustificación do cumprimento do requisito establecido no punto 5.c) desta ITC, do xustificante de alta no respectivo réxime da Seguridade Social do traballador aspirante a artilleiro, así como a presentación dunha copia do carné de artilleiro que caduca e unha fotografía actualizada.

7.3 Excepcionalmente, e por razóns xustificadas, a Área Funcional de Industria e Enerxía poderá renovar carnés de artilleiro que caducasen. A renovación debe solicitala a empresa onde, nese momento, estea a prestar servizos o titular do carné de artilleiro caducado.

7.4 A empresa consumidora de explosivos e os seus artilleiros teñen a obriga de adecuar e actualizar os seus coñecementos na materia e adaptalos á situación técnica e regulamentaria do momento.

8. *Auxiliar de artilleiro*

8.1 Xeneralidades.

1. As persoas físicas que vaian desenvolver actividades de auxiliar de artilleiro deberán dispor previamente do correspondente carné de auxiliar de artilleiro expedido pola Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente.

2. Para a expedición e posterior utilización do carné de auxiliar de artilleiro, o seu posuidor debe estar contratado por unha empresa consumidora de explosivos autorizada. Con todo, a expedición do carné é única independentemente de que o auxiliar de artilleiro cambie de empresa, polo que non será necesaria neste caso a expedición dun novo carné.

3. As solicitudes para obter o carné de auxiliar de artilleiro serán realizadas polos empresarios titulares da empresa consumidora de explosivos autorizada e axustaranse ao modelo reflectido no anexo I desta ITC.

4. O carné de auxiliar de artilleiro axustarase ao modelo establecido na Especificación técnica 8.03.

5. As persoas físicas que vaian desenvolver actividades de adestramento de cans utilizados para detectar explosivos deberán dispor previamente do correspondente carné de auxiliar de artilleiro expedido pola Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente.

8.2 Requisitos específicos para obter o carné de auxiliar de artilleiro.

Para obter o carné de auxiliar de artilleiro, os interesados deben cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter feitos 18 anos no momento de lle realizar a solicitude á Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente.
- b) Estar polo menos en posesión do certificado de estudos primarios no momento de realizar a solicitude.
- c) Estar en condicións psicofísicas para a actividade de utilización de explosivos, acreditadas por certificado médico.
- d) Recibir e superar a formación teórica indicada no número 8.3 desta ITC, impartida por unha entidade autorizada, segundo se establece na Especificación técnica 8.01.
- e) Recibir conformidade por parte da Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil da comandancia que corresponda. Para iso, os interesados deberán prestar o seu

consentimento expreso para que se soliciten os seus antecedentes penais, segundo o modelo reflectido no anexo I desta ITC.

8.3 Contido mínimo da formación de auxiliar de artilleiro.

1. Trátase dun curso teórico de formación, que terá unha duración mínima de 5 horas. O contido do curso será o seguinte:

- a) Coñecementos xerais sobre os explosivos e sistemas de iniciación.
- b) Seguridade no manexo, almacenamento, transporte e manipulación dos explosivos.

2. Unha vez superado o nivel de coñecemento establecido, os aspirantes a auxiliar de artilleiro recibirán unha acreditación documental disto expedida pola entidade formadora autorizada, onde se detallan a duración e o contido do curso impartido. A empresa consumidora de explosivos xuntará copia desta acreditación ao lle realizar a solicitude de carné de auxiliar de artilleiro á Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente.

3. Esta formación é independente da formación teórica e práctica en materia de seguridade e saúde que o empresario lle debe proporcionar a cada traballador, de acordo co establecido no artigo 19 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

9. Expedición e validez do carné de auxiliar de artilleiro

1. Cumpridos os requisitos establecidos no número 8.2, a empresa consumidora de explosivos solicitaralle a expedición do carné de auxiliar de artilleiro á Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente, a través da sede electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, e achegará os documentos necesarios para xustificar o cumprimento dos requisitos anteriores, xustificante de alta no respectivo réxime da Seguridade Social do traballador aspirante a artilleiro, fotocopia do DNI ou NIE e unha fotografía recente. En caso satisfactorio, a Área Funcional de Industria e Enerxía correspondente expedirá o carné de auxiliar de artilleiro, que terá validez en todo o territorio español.

2. O carné de auxiliar de artilleiro terá un período de validez de cinco anos. Seis meses antes da súa caducidade, a empresa consumidora de explosivo solicitará a súa renovación ante a Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente, polo mesmo período de tempo, logo de xustificación do cumprimento do requisito establecido no punto 8.2.c) desta ITC, xustificante de alta na Seguridade Social ou equivalente do traballador aspirante a artilleiro, así como a presentación do carné de auxiliar de artilleiro que caduca e unha fotografía actualizada.

10. Validacións

1. Estarán exentas de realizar o curso básico de formación indicado no número 6.2 desta ITC, así como da realización do exame indicado no punto 5.e), aquelas persoas que dispoñan dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade que inclúan a unidade ou as unidades de competencia que recollan a realización de voaduras subterráneas e voaduras ao descuberto incluídas en cualificacións profesionais do Catálogo nacional de cualificacións profesionais. Enténdese que se encontra dentro deste ámbito competencial, sen prexuízo de que se poidan incluír outras titulacións, a titulación de técnico en Escavacións e Sondaxes.

2. Así mesmo, estarán exentas de realizar o curso especializado de formación indicado no número 6.3 desta ITC, así como da realización do exame indicado no punto 5.e), aquelas persoas que dispoñan dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade que inclúa as unidades de competencia que recollan a realización de voaduras subterráneas, voaduras ao descuberto e voaduras subacuáticas incluídas en

cualificacións profesionais do Catálogo nacional de cualificacións profesionais. Neste caso, entenderase que se superaron os seguintes campos de especialidade: demolicións, voaduras baixo a auga e voaduras en presenza de atmosfera potencialmente explosiva por presenza de gases ou pos inflamables ou explosivos.

3. Igualmente, estarán exentas de realizar o curso teórico de formación indicado no número 8.3 aquelas persoas que dispoñan dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade que inclúa a unidade ou as unidades de competencia que recollan a colaboración en operacións auxiliares durante a realización de voaduras subterráneas e voaduras ao descuberto incluídas en cualificacións profesionais do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

4. Pola súa banda, estarán exentas de realizar o curso básico de formación recollido no número 6.2 desta ITC, así como da realización do exame indicado no punto 5.e), aquelas persoas que dispoñan de titulación técnica universitaria con competencia en explosivos.

5. Para as persoas incluídas nos supostos indicados nos puntos anteriores, as empresas consumidoras de explosivos poderanlle solicitar a expedición do carné de artilleiro á Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente, e achegarán os documentos necesarios para xustificar o cumprimento dos requisitos anteriores, xustificante de alta no respectivo réxime da Seguridade Social do traballador aspirante a artilleiro, fotocopia do DNI ou NIE e unha fotografía recente. En caso satisfactorio, a Área Funcional de Industria e Enerxía correspondente expedirá un carné de artilleiro definitivo.

11. Utilización de explosivos para xerar efectos especiais

A utilización de explosivos e accesorios no campo da cinematografía, televisión e artes escénicas precisará a obtención do carné de artilleiro básico regulado nesta ITC, para aquelas persoas vinculadas a unha empresa de efectos especiais autorizada como consumidora de explosivos que realicen operacións de manexo, manipulación e utilización de explosivos, incluíndo a súa preparación, colocación, disparo e destrución ou eliminación.

12. Uso de explosivos en actividades de adestramento de cans utilizados para detectar explosivos

O uso de explosivos e accesorios para adestrar cans utilizados para detectar explosivos precisará a obtención do carné de artilleiro básico regulado nesta ITC, para aquelas persoas vinculadas a unha empresa autorizada como consumidora de explosivos que realice operacións de manexo e manipulación de explosivos para adestrar cans, que non poderán realizar operacións de disparo e destrución ou eliminación destes.

13. Adaptación de carnés ou cartillas de artilleiro

As persoas que no momento da entrada en vigor desta ITC estean en posesión dun carné ou cartilla de artilleiro en vigor poderanlle solicitar directamente á Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente a obtención do carné de artilleiro regulado nesta ITC, para o cal deberán achegar os documentos necesarios para xustificar o cumprimento dos seguintes requisitos, así como unha fotocopia do DNI ou NIE, unha fotografía recente e o carné ou cartilla actual:

- a) Estar en condicións psicofísicas para a actividade de utilización de explosivos, acreditadas por certificado médico.
- b) Recibir conformidade por parte da Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil da comandancia que corresponda. Para iso, os interesados deberán prestar o seu consentimento expreso para que se soliciten os seus antecedentes penais, segundo o modelo reflectido no anexo I desta ITC.

O prazo para regularizar estas solicitudes será dun ano desde a publicación no *Boletín Oficial del Estado* desta ITC.

As cartillas ou carnés de artilleiro emitidos con anterioridade á entrada en vigor deste ITC que non fosen adaptadas no prazo indicado deixarán de ter validez.

En calquera caso, a Área Funcional de Industria e Enerxía poderá denegar a validación do carné ou cartilla de artilleiro se non considera suficientemente xustificada a equivalencia co carné de artilleiro regulado nesta ITC.

ANEXO I

Modelo de solicitude de carné de artilleiro ou auxiliar de artilleiro

D/D^a....., como titular da empresa consumidora de explosivos autorizada, con domicilio social para os efectos de notificacións en, con CIF/NIF/NIE nº..... teléfono, telefax, correo electrónico

- Autoriza que os seus datos de identidade persoal poidan ser consultados mediante o Sistema de verificación de datos, nos termos establecidos polo Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a achega de fotocopias de documento de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos.

De non deixar constancia do consentimento para a consulta dos datos mediante a marcación cun «X» do recadro inicial do parágrafo anterior, deberase xuntar fotocopia do documento nacional de identidade ou, no caso de estranxeiros, fotocopia da tarxeta de estudante, da tarxeta de identidade de estranxeiro ou da tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión Europea. No caso de cidadáns da Unión Europea ou de Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou de calquera outro Estado a que se estenda por convenio internacional o réxime previsto para os anteriores, presentarán copia do seu certificado de rexistro, ao cal deberán xuntar, así mesmo, copia do seu documento nacional de identidade ou pasaporte, documentos que deberán estar en vigor.

SOLICITA

O carné de (1)..... a nome de D./D^a, con NIF/NIE, de anos de idade e traballador/a da empresa consumidora de explosivos anteriormente citada.

Achéganse os seguintes documentos:

- Fotocopia do NIF/ NIE do aspirante a artilleiro ou auxiliar de artilleiro.
- Fotocopia do certificado de estudos primarios do aspirante a artilleiro ou auxiliar de artilleiro.
- Xustificación de alta na empresa consumidora de explosivos autorizada.
- Certificado de aptitude psicofísica do aspirante a artilleiro ou auxiliar de artilleiro.
- Acreditación documental da formación impartida ao aspirante artilleiro ou auxiliar de artilleiro, con detalle da duración e do contido do curso impartido.
- Lugar e data do exame de capacitación realizado pola Área Funcional de Industria e Enerxía, excepto para auxiliar de artilleiro.
- Consentimento expreso para a consulta de antecedentes penais do aspirante ao carné anteriormente citado asinado.

..... de de

Sinatura do titular da empresa consumidora de explosivos autorizada

Sinatura do aspirante a artilleiro ou auxiliar de artilleiro

Os datos consignados neste documento serán tratados de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Nota (1): o carné que se vai solicitar poderá ser algún dos seguintes:

- Carné de artilleiro básico.
- Carné de artilleiro especialista, caso en que se debe indicar igualmente a especialidade ou especialidades.
- Carné de auxiliar de artilleiro.



MINISTERIO
DO INTERIOR



GARDA CIVIL
DIRECCIÓN XERAL

SOLICITUDE DO CARNÉ DE ARTILLEIRO / AUXILIAR DE ARTILLEIRO
CONSENTIMENTO EXPRESO PARA CONSULTA DE ANTECEDENTES PENAIS

1. SOLICITANTE

NIF/NIE Nome e apelidos

Nado/a en Provincia o /

Fillo/a de e de

2. DOMICILIO HABITUAL DO SOLICITANTE

Tipo de vía Nome da vía

Localidade Provincia C.P.

Tlf. Tlf. móbil Correo electrónico

3. REPRESENTANTE (art. 5 da Lei 39/2015)

NIF/NIE/CIF Nome e apelidos

Razón social Tlf. Correo electrónico

4. AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DE DATOS Á ADMINISTRACIÓN

AUTORIZO a consulta dos meus datos nos seguintes arquivos da Administración para resolver a solicitude do carné de artilleiro / auxiliar de artilleiro (rísquese o que non proceda). Escríbase SI ou NON, segundo corresponda

Rexistro Central de Penados Sistema de verificación de datos de identidade e residencia

_____, ____ de _____ de _____

Asdo.- _____

En cumprimento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os seus datos van ser incorporados ao ficheiro de "ARMAS" da Dirección Xeral da Garda Civil, cuxa finalidade é o control das materias tipificadas nos regulamentos de armas e explosivos. Poden ser destinatarios da información as autoridades xudiciais e o Ministerio Fiscal, en virtude do establecido nos artigos 11.2.d da Lei orgánica 15/1999, outras forzas e corpos de seguridade e organismos nacionais, conforme o establecido nos artigos 11.2.a e 21.1 da referida Lei orgánica 15/1999 e Lei orgánica 2/1986, de forzas e corpos de seguridade, organismos internacionais e países estranxeiros, nos termos establecidos nos acordos subscritos por España (Interpol, Europol, Schengen, Unión Europea e convenios bilaterais). Se o desexa, pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos pola lei dirixindo un escrito á Dirección Xeral da Garda Civil -Intervención Central de Armas e Explosivos-, rúa Batalla del Salado, nº 32 - 28045 Madrid.

ESPECIFICACIÓN TÉCNICA NÚMERO 8.01**Requisitos das entidades para desenvolver actividades formativas para a obtención do carné de artilleiro ou auxiliar de artilleiro***1. Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta especificación técnica ten por obxecto regular os requisitos mínimos que deben reunir as entidades de formación para poder impartir a formación establecida para obter os carnés de artilleiro e auxiliar de artilleiro, de conformidade co establecido na ITC número 8.

As entidades que pretendan impartir a formación establecida para obter os carnés de artilleiro poderán ser autorizadas para impartir os cursos seguintes:

- Curso teórico-práctico de artilleiro básico, segundo o programa establecido no número 6.2 da ITC número 8.
- Curso teórico de artilleiro especializado para unha ou varias especialidades, segundo o programa establecido nos números 6.3 da ITC número 8.
- Curso teórico de auxiliar de artilleiro, segundo o programa establecido no número 8.3 da ITC número 8.

2. Requisitos das entidades de formación

As entidades que pretendan impartir a formación establecida para obter os carnés de artilleiro e auxiliar de artilleiro deberán previamente ser autorizadas pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, de acordo cos requisitos establecidos nesta especificación técnica.

Os requisitos mínimos necesarios que deben reunir as entidades de formación para a súa correspondente autorización son os seguintes:

a) Medios humanos:

Polo menos un dos membros do cadro de formadores encargado da docencia dos contidos dos programas regulados nos números 6 e 8 da ITC número 8 terá as seguintes características:

- Titulación técnica universitaria con competencia en explosivos.
- Experiencia laboral acreditada no manexo de explosivos, de polo menos, un ano.
- Experiencia docente acreditada.

Polo menos un dos membros do cadro de formadores encargado da docencia dos contidos dos programas regulados nos números 6 e 8 da ITC número 8 disporá do carné de artilleiro.

Complementariamente ao equipo de formadores anterior, poderá participar o persoal técnico que, reunindo os requisitos académicos, non dispoña da experiencia mínima necesaria establecida neste punto.

b) Medios materiais:

- Dispoñibilidade de infraestrutura e instalacións adecuadas para impartir as clases teóricas.
- Dispoñibilidade de instalacións e equipamentos adecuados para impartir as clases prácticas.
- Medios materiais docentes, incluíndo medios audiovisuais.
- Material didáctico adecuado.
- Explosivos, accesorios e medios auxiliares.

3. Autorización das entidades de formación

3.1 Solicitude de autorización.

As entidades que pretendan ser autorizadas como entidade de formación deberán dirixir a súa solicitude á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, que examinará a solicitude e comprobará a validez e suficiencia da documentación achegada. Estas solicitudes presentaranse por vía electrónica, con certificado electrónico, na sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

Para iso, a solicitude formularase de acordo co modelo que recolle o anexo I desta especificación técnica e a dita solicitude remitirase xunto cos seguintes documentos estruturados segundo o indicado no anexo II:

- a) Memoria da entidade, incluíndo acreditación da personalidade, así como experiencia en actividades de formación.
- b) Memoria do curso ou cursos obxecto de autorización, incluíndo unha programación detallada.
- c) Xustificación do cumprimento dos requisitos establecidos no número 2.

Se a solicitude non reúne os requisitos anteriormente sinalados, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá requirir a entidade solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistida da súa petición, logo de resolución que acorde a desistencia da solicitante. Este prazo poderá ser ampliado prudencialmente ata 5 días, por petición do interesado ou por iniciativa de órgano, cando a achega dos documentos requiridos presente dificultades especiais.

Cando así sexa necesario, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá requirir á entidade solicitante, durante o proceso de autorización, calquera outra información complementaria que considere necesaria que, de non se presentar no prazo de 20 días, poderá terse en conta á hora de resolver o procedemento.

3.2 Resolución de autorización.

A partir da documentación achegada, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ditará e notificará resolución, nun prazo máximo de tres meses desde a presentación, en que se aprobe ou denegue a solicitude de autorización.

A autorización terá validez en todo o territorio español, será específica para os cursos solicitados e a súa vixencia será indefinida.

As entidades autorizadas deberán informar a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas de calquera cambio nos datos e nas circunstancias da súa actividade incluídos na solicitude de autorización.

4. Rexistro de entidades autorizadas de formación

O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, a través da súa Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, creará e xestionará un rexistro no cal serán inscritas as entidades formativas que obtivesen a correspondente autorización para desenvolver as actividades acollidas ao obxecto e ámbito de aplicación desta especificación técnica. A inscrición practicarase de oficio.

5. Funcionamento das entidades de formación

As entidades autorizadas deberán desenvolver as actividades de formación baixo as condicións establecidas na ITC número 8 e nesta especificación técnica.

A única modalidade formativa válida para a formación práctica será a presencial.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá comprobar que o ensino impartido se axusta aos programas e duración autorizados, e que ademais se empregan os medios necesarios para a súa impartición.

Se se comproba que o curso non se realiza conforme o programa autorizado e empregando os medios necesarios, procederase á súa revogación.

Adicionalmente, as entidades de formación autorizadas terán as seguintes obrigas:

a) Permitir as actuacións de control e seguimento que poida emprender a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

b) Executar as actividades formativas cos medios indicados na solicitude e baixo as condicións reflectidas na autorización, de ser o caso. Non poderán encomendalas a terceiras entidades que non estean especificamente autorizadas para iso, de acordo co establecido nesta especificación técnica.

c) Comunicarlle á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas calquera cambio que se produza e poida afectar as condicións baixo as cales se autorizou a entidade.

d) Pór anualmente en coñecemento da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas as accións formativas que fosen executadas ao longo do correspondente período; indicarse para cada unha delas, polo menos, o seguinte:

- Nome da acción formativa.
- Período de realización.
- Identificación de alumnos, empresa e centro de traballo.
- Lugar de impartición.

6. Incumprimentos

Os incumprimentos de canto establece esta especificación técnica terán a consideración de infraccións de acordo co tipificado no título X do Regulamento de explosivos.

ANEXO I

Modelo de solicitude de autorización para o desenvolvemento das actividades formativas

D/Dª....., como representante da entidade, con domicilio social para os efectos de notificacións en, con CIF/NIF/NIE nº..... teléfono, telefax, correo electrónico

- Autoriza que os seus datos de identidade persoal poidan ser consultados mediante o Sistema de verificación de datos, nos termos establecidos polo Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a achega de fotocopias de documento de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e do seus organismos públicos.

De non deixar constancia do consentimento para a consulta dos datos mediante a marcación cun «X» do recadro inicial do parágrafo anterior, deberase xuntar fotocopia do documento nacional de identidade ou, no caso de estranxeiros, fotocopia da tarxeta de estudante, da tarxeta de identidade de estranxeiro ou da tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión Europea. No caso de cidadáns da Unión Europea ou de Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou de calquera outro Estado a que se estenda por convenio internacional o réxime previsto para os anteriores, presentarán copia do seu certificado de rexistro, ao cal deberán xuntar, así mesmo, copia do seu documento nacional de identidade ou pasaporte, documentos que deberán estar en vigor.

SOLICITA

A autorización para o desenvolvemento das actividades formativas, de acordo ao establecido na Especificación técnica 8.01 do Regulamento de explosivos, para os cursos seguintes, cuxos programas se regulan na ITC número 8 do citado regulamento:

.....

Achéganse os seguintes documentos:

- a) Memoria da entidade, incluíndo acreditación da personalidade, así como experiencia en actividades de formación.
- b) Memoria do curso ou cursos obxecto de autorización, incluíndo unha programación detallada.
- c) Xustificación do cumprimento dos requisitos establecidos no número 2 da Especificación técnica 8.01 do Regulamento de explosivos.

..... de de

Asdo.:

Os datos consignados neste documento serán tratados de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

ANEXO II

Estrutura e contido da documentación que se debe xuntar coa solicitude de autorización para o desenvolvemento das actividades formativas

i) Memoria da entidade:

1. Identificación da entidade.

2. Descrición dos medios humanos para o desenvolvemento das actividades formativas:

2.1 Estrutura organizativa da entidade.

2.2 Identificación do equipo de formadores segundo os cursos polos cales se solicita a autorización.

3. Descrición dos medios e recursos materiais e didácticos con que conta para o desempeño das actividades formativas:

3.1 Descrición dos equipamentos das aulas, xa sexan propias ou arrendadas, con que conta a entidade.

3.2 Disponibilidade de instalacións e equipamentos para a impartición de formación práctica, xa sexan propios ou arrendados, e descrición destes.

3.3 Descrición dos recursos didácticos (material e equipamento didáctico, medios audiovisuais) con que conta a entidade.

4. Experiencia acreditada como entidade no desenvolvemento de actividades formativas.

ii) Memoria dos cursos polos cales se solicita autorización:

1. Módulos formativos de que consta cada curso.

2. Programación detallada de cada módulo con repartición horaria e asignación de docentes.

3. Descrición da metodoloxía que se vai utilizar para o desenvolvemento dos contidos prácticos.

iii) Xustificación de requisitos:

1. Currículos de todos os membros do cadro docente.

2. Xustificación das titulacións académicas de todos os membros do cadro docente.

3. Acreditación da experiencia profesional en explosivos de todos os membros do cadro docente.

4. Acreditación da experiencia docente de todos os membros do cadro docente

ESPECIFICACIÓN TÉCNICA NÚMERO 8.02

Modelo de carné de artilleiro

O carné de artilleiro necesario para poder utilizar e manipular explosivo, en virtude do establecido na ITC número 8, que expidan as áreas funcionais de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente, axustarase ao seguinte modelo:

 	GOBERNO DE ESPAÑA	MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS	SUB/DELEGACIÓN DO GOBERNO EN PROVINCIA/CC.AA.
			ÁREA FUNCIONAL DE INDUSTRIA E ENERXÍA
CARNÉ DE ARTILLEIRO			
<div style="border: 1px solid black; width: 100px; height: 100px; margin: 0 auto;">(FOTO)</div>	TITULAR:		
	NOME E APELIDOS		
	DNI / NIF:		
	00000000A		
	NÚMERO DE CARNÉ:		
PROVINCIA 0001/ANO			
EXPED.:		VAL.:	
01/01/2016		01/01/2021	

Anverso

CARNÉ DE ARTILLEIRO BÁSICO	
ESPECIALIDADE:	<input type="checkbox"/> Demolicións
	<input type="checkbox"/> Voaduras baixo a auga
	<input type="checkbox"/> Voaduras en presenza de gases e pos inflamables ou explosivos
	<input type="checkbox"/> Operador de MEMU
PROVINCIA, 1 DE XANEIRO DE 2016:	
ASDO.: NOME E APELIDOS	
DIRECTOR/XEFE DA DEPENDENCIA DA ÁREA FUNCIONAL DE INDUSTRIA E ENERXÍA	

Reverso

As dimensións dos carnés serán as do estándar ISO-7816-1 ID-1, é dicir, as utilizadas para o documento nacional de identidade.

ESPECIFICACIÓN TÉCNICA NÚMERO 8.03

Modelo de carné de auxiliar de artilleiro

O carné de auxiliar artilleiro necesario para poder colaborar, baixo a supervisión do artilleiro, nas operacións de movemento e traslado de explosivos e accesorios de voadura, en virtude do establecido na ITC número 8, que expidan as áreas funcionais de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente, axustarase ao seguinte modelo:

 	GOBERNO DE ESPAÑA	MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS	SUB/DELEGACIÓN DO GOBERNO EN PROVINCIA/CC.AA.
			ÁREA FUNCIONAL DE INDUSTRIA E ENERXÍA
CARNÉ DE AUXILIAR DE ARTILLEIRO			
<div style="border: 1px solid black; width: 100px; height: 100px; margin: 0 auto;">(FOTO)</div>	TITULAR:		
	NOME E APELIDOS		
	DNI / NIF:		
	00000000A		
	NÚMERO DE CARNÉ:		
PROVINCIA 0001/ANO			
EXPED.:		VAL.:	
01/01/2016		01/01/2021	

Anverso

<p>CARNÉ DE AUXILIAR DE ARTILLEIRO.</p> <p>VÁLIDO PARA COLABORAR EN OPERACIÓN DE MOVIMIENTO E TRASLADO DE EXPLOSIVOS E ACCESORIOS DE VOADURA.</p> <p>PROHIBIDO INTERVIR NAS OPERACIÓN DE CARGA, DISPARO E DESTRUCCIÓN DE EXPLOSIVOS.</p> <hr/> <p style="text-align: center;">PROVINCIA, 1 DE XANEIRO DE 2016:</p> <p style="text-align: center;">ASDO.: NOME E APELIDOS</p> <p style="text-align: center;">DIRECTOR/XEFE DA DEPENDENCIA DA ÁREA FUNCIONAL DE INDUSTRIA E ENERXÍA</p>
--

Reverso

As dimensións dos carnés serán as do estándar ISO-7816-1 ID-1, é dicir, as utilizadas para o documento nacional de identidade.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 9

Normas de deseño e localización para fábricas e depósitos de explosivos

1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta ITC desenvolve as normas aplicables á instalación, modificación ou traslado das fábricas e depósitos de explosivos.

2. *Requisitos xerais das instalacións dunha fábrica de explosivos*

A construción dos edificios realizarase seguindo as seguintes características:

– Edificio dador ou doador: enténdese por tal aquel en cuxo interior pode ocorrer unha explosión, deflagración ou incendio. A súa construción realizarase en función das distancias a outros edificios, da cantidade de explosivo e das posibles defensas, ben en materiais lixeiros que minimicen as proxeccións ou ben con estruturas resistentes que poidan ser parcialmente abatibles, cuxo deseño se fará de forma que, en caso de accidente no seu interior, a onda de choque ou lingua de lume, de ser o caso, resulten orientadas na dirección máis favorable. Así mesmo, neste caso deseñaranse de forma que se reduzan o mínimo posible os lanzamentos de fragmentos primarios dunha explosión.

– Edificio receptor: enténdese por tal aquel que se pode ver afectado polos efectos dunha explosión ou deflagración ocorrida no seu exterior. A súa construción realizarase en función das distancias aos posibles edificios doadores, das cantidades de explosivo e das posibles defensas, ben con materiais lixeiros ou ben con estruturas resistentes de rixidez adecuada, cuxo deseño se fará de forma tal que, no caso dunha explosión no exterior, a súa estrutura ofrezca a resistencia necesaria para que sexa dificilmente abatible e capaz de soportar a posible caída de fragmentos.

– Zona perigosa: enténdese por tal aquela área de terreo onde se encontra situado un conxunto de edificios perigosos, entre os cales poden existir edificios non perigosos.

– Edificio perigoso: enténdese por tal aquel que alberga un ou varios locais perigosos.

– Local perigoso: enténdese por tal aquel compartimento integrado ou non nun edificio onde se leva a cabo a manipulación ou almacenamento de explosivos.

– Edificio non perigoso: enténdese por tal aquel edificio ou local instalado dentro do perímetro da instalación destinado a tarefas auxiliares ou accesorias onde non está permitida ningunha manipulación ou almacenamento de explosivos. Os locais auxiliares para o almacenamento de material inerte e para o almacenamento doutras materias primas (produto químico) considéranse edificios non perigosos.

Para os efectos da aplicación desta ITC e da separación dos locais de traballo onde se manipule explosivo, na falta de procedementos específicos de ensaio na manipulación, asignaráselles aos ditos locais a división de risco 1.1.

As MEMU estacionadas no recinto dunha fábrica ou depósito non poderán conter explosivos. Para os efectos do cálculo de distancias, estas MEMU serán consideradas como polvoreiras superficiais con división de risco 1.1 e unha capacidade máxima Q de 100 kg.

A zona de estacionamento das MEMU no interior dos recintos das fábricas ou depósitos debe estar sinalizada.

3. *Distancias*

3.1 Distancias á contorna.

As distancias mínimas que se deben observar na localización dos establecementos indicados no número 2 desta ITC, respecto da súa contorna, calcularanse, en cada caso, de acordo coas seguintes fórmulas:

División de risco	Respecto a núcleos de poboación ou aglomeracións de persoas	Respecto a vías de comunicación ou lugares turísticos	Respecto a vivendas illadas e outras estradas e liñas de ferrocarril
1.1 e 1.5	$D = 34 \cdot \sqrt[3]{Q}$	$D = 27 \cdot \sqrt[3]{Q}$	$D = 20 \cdot \sqrt[3]{Q}$
1.2	(1) $D = 58 \cdot \sqrt[6]{Q}$ (3)	$D = 58 \cdot \sqrt[6]{Q}$ (3)	$D = 39 \cdot \sqrt[6]{Q}$ (5)
	(2) $D = 76 \cdot \sqrt[6]{Q}$ (4)	$D = 76 \cdot \sqrt[6]{Q}$ (4)	$D = 51 \cdot \sqrt[6]{Q}$ (5)
1.3	$D = 6 \cdot \sqrt[3]{Q}$ (5)	$D = 6 \cdot \sqrt[3]{Q}$ (5)	$D = 4 \cdot \sqrt[3]{Q}$ (6)
1.4 e 1.6	(7)	(7)	(7)

- (1) Materias e obxectos que en caso de explosión non orixinan metralla pesada.
 (2) Metralla pesada, debida á posible presenza de proxectís de calibre maior de 60 mm.
 (3) Distancia mínima 90 m.
 (4) Distancia mínima 135 m.
 (5) Distancia mínima 60 m.
 (6) Distancia mínima 40 m.
 (7) Distancia mínima 25 m.

Onde:

Q: é a cantidade máxima de explosivo que pode haber nun edificio ou local perigoso ou a capacidade máxima do almacén, en quilogramos.

D: é a distancia que se debe observar, en metros.

Entenderase por vías de comunicación as liñas de ferrocarril públicas e as autoestradas, autovías e estradas cunha circulación superior a 2.000 vehículos/día, segundo capacidade medida.

Entenderase por outras estradas e liñas de ferrocarril as non incluídas no parágrafo anterior, excepto os camiños cunha circulación inferior a 100 vehículos/día, segundo capacidade medida.

Entenderase por vivendas illadas aquelas que, estando permanentemente habitadas, non constitúan un núcleo de poboación.

As medicións efectuaranse a partir dos paramentos interiores dos edificios onde se manipulen ou almacenen explosivos.

As distancias poderanse reducir á metade cando existan defensas naturais ou artificiais. Á hora de contabilizar as defensas non se considerarán as superposicións de defensas.

Cando existan varios edificios ou almacéns comprendidos nun mesmo recinto, as distancias aplicables serán as correspondentes ao edificio ou almacén que exixa as maiores distancias, sempre que a separación entre os edificios ou almacéns cumpra o disposto nos números 3.2 e 3.3 desta ITC e que nas ditas distancias queden comprendidas as correspondentes ás outras edificacións.

Cando coexistan diferentes divisións de risco no mesmo edificio, a distancia mínima aplicable calcularase considerando a división de risco máis desfavorable e a capacidade total do edificio, é dicir, a suma das cantidades netas máximas de cada división de risco.

3.2 Distancias entre os edificios nos establecementos.

As distancias mínimas que se deben observar entre os edificios que integran os establecementos indicados no número 2 desta ITC, tanto se se trata de edificios perigosos

como de non perigosos en que haxa presenza permanente de persoas, calcularanse, en razón das súas características construtivas e da cantidade e división de risco do explosivo existente no edificio ou local doador ou dador, mediante a fórmula:

$$D = K \cdot \sqrt[3]{Q}$$

Onde:

D: é a distancia, entre edificios, en metros.

Q: é a cantidade de explosivo contida habitualmente en cada edificio ou local dador, en quilogramos.











K: é un coeficiente de acordo coas táboas que figuran a continuación.

Para os efectos desta ITC, non se consideran edificios non perigosos con presenza permanente de persoas, e por tanto non se terá en conta para os efectos de distancias, aqueles edificios ou locais onde non exista presenza de persoal de maneira permanente, como pode ser un almacén de produtos inertes ou similar.

Cando coexistan diferentes divisións de risco no mesmo edificio, a distancia mínima aplicable corresponderá á maior resultante das distancias calculadas para cada unha das divisións de risco. O valor de Q para cada un destes cálculos corresponderá á capacidade total do edificio, é dicir, á suma das cantidades netas máximas de cada división de risco.

División de risco 1.1 e 1.5

Coeficiente K

Dador \ Receptor		Receptor			
					
Cuberto de terra (1)		2	2,5	3	3,5
Cuberta e paredes resistentes (2)		2	3	4	5
Cuberta resistente (2) e paredes lixeiras, con defensas (3)					
Paredes resistentes (2) e cuberta lixeira		2	2,5	3	5
Cuberta e paredes lixeiras, con defensas (3)					
Cuberta e paredes lixeiras		2	3,5	4	6









(1) O espesor mínimo do recubrimento será dun metro. Este recubrimento non inclúe o frontal do edificio semienterrado, senón só a parte lateral e traseira.

(2) O espesor mínimo da cuberta ou parede será o correspondente a 25 centímetros de formigón armado ou outra estrutura de resistencia equivalente.

(3) Véxase o número 4 desta ITC.

División de risco 1.2











Distancia mínima

Dador \ Receptor		Receptor			
					
Cuberto de terra		(1)	(1)	(1)	(1)
Cuberta resistente con defensas		(1)	15 m	15 m	15 m
Cuberta e paredes lixeiras con defensas		(1)	25 m	60 m	75 m
Cuberta e paredes lixeiras		25 m	25 m	75 m	90 m ⁽²⁾

- (1) Ningunha regulación de distancias.
 (2) No caso de metralla pesada procedente de munición superior a 60 mm, incrementarase a distancia nun 50 %.

División de risco 1.3

Coeficiente K

Dador \ Receptor		Receptor			
					
Recuberto de terra		*	*	*	1,25
Parede resistente ao lume (1) sen aberturas		*	*	1,25	1,4
Parede resistente ao lume (2) con defensas		*	1,25	1,4	1,7
Parede resistente ao lume (2) sen defensas		1,4	1,4	1,7	2,0
Parede lixeira ou face de alivio de presión (3), con defensas					
Parede lixeira ou face de alivio de presión (3), sen defensas		1,4	1,7	2,0	3,2

* Ningunha regulación de distancias.

- (1) Parede cunha resistencia ao lume EI-60 segundo o Real decreto 842/2013, do 31 de outubro.
 (2) Parede cunha resistencia ao lume EI-30 segundo o Real decreto 842/2013, do 31 de outubro.
 (3) É un panel ou zona debilitada, de baixa resistencia á sobrepresión.

División de risco 1.4 e 1.6

Neste caso, a distancia mínima entre edificios será de 5 metros se as paredes son de formigón armado de 25 centímetros de formigón ou estrutura de resistencia ao lume equivalente, ou de 10 metros se se trata de paredes lixeiras.

3.3 Distancias entre polvoreiras.

Este número unicamente será de aplicación cando tanto o edificio dador como o receptor sexan ambos polvoreiras. Para a determinación da distancia ou separación mínima entre unha polvoreira e un edificio perigoso ou non perigoso con presenza permanente de persoas, aplicarase o número 3.2.

As distancias mínimas que se deben observar entre polvoreiras calcularanse mediante a seguinte fórmula:

$$D = K \cdot \sqrt[3]{Q}$$

Onde:

D: é a distancia entre os paramentos interiores dos almacéns limítrofes, en metros.









Q: é a capacidade máxima do almacén de maior capacidade dos dous considerados, en quilogramos.

K: é un coeficiente de acordo coas táboas que figuran a continuación.

Cando coexistan diferentes divisións de risco no mesmo edificio, a distancia mínima aplicable corresponderá á maior resultante das distancias calculadas para cada unha das divisións de risco. O valor de Q para cada un destes cálculos corresponderá á capacidade total do edificio, é dicir, á suma das cantidades netas máximas de cada división de risco.

División de risco 1.1 e 1.5

Coeficiente K





Dador \ Receptor		Receptor			
					
SEMIENTERRADO. PAREDE LATERAL OU TRASEIRA		1	1	1,5	1,5
SEMIENTERRADO. PAREDE FRONTAL (2)		2	(1)	1,5	(1)
SUPERFICIAL CON DEFENSA		1	2	1,5	1,5
SUPERFICIAL SEN DEFENSA		1,5	(1)	1,5	3

(1) Disposición non admitida, excepto no caso de existir defensa natural ou artificial entre as polvoreiras, nese caso considerarase unha K= 3.

(2) Considerarase disposición frontal respecto doutro almacén cando o receptor se encontre dentro do sector ou área determinada por un ángulo de 60.º, cuxa bisectriz coincida co eixe do almacén dador e cuxa orixe se sitúe sobre a dita parede frontal.

División de risco 1.2

Distancia mínima







Dador		Receptor	
			
SEMIENTERRADOS		(1)	(1)
SUPERFICIAIS		25 m	90 m ⁽²⁾

(1) Ningunha regulación de distancias.

(2) No caso de metralla pesada, procedente de munición superior a 60 mm, incrementarase a distancia nun 50 %.

División de risco 1.3

Coeficiente K

Dador		Receptor		
				
SEMIENTERRADO		(1)	(1)	1,25(2)
SUPERFICIAL CON DEFENSAS		(1)	1,4(2)	1,4(3)
SUPERFICIAL SEN DEFENSAS		(1)	1,4(3)	1,7(3)

(1) Ningunha regulación de distancias.

(2) Distancia mínima, 15 metros.

(3) Distancia mínima, 20 metros.

División de risco 1.4 e 1.6

Neste caso, a distancia mínima entre almacéns será de 10 metros.

Mediante unha parede resistente ao lume EI 60 segundo o Real decreto 842/2013, do 31 de outubro, polo que se aproba a clasificación dos produtos de construción e dos elementos construtivos en función das súas propiedades de reacción e de resistencia fronte ao lume, ou estrutura similar, poderase reducir a distancia á metade.


4. Defensas

Esta ITC diferencia en diversos casos o feito de que os edificios ou locais perigosos estean dotados ou non de defensas que os protexan dunha explosión externa ou limiten os efectos ao exterior dunha explosión ocorrida no interior dos ditos locais e edificios. Para estes efectos, admitirase unha única defensa para protexer dous edificios ou locais, considerándose ambos como dotados de defensas para os efectos desta ITC. Nestes casos, e para determinar o coeficiente aplicable segundo os cadros do número 3, considerarase tanto o dador como o receptor con defensas.

O termo «sen defensas» nas polvoreiras superficiais significa que entre as dúas polvoreiras consideradas non existe ningunha defensa natural ou artificial. O termo «con defensas» significa que entre as dúas polvoreiras consideradas existe polo menos unha defensa natural ou artificial. Neste sentido, as defensas que aparecen no edificio dador e receptor dos cadros do número 3 poden ser a mesma.



Como norma xeral, as defensas deberían ter como altura mínima a do edificio ou local que protexen. En todo caso, deberán superar nun metro a altura dos explosivos contidos nos ditos locais ou edificios.

Entre os moi diversos tipos de defensas en uso, ilústranse a continuación algunhas das máis habituais:



Os muros deben estar calculados para resistiren, sen envorcadura, o efecto da onda de choque.

Os criterios recomendados para o deseño de merlóns e muros deberanse axustar ás bases seguintes:



5. Sistemas de protección contra raios

Todos os edificios perigosos da fábrica e depósito de explosivos estarán baixo a cobertura dun sistema de protección contra raios, segundo o establecido na sección 8 (SUA 8) do Documento básico «Seguridade de utilización e accesibilidade», do Código técnico da edificación, aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo.

O sistema de protección contra raios, así como as súas ampliacións ou modificacións substanciais, requirirá unha inspección durante a montaxe, unha inspección inicial, unha vez instalado, e inspeccións periódicas, seguindo o procedemento e os prazos establecidos na Norma UNE-EN 62305-3 «Protección contra o raio. Parte 3: Dano físico a estruturas e risco humano».

O titular do establecemento asegurarse do cumprimento do disposto no parágrafo anterior, para o cal poderá recorrer a calquera entidade externa capacitada para iso. A entidade ou persoa que realice a inspección deberá emitir un certificado ou informe de inspección no cal figuren os aspectos verificados e a súa conformidade co establecido na mencionada norma.

6. Equipamentos de traballo

Para a posta á disposición dos traballadores de equipamentos de traballo, e antes da súa posta en servizo, o empresario deberase asegurar de que adquire e utiliza unicamente equipos que satisfagan todos os requisitos e disposicións legais que lles sexan de aplicación.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 10

Prevención de accidentes graves

1. Obxecto

Esta ITC ten por obxecto a prevención de accidentes graves nos cales interveñan os produtos regulados por este regulamento, así como a limitación das súas consecuencias sobre a saúde humana, os bens e o ambiente, de conformidade co establecido na Directiva 2012/18/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012, relativa ao control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas.

2. Ámbito de aplicación

1. Esta ITC aplicarase ás fábricas, instalacións e depósitos de explosivos nos cales se pode orixinar un accidente grave. En concreto, será de aplicación cando as cantidades máximas das substancias explosivas que estean presentes, ou poidan estalo, no establecemento nun momento dado superen os limiares seguintes:

Substancias perigosas mencionadas e categorías de perigo de conformidade co Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasamento de substancias e mesturas	Limiar (toneladas)	
	I	II
1. Nitrato amónico (véxase a nota 1)	350	2.500
2. P1b explosivos (véxase nota 2) Explosivos da división 1.4 (véxase nota 3)	50	200
3. P1a explosivos (véxase nota 2) – Explosivos inestables ou – Explosivos das divisións 1.1, 1.2, 1.3, 1.5 ou 1.6, – Substancias ou mesturas que teñan propiedades explosivas de acordo co método A.14 do Regulamento (CE) n.º 440/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008 (véxase nota 9), e non pertencen ás clases de perigo «peróxidos orgánicos» ou «substancias ou mesturas que reaccionan espontaneamente».	10	50

No caso dun establecemento no cal non estea presente ningunha substancia ou preparado en cantidade igual ou superior á cantidade limiar correspondente, aplicarase a seguinte regra para determinar se son aplicables ao dito establecemento os requisitos pertinentes desta ITC. Se a suma:

$$q_1/Q_1 + q_2/Q_2 + q_3/Q_3 + q_4/Q_4 + q_5/Q_5 + \dots \text{ é igual ou maior que } 1$$

Onde:

q_x = cantidade da substancia perigosa ou categoría de substancias perigosas x prevista.

Q_x = a cantidade limiar I ou II pertinente para a substancia ou categoría x .

Esta regra utilizarase para avaliar os perigos físicos. Por tanto, incorporará tamén as seguintes substancias recollidas no anexo I do Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves onde interveñan substancias perigosas:

As substancias perigosas enumeradas na parte 2 consistentes en gases inflamables, aerosois inflamables, gases comburentes, líquidos inflamables, substancias e mesturas perigosas que reaccionan espontaneamente, peróxidos orgánicos, líquidos e sólidos pirofóricos, líquidos e sólidos comburentes, ademais das substancias incluídas na sección P, subseccións P2 a P8, da parte 1.

Nota (1). Nitrato amónico (350 / 2 500): calidade técnica

Aplícase ao nitrato de amonio e ás mesturas de nitrato de amonio cuxo contido de nitróxeno debido ao nitrato de amonio represente:

- Entre o 24,5 % e o 28 % en peso e que conteñan, como máximo, un 0,4 % de substancias combustibles.
- Máis do 28 % en peso e que conteñan, como máximo, un 0,2 % de substancias combustibles.

Aplícase tamén ás solucións acuosas de nitrato de amonio cuxa concentración de nitrato de amonio supere o 80%.

Nota (2). A clase de perigo «explosivos» inclúe os artigos explosivos [véxase sección 2.1 do anexo I do Regulamento (CE) n.º 1272/2008]. Se se coñece a cantidade de substancia ou mestura explosiva que contén o artigo, esa cantidade será a considerada para os efectos desta ITC. Se non se coñece a cantidade de substancia ou mestura explosiva que contén o artigo, tratarase todo o artigo, para os efectos desta ITC, como explosivo.

Nota (3). Se os explosivos da división 1.4 están sen envasar ou reenvasados, serán asignados á subsección P1a, a menos que se demostre que o perigo segue correspondendo á división 1.4, de conformidade co Regulamento (CE) n.º 1272/2008.

Nota (4). As substancias e mesturas clasifícanse de acordo co Regulamento (CE) n.º 1272/2008.

Nota (5). As mesturas trataranse do mesmo xeito que as substancias puras sempre que se axusten aos límites de concentración establecidos conforme as súas propiedades segundo o Regulamento (CE) n.º 1272/2008, ou a súa última adaptación ao progreso técnico, a menos que se indique especificamente unha composición porcentual ou outra descrición.

Nota (6). As cantidades que se indicaron anteriormente como limiar refírense a cada establecemento.

As cantidades que hai que ter en conta para a aplicación dos artigos pertinentes son as máximas que estean presentes, ou poidan estalo, nun momento dado. Para o cálculo da cantidade total presente non se terán en conta as substancias perigosas existentes nun establecemento unicamente nunha cantidade igual ou inferior ao 2% da cantidade indicada como limiar, se a súa situación dentro do establecemento é tal que non pode chegar a provocar un accidente grave en ningún outro lugar do establecemento.

Nota (7). Cando se trate de substancias perigosas que non estean cubertas polo Regulamento (CE) n.º 1272/2008, incluídos os residuos, pero que estean presentes, ou poidan estalo, nun establecemento e posúan ou poidan posuír, nas condicións do establecemento, propiedades equivalentes que poidan orixinar accidentes graves,

asignaranse provisionalmente á categoría ou substancia perigosa mencionada máis análoga que entre no ámbito de aplicación desta ITC.

Nota (8). Cando se trate de substancias perigosas cuxas propiedades permitan clasificalas de máis dun modo, aplicaranse as cantidades limiar máis baixas para os efectos desta ITC. Con todo, para a aplicación da regra da nota 4 utilizarase a cantidade limiar máis baixa para cada grupo de categorías aplicable á clasificación correspondente.

Nota (9). Só é necesario realizar ensaios das propiedades explosivas das substancias e das mesturas se no procedemento de detección segundo o apéndice 6, parte 3, das Recomendacións de Nacións Unidas relativas ao transporte de mercadorías perigosas, probas e criterios («Manual de probas e criterios das Nacións Unidas»)¹ se encontra que a substancia ou a mestura pode ter propiedades explosivas.

¹ Pode atoparse máis orientación sobre os casos en que non é necesario realizar os ensaios na descrición do método A.14, véxase o Regulamento (CE) n.º 440/2008 da Comisión, do 30 de maio de 2008, polo que se establecen métodos de ensaio de acordo co Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao rexistro, á avaliación, á autorización e á restrición das substancias e preparados químicos (REACH) (DOUE L 142, do 31.5.2008, p. 1).

2. Para os efectos desta ITC, entenderase por presenza de substancias perigosas a súa presenza actual ou anticipada no establecemento ou a súa aparición, que poidan, de ser o caso, xerarse como consecuencia da perda de control dos procesos, incluídas as actividades de almacenamento en calquera instalación no interior dun establecemento, en cantidades iguais ou superiores ás cantidades limiar indicadas neste número.

3. Esta ITC non será de aplicación ao transporte de explosivo nin ao almacenamento temporal intermedio directamente relacionado con el, por estrada, ferrocarril, vía navegable interior e marítima ou aérea, incluídas as actividades de carga e descarga e o traslado desde e cara a outro tipo de transporte con destino a peiraos, embarcadoiros ou estacións ferroviarias de clasificación fóra dos establecementos a que se refire esta ITC.

3. Definicións

Para os efectos desta ITC, entenderase por:

1. Accidente grave: calquera suceso, como unha emisión en forma de fuga ou vertedura, un incendio ou unha explosión importantes, que resulte dun proceso non controlado durante o funcionamento de calquera establecemento a que sexa de aplicación esta ITC, que supoña un risco grave, inmediato ou diferido, para a saúde humana, os bens, ou o ambiente, dentro ou fóra do establecemento e no cal interveñan unha ou varias substancias explosivas ou perigosas.

2. Almacenamento: a presenza dunha cantidade determinada de substancias perigosas con fins de almacenaxe, depósito en custodia ou reserva.

3. Efecto dominó: a concatenación de efectos que multiplica as consecuencias, debido a que os fenómenos perigosos poden afectar, ademais dos elementos vulnerables exteriores, outros recipientes, tubaxes ou equipamentos do mesmo establecemento ou doutros establecementos próximos, de tal maneira que se produza unha nova fuga, incendio, explosión ou estalido neles que xere, pola súa vez, novos fenómenos perigosos.

4. Establecemento: a totalidade da localización baixo o control dun industrial na cal se encontren substancias perigosas nunha ou en varias instalacións, incluídas as infraestruturas ou actividades comúns ou conexas. Os establecementos serán de nivel I ou de nivel II:

a) Establecemento de nivel I: un establecemento en que a cantidade máxima presente de explosivo sexa igual ou superior á especificada no limiar I, pero inferior á cantidade indicada no limiar II.

b) Establecemento de nivel II: un establecemento en que a cantidade máxima presente de explosivo sexa superior á cantidade indicada no limiar II. Todo iso empregando, cando sexa aplicable, a regra da suma da nota 4 do punto anterior.

5. Establecemento existente: un establecemento que ata a data de entrada en vigor desta instrución estea incluído no ámbito de aplicación da ITC número 10, e que a partir da data de entrada en vigor quede incluído no ámbito de aplicación desta instrución sen cambiar a súa clasificación como establecemento de nivel I ou establecemento de nivel II.

6. Establecemento novo:

a) Un establecemento que entre en funcionamento ou se constrúa a partir da data de entrada en vigor desta instrución.

b) Unha localización operativa que quede incluída no ámbito de aplicación desta ITC ou un establecemento de nivel I que pase a ser un establecemento de nivel II ou viceversa a partir da data de entrada en vigor desta instrución, debido ás modificacións nas súas instalacións ou actividades que dean lugar a un cambio do seu inventario de substancias perigosas.

7. Establecemento veciño: un establecemento cuxa proximidade a outro establecemento aumenta o risco ou as consecuencias dun accidente grave.

8. Outro establecemento: unha localización operativa que queda incluída no ámbito de aplicación desta ITC ou un establecemento de nivel I que pasa a ser un establecemento de nivel II ou viceversa a partir da data de entrada en vigor desta instrución inclusive, por motivos distintos dos mencionados no punto 1.

9. Industrial: calquera persoa física ou xurídica que explota ou controla unha fábrica, instalación ou depósito de explosivos, ou dispoña do poder económico ou decisorio determinante sobre a explotación técnica do establecemento, instalación ou depósito.

10. Inspección: toda acción, incluídas as visitas *in situ*, os controis das medidas internas, os sistemas, informes e documentos de seguimento e calquera comprobación posterior necesaria, levados a cabo polo órgano competente ou no seu nome, co obxecto de revisar e promover o cumprimento dos establecementos cos requisitos desta ITC.

11. Instalación: unha unidade técnica no interior dun establecemento, con independencia de se se encontra a nivel de chan ou baixo terra, na cal se producen, utilizan, manipulan ou almacenan substancias perigosas; inclúe todos os equipamentos, estruturas, canalizacións, maquinaria, ferramentas, ramais ferroviarios particulares, dársenas, peiraos de carga ou descarga para uso dela, espigóns, depósitos ou estruturas similares, estean a flote ou non, necesarios para que funcione esa instalación.

12. Mestura: unha mestura ou solución composta por dúas ou máis substancias.

13. Perigo: a capacidade intrínseca do explosivo ou dunha situación física de ocasionar danos á saúde humana ou ao ambiente.

14. Público: unha ou varias persoas físicas ou xurídicas e, de conformidade coas disposicións legais ou coas prácticas comúns, as asociacións, organizacións ou grupos constituídos por esas persoas.

15. Público afectado: para os efectos do número 13.2, o persoal dun establecemento e a poboación da súa contorna que, de acordo cos estudos de análise de risco e consecuencias, podería sufrir sobre a súa saúde os efectos dun posible accidente grave.

16. Público interesado: o público que resulta ou pode resultar afectado polas decisións adoptadas sobre algún dos asuntos previstos no número 14.1, ou que ten un interese que invocar na toma desas decisións; para os efectos desta definición, considerarase que teñen un interese as organizacións non gobernamentais que traballen a favor da protección da saúde das persoas ou do ambiente e que cumpran os requisitos pertinentes previstos pola lexislación de aplicación.

17. Risco: a probabilidade de que se produza un efecto específico nun período de tempo determinado ou en circunstancias determinadas.

18. Substancia explosiva: toda substancia ou mestura, que constitúe un explosivo, recollida no número 2.1, incluíndo aquelas en forma de materia prima, produto, subproduto, residuo ou produto intermedio.

19. Substancia perigosa: toda substancia ou mestura incluída na parte 1 ou enumerada na parte 2 do anexo I do Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que

interveñan substancias perigosas, incluíndo aquelas en forma de materia prima, produto, subproduto, residuo ou produto intermedio.

4. *Obrigas xerais do industrial*

Os industriais a cujos establecementos sexa de aplicación esta ITC están obrigados a:

1. Adoptar as medidas previstas nesta ITC e cantas resulten necesarias para previr accidentes graves e limitar as súas consecuencias para a saúde humana, os bens e o ambiente.
2. Colaborar e demostrar ante a autoridade competente, en todo momento e especialmente con motivo dos controis e inspeccións a que se refire o número 19, que tomou todas as medidas necesarias previstas nesta ITC.

5. *Autoridades competentes*

1. Considéranse autoridades competentes para os efectos desta ITC os delegados do Goberno nas comunidades autónomas ou, de ser o caso, os subdelegados do Goberno, conforme o establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e demais normas aplicables, e a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior, nos termos previstos nela.

2. As autoridades competentes, en cumprimento do previsto nesta ITC, actuarán de conformidade cos principios de coordinación e colaboración e velarán para que as informacións de interese obtidas en virtude desta instrución estean á disposición dos órganos implicados en cada caso, competentes en materia de protección civil, de prevención de riscos para a saúde humana, de protección do ambiente, de ordenación do territorio e de urbanismo e portos.

3. Para os efectos desta ITC, a autoridade competente aceptará a información equivalente que, en cumprimento dos números 6 a 10 desta instrución, presenten os industriais en conformidade con outra lexislación nacional pertinente. En tales casos, a autoridade competente asegurárase de que se cumpran todos os requisitos desta instrución.

6. *Notificación*

1. Os industriais a cujos establecementos lles sexa de aplicación esta instrución están obrigados a enviarlle unha notificación á delegación do Goberno na comunidade autónoma ou, de ser o caso, á subdelegación do Goberno, que conteña, como mínimo, a seguinte información:

- a) Número de rexistro industrial.
- b) Nome ou razón social do industrial e enderezo completo do establecemento correspondente, teléfono e telefax.
- c) Domicilio social do industrial e enderezo completo, así como teléfono e telefax.
- d) Nome ou cargo do encargado do establecemento, se se trata dunha persoa diferente do industrial a que se refire a letra b), e a información necesaria para a súa localización as vinte e catro horas do día.
- e) Información suficiente para identificar as substancias perigosas de que se trate ou que poidan estar presentes, que poden ser substancias e preparados explosivos (substancias explosivas) e/ou obxectos explosivos.
- f) Cantidade máxima e forma física de cada substancia, obxecto ou artigo.
- g) Actividade exercida ou actividade prevista na instalación ou zona de almacenamento.
- h) Breve descrición dos procesos tecnolóxicos e actividades.
- i) Plano do establecemento e distribución das súas instalacións.

j) Descrición da contorna inmediata do establecemento e factores capaces de causar un accidente grave ou de agravar as súas consecuencias, incluídos, cando estean dispoñibles, detalles dos establecementos veciños, de localizacións que queden fóra do ámbito de aplicación desta ITC, zonas e obras que poidan orixinar ou incrementar o risco ou as consecuencias dun accidente grave e de efecto dominó.

2. No caso de establecementos novos, a documentación a que se refire o punto 1 remitirase xunto coa de solicitude de autorización do establecemento, evitando a súa duplicidade.

En todos os demais casos, a notificación ou a súa actualización enviaranse á delegación do Goberno na comunidade autónoma ou, de ser o caso, á subdelegación do Goberno, no momento en que sexa de aplicación esta ITC.

3. O industrial informará por anticipado a autoridade competente, ante as seguintes circunstancias e, de ser o caso, actualizará a notificación cando:

a) aumente ou diminúa significativamente a cantidade ou se modifiquen significativamente as características ou a forma física da substancia perigosa presente indicadas na notificación enviada polo industrial en virtude do punto 1 ou de que se modifiquen significativamente os procesos do seu uso, ou

b) un establecemento ou unha instalación se modifiquen de tal maneira que poida ter consecuencias importantes en termos de perigo de accidente grave, ou

c) peche definitivamente ou se desmantele o establecemento, ou

d) se produzan cambios na información a que se refiren as alíneas a), b), c) e d) do punto 3.

4. Para os efectos do disposto no número 20, a delegación do Goberno informará das ditas actualizacións a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior, co fin de incorporar a dita información á Base nacional de datos de risco químico a que se refire o Plan estatal de protección civil ante o risco químico, aprobado polo Real decreto 1070/2012, do 13 de xullo.

7. Política de prevención de accidentes graves

1. Os industriais de todos os establecementos aos cales lles sexa de aplicación esta ITC deberán definir e implantar correctamente a súa política de prevención de accidentes graves, así como plasmala nun documento escrito.

A posta en práctica desta política terá por obxecto garantir un alto grao de protección da saúde humana, do ambiente e dos bens e será proporcional aos perigos de accidente grave do establecemento. Incluirá os obxectivos xerais e os principios de actuación do industrial, a repartición de tarefas e responsabilidades de xestión, así como o compromiso de mellorar de forma permanente o control dos riscos de accidente grave e de garantir un elevado nivel de protección.

2. Este documento manterase en todo momento á disposición da delegación do Goberno ou, de ser o caso, da subdelegación, desde as seguintes datas:

a) No caso dos establecementos novos, desde unha data razoable antes de comezar a construción ou a explotación, ou antes das modificacións que dean lugar a un cambio no inventario de substancias perigosas. Todo iso no prazo concreto que determine o delegado do Goberno.

b) En todos os demais casos, no momento en que sexa de aplicación a ITC ao establecemento en cuestión.

3. Para os establecementos de nivel II, o documento que define a súa política de prevención de accidentes graves formará parte do informe de seguridade a que se refire o número 9.

4. Sen prexuízo do disposto no número 10, o industrial revisará periodicamente a política de prevención de accidentes graves, polo menos cada cinco anos, e actualizaraa cando sexa necesario.

5. A política de prevención de accidentes graves aplicarase mediante un sistema de xestión da seguridade a través de medios, estruturas e procedementos adecuados de conformidade co anexo I e de forma proporcionada aos perigos do accidente grave e á complexidade da organización ou ás actividades do establecemento.

8. *Efecto dominó*

1. As delegacións ou subdelegacións do Goberno, utilizando a información recibida do industrial de conformidade cos números 6 e 9, ou mediante as inspeccións correspondentes, determinarán todos os establecementos de nivel I e nivel II en que a probabilidade e o risco ou as consecuencias dun accidente grave se poidan ver incrementadas debido á posición xeográfica e á proximidade con outros establecementos.

2. Cando esta autoridade competente dispoña de información adicional á facilitada polo industrial de conformidade co punto 6.1.j), porá a dita información á disposición do dito industrial cando resulte necesario para a aplicación deste punto.

3. As delegacións ou subdelegacións do Goberno establecerán protocolos de comunicación que aseguren que os establecementos así determinados:

a) se intercambien de maneira adecuada os datos necesarios, para posibilitar que os industriais tomen en consideración o carácter e a magnitude do risco xeral de accidente grave nas súas políticas de prevención de accidentes graves, sistemas de xestión da seguridade, informes de seguridade e plans de emerxencia interior ou autoprotección

b) cooperen na información á poboación e aos lugares veciños non incluídos no ámbito de aplicación desta instrución.

4. Os accidentes que se poidan producir por efecto dominó entre instalacións dun mesmo establecemento deberanse sinalar nos informes de seguridade a que se refire o número 9.

9. *Informe de seguridade*

1. Os industriais dos establecementos de nivel II deben presentar un informe de seguridade á delegación do Goberno na comunidade autónoma ou, de ser o caso, á subdelegación do Goberno, que terá por obxecto:

a) Demostrar que se estableceu unha política de prevención de accidentes graves e un sistema de xestión da seguridade para a súa aplicación, de conformidade cos elementos que figuran no anexo I.

b) Demostrar que se identificaron os perigos de accidente grave e os posibles escenarios de accidente grave e que se tomaron as medidas necesarias para previlo e limitar as súas consecuencias para a saúde humana, o ambiente e os bens.

c) Demostrar que no deseño, construción, explotación e mantemento de toda instalación, almacenamento, equipamentos e infraestrutura que estean relacionados co perigo de accidente grave no establecemento se tiveron en conta unha seguridade e fiabilidade suficientes.

d) Demostrar que se elaboraron plans de emerxencia interiores e proporcionar información que permita elaborar o plan de emerxencia exterior co fin de tomar as medidas necesarias en caso de accidente grave.

e) Proporcionarlle información suficiente á autoridade competente para que poida tomar decisións en materia de implantación de novas actividades ou de execución de obras nas proximidades dos establecementos existentes.

2. O informe de seguridade conterá, como mínimo, os datos e a información que establece a Directriz básica de protección civil para o control e a planificación ante o risco

de accidentes graves en que interveñen substancias perigosas, aprobada polo Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro.

No informe de seguridade indícanse expresamente os nomes das organizacións pertinentes que participasen na súa elaboración.

De conformidade co disposto no número 5.3, o informe de seguridade e calquera outro estudo ou informe de natureza análoga que deban realizar os industriais, en virtude da lexislación sectorial aplicable, poderanse fusionar nun documento único para os efectos deste número, cando a dita fusión permita evitar duplicacións innecesarias da información e a repetición dos traballos realizados polo industrial ou pola autoridade competente, sempre que se cumpran todos os requisitos e os exixidos pola lexislación sectorial que resulte aplicable. A este respecto, no caso de posibles consecuencias para o ambiente, poderanse utilizar as análises de riscos ambientais elaboradas en cumprimento da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental.

3. O informe de seguridade enviarase respectando os seguintes prazos:

- a) No caso de establecementos novos, remitirase xunto coa solicitude de autorización do establecemento.
- b) No caso de establecementos de nivel II existentes, no momento de entrada en vigor desta instrución.
- c) No caso dos outros establecementos, no prazo de dous anos a partir da data de aplicación desta instrución ao establecemento en cuestión.

4. Todo informe de seguridade deberá ser avaliado. Unha vez avaliado o informe de seguridade, a delegación do Goberno na comunidade autónoma ou, de ser o caso, a subdelegación do Goberno, pronunciarase no prazo máximo de seis meses desde a súa entrega, sobre as condicións de seguridade do establecemento en materia de accidentes graves, nalgún dos seguintes sentidos:

- a) Comunicaralle ao industrial as súas conclusións sobre o exame do informe de seguridade, de ser o caso, logo de solicitude de información complementaria ou de modificacións pertinentes.
- b) Prohibirá a posta en servizo ou a continuación da actividade do establecemento de que se trate, de conformidade coas facultades e procedementos previstos no número 18.

5. Sen prexuízo do disposto no número 10, o industrial revisará o informe de seguridade periodicamente e, de ser o caso, actualizarao do seguinte modo:

- a) Como mínimo, cada cinco anos.
- b) A raíz dun accidente grave no seu establecemento.
- c) En calquera momento, por iniciativa do industrial ou por petición da autoridade competente, cando estea xustificado por novos datos ou co fin de ter en conta os novos coñecementos técnicos sobre seguridade.

O informe de seguridade actualizado, ou as súas partes actualizadas, enviaranse sen demora á delegación ou, de ser o caso, á subdelegación do Goberno correspondente.

Para os efectos do disposto no número 20, a delegación ou subdelegación do Goberno informará das ditas actualizacións a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior, co fin de incorporar a dita información á Base nacional de datos de risco químico a que se refire o Plan estatal de protección civil ante o risco químico, aprobado polo Real decreto 1070/2012, do 13 de xullo.

A delegación ou subdelegación do Goberno poderalles exixir aos industriais de establecementos de nivel I que elaboren e lle remitan ao dito órgano determinados aspectos do informe de seguridade que poidan resultar necesarios para o cumprimento do especificado nos números 7 e 8.

10. *Modificación dunha instalación, establecemento ou zona de almacenamento*

1. No caso de modificación dunha instalación, un establecemento ou parte del, ou unha zona de almacenamento, incluídas as características ou a forma física ou cantidades de substancias perigosas que poidan ter consecuencias importantes polo que respecta ao perigo de accidente grave ou que poidan dar lugar a que un establecemento de nivel I pase a ser de nivel II ou viceversa, o industrial debe revisar, actualizando de ser o caso a notificación, a política de prevención de accidentes graves, o sistema de xestión da seguridade, o informe de seguridade, así como o Plan de emerxencia interior ou autoprotección, e informar a delegación ou a subdelegación do Goberno sobre as ditas actualizacións antes de proceder a esa modificación.

2. Para os efectos do disposto no número 20, a delegación ou a subdelegación do Goberno informará das ditas actualizacións o órgano competente en materia de protección civil da comunidade autónoma onde radique o establecemento e a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior, co fin de incorporar a dita información á Base nacional de datos de risco químico a que se refire o Plan estatal de protección civil ante o risco químico, aprobado polo Real decreto 1070/2012, do 13 de xullo.

11. *Plans de emerxencia interior ou de autoprotección*

1. O industrial a cuxo establecemento lle sexa de aplicación esta ITC deberá elaborar un plan de emerxencia interior ou de autoprotección onde se definan a organización e o conxunto de medios e procedementos de actuación, co fin de previr os accidentes de calquera tipo e, de ser o caso, limitar os efectos no interior do establecemento.

O seu contido axustarase ao especificado na Directriz básica de protección civil para o control e a planificación ante o risco de accidentes graves en que interveñen substancias perigosas e á lexislación sobre autoprotección. Elaboraranse logo de consulta co persoal do establecemento e os traballadores de empresas subcontratadas ou subcontratistas a longo prazo, cumprindo, en todo caso, o disposto no artigo 18, relativo á información, consulta e participación dos traballadores, da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

No marco das obrigas derivadas da coordinación de actividades empresariais a que se refire o artigo 24 da citada Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, desenvolvido polo Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, en materia de coordinación de actividades empresariais, o empresario titular do establecemento deberá informar do contido do Plan de emerxencia interior ou de autoprotección aquelas empresas subcontratadas e autónomas que desenvolvan a súa actividade no dito establecemento, e todos eles deberán cumprir co deber de cooperación e coas demais obrigas establecidas no citado real decreto.

2. Este plan de emerxencia interior ou de autoprotección será remitido á delegación do Goberno na comunidade autónoma ou, de ser o caso, á subdelegación do Goberno.

3. Os prazos para a súa presentación serán:

a) Para os novos establecementos, antes de que se inicie a súa explotación ou antes das modificacións que dean lugar a un cambio no inventario de substancias perigosas; todo iso no prazo establecido polo órgano competente.

b) Para os demais establecementos, no prazo dun ano a partir da data en que esta ITC se aplique ao establecemento en cuestión.

4. A delegación ou subdelegación do Goberno remitiralle ao órgano competente en materia de protección civil da comunidade autónoma o Plan de emerxencia interior ou autoprotección referido no número 1, a notificación indicada no número 6 e o informe de seguridade referido no número 9, así como as súas posteriores actualizacións.

5. Será informado o órgano competente en materia de protección da comunidade autónoma do resultado dos exercicios e simulacros realizados, así como da data de realización.

A revisión regulamentaria dos plans de emerxencia interior ou de autoprotección realizarase a intervalos apropiados, que non deberán superar os tres anos, e terá en conta tanto os cambios que se produciron nos establecementos correspondentes como na organización dos servizos de emerxencia chamados a intervir, así como os novos coñecementos técnicos e os coñecementos sobre as medidas que se deban tomar en caso de accidente grave.

12. *Planificación da ocupación do solo*

1. As delegacións e subdelegacións do Goberno establecerán, no desempeño das funcións atribuídas nesta instrución, os procesos de información que sexan necesarios en relación coas autoridades competentes en materia de planificación da ocupación do solo, de conformidade cos principios de coordinación, colaboración e consulta adecuados. Os procedementos serán tales que, no momento de tomar as decisións, as autoridades competentes dispoñan de suficiente información sobre os riscos vinculados ao establecemento que sexa relevante para a planificación da ocupación do solo.

2. En todo caso, os ditos procesos estarán referidos:

- a) Á localización dos establecementos novos.
- b) Ás modificacións dos establecementos recollidas no número 10.
- c) Ás novas obras de titularidade estatal, cando a localización ou as obras executadas poidan orixinar ou aumentar o risco ou as consecuencias dun accidente grave.

3. Para os efectos previstos no punto 1, os industriais facilitaranlles ás delegacións ou, de ser o caso, ás subdelegacións do Goberno, por instancia destas, a información sobre os riscos vinculados ao establecemento que sexa necesaria para os efectos de planificación da ocupación do solo.

13. *Información ao público*

1. A delegación do Goberno na comunidade autónoma ou, de ser o caso, a subdelegación do Goberno porá á disposición do público de forma permanente e tamén en formato electrónico a información mencionada no anexo II. A información actualizarase cando resulte necesario, tamén con motivo das modificacións recollidas no número 10.

2. Así mesmo, asegurárase tamén de que:

a) O informe de seguridade estea á disposición do público cando se solicite, sen prexuízo do disposto no número 21.3. Para estes efectos, porase á disposición do público un informe modificado, por exemplo, en forma de resumo non técnico, que incluíra información xeral sobre os perigos de accidente grave e os seus efectos potenciais para a saúde humana, os bens e o ambiente en caso de accidente grave.

b) O inventario dos explosivos estea á disposición do público cando se solicite, sen prexuízo do disposto no número 21.3.

c) Todas as persoas que se poidan ver afectadas por un accidente grave recibirán periodicamente, polo medio máis adecuado e sen que teñan que solicitala, información clara e comprensible sobre as medidas de seguridade e o comportamento que se debe adoptar en caso de accidente grave.

14. *Consulta pública e participación na toma de decisións*

1. Ademais do establecido neste regulamento respecto das autorizacións de fábricas e depósitos, a delegación do Goberno na comunidade autónoma ou, de ser o caso, a subdelegación do Goberno someterá a trámite de información pública, con carácter previo á súa aprobación ou autorización, os proxectos concretos relativos:

a) Aos proxectos de novos establecementos, de conformidade co número 12 desta ITC.

b) Aos proxectos de modificación de establecementos a que se refire o número 10, cando estean suxeitas aos requisitos do número 12 desta ITC.

c) Aos proxectos de obra ou edificacións estatais, é dicir, aqueles cuxa autorización é de competencia estatal, nas inmediacións dos establecementos xa existentes, cando a localización ou as obras executadas poidan aumentar o risco ou as consecuencias dun accidente grave de conformidade co número 12.

2. Para iso, a delegación do Goberno na comunidade autónoma ou, de ser o caso, a subdelegación do Goberno informará o público, mediante anuncio publicado no diario oficial correspondente durante polo menos 15 días hábiles, dos seguintes asuntos:

a) O obxecto do proxecto concreto.

b) Cando cumpra, a circunstancia de que un proxecto está suxeito a unha avaliación do impacto ambiental ou a consultas entre os Estados membros.

c) Datos da autoridade competente para tomar a decisión, dos cales se poida obter información pertinente e aos cales se poidan presentar observacións ou formular preguntas, así como os prazos para iso.

d) Unha indicación das datas e dos lugares nos cales se facilitará a información pertinente, así como os medios empregados para iso.

e) As modalidades de participación do público definidas conforme o número 5 deste punto.

3. En relación cos proxectos concretos a que se refire o punto 1, poranse á disposición do público interesado os seguintes elementos:

a) Os principais informes e ditames remitidos á autoridade competente no momento en que foi informado o público conforme o punto 2.

b) Toda información que non sexa a referida no punto 2 desta epígrafe que resulte pertinente para a decisión de que se trate e que só se poida obter despois de que foi informado o público conforme o citado punto.

O público interesado consultado deberase pronunciar no prazo máximo de 30 días naturais desde a recepción da solicitude de participación. Transcorrido ese prazo sen que se recibise o pronunciamento, o procedemento continuará.

4. Cando se tomen as decisións pertinentes, en cuxa adopción se terán debidamente en conta os resultados das consultas mantidas, a delegación do Goberno na comunidade autónoma ou, de ser o caso, a subdelegación do Goberno informará e porá á disposición do público, mediante avisos públicos ou outros medios apropiados como os electrónicos cando se dispoña deles, e no prazo de tres meses contados desde a recepción da notificación e dos documentos que a deben acompañar:

a) O contido da decisión e as razóns que a xustifican, incluídas, de ser o caso, as posteriores actualizacións.

b) Os resultados das consultas realizadas antes de tomar a decisión e unha explicación de como se tiveron en conta para chegar a ela.

5. Para que o público interesado teña a posibilidade desde unha fase temperá de dar o seu parecer sobre proxectos relativos aos asuntos mencionados no punto 1, alíneas a) ou c):

a) A autoridade competente consultará o público interesado ou porá á súa disposición o borrador do proxecto.

b) O público interesado consultado deberase pronunciar no prazo máximo de 45 días hábiles desde a recepción do borrador. Transcorrido ese prazo sen se recibir o pronunciamento, o procedemento continuará.

c) A autoridade competente tomará a decisión correspondente no prazo de catro meses desde o inicio do proceso de consultas.

A delegación do Goberno na comunidade autónoma ou, de ser o caso, a subdelegación do Goberno determinará qué público ten dereito de participación para os efectos deste punto, incluídas as organizacións non gobernamentais correspondentes que reúnan os requisitos pertinentes impostos pola lexislación nacional, tales como as que traballan pola protección do ambiente.

Este punto non se aplicará aos proxectos para os cales se leve a cabo un procedemento de participación conforme a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

15. Información que deberá facilitar o industrial en caso de accidente grave

1. Concluída a situación de emerxencia producida por un accidente grave, o industrial deberalle remitir á delegación do Goberno na comunidade autónoma ou, de ser o caso, á subdelegación do Goberno, información detallada sobre:

- a) As causas e os efectos producidos como consecuencia do accidente.
- b) As medidas previstas para:
 - i. Mitigar os efectos do accidente a medio e longo prazo.
 - ii. Evitar que se produzan accidentes similares, con base en experiencias adquiridas.

A citada información deberá ser actualizada no caso de que investigacións máis rigorosas poñan de manifesto novos feitos que modifiquen a dita información ou as conclusións que dimanen dela.

2. A citada información será remitida pola delegación do Goberno na comunidade autónoma ou, de ser o caso, pola subdelegación do Goberno á comunidade autónoma correspondente.

16. Medidas que deberá adoptar a autoridade competente despois dun accidente grave

Concluída a situación de emerxencia por un accidente grave, a delegación do Goberno na comunidade autónoma ou, de ser o caso, a subdelegación do Goberno deberá:

- i. Asegurarse de que se adopten as medidas a medio e longo prazo que sexan necesarias.
- ii. Recoller, mediante inspección, investigación ou outros medios adecuados, a información necesaria para unha análise completa do accidente nos aspectos técnicos, de organización e de xestión.
- iii. Dispor o necesario para que o industrial tome as medidas paliativas necesarias.
- iv. Formular recomendacións sobre futuras medidas de prevención.

17. Información que a autoridade competente facilitará en caso de accidente grave

1. As delegacións do Goberno remitiranlle á Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior tan axiña como sexa posible e, como moi tarde, dous meses despois da data do accidente, a información dos accidentes graves que ocorran no seu territorio, co obxecto de ser incorporada á Base nacional de datos de risco químico. Para aqueles que respondan aos criterios do anexo III desta ITC, esta información conterá, como mínimo, os seguintes datos:

- i. Nome e enderezo da autoridade encargada de elaborar o informe.
- ii. Data, hora e lugar do accidente, nome completo do industrial e enderezo do establecemento de que se trate.
- iii. Unha breve descrición das circunstancias do accidente, con indicación dos explosivos involucrados e os efectos inmediatos na saúde humana e no ambiente.

iv. Unha breve descrición das medidas de emerxencia adoptadas e das precaucións inmediatas necesarias para evitar a repetición do accidente.

v. Os resultados das súas investigacións sobre o accidente e recomendacións. Esta información poderase atrasar co fin de posibilitar a conclusión de procedementos xudiciais, no caso de que a dita comunicación poida afectar tales procedementos.

2. Para o cumprimento do indicado neste número, acordaranse no seo da Comisión Nacional de Protección Civil os formatos normalizados correspondentes, seguindo os criterios aconsellados pola Comisión Europea.

18. *Prohibición de explotación*

1. A delegación do Goberno na comunidade autónoma ou, de ser o caso, a subdelegación do Goberno prohibirá a explotación ou a entrada en servizo de calquera establecemento, instalación ou zona de almacenamento, ou calquera parte deles, cando as medidas adoptadas polo titular para a prevención e a redución dos accidentes graves se consideren, de maneira xustificada, manifestamente insuficientes.

En particular, terán en conta os casos graves en que non se adoptaron as medidas necesarias mencionadas no informe de inspección.

2. A delegación do Goberno na comunidade autónoma ou, de ser o caso, a subdelegación do Goberno poderá prohibir a explotación ou a entrada en servizo de todo establecemento, instalación ou zona de almacenamento, ou de calquera parte deles, se o industrial non presentou a notificación, os informes ou outra información exixida por esta ITC dentro do prazo establecido.

3. A delegación do Goberno na comunidade autónoma ou, de ser o caso, a subdelegación do Goberno informará o órgano competente en materia de protección civil da comunidade autónoma e a Comisión Nacional de Protección Civil, a través da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior, das decisións adoptadas segundo o disposto nos puntos 1 e 2 deste número.

4. Ante as prohibicións dos puntos 1 e 2, o industrial afectado poderá interpor recurso, de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

19. *Inspeccións*

1. As áreas funcionais de Industria e Enerxía das delegacións e subdelegacións do Goberno establecerán un sistema de inspeccións e as medidas de control adecuadas a cada tipo de establecemento.

2. Estas inspeccións serán adecuadas para o tipo de establecemento de que se trate, non dependerán da recepción do informe de seguridade nin de ningún outro informe presentado e posibilitarán un exame planificado e sistemático dos equipamentos técnicos, de organización e dos modos de xestión aplicados no establecemento, co fin de que o industrial poida demostrar, en particular:

a) Que tomou as medidas adecuadas, tendo en conta das actividades do establecemento, para previr accidentes graves.

b) Que tomou as medidas adecuadas para limitar as consecuencias de accidentes graves dentro e fóra do establecemento.

c) Que os datos e a información facilitados no informe de seguridade ou noutro dos informes presentados reflectan fielmente o estado de seguridade do establecemento.

d) Que estableceu programas e informou o persoal do establecemento sobre as medidas de protección e actuación no caso de accidente,

e) Que se lle facilite ao público a información que estipula o número 14.

3. Todos os establecementos deben estar cubertos por un plan de inspección, que será revisado e actualizado periodicamente, cando cumpra, polas áreas funcionais de Industria e Enerxía das delegacións e subdelegacións do Goberno.

Os plans de inspección incluirán o seguinte:

- a) Unha valoración xeral das cuestións de seguridade pertinentes.
- b) A zona xeográfica cuberta polo plan de inspección.
- c) Unha lista dos establecementos cubertos polo plan.
- d) Unha lista dos grupos de establecementos con posible efecto dominó segundo o número 8.
- e) Unha lista dos establecementos en que fontes de perigo ou riscos externos concretos poidan aumentar a probabilidade ou as consecuencias dun accidente grave.
- f) Os procedementos para as inspeccións rutineiras, incluídos os programas para esas inspeccións, de conformidade co punto 4.
- g) Os procedementos das inspeccións non rutineiras indicadas no punto 6.
- h) As disposicións sobre a cooperación entre as diferentes autoridades responsables das inspeccións.

4. Baseándose nos plans de inspección mencionados no punto 3, a autoridade competente elaborará periodicamente programas de inspección de rutina para todos os establecementos, que inclúan a frecuencia das visitas *in situ* para os distintos tipos de establecementos.

O período entre dúas visitas *in situ* consecutivas non excederá un ano para os establecementos de nivel II e tres para os de nivel I, a non ser que se elaborase un programa de inspeccións baseado nunha valoración sistemática dos perigos de accidente grave dos establecementos de que se trate.

Esta avaliación sistemática dos perigos dos establecementos de que se trate basearase, polo menos, nos seguintes criterios:

- a) A repercusión posible dos establecementos correspondentes sobre a saúde humana e o ambiente.
- b) O historial de cumprimento dos requisitos desta ITC.

Cando cumpra, teranse en conta tamén as conclusións pertinentes de inspeccións realizadas conforme outras normativas.

5. As inspeccións non rutineiras levaranse a cabo para investigar, canto antes, denuncias graves, accidentes graves e conatos de accidente, incidentes e casos de incumprimento.

6. No prazo de catro meses seguintes a cada inspección, a autoridade competente comunicaralle ao industrial as conclusións da inspección e todas as actuacións que se consideren necesarias. A Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente asegurase de que o industrial realice todas esas actuacións necesarias nun período razoable tras recibir a comunicación.

Se nunha inspección se detectou un caso importante de incumprimento desta ITC, levarase a cabo outra inspección no prazo de seis meses.

A delegación do Goberno na comunidade autónoma ou, de ser o caso, a subdelegación do Goberno porá en coñecemento do órgano competente en materia de protección civil da comunidade autónoma, mediante informe anual elaborado para tal fin, os resultados e as circunstancias que concorreron nas inspeccións realizadas.

Cando sexa posible e proceda, as inspeccións coordinaranse coas levadas a cabo conforme outras normativas.

7. Para os efectos do disposto no número 20, a correspondente delegación ou subdelegación do Goberno informará das ditas inspeccións a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior, co fin de incorporar a información a que se refire o punto 2 deste número á Base nacional de datos de risco químico descrita no Plan estatal de protección civil ante o risco químico, aprobado polo Real decreto 1070/2012, do 13 de xullo.

8. A Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior establecerá mecanismos e instrumentos para intercambiar experiencias e consolidar os coñecementos, entre as autoridades competentes e para que participen neses mecanismos no ámbito da Unión Europea cando sexa procedente.

9. Os industriais débenlle prestar á autoridade competente toda a asistencia que sexa necesaria para que esta poida levar a cabo as inspeccións e reunir a información precisa para o desempeño das súas obrigas para os efectos desta ITC, en particular para que as autoridades poidan avaliar exhaustivamente a posibilidade dun accidente grave e determinar as posibilidades de que aumente a probabilidade ou a gravidade dos accidentes graves, preparar un plan de emerxencia exterior e ter en conta substancias que, pola súa forma física, as súas condicións particulares ou a súa localización, poidan exixir unha consideración adicional.

20. Intercambios e sistema de información

1. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, a través da Dirección Xeral de Coordinación da Administración Periférica do Estado, velará por que as áreas funcionais de Industria e Enerxía das delegacións e subdelegacións do Goberno intercambien información sobre a experiencia adquirida en materia de prevención de accidentes graves e da limitación das súas consecuencias, e se consoliden os coñecementos entre elas. A dita información versará fundamentalmente sobre o funcionamento das medidas previstas nesta ITC.

2. A Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior administrará e manterá operativa e á disposición dos órganos administrativos competentes a Base nacional de datos sobre risco químico, con información sobre os establecementos recollidos nesta ITC.

3. Para facilitar o cumprimento do disposto no número 13.1, a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior permitirá, a través da súa páxina web, se a delegación do Goberno na comunidade autónoma onde radiquen os establecementos así o considera, pór á disposición do público os datos do anexo II non considerados confidenciais de acordo co número 21.

21. Acceso á información e confidencialidade

1. En prol dunha maior transparencia, a autoridade competente deberá pór a información recibida en aplicación desta ITC á disposición de calquera persoa física ou xurídica que o solicite, nos termos previstos na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

2. A divulgación de información exixida en virtude desta ITC, incluída aquela en virtude do número 13, poderá ser rexeitada ou restrinxida pola autoridade competente cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 13 da Lei 27/2006, do 18 de xullo.

3. A divulgación da información completa a que se fai referencia no número 13.2, alíneas a) e b), que conste en poder da autoridade competente en cada caso poderá ser denegada por esta, sen prexuízo do disposto no punto 2 deste artigo, se o industrial pediu que non se revelen determinadas partes do informe de seguridade ou do inventario de substancias perigosas polas razóns previstas no artigo 13 da Lei 27/2006, do 18 de xullo.

A autoridade competente en cada caso poderá decidir tamén, polas mesmas razóns, que determinadas partes do informe ou do inventario non se revelen. Nestes casos, e logo de acordo da dita autoridade competente, o industrial proporcionarlle un informe ou un inventario modificados dos cales se exclúan esas partes.

22. Acceso á xustiza

1. Todo solicitante que pida información conforme o número 13.2, alíneas a) ou b), ou o número 21.1 desta ITC pode interpor os recursos administrativos regulados no título V

da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais normativa aplicable e, de ser o caso, o recurso contencioso-administrativo previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. O público interesado, nos casos a que se aplica o número 14.1 desta instrución, poderá presentar os recursos administrativos regulados no título V da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, e demais normativa aplicable e, de ser o caso, o recurso contencioso-administrativo previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

23. Sancións

O incumprimento do establecido nesta ITC será cualificado e sancionado de conformidade co disposto no título X deste regulamento.

ANEXO I

Información recollida no número 7.5 e no número 9 relativa ao sistema de xestión da seguridade e á organización do establecemento de cara á prevención de accidentes graves

Para aplicar o sistema de xestión da seguridade elaborado polo industrial teranse en conta os elementos que figuran a continuación:

a) O sistema de xestión da seguridade será proporcionado aos perigos, ás actividades industriais e á complexidade da organización existente no establecemento e estará baseado nunha avaliación dos riscos. Debería integrar a parte do sistema de xestión xeral que inclúe a estrutura organizativa, as responsabilidades, as prácticas, os procedementos, os procesos e os recursos que permiten definir e aplicar a política de prevención de accidentes graves;

b) Abordaranse os seguintes aspectos no marco do sistema de xestión da seguridade:

i. A organización e o persoal: as funcións e responsabilidades do persoal asociado á xestión dos riscos de accidente grave en todos os niveis de organización, xunto coas medidas adoptadas para sensibilizar sobre a necesidade de mellora permanente; a determinación das necesidades de formación do dito persoal e a organización desa formación; e a participación dos empregados e do persoal subcontratado que traballen no establecemento que sexan importantes desde o punto de vista da seguridade.

ii. A identificación e a avaliación dos riscos de accidente grave: a adopción e a aplicación de procedementos para a identificación sistemática dos riscos de accidente grave que se poidan producir en caso de funcionamento normal ou anormal, incluídas, cando cumpra, as actividades subcontratadas, así como a avaliación da súa probabilidade e da súa gravidade.

iii. O control de explotación: a adopción e a aplicación de procedementos e instrucións para o funcionamento en condicións seguras, tamén incluído o mantemento, das instalacións, os procedementos e o equipamento, e para a xestión das alarmas e das paradas temporais, tendo en conta a información dispoñible sobre mellores prácticas en materia de seguimento e control, con vistas a reducir o risco de fallo dos sistemas; xestión e control dos riscos asociados ao envellecemento dos equipamentos da instalación e á corrosión: inventario dos equipamentos, estratexia e metodoloxía do establecemento en materia de seguimento e control do estado dos equipamentos, medidas de seguimento adecuadas e contramedidas necesarias.

iv. A xestión das modificacións: a adopción e aplicación de procedementos para a planificación das modificacións que se deban efectuar nas instalacións, procesos ou zonas de almacenamento existentes ou para o deseño doutros novos.

v. A planificación das situacións de emerxencia: a adopción e aplicación de procedementos destinados a identificar as emerxencias previsibles mediante unha análise sistemática, así como a elaborar, probar e revisar os plans para facer fronte a tales situacións de emerxencia e a proporcionar formación específica ao persoal interesado; esta formación impartirase a todo o persoal que traballe no establecemento, incluído o persoal subcontratado pertinente.

vi. O seguimento do funcionamento: a adopción e aplicación de procedementos para a avaliación permanente do cumprimento dos obxectivos fixados polo industrial no marco da súa política de prevención de accidentes graves e do seu sistema de xestión da seguridade, e a implantación de mecanismos de investigación e de corrección en caso de incumprimento; os procedementos deberán abranguer o sistema do industrial para a notificación de accidentes graves ou conatos de accidente, en especial cando se producen fallos das medidas de protección, a investigación realizada respecto diso e a actuación consecutiva baseadas na experiencia adquirida; os procedementos poderían incluír tamén indicadores de funcionamento, tales como os indicadores do funcionamento en materia de seguridade ou outros indicadores pertinentes.

vii. A auditoría e a análise: a adopción e aplicación de procedementos para a avaliación periódica sistemática da política de prevención de accidentes graves e da eficacia e idoneidade do sistema de xestión da seguridade; a análise documentada pola dirección do funcionamento da política aplicada, do sistema de xestión da seguridade e da súa actualización, incluídas a consideración e incorporación dos cambios sinalados como necesarios no exercicio de auditoría e análise.

ANEXO II

Información que se lle deberá facilitar á poboación en aplicación do número 13.1

Parte 1. Para todos os establecementos:

1. Nome ou razón social do industrial e enderezo completo do establecemento correspondente.
2. Confirmación de que o establecemento cumpre o establecido nesta ITC.
3. Explicación, en termos sinxelos, da actividade ou actividades levadas a cabo no establecemento.
4. Os nomes comúns ou os nomes xenéricos ou a clasificación de perigosidade dos explosivos existentes no establecemento que poidan dar lugar a un accidente grave, indicando as súas principais características perigosas, en termos sinxelos.
5. Información xeral sobre o modo en que será avisado o público interesado, en caso necesario; información adecuada sobre o comportamento apropiado en caso de accidente grave ou indicación de onde se pode acceder a esta información en forma electrónica.
6. A data da última inspección realizada pola autoridade competente.
7. Información detallada sobre o modo de conseguir maior información respecto diso, sen prexuízo dos requisitos establecidos no número 21.

Parte 2. Para os establecementos de nivel II, ademais da información mencionada na parte 1 deste anexo:

1. Información xeral sobre a natureza dos perigos de accidente grave, incluídos os seus efectos potenciais para a saúde humana e o ambiente e resumo dos principais tipos de escenarios de accidente grave e as medidas de control adoptadas en previsión deles.
2. Confirmación de que o industrial está obrigado a tomar as medidas adecuadas no lugar, incluído o contacto cos servizos de emerxencia, co fin de actuar no caso de accidente grave e reducir ao mínimo os seus efectos.

3. Información adecuada do plan de emerxencia exterior elaborado para facer fronte aos efectos que un accidente poida ter fóra do lugar onde ocorra. Deberanse incluír chamamentos á cooperación, con instrucións ou consignas formuladas polos servizos de emerxencia no momento do accidente.

4. Cando cumpra, indicación de se o establecemento está preto do territorio doutro Estado membro e existe a posibilidade de que un accidente grave teña efectos transfronteirizos, de conformidade co Convenio sobre os efectos transfronteirizos dos accidentes industriais, da Comisión Económica para Europa das Nacións Unidas (CEPE).

ANEXO III

Cráterios para a notificación dun accidente grave á Comisión Europea, de acordo co establecido no número 16

1. A Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior notificaralle á Comisión Europea todo accidente que se axuste á descrición do punto 1 ou que teña, polo menos, unha das consecuencias descritas nos puntos 2, 3, 4 e 5 sinalados a continuación:

a) Substancias que interveñen: calquera incendio ou explosión ou liberación accidental dunha substancia perigosa en que interveña unha cantidade non inferior ao 5 por cento da cantidade prevista como limiar na columna II do número 1.

b) Prexuízos ás persoas ou aos bens: accidente en que estea directamente implicada unha substancia perigosa e que dea orixe a algún dos feitos seguintes:

- i. Unha morte.
- ii. Seis persoas feridas dentro do establecemento que requiran hospitalización durante 24 horas ou máis.
- iii. Unha persoa situada fóra do establecemento que requira hospitalización durante 24 horas ou máis.
- iv. Vivenda(s) situada(s) fóra do establecemento danada(s) e inutilizable(s) a causa do accidente.
- v. Evacuación ou confinamento de persoas durante máis de 2 horas [(persoas x horas): o produto é igual ou superior a 500].
- vi. Interrupción dos servizos de auga potable, electricidade, gas ou teléfono durante máis de 2 horas [(persoas x horas): o produto é igual ou superior a 1.000].

c) Prexuízos directos ao ambiente:

- i. Danos permanentes ou a longo prazo causados a hábitats terrestres:
 - i) 0,5 ha ou máis dun hábitat importante desde o punto de vista do ambiente ou da conservación e protexido pola lei.
 - ii) 10 ha ou máis dun hábitat máis estendido, incluídas terras de labor.
- ii. Danos significativos ou a longo prazo causados a hábitats de auga doce ou mariños:
 - i) 10 km ou máis dun río ou canle.
 - ii) 1 ha ou máis dun lago ou estanque.
 - iii) 2 ha ou máis dun delta.
 - iv) 2 ha ou máis dunha zona costeira ou marítima.

iii. Danos significativos causados a un acuífero ou a augas subterráneas:

1 ha ou máis.

d) Danos materiais:

i. Danos materiais no establecemento: a partir de 2 millóns de euros.

- ii. Danos materiais fóra do establecemento: a partir de 0,5 millóns de euros.
- e) Danos transfronteirizos: calquera accidente en que interveña directamente unha substancia perigosa e que dea orixe a efectos fóra do territorio español.

2. Deberánselle notificar á Comisión Europea os accidentes e os accidentes evitados por escasa marxe que, a xuízo da delegación do Goberno, presenten un interese especial desde o punto de vista técnico para a prevención de accidentes graves e para limitar as súas consecuencias, e que non cumpran os criterios cuantitativos citados anteriormente na letra a).

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 11

Apertura dos depósitos e transportes de explosivos. Destino dos explosivos non consumidos

1. Horarios de apertura dos depósitos e transporte de explosivos

1.1 A apertura dos depósitos de explosivos de produtos terminados asociados a unha fábrica fixa, auxiliares, de consumo e polvoreiras auxiliares de distribución adaptárase aos horarios de actividade das fábricas, explotacións ou obras en que os ditos depósitos estean situados, sempre que sexa posible con luz natural ou, de ser o caso, con luz artificial suficiente.

Os depósitos terán instalado un sistema de iluminación que permita que a vixilancia humana e os medios electrónicos CCTV sexan efectivos. Esta circunstancia quedará reflectida no Plan de seguridade cidadá da instalación.

1.2 Os depósitos de produtos terminados con fins comerciais, asociados ou non a unha fábrica, poderán permanecer abertos en días laborables entre as 6.00 e as 18.00 horas en horario de inverno, e entre as 6.00 horas e as 20.00 horas en horario de verán.

1.3 As saídas dos transportes poderanse autorizar entre as 7.00 e as 12.00 horas dos días hábiles, baixo supervisión da Intervención de Armas e Explosivos.

1.4 Os transportes de explosivos deberanse realizar dentro do horario establecido no número 1.2 e deberase cumprir o Regulamento de explosivos e o previsto na normativa nacional e internacional de transporte de mercadorías perigosas por estrada.

2. Medidas de seguridade e custodia de chaves das polvoreiras

As polvoreiras que conformen os depósitos de produtos terminados, auxiliares e de consumo, así como os depósitos especiais, deberán permanecer abertos o tempo estritamente necesario para almacenar ou retirar o explosivo, preparación de pedidos, mantemento de instalacións, limpeza, labores de rastrexabilidade, etc.

2.1 Depósitos de produtos terminados.

2.1.1 Durante o tempo en que permanezan abertas as polvoreiras que conformen os depósitos de produtos terminados, os vixilantes de explosivos deberán realizar funcións de vixilancia e protección, en número, armamento e dotados dos medios de transmisión de alarma adecuados que determine o Plan de seguridade cidadá da instalación aprobado pola Intervención Central de Armas e Explosivos, en función da orografía, distancias e do campo de visión efectivo.

Durante o tempo en que permanezan abertos o depósito ou as polvoreiras, as chaves estarán custodiadas polo persoal de seguridade privada que estea a prestar o servizo de vixilancia, que deberá devolvelas cando finalizase este, a instalación estea totalmente pechada e os sistemas de seguridade activados.

2.1.2 Nas instalacións protexidas con vixilancia humana as vinte e catro horas, as chaves poderán ser custodiadas no centro de control de seguridade ou videovixilancia onde se sitúe o vixilante de explosivos que dá protección ao establecemento, logo de

aprobación da Intervención Central de Armas e Explosivos, que poderá indicar medidas de seguridade complementarias e incorporaralas ao Plan de seguridade cidadá.

2.1.3 En instalacións autoprotexidas, fóra do horario de actividade, a custodia das chaves de acceso ás polvoreiras dos depósitos de produtos terminados levarase a cabo preferentemente nas dependencias da Garda Civil que determine a Intervención de Armas e Explosivos da Zona.

Así mesmo, a Intervención de Armas e Explosivos da Zona poderá delegar a custodia das chaves na empresa de seguridade que presta servizo na instalación. A custodia das chaves efectuarase na sede ou delegación da empresa de seguridade dentro dunha caixa forte grao III da Norma UNE UNE-EN 1143-1 destinada exclusivamente para este fin ou nun local no interior da instalación autoprotexida que conte coas medidas de seguridade establecidas no anexo I e expresadas no Plan de seguridade cidadá da instalación. O xefe de seguridade da empresa será o responsable do cumprimento das medidas de seguridade e dos protocolos establecidos respecto da custodia das chaves.

2.1.4 A recollida das chaves efectuaráase, polo menos, un vixilante de explosivos, armado e dotado de medios de transmisión de alarma adecuados, adaptado a un protocolo elaborado pola empresa de seguridade. O dito protocolo presentarase na Intervención de Armas e Explosivos da comandancia correspondente, para a súa incorporación no Plan de seguridade cidadá da instalación logo de aprobación da Intervención Central de Armas e Explosivos.

As empresas de seguridade comunicaranlle por escrito á Intervención de Armas e Explosivos correspondente o vixilante de explosivos designado para a recollida e entrega de chaves. Ademais, cando o lugar de custodia sexa unha dependencia da Garda Civil, darase conta ao xefe desta.

A recollida e a entrega de chaves anotarase no libro de rexistro de custodia de chaves (anexo II), que será foliado, selado e dilixenciado pola Intervención de Armas e Explosivos da comandancia correspondente.

2.2 Depósitos de consumo.

A proposta do lugar de custodia das chaves dos depósitos de consumo xunto coa descrición das súas medidas de seguridade presentarase na Intervención de Armas e Explosivos correspondente, para a súa incorporación no Plan de seguridade cidadá logo de aprobación da Intervención Central de Armas e Explosivos.

As ditas chaves custodiaranse por separado e será responsabilidade do director facultativo ou persoa que este designe, que serán os únicos autorizados para a súa apertura e peche. Das persoas responsables da custodia das chaves terá coñecemento a Intervención de Armas e Explosivos correspondente, a quen darán conta por escrito os titulares dos depósitos de consumo.

O número de vixilantes de explosivos que exerzan as funcións de vixilancia e protección dos depósitos de consumo dependerá da orografía, das distancias, da cantidade de explosivo e do campo de visión.

2.2.1 Depósitos de consumo ao descuberto.

Durante o tempo en que permanezan abertas as polvoreiras que conformen os depósitos de consumo situados ao descuberto, deberán estar presentes a persoa responsable da apertura e peche das polvoreiras e un vixilante de explosivos armado e dotado dos medios de transmisión de alarma adecuados. Esta circunstancia estará recollida no correspondente plan de seguridade cidadá da instalación.

2.2.2 Depósitos de consumo en explotacións de interior.

Durante o tempo en que permanezan abertas as polvoreiras que conformen os depósitos de consumo situados en explotacións de interior, deberán estar presentes a persoa responsable da custodia das chaves e outra persoa que designe o director

facultativo para este labor. Esta circunstancia e as medidas de seguridade que se deberán establecer estarán recollidas no correspondente plan de seguridade cidadá da instalación.

2.3 Polvoreiras auxiliares de distribución.

As polvoreiras auxiliares de distribución só permanecerán abertas o tempo mínimo imprescindible para a introdución ou extracción dos explosivos. A apertura e o peche destas polvoreiras realizaranse en presenza dun vixilante de explosivos e do encargado da explotación ou obra ou persoa en quen delegue, logo de comunicación da delegación á Intervención de Armas e Explosivos que por demarcación corresponda.

Os consumidores habituais ou eventuais de explosivos comunicaranlle á Intervención de Armas e Explosivos que por demarcación corresponda ao lugar de consumo, polo menos o día anterior ao consumo do explosivo, en horario de atención ao público, a data e a hora previstas do consumo.

Así mesmo, das aperturas imprevistas darán comunicación inmediata á Intervención de Armas e Explosivos correspondente ou, de ser o caso, ao Centro Operativo de Coordinación (COC) da Comandancia da Garda Civil.

Unha das chaves de cada polvoreira auxiliar de distribución estará baixo a custodia do encargado da explotación ou obra e a outra, do vixilante de explosivos da instalación, se o houber, e na súa falta, en poder da empresa de seguridade que presta o servizo nos consumos. Das persoas responsables da custodia das chaves terá coñecemento a Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil correspondente.

Durante o tempo en que as polvoreiras auxiliares de distribución permanezan pechadas e fóra do horario laboral, as chaves e calquera copia que exista estarán custodiadas por separado nun lugar seguro a xuízo da Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que por demarcación corresponda, e baixo a responsabilidade do encargado da explotación e da empresa de seguridade correspondente, circunstancia que quedará reflectida no Plan de seguridade cidadá da instalación. En ausencia de plan de seguridade da instalación, as ditas medidas fixaranse no plan de rexistros da explotación.

Nos casos en que as polvoreiras auxiliares de distribución estean situadas en explotacións de interior, a apertura e o peche serán efectuados polo encargado en presenza do encargado da explotación ou obra e doutra persoa que sexa designada para este labor.

Nos supostos en que as explotacións non almacenen máis de 50 quilogramos de explosivo ou 500 detonadores e non se realicen consumos diarios superiores a 1 kg de explosivo, non será necesaria a presenza de vixilantes de explosivos para a apertura, o consumo nin a custodia das chaves. Nestes casos, as chaves estarán custodiadas por separado nun lugar seguro a xuízo da Intervención de Armas e Explosivos que por demarcación corresponda, e baixo a responsabilidade do encargado da explotación e doutra persoa da empresa explotadora, ambos dotados de medios de transmisión de alarma a distancia conectados a unha central receptora de alarmas.

3. *Apertura excepcional dos depósitos de produtos terminados*

3.1 Calquera apertura dun depósito de produtos terminados ou das polvoreiras que o conformen fóra do horario establecido deberá ser autorizada polo xefe da comandancia da Garda Civil onde este estea situado. O xefe da comandancia poderá delegar estes labores no interventor de Armas e Explosivos da comandancia.

3.2 En caso de xurdir unha incidencia nun transporte de explosivos en ruta que faga necesaria a apertura excepcional dun depósito de produtos terminados, o responsable do dito transporte comunicarllo de inmediato ao titular do depósito afectado. Este, pola vía máis rápida, solicitará a apertura excepcional conforme o previsto no número anterior por conduto do COC da Comandancia da Garda Civil, que llo comunicará ao xefe desta ou persoa en quen se delegue ou faculte, quen autorizará ou denegará por escrito a dita apertura, e comunicará a decisión adoptada á Intervención de Armas e Explosivos

correspondente, para os efectos de establecer as medidas de seguridade necesarias para atender a incidencia.

3.3 Durante todo o tempo en que permaneza aberto o depósito ou calquera das súas polvoreiras, deberá existir, desde a apertura ata o peche, un servizo prestado por vixilantes de explosivos, armados e dotados de medios de transmisión de alarma adecuados. Esta circunstancia estará recollida no correspondente plan de seguridade cidadá da instalación.

4. Destino do material explosivo non consumido

4.1 Ao explosivo sobrannte nun proceso de voadura daráselle, de forma prioritaria, o seguinte destino:

- Almacenamento, no caso de existir un depósito autorizado con capacidade suficiente.
- Devolución ao depósito de orixe ou a outro depósito debidamente autorizado.
- Destrucción.

4.2 No caso de existir depósito autorizado na instalación con capacidade suficiente e baixo a responsabilidade do que for autorizado para a utilización de explosivos, o explosivo extraído ou recibido que non se consuma directa e seguidamente durante o proceso de voadura será inmediatamente almacenado, con excepción do explosivo a granel tipo moega.

O explosivo a granel deberá ser destruído coas suficientes medidas de seguridade ditas polo director facultativo e polo responsable do equipo de traballo ou da voadura.

4.3 Unicamente se poderá devolver o explosivo sobrannte nun consumo ao depósito de procedencia ou a outro depósito debidamente autorizado cando se careza de depósito autorizado na instalación con capacidade suficiente e concorran causas xustificadas alleas ao consumidor (incidencias climatolóxicas, laborais, accidentes, avarías, etc.). Para esta devolución deberase cumprir co establecido no número 5.

4.4 Poderase destruír o explosivo sobrannte nun proceso de voadura cando o director facultativo considere que a destrución non supón risco para a seguridade industrial e a seguridade e saúde no traballo.

4.5 Cando, por circunstancias extraordinarias e debidamente xustificadas, non se poida realizar o almacenamento, devolución ou destrución do explosivo sobrannte no proceso de voadura, o responsable do consumo comunicarllo polo medio máis rápido á Intervención de Armas e Explosivos correspondente, que establecerá o número de vixilantes de explosivos adecuado en relación coa cantidade de explosivos, co lugar de custodia e coas condicións para impedir subtraccións ou accidentes.

A destrución do material explosivo (sobrannte ou localizado despois dunha voadura) realizaraa persoal posuidor das habilitacións correspondentes, cumprindo co establecido nas disposicións internas de seguridade (DIS). O responsable do consumo redactará unha acta, que se lle remitirá á Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil do lugar onde se realice a destrución. Esta remisión efectuarase, dentro das 48 horas seguintes á destrución, por calquera medio electrónico, telemático ou informático que garanta a súa integridade, autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación da información.

4.6 A destrución dos explosivos será supervisada polo persoal de seguridade privada que preste servizo no consumo, o cal asinará a acta de destrución que se confeccione para o efecto.

4.7 Na acta de destrución faranse constar os seguintes datos:

- Data.
- Hora.
- Procedencia (non consumido ou achado despois de voadura).
- Clase de explosivo.
- Cantidade.

- Datos do responsable da destrución.
- Datos do persoal de seguridade privada que preste servizo na destrución.

4.8 Calquera operación realizada co explosivo deberá reflectirse fielmente nas contabilidades dos rexistros da instalación, onde se indicará o explosivo total consumido, destruído, almacenado no depósito ou retornado a orixe.

4.9 En calquera caso, a destrución de explosivos cumprirá o establecido na ITC número 12.

5. Procedemento para as devolucións de explosivos

5.1 A devolución de explosivos ao depósito de procedencia ou a calquera outro autorizado do mesmo subministrador requirirá autorización do xefe da comandancia do lugar de consumo.

Na falta dos ditos depósitos e por razóns de seguridade cidadá, a dita autoridade poderá ordenar o almacenamento do explosivo no depósito que considere máis oportuno, sen prexuízo da compensación que, por parte do subministrador, proceda.

O xefe da comandancia poderá delegar estes labores no interventor de Armas e Explosivos da comandancia ou no interventor de Armas e Explosivos do lugar de consumo.

O consumidor solicitará a este, a través da Intervención de Armas e Explosivos ou do COC, a devolución do explosivo por calquera medio en dereito do cal quede constancia, pola vía máis rápida, xustificándoa e especificando cantidade e tipo de explosivo, itinerario e depósito de retorno.

A dita autoridade autorizará ou denegará a devolución. No caso de ser autorizada, comunicarallo ao xefe da comandancia de retorno para os efectos de solicitude de apertura excepcional, no caso de estar pechado o depósito.

Esta solicitude de apertura será autorizada polo xefe da comandancia do depósito de retorno ou persoa en quen delegue.

5.2 O destinatario, na epígrafe «REPAROS/INCIDENCIAS/DEVOLUCIÓN» da Guía de circulación, indicará a cantidade, o tipo e as unidades de explosivo obxecto de devolución, así como o depósito a que se devolven. No caso de que se devolva a totalidade da mercadoría, indicárase expresamente «devólvese o total da mercadoría desta guía».

Á devolución xuntárase a Guía de circulación, na cal se indiquen os reparos, e será entregada na Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil correspondente ao lugar en que estea situado o depósito a que se devolve o explosivo.

En todo caso, o explosivo devolto cumprirá os requisitos exixidos pola directiva sobre rastrexabilidade. Para iso, o titular do depósito a que se devolve consignará nos seus libros de rexistro os códigos de identificación da materia recibida.

5.3 Os vehículos ou contedores que retornen ao depósito de orixe ou a outro autorizado, como consecuencia dunha devolución de explosivos e no caso de que a dita mercadoría fíxese exceder a capacidade máxima de almacenamento da instalación, poderán permanecer cargados no interior do recinto, nunha zona especialmente habilitada para ese efecto, que será designada pola Intervención de Armas e Explosivos do lugar de localización que, ademais, establecerá as condicións de seguridade necesarias para a súa custodia.

5.4 Exceptúase do procedemento de devolución indicado nos números 5.1 e 5.2 o explosivo sobranse dunha proba de ensaio ou dunha demostración, debidamente realizada por unha empresa autorizada do sector. Neste caso deberase retornar obrigatoriamente ao depósito de orixe.

6. Guía de circulación de explosivos

As guías de circulación de explosivos que amparan o transporte destas mercadorías presentaranse, para a súa aprobación ou modificación, na Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que por demarcación corresponda, antes das 10.00 horas do día hábil anterior ao comezo do transporte.

ANEXO I

Medidas de seguridade na custodia de chaves

De conformidade co disposto no número 2.1.3 desta ITC, o lugar destinado á custodia das chaves deberá contar, polo menos, coas seguintes medidas de seguridade:

- Cuarto de acceso, construído conforme o grao II da Norma UNE-EN 1143-1 e restrinxido ao xefe de seguridade ou persoa en quen delegue.
- As portas de entrada ao cuarto deberán ser de seguridade de, polo menos, grao de seguridade IV da Norma UNE 1627, cun detector que alerte da apertura non autorizada.
- En caso de ter xanela o cuarto, deberá estar protexida con reixa fixa, maciza e acaroadada, ou encastrada, de acordo coa Norma UNE 108142.
- O cuarto deberá contar no seu interior con detectores de intrusión que protexan a dita estadaía, así como con elementos que permitan detectar calquera ataque a través de paredes, teito ou chan.
- A caixa forte destinada á custodia da chave deberá ter, polo menos, un grao mínimo de seguridade III da Norma UNE-EN 1143-1 e estar destinada exclusivamente para a súa custodia. Cando o peso da caixa sexa inferior a 2.000 quilos, a caixa deberá estar ancorada ao chan, parede ou estrutura de formigón
- Para a protección da caixa forte instalaráselle un dispositivo que detecte a súa apertura non autorizada, a súa rotura ou calquera ataque ás súas paredes.
- Equipamento ou sistema de captación e rexistro de imaxes, no seu interior e acceso.
- Os sistemas de alarma estarán diferenciados doutros sistemas situados nas instalacións e deberán estar conectados a unha central de alarmas e contar con dúas vías de comunicación distintas, de forma que a inutilización dunha delas produza a transmisión de alarma pola outra. Os elementos deste sistema de alarma deberán estar conectados a un avisador óptico-acústico.
- A instalación, o mantemento e a revisión dos sistemas electrónicos deberán estar a cargo dunha empresa do sector autorizada.

A empresa encargada da custodia das chaves elaborará unha memoria que, unha vez aprobada pola Intervención Central de Armas e Explosivos, se incorporará ao plan de seguridade da instalación. A dita memoria constará:

- Dunha descrición das medidas de seguridade con que conta o inmovible que alberga o recinto onde se vai levar a cabo a custodia das chaves.
- Da distancia desde o lugar de custodia ata as polvoreiras.
- Rutas e itinerarios que se utilizarán no desprazamento.
- Calquera outra circunstancia que se considere de interese para garantir a súa custodia e traslado.

A memoria indicada aprobaraa a Intervención Central de Armas e Explosivos, logo de informe da Intervención de Armas e Explosivos correspondente, e será incorporada ao plan de seguridade da instalación.

Tendo en conta as particularidades de cada instalación, así como a súa situación xeográfica, vías de comunicación existentes, etc., e en atención a criterios de seguridade cidadá, poderanse adoptar medidas de seguridade adicionais de carácter temporal ou permanente no referente ao traslado das chaves desde o lugar de custodia ata a instalación.

ANEXO II

Modelo e normas de formalización do libro de rexistro de recollida/entrega das chaves de depósitos de explosivos

1. Deberá existir un exemplar do libro de rexistro de recollida/entrega das chaves dos depósitos de explosivos en todas as unidades do corpo e lugares que fosen designadas

ANEXO III

ACTA DE DESTRUCCIÓN DE EXPLOSIVOS

No día da data D./D^a _____, con DNI ou NIE _____, como director facultativo responsable da explotación/obra denominada _____, sita en _____, e D. /D^a _____, con DNI ou NIE _____, como responsable do equipo de traballo ou voadura, certifican a destrución dos explosivos que a continuación se indican:

- Procedencia (non consumido ou achado despois da voadura): _____
 - Recibidos por Guía de circulación número _____
 - Data e hora de destrución: _____
 - Clase e cantidade: _____
- _____
- _____

Persoal de seguridade privada que presta servizo no consumo de explosivos e asiste á destrución:

D./D^a _____ TIP.: _____

_____, _____ de _____ de 20_____

O director facultativo	O responsable do equipo de traballo ou voadura	O vixilante de explosivos (*)

NOTA: esta acta será entregada dentro das 48 horas seguintes á destrución na Intervención de Armas e Explosivos do lugar onde se realice o consumo. Tamén será válida a súa remisión por calquera medio electrónico, telemático ou informático que garanta a integridade, autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación da información.

(*) Salvo que a destrución se faga no interior da mina ou obra subterránea.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 12**Tratamento de produtos destinados á eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización****1. Obxecto e ámbito de aplicación**

Esta ITC ten por obxecto establecer os requisitos mínimos que se deberán observar na xestión da eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización dos produtos explosivos. De ser o caso, será de aplicación o disposto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O explosivo sobranse nunha voadura que vaia ser devolto ao provedor queda excluído do ámbito de aplicación desta ITC.

A xestión dos residuos, teñan ou non a consideración de perigosos, que non presenten restos de explosivo rexerese pola Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, polo Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de residuos perigosos, e polas restantes disposicións de desenvolvemento.

Así mesmo, cando os produtos incluídos no ámbito de aplicación desta ITC se encontren en condicións seguras que cumpran requisitos esenciais de seguridade e demais requisitos establecidos neste regulamento, poderanse reutilizar ou reciclar de acordo co establecido nesta ITC.

2. Tipos e clasificación de produtos explosivos destinados á eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización

Os produtos incluídos no ámbito de aplicación desta ITC clasificaranse nalgún dos seguintes grupos atendendo ao motivo polo cal adquiren tal cualificación:

Tipo de produto	Descrición
M1	Restos de procesos industriais.
M2	Explosivo ou explosivo fóra de norma ou especificacións.
M3	Explosivo caducado.
M4	Explosivo errado en disparo, danado ou deteriorado.
M5	Explosivo ou explosivo proveniente do peche de fábricas e depósitos autorizados.
M6	Explosivos ou explosivo incautado, achado, prohibido pola lexislación vixente ou asimilable a estas (inclúese neste grupo a caducidade administrativa).
M7	Outros explosivos.

3. Requisitos xerais

1. Os produtos incluídos no ámbito de aplicación desta ITC deberán estar obrigatoriamente sometidos a un proceso de eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización, ou cedidos de modo controlado para seren sometidos a este proceso por empresas ou entidades autorizadas para tal fin. Así pois, a eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización poderá ser totalmente realizada por medios propios, por medios alleos ou mixtos.

6. Unicamente poderán levar a cabo a actividade de eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización dos produtos incluídos no ámbito de aplicación desta ITC as empresas ou entidades autorizadas para tal fin, así como as fábricas e os depósitos de explosivos que dispoñan dun lugar acondicionado e dunhas instalacións e procedementos adecuados para a dita actividade, en virtude do establecido nesta ITC, e contén coa debida autorización da delegación do Goberno na comunidade autónoma ou, de ser o caso, subdelegación do Goberno, logo de informe da Área Funcional de Industria e Enerxía.

7. O requisito establecido no punto 2, relativo á disposición do lugar, instalacións e procedementos de eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización autorizados pola delegación do Goberno na comunidade autónoma ou, de ser o caso, subdelegación do Goberno, ou ben a cesión de modo controlado dos produtos para eliminar ou inertizar empresas ou entidades autorizadas para tal fin, é obrigatorio para todas as fábricas e depósitos de explosivos e imprescindible para a correspondente autorización de posta en marcha da citada fábrica ou depósito.

8. A obriga de efectuar o tratamento establecido nesta ITC dos produtos afectados recaerá nos distintos axentes do sector en función da orixe dos produtos susceptibles de eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización. Neste sentido, establécense as seguintes responsabilidades:

Tipo de produto	Responsable
M1	Xerador do produto. Cando non estea localizado en España, o responsable será a persoa física ou xurídica que introduce o explosivo no territorio nacional.
M2	Fabricante ou importador do produto. No caso de non estar localizados en España, o responsable será a persoa física ou xurídica que introduciu o produto no territorio nacional.
M3	Posuidor do produto no momento de vencer a data de caducidade. Titular da empresa de voadura, fábrica ou depósito de explosivos que realice o disparo.
M4	No caso de explosivo danado ou deteriorado, o responsable será o seu posuidor no momento en que se produce o dano ou deterioración.
M5	Titular da fábrica, depósito ou establecemento pechado.
M6	O responsable no caso de produtos incautados ou achados será a delegación do Goberno. O responsable no caso de produtos ou explosivos prohibidos pola lexislación vixente será o fabricante ou importador (cando non estea localizado en España o responsable será a persoa física ou xurídica que introduce o explosivo no territorio nacional).
M7	Posuidor do explosivo.

9. Os responsables dos produtos destinados á súa eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización só poderán pór en práctica tratamentos autorizados para iso e deberán asumir os custos derivados deles.

10. A autoridade competente establecerá o tratamento de eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización máis adecuado naqueles casos en que sexa responsable diso, por medio de empresas ou entidades autorizadas para tal fin.

11. O tratamento dos produtos destinados á eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización deberá comprender todas as etapas desde que o produto é orixinado ata que é sometido á actividade propia de eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización ou cedido a unha entidade autorizada para iso.

12. Os tratamentos de eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización deberán estar cubertos por un seguro ou outra garantía financeira que cubra a súa responsabilidade civil en todas as etapas do tratamento, incluíndo, de ser o caso, os procedementos de eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización aplicados.

13. A entrada e saída de produtos destinados á eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización reflectiranse nos libros de rexistro da fábrica ou depósito.

4. *Tratamento dos produtos destinados á eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización*

4.1 Envasamento.

Os produtos destinados á eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización conteranse en envases ou embalaxes de modo que se cumpran as seguintes condicións:

– Non se envasarán conxuntamente explosivos que poidan dar lugar a mesturas incompatibles ou autoinflamables ou cuxa mestura supoña un aumento do perigo dos explosivos por separado, salvo que se adopten medidas especiais para evitar o contacto entre elas.

– Os envases ou embalaxes deberán presentar unhas condicións que aseguren unha manipulación segura, sen que presenten roturas ou deterioracións que poidan dar lugar á ruptura ou perda de integridade do envase ou embalaxe durante o transporte, almacenamento ou manipulación normal.

– Os envases ou embalaxes deberán estar pechados de forma que:

- Non presenten derramamentos ou perdas de composicións pirotécnicas ou detonantes ou outros contidos.

- O contido quede recollido no interior, sen que se poida acceder a el se non é rompendo ou abrindo o envase ou embalaxe.

– Os envases ou embalaxes habilitados para recoller os produtos destinados á eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización deberán ser compatibles cos materiais explosivos que van conter.

O modo de envasar os explosivos deberá estar establecido en forma de instrucións escritas que recollerán, como mínimo, as condicións mínimas establecidas neste punto e a obrigatoriedade de seren observadas sempre que se envasen produtos destinados á eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización.

4.2 Etiquetaxe.

Os envases ou embalaxes dos produtos destinados á eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización que vaian ser cedidos a entidades autorizadas para iso deberán incluír unha etiqueta ou marcación con, polo menos, a seguinte información:

- Frase «Eliminación ou inertización» ou «Reciclaxe ou reutilización».

- Tipo do produto, de acordo co establecido no número 2.

- Breve descrición dos produtos contidos no interior do envase ou embalaxe.

- Marcación e etiquetaxe segundo o establecido na normativa vixente aplicable de transporte.

- Sempre que sexa posible e coñecido, indicaranse a clase e división de risco correspondente.

4.3 Almacenamento.

Os produtos destinados á eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización que non vaian ser inmediatamente eliminados manteranse almacenados en zonas ou lugares habilitados para iso. Estes lugares, que cumprirán o réxime de distancias establecido na ITC número 9 e demais normativa vixente aplicable, estarán claramente identificados.

Os produtos destinados á eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización que por calquera circunstancia presenten un risco de reacción espontánea ou autoinflamación poderanse manter fóra de almacéns, coa condición de que queden dentro do recinto do propio establecemento, en lugar apartado do resto de instalacións e tomando as medidas de seguridade oportunas para asegurar que, no caso de iniciación fortuíta, non poidan afectar o resto de instalacións, a contorna, as persoas ou o ambiente. Poderanse manter nestes lugares ata que desapareza o dito risco ou sexan sometidos a un proceso de amortecemento ou inertización, o que se fará o antes posible.

Os produtos do tipo M1 almacenaranse nas propias polvoreiras de explosivos ou noutras instalacións habilitadas para ese efecto que reúnan as debidas garantías de seguridade industrial e de seguridade e saúde no traballo e se sitúen dentro do recinto do establecemento, onde se conservarán ata o momento en que poidan ser eliminados, inertizados ou sometidos a un proceso de reciclaxe ou reutilización de forma segura.

4.4 Transporte.

O transporte de produtos explosivos incluídos no ámbito de aplicación desta ITC realizado no interior das instalacións mineiras ou instalacións de consumo do explosivo, así como no interior dos recintos das fábricas e depósitos de explosivos, cumprirá os requisitos establecidos na ITC número 34.

O transporte destes produtos fóra das instalacións anteriores deberá observar a normativa vixente para o transporte de mercadorías perigosas e, en especial, o disposto para o transporte de mercadorías da clase 1 e nas normas para o transporte de residuos e residuos perigosos que lles sexan de aplicación.

Excepcionalmente, as delegacións do Goberno poderán aprobar procedementos de transporte en condicións especiais para casos particulares, atendendo a circunstancias concretas.

4.5 Procedemento de eliminación ou inertización.

As instalacións e os procedementos para realizar a eliminación ou inertización deberán ser deseñados, instalados, utilizados e mantidos de forma que se garanta a seguridade e saúde das persoas e a protección da contorna e do ambiente.

Os procedementos de eliminación ou inertización contarán cunha documentación descritiva que, como mínimo, deberá:

- Identificar o tipo de produtos ou explosivo a que son aplicables. Describir o procedemento seguido para a eliminación ou inertización dos produtos. Analizar os riscos asociados ao procedemento e ás instalacións, para efectuar a eliminación ou inertización, existentes sobre as persoas e a contorna.

- Establecer as medidas de prevención e protección previstas para minimizar ou eliminar os ditos riscos.

- Identificar o modo en que se asegura a eliminación total e permanente do risco de explosión ou incendio, real ou posible, que ten o produto destinado á eliminación ou inertización, de forma que os materiais resultantes do proceso poidan ser tratados a través das canles habituais establecidas para a xestión de residuos.

- Establecer a metodoloxía que se deberá seguir para a xestión dos residuos resultantes da aplicación do procedemento de eliminación ou inertización.

Na Especificación técnica 12.01 establécense métodos para a eliminación de explosivos.

Unha vez finalizada a operación de destrución ou eliminación de explosivos deberá cubrirse a acta correspondente establecida no anexo III da ITC número 11.

4.6 Reciclaxe ou reutilización.

As instalacións e os procedementos de reciclaxe ou reutilización deberán ser deseñados, instalados, utilizados e mantidos de forma que se garanta a seguridade e a saúde das persoas e a protección da contorna.

Os procedementos de reciclaxe ou reutilización contarán cunha documentación descritiva que, como mínimo, deberá:

- Identificar o tipo de produtos ou explosivo a que son aplicables. Describir o procedemento seguido para a reciclaxe ou reutilización dos produtos. Analizar os riscos asociados ao procedemento e ás instalacións, para efectuar a reciclaxe ou reutilización, existentes sobre as persoas e a contorna.

- Establecer as medidas de prevención e protección previstas para minimizar ou eliminar os ditos riscos.

- Establecer a metodoloxía que se deberá seguir para a xestión dos residuos resultantes da aplicación do procedemento de reciclaxe ou reutilización.

No caso de que a reciclaxe ou reutilización para produtos incautados ou achados derive na comercialización do produto, o comercializador terá que certificar previamente, ante a delegación do Goberno correspondente, o cumprimento dos requisitos esenciais de seguridade e demais requisitos regulamentarios aplicables.

Quedan excluídos do anteriormente indicado os produtos que se vaian incorporar como compoñentes ou materias primas dun produto final suxeito á marcación CE.

5. *Autorización dos tratamentos de eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización*

Para a autorización dos tratamentos de eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización, salvo no caso de produtos que se vaian incorporar como compoñentes ou materias primas a un produto final suxeito á marcación CE, deberase presentar ante a delegación do Goberno na comunidade autónoma ou, de ser o caso, a subdelegación do Goberno en que estea establecido o solicitante, unha solicitude que inclúa:

– Procedementos ou instrucións aplicables ao envasamento, etiquetaxe, almacenamento e transporte dos produtos destinados á eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización.

– No caso de cesión de produtos para a súa eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización a unha fábrica, depósito de produtos terminados ou a unha empresa ou entidade autorizada para tal fin:

- Identificación da entidade con que se acorda a cesión.
- Xustificación de acordo de cesión asinado por ambas as partes.
- Identificación dos procedementos de eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización que se aplicarán. Identificación do tipo de produtos destinados á eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización obxecto do acordo de cesión.

– No caso de aplicación de procedementos de eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización propios:

- Documentación descritiva dos procedementos segundo o establecido no punto 4.5 ou 4.6.
- Identificación e descrición do lugar e instalacións adecuadas para a aplicación do procedemento correspondente.
- Documentación acreditativa da cobertura da responsabilidade civil para a dita actividade.

En vista da solicitude e da documentación presentada, o delegado do Goberno poderá outorgar a correspondente autorización ou solicitar información adicional para avaliar o cumprimento do establecido nesta ITC.

A autorización poderá recoller condicionantes adicionais en función de factores como o método elixido de eliminación ou inertización, reciclaxe ou reutilización e a localización das instalacións.

A validez da autorización estará condicionada ao cumprimento dos procedementos establecidos e ás condicións adicionais impostas pola delegación do Goberno.

Estas solicitudes presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

ESPECIFICACIÓN TÉCNICA NÚMERO 12.01

Métodos de eliminación de explosivos

1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta especificación técnica ten por obxecto establecer diferentes métodos de destrución de explosivos (lista non exhaustiva), así como os seus requisitos para ter en conta desde o punto de vista da seguridade.

Os métodos indicados nesta especificación técnica son de aplicación para os explosivos rompedores, os explosivos iniciadores, outras materias explosivas e os obxectos explosivos propiamente ditos, como os detonadores, as mechas e o cordón detonante.

2. *Métodos de eliminación de explosivos*

2.1 Combustión.

Consiste na preparación dunha cama ou leito de material combustible (papeis, cartóns, madeira, etc.), para despois estender unha capa de explosivo de aproximadamente 4 cm de espesor sobre a dita cama. A continuación, colócase unha mecha lenta e préndese, ou ben acéndese mediante acendedor.

Unha vez finalizada a queima e transcorrido un tempo prudencial, nunca inferior a 30 minutos, inspeccionarase o lugar desta e retiraranse os residuos da combustión.

Todo o persoal deberá manterse a unha distancia de seguridade do lugar da queima e nun posto protexido e seguro para evitar o risco ante unha posible explosión.

A área da combustión antes da operación deberá estar exenta de obxectos proxectís, seca e sen puntos quentes. Deixaranse transcorrer polo menos 24 horas antes de realizar outra operación de combustión nun mesmo queimadeiro.

2.2 Detonación.

Este método abrangue todos os explosivos e detonadores. Cando sexan explosivos en mal estado de conservación, ou haxa sospeita deles, especialmente se se trata de explosivos de base de nitroglicerina-nitroglicol, este método é o máis aconsellable.

Os detonadores destruíranse usando unha carga explosiva ou un anaco de cordón detonante de reforzo. Como máximo poderanse destruír 30 detonadores xuntos. A carga iniciarase por medio dun detonador e cubrirase cunha capa de material fino cunha profundidade mínima de 50 cm.

A eliminación de explosivos farase a ceo aberto ou confinándoa nun barreno.

2.2.1 Detonación a ceo aberto ou ao aire.

O terreo onde se efectúe a destrución deberá estar limpo de maleza e ramaxes, para evitar o posible risco de incendio e proxeccións perigosas.

Para a detonación de pequenas cantidades de explosivo a ceo aberto deberase dispor dunha zona ampla e illada.

A iniciación da explosión farase preferentemente por medio dun detonador eléctrico e poderase utilizar tamén un detonador de mecha lenta.

Os condicionantes para o uso deste tipo de método de destrución son:

– Factores ambientais. O técnico responsable deberá avaliar o risco e as consecuencias tendo en consideración as condicións locais.

– Peso de explosivo. O peso do explosivo fresco deberá ser, polo menos, dun 20 % da cantidade de explosivo que se quere destruír e situarse no centro da carga.

– Carga total. Deberase cubrir (coroar) a carga con material fino (area), cun espesor non inferior a 50 cm.

– Deberase eliminar calquera obxecto (pedras ou outros materiais) que poida orixinar un efecto mísil.

2.2.2 Detonación en barreno.

A cantidade de material explosivo que se pode detonar en condicións normais é do 5% da carga do barreno. Para asegurar que a detonación se transmite ao longo de toda a carga, empregaranse cebos múltiples ou mechas detonantes.

A carga das materias explosivas nos barrenos realizarase baixo a supervisión dun artilleiro con carné de artilleiro definitivo e coa aprobación do técnico responsable.

2.3 Destrucción de explosivos por procedementos químicos.

A destrución de explosivos por procedementos químicos utilízase principalmente para explosivos iniciadores. Recoméndase que a súa destrución sexa realizada polos propios fabricantes, como expertos neles.

Os produtos resultantes deste método de destrución deben ser considerados como residuos, caracterizados e tratados de acordo co establecido na lexislación ambiental de residuos.

Este método tamén inclúe a inmersión en auga (dilución) ou noutro tipo de líquido, sempre que o resultado final sexa a obtención de compostos non explosivos e reciban un tratamento ambiental correcto.

2.4 Recomendacións de destrución en función do tipo de explosivo.

Os métodos de eliminación ou inertización de produtos explosivos varían en función do tipo de explosivo.

Recomendacións do método de eliminación en función do tipo de explosivo

Grupo	Tipo	Combustión/ queimadeiro continuo	Combustión/ quemadeiro descontinuo	Detonación
Explosivos con nitroglicerina ou nitroglicol.	Gomas, xelatinas, amonitas, ligamitas, explosivos de seguridade.	X	X	X(P)
	Lodos de limpeza que conteñan nitroglicerina/nitroglicol.		X	X
Outros explosivos rompedores.	TNT, hexolita, hexotonal, RDX, hexoceras, pentrita, pentolita, cordón detonante (*), explosivos plásticos, lodos de RDX, pentrita.		X (p.c.)	X(P)
Explosivos con base nitrato amónico/Nitrato de monometilamina.	ANFO (*).		X	
	Emulsións a granel (G) e encartuchados (E).	X(G)	X(G-E)	X
	Hidroxeles.	X	X	
	Alnafo (1).		X	
	Nitrato de monometilamina e os seus residuos, sabulita.		X	
Pólvoras e propulsantes.	Lodos de emulsións.		X	X
	Nitrocelulosa, nitrofilm, pólvora negra, pólvora simple, pólvora dobre base e demais propulsantes.	X	X	
Iniciadores.	Grans propulsantes e de foguetes (*).			
	Detonadores.			X
	Pistóns.		X	
	Artificios de voadura.		X	X

Grupo	Tipo	Combustión/ queimadeiro continuo	Combustión/ quemadeiro descontinuo	Detonación
Varios.	Envases baleiros con residuos, serraduras impregnadas de substancias explosivas.	X		

(P): preferente detonación.

(p.c.): pequenas cantidades tomando as medidas precisas.

(1) A súa disolución é contaminante.

(*) Destrucción en condicións particulares.

3. Distancias de seguridade e volume máximo

3.1 Distancias á contorna e de protección do persoal.

As distancias mínimas que deben existir entre o lugar onde se realizará a destrución respecto da súa contorna establécense na seguinte táboa:

Distancias mínimas recomendables á contorna

Cantidade de material (kg)	Distancia mínima recomendable (m)
<1	150
1 a 2	200
2 a 5	250
5 a 10	325
10 a 25	450

Entenderase por contorna os núcleos de poboación ou aglomeración de persoas, vías de comunicación, lugares turísticos, vivendas illadas, estradas e liñas de ferrocarril.

As distancias mínimas que se deben gardar entre o lugar onde se deposite o explosivo para a súa destrución e o lugar escollido para o refuxio do persoal encargado da operación son:

Distancias mínimas recomendables de protección do persoal

Cantidade de material (kg)	Distancia mínima recomendable (m)
<1	50
1 a 2	60
2 a 5	75
5 a 10	100
10 a 25	125

Esta táboa aplicarase igualmente para o resto de persoal (interveniente ou non no proceso de eliminación) e demais edificios ou zonas perigosas da entidade.

3.2 Volume de produto.

A cantidade de material explosivo que se pode destruír dunha vez está condicionada polos seguintes factores:

- Tipo de explosivo.
- Distancia entre leitos.
- Orografía do terreo.
- Distancia a vivendas, estradas, etc.
- Distancia á defensa do persoal.

A cantidade máxima recomendada para a destrución de material explosivo polos métodos de combustión ou queimado é de 2,5 kg de explosivos en cada montón, que estarán separados un mínimo de 6 metros.

Se as cantidades son distintas, a distancia entre montóns será calculada de acordo coa fórmula seguinte:

$$D = 4,4 \times \sqrt[3]{Q}$$

Onde:

D: é a distancia de separación entre montóns expresada en metros.

Q: é a cantidade de materia explosiva expresada en quilogramos.

A cantidade de explosivo para eliminación polo método de detonación vén establecida polas táboas «Distancias mínimas recomendables á contorna» e «Distancias mínimas de protección do persoal».

4. Medidas de seguridade

5.1 Medidas xerais.

A operación de eliminación deberase considerar unha operación de risco e deberase renovar a formación dos operarios encargados da súa realización.

Cada un dos produtos manipulados para a destrución de explosivos deberá posuír unhas «fichas de datos de seguridade» onde se indiquen os riscos de cada unha das substancias e as medidas de prevención que se deberán ter en conta durante a súa manipulación e eliminación.

Os explosivos que se vaian eliminar ou inertizar deberán estar gardados nunha zona debidamente protexida.

A localización e a capacidade desta zona gardarán as distancias de seguridade establecidas na ITC número 9 do Regulamento de explosivos; ademais, respectará as incompatibilidades de material establecidas na ITC número 16.

As operacións de destrución deberán posuír procedementos de contabilidade e rexistro do mesmo xeito que existen para o almacenamento e a entrega de explosivos. As cantidades e os tipos de material que se destrúen deberán ser anotados.

As medidas de seguridade que deben cumprir os operarios cando realicen tarefas de destrución de explosivos son:

- Estará prohibido fumar en todas as instalacións onde se realice a destrución de explosivos.
- A destrución de explosivos só a poderán levar a cabo as persoas formadas para tal fin e que estean en posesión da cartilla de artilleiro.
- A destrución require a presenza de polo menos dúas persoas para que, en caso de emerxencia, se poidan axudar mutuamente.
- A manipulación do produto require a identificación e o estado de conservación do produto, evitando rozamentos, friccións e caídas que poidan ocasionar unha posible detonación.
- A zona de destrución de explosivos debe estar vixiada, pechada e sinalizada, para evitar a entrada de persoal non autorizado.
- Os elementos de loita contra o lume deben estar próximos e accesibles.
- A zona onde se realice a destrución de explosivos deberá ser inspeccionada para asegurar que non queda material explosivo sen eliminar.

No momento do almacenamento, embalaxe, manipulación, eliminación e traslado, os operarios deberán ir equipados cos equipamentos de protección individual adecuados, como:

- Roupa ignífuga.
- Calzado de seguridade antiestático.
- Lentes e luvas de seguridade.

5.2 Medidas de seguridade específicas para destrución por combustión.

Deberase realizar unha limpeza da zona de maneira regular.

As ferramentas que se utilicen non deben ser de material férrico. Débense evitar os rozamentos e friccións nos chans refractarios.

Os explosivos rompedores e iniciadores non se poderán eliminar de forma conxunta.

A superficie onde se realice a combustión deberá estar libre de superficies quentes por actividades previas.

A combustión non se debe efectuar con vento ou con condicións climatolóxicas adversas.

A ignición débese efectuar unha vez que se retirou todo o persoal a unha zona de seguridade.

No caso de que os explosivos conteñan metais pesados, requirirase un estudo previo para o tratamento dos seus residuos.

5.3 Medidas de seguridade específicas para a destrución por detonación.

Antes da detonación, deberanse ter en conta as posibles proxeccións de fragmentos das partes metálicas do detonador.

O terreo onde se efectúe a destrución por detonación deberá estar exento de calquera material que poida ocasionar incendios (maleza, herbas, etc.) ou proxeccións (pedras, etc.).

No caso de que este tipo de destrución se realice de forma habitual, requirirase un estudo detallado da súa afección á contorna.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 13

Instalacións e equipamentos eléctricos en zonas clasificadas con presenza de explosivos

1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta ITC ten por obxecto establecer condicións técnicas e garantías que deben reunir os elementos constitutivos das instalacións eléctricas empregados nas actividades no ámbito deste regulamento nas cales estean presentes ou se poidan presentar explosivos, coa finalidade de preservar a seguridade das persoas e os bens e asegurar o normal funcionamento das ditas instalacións.

Para os equipamentos e instalacións eléctricas situados naquelas zonas que non estean clasificadas como zonas perigosas Z0, Z1 e Z2 no punto seguinte, serán de aplicación os requisitos técnicos establecidos na regulamentación vixente aplicable e, en particular, no Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto. Neste sentido non será exigible a inspección por un organismo de control autorizado (OCA) establecida no Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

En canto ás condicións técnicas dos equipamentos e instalacións eléctricas que aquí non se establezan, será de aplicación igualmente o disposto no Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

A execución e posta en servizo das instalacións eléctricas rexeranse polo disposto no artigo 18 do Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

2. Clasificación das zonas perigosas

De conformidade co establecido na ITC número 14, o empresario titular deberá identificar todas as zonas con perigo de explosión existentes no centro de traballo. Para iso, deberá clasificar en zonas os lugares onde os explosivos vaian estar expostos, de acordo coa seguinte clasificación:

- a) Zonas Z0: aquelas áreas de proceso ou almacenamento en que o explosivo está exposto de maneira permanente, frecuentemente ou durante longos períodos.
- b) Zonas Z1: aquelas áreas de proceso ou almacenamento en que o explosivo é probable que estea exposto ocasionalmente en funcionamento normal.
- c) Zonas Z2: aquelas áreas de proceso ou almacenamento en que o explosivo é pouco probable que estea exposto en funcionamento normal e, se o fai, é durante un curto período de tempo.

Considérase que o explosivo está exposto cando presenta unha exposición directa a unha posible fonte de ignición; inclúe o po en suspensión ou que poida desprenderse de calquera material ou obxecto explosivo.

Nun mesmo local ou área perigosa poden coexistir diferentes zonas (Z0, Z1 e Z2) e mesmo zona non clasificada (non perigosa).

3. Requisitos xerais para as zonas clasificadas (Z0, Z1 e Z2)

1. O material eléctrico e as canalizacións deberán, na medida do posible, estar situados en zonas non clasificadas. Se isto non é posible, débese elixir para a súa instalación algunha das zonas con menor risco.

2. As instalacións deseñaranse e os aparellos e materiais eléctricos instalaranse facilitando un acceso seguro para a inspección e o mantemento, de acordo coas instrucións do fabricante e cumprindo os requisitos que exige a clasificación da zona en que van ser instalados.

3. Deberanse instalar elementos de seccionamento en zonas non perigosas para a desconexión total ou parcial do resto das instalacións eléctricas en zonas clasificadas.

4. Deberanse seleccionar aqueles tipos de construción das envolventes que permitan a menor acumulación posible de po sobre o material eléctrico e que sexan fáciles de limpar.

5. Para a instalación en zonas non clasificadas de material eléctrico que está asociado a materiais ou equipamentos situados en zonas clasificadas, débense ter en consideración as especificacións destes últimos.

6. No deseño das instalacións eléctricas débense tomar medidas para reducir os efectos de radiacións electromagnéticas a un nivel seguro.

7. Unicamente se poderán utilizar equipamentos eléctricos portátiles en zonas clasificadas cando o seu uso estea debidamente xustificado e non existan medios alternativos e de forma temporal. Os equipamentos eléctricos portátiles deberán ter un modo de protección adecuado á zona en que van ser utilizados e a súa máxima temperatura superficial cumprirá o exixido para esta zona.

8. Todo material eléctrico se debe protexer contra os efectos prexudiciais de cortocircuitos, defectos de terra e contra sobrecargas se non as puider resistir de forma indefinida sen sufrir quecementos prexudiciais.

9. A máxima temperatura superficial dos equipamentos eléctricos instalados en zonas clasificadas debe ser, polo menos, 75 pc inferior á mínima temperatura de descomposición ou ignición determinada segundo a Norma UNE 31017:1994 «Ensaio para a determinación do efecto da elevación da temperatura sobre as substancias explosivas» para cada unha das posibles materias ou mesturas explosivas que se poidan presentar nas zonas Z0, Z1 e Z2, sen exceder en ningún caso os 200 °C.

Se por razóns técnicas non existen equipamentos eléctricos con temperatura superficial que garantan o cumprimento do requisito do parágrafo anterior, deberán

tomarse as medidas apropiadas para asegurar que non ocorran reaccións perigosas das materias ou mesturas explosivas que poden entrar en contacto con estas superficies.

14. Os equipamentos eléctricos que se deberán utilizar en zonas Z0, Z1 e Z2 deberán contar con algún dos modos de protección válidos para pos inflamables condutores da electricidade, de acordo co establecido na seguinte táboa:

Zona	Normas da serie UNE-EN 60079	
	Marcación	Norma
Z0	Ex ta IIIC	UNE-EN60079-31
	Ex ia IIIC	UNE-EN 60079-11
	Ex ma IIIC	UNE-EN 60079-18
Z1	Ex tb IIIC	UNE-EN 60079-31
	Ex ib IIIC	UNE-EN 60079-11
	Ex mb	UNE-EN 60079-18
Z2	Ex tc IIIC	UNE-EN 60079-31
	Ex ic IIIC	UNE-EN 60079-11
	Ex mc IIIC	UNE-EN 60079-18

Notas:

– O material indicado para a zona Z0 é apto para as zonas Z1 e Z2. O material indicado para a zona Z1 é apto para a zona Z2.

– É apropiado o modo de protección de seguridade intrínseca (Ex i) para gases inflamables dos grupos IIB e IIC.

15. Máquinas eléctricas: os motores certificados con modo de protección Ex t alimentados a frecuencia e tensións variables deberán contar adicionalmente con medios de protección por control directo da temperatura que permitan limitar a temperatura superficial do corpo do motor segundo o número 3.9 desta ITC.

16. Aparellaxe de protección e control eléctrico: deberase impedir o accionamento dos interruptores accionados por control remoto cuxa envolvente estea aberta. Cando este requirimento non se satisfaga polo tipo de construción, deberase colocar no corpo do equipamento o sinal coa advertencia «Non abrir en tensión».


Os dispositivos de protección contra cortocircuitos e defectos de terra deben ser tales que non sexa posible o rearmamento automático en condicións de defecto.

Os portafusibles tamén deberán estar bloqueados de tal maneira que a instalación e o cambio dos fusibles só sexa posible sen tensión, e que os fusibles non poidan ser postos en tensión cando o aloxamento destes non estea apropiadamente pechado. En caso contrario, o aloxamento deberá levar o sinal coa advertencia «Non abrir en tensión».

4. Requisitos particulares dos equipamentos para zonas Z0

4.1 Equipamentos eléctricos.

Se por necesidades de proceso unha capa de po de materia ou substancia explosiva maior de 5 milímetros debe permanecer en contacto coa superficie dun equipamento eléctrico utilizable nesta zona Z0, a temperatura superficial do equipamento incrementárase segundo o establecido na seguinte gráfica:



4.2 Calefacción eléctrica:

Non se permite a utilización de calefacción eléctrica.

4.3 Tomas de corrente e prolongadores:

Non se permite a instalación de tomas de corrente nin o uso de prolongadores.

5. *Requisitos particulares dos equipamentos para zonas Z1*

5.1 Calefacción eléctrica:

A temperatura superficial dos aparellos en superficies lisas non deberá exceder os 120 °C. Adicionalmente ao modo de protección correspondente á zona Z1, a calefacción eléctrica de locais e procesos deberá dispor de dobre dispositivo limitativo de control de temperatura.

5.2 Tomas de corrente e prolongadores:

As tomas de corrente, con modo de protección n adecuado para zona Z1, deberán disporse de maneira tal que a zona de inserción para a caravilla estea dirixida cara abaixo cunha máxima desviación da vertical de 60°.

Non se permite a utilización de prolongadores nin adaptadores.

6. *Requisitos particulares das instalacións en zonas perigosas*

6.1 Unión equipotencial suplementaria.

Todas as partes condutoras das instalacións eléctricas en lugares perigosos estarán conectadas a unha rede equipotencial. O sistema equipotencial non debe incluír os condutores neutros.

As partes condutoras que non forman parte da instalación eléctrica non necesitan estar conectadas á rede equipotencial se non hai perigo de desprazamento de potencial.

As envolventes metálicas de aparellos con modo de protección «seguridade intrínseca» non necesitan ser conectadas ao sistema da unión equipotencial, a menos que sexa requirido pola documentación do aparello. As instalacións con protección catódica non se

conectarán á rede equipotencial salvo que o sistema estea deseñado especificamente con este fin.

Os condutores de equipotencialidade serán conformes co número 8 da ITC BT 18 «Instalacións de posta á terra» do Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

6.2 Limitación de correntes de defecto á terra.

Sistema TN. Nas zonas perigosas só se poderá utilizar o sistema o tipo TN-S, é dicir, o condutor neutro e o condutor de protección non se deben conectar entre si nin combinar nun só condutor.

Sistema TT. Se se utiliza este tipo de sistema, en zonas Z0 e Z1 deberá estar protexido por un dispositivo de corrente diferencial residual.

Sistema IT. Se se utiliza este tipo de sistema en zonas perigosas, deberase instalar un dispositivo de supervisión ou control do illamento para indicar o primeiro defecto xunto a un dispositivo de corte automático que interrompa a alimentación tras a aparición dun segundo defecto de illamento.

Sistemas MBTS e MBTP. Os sistemas de moi baixa tensión de seguridade MBTS e os sistemas de moi baixa tensión de protección MBTP deben cumprir cos requisitos establecidos na ITC BT 36 «Instalacións a moi baixa tensión» do Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

6.3 Illamento eléctrico.

Cada circuíto ou cada grupo de circuítos, incluíndo todos os circuítos condutores non conectados á terra, deberán estar provistos dos seccionadores adecuados para o seu illamento. Xunto con cada seccionador deberase colocar a información que permita unha rápida identificación do circuíto ou grupo de circuítos controlados polo dito seccionador.

Para accións de emerxencia deberase prover, nun lugar non perigoso fóra das áreas clasificadas, polo menos un ou varios medios de desconexión da subministración eléctrica a estas áreas. O equipamento eléctrico que debe continuar funcionando para previr un perigo adicional debe pertencer a un circuíto separado do resto da instalación e non se debe combinar con outros grupos de circuítos.

6.4 Separación eléctrica.

A separación eléctrica será conforme o establecido no número 413 da Norma UNE-HD 60364-4-41:2010 «Instalacións eléctricas de baixa tensión. Parte 4-41: Protección para garantir a seguridade. Protección contra os choques eléctricos» para a alimentación dun só equipamento.

6.5 Protección fronte aos riscos da electricidade estática.

No deseño das instalacións eléctricas débense ter en conta os efectos da electricidade estática para reducilos a un nivel seguro. Adoptaranse, entre outras, as seguintes precaucións:

A resistencia de terra do conxunto formado pola posta á terra e a rede de conexión equipotencial non superará o valor de 1 M Ω .

O calzado e a roupa que se forneza aos traballadores que desenvolvan a súa actividade en zonas Z0 ou Z1 deberán estar certificados de acordo co Real decreto 1407/1992, do 20 de novembro, polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipamentos de protección individual, e deberán estar fabricados e deseñados de tal maneira que non se poida producir neles ningún arco ou faísca de orixe eléctrica, electrostática ou causados por un golpe que poidan inflamar unha mestura explosiva. Adicionalmente, o calzado, xa sexa de seguridade, de protección ou de traballo, será de tipo antiestático ou condutor, cunha resistencia inferior a 109 Ω (medidos segundo a Norma UNE-ISO 20344:2005/A1:2008 «Equipamentos de protección persoal. Métodos de ensaio para calzado»), e deberá estar identificado na marcación cun símbolo «A» ou «C». A roupa de protección será conforme a Norma UNE-EN 1149-1:2007

«Roupas de protección. Propiedades electrostáticas. Parte 1: Método de ensaio para a medición da resistividade da superficie» ou a Norma UNE-EN 1149-3:2004 «Roupas de protección. Propiedades electrostáticas. Parte 3: Métodos de ensaio para determinar a disipación da carga» e estará identificada co pictograma de seguridade correspondente.

O pavimento instalado en zonas Z0 ou Z1 terá unha resistencia inferior a 109 Ω , medida segundo a Norma UNE-EN 61340-4-1:2005 «Electrostática. Parte 4-1: Métodos de ensaio normalizados para aplicacións específicas. Resistencia eléctrica de recubrimentos de chans e pavimentos instalados».

Deberanse dispor medios condutores de descarga electroestática para a descarga dos traballadores tanto antes do seu acceso a zonas Z0 ou Z1 como durante o desenvolvemento do seu traballo nestas zonas.

Para avaliar o risco de descarga electrostática e a adopción de medidas de prevención e protección adecuadas, poderase utilizar o informe técnico CLC/TR 50404:2003 do CENELEC *Electrostatics - Code of practice for the avoidance of hazards due to static electricity*».

6.6 Protección catódica de partes metálicas.

En zonas Z0 non se permite a utilización de protección catódica, salvo se está especialmente deseñada para esta aplicación.

Os elementos de illamento requiridos para a protección catódica deberán estar situados, se é posible, fóra das zonas perigosas.

6.7 Sistemas de cableame.

Para instalacións de seguridade intrínseca, os sistemas de cableame cumprirán os requisitos da Norma UNE-EN 61241-14:2006 «Material eléctrico para uso en presenza de po inflamable. Parte 14: Selección e instalación» e da Norma UNE-EN 60079-25:2005 CORR:2006 «Material eléctrico para atmosferas de gas explosivas. Parte 25: Sistemas de seguridade intrínseca».

Os cables para o resto de instalacións terán unha tensión mínima asignada de 450/750 V.

As entradas dos cables e dos tubos aos aparellos eléctricos realizaranse de acordo co modo de protección previsto nas normas correspondentes. Os orificios dos equipamentos eléctricos para entradas de cables ou tubos que non se utilicen deberán pechar mediante pezas acordes co modo de protección de que vaian dotados os ditos equipamentos.

Para as canalizacións para equipamentos móbiles terase en conta o establecido na ITC MIE-BT 21 «Instalacións interiores ou receptoras. Tubos e canles protectores» do Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

A intensidade admisible nos condutores deberase diminuír nun 15 por cento respecto ao valor correspondente a unha instalación convencional. Ademais, todos os cables de lonxitude igual ou superior a 5 metros estarán protexidos contra sobrecargas e cortocircuitos. Para a protección de sobrecargas terase en conta a intensidade de carga resultante fixada no parágrafo anterior e para a protección de cortocircuitos terase en conta o valor máximo para un defecto no comezo do cable e o valor mínimo correspondente a un defecto bifásico e franco ao final do cable.

No punto de transición dunha canalización eléctrica dunha zona a outra, ou dunha localización perigosa a outra non perigosa, deberase impedir o paso de po de mestura explosiva. Isto pode precisar da selaxe de gabias, tubos, bandexas, etc.

6.7.1 Requisitos dos cables.

Os cables para empregar nos sistemas de cableame nos lugares clasificados como zonas Z0, Z1 e Z2 serán:

a) En instalacións fixas:

Algunha destas tres opcións:

i. Cables de tensión asignada mínima de 450/750 V, illados con mesturas termoplásticas ou termoestables, instalados, ben baixo tubo metálico ríxido ou flexible conforme a Norma UNE-EN 50086-1:1995 «Sistemas de tubos para a conducción de

cables. Parte 1: Requisitos xerais», ou ben mediante canle protectora conforme as normas da serie UNE-EN 50085 «Sistemas de canles para cables e sistemas de condutos pechados de sección non circular para instalacións eléctricas».

ii. Cables construídos de modo que dispoñan dunha protección mecánica. Considéranse como tales:

1. Os cables con illamento mineral e cuberta metálica, segundo UNE EN 60702-1:2002 «Cables con illamento mineral de tensión asignada non superior a 750 V e as súas conexións. Parte 1: Cables».

2. Cables flexibles apantallados de 0,6 / 1,0 KV, segundo Norma UNE 60288.

3. Os cables armados con lamela ou con arame de aceiro galvanizado e con cuberta externa non metálica de 0,6 / 1,0 KV, segundo a serie de normas UNE 21123.

iii. Cables encastrados, de tensión asignada mínima de 450/750 V. O encastramento debe garantir e manter unhas condicións de protección equivalentes ás dun tubo ou canle protectora.

Os cables en instalacións fixas deben cumprir, respecto da reacción ao lume, o indicado nas normas da serie UNE EN 50266-2 «Métodos de ensaios comúns para cables sometidos ao lume. Ensaio de propagación vertical da chama de cables colocados en camadas en posición vertical».

b) En alimentación de equipamentos móbiles: cables con cuberta de policloropreno ou elastómero sintético, segundo a Norma UNE 21027-4:2004 «Cables de tensión asignada inferior ou igual a 450/750 V, con illamento reticulado. Parte 4: Cables flexibles» ou a Norma UNE 21150:1986 «Cables flexibles para servizos móbiles, illados con goma de etileno-propileno e cuberta reforzada de policloropreno ou elastómero equivalente de tensión nominal 0,6/1 kV», que sexan aptos para servizos móbiles, de tensión mínima asignada 450/750 V, flexibles e de sección mínima 1,5 mm². A utilización destes cables flexibles restrinxirase ao estritamente necesario para uso esporádico e, como máximo, a unha lonxitude de 30 metros.

6.7.2 Requisitos dos condutos.

Cando o cableame das instalacións fixas se realice mediante tubo ou canle protectora, estes serán conformes coas especificacións dadas nas táboas do número 9.3 da ITC MIE-BT 29 «Prescripcións particulares para as instalacións eléctricas dos locais con risco de incendio ou explosión» do Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

6.7.3 Métodos específicos de cableame non autorizados en zonas Z0 e Z1.

Non se permite a utilización dos seguintes sistemas de cableame en zonas Z0 e Z1:

- a) Condutores nus.
- b) Monocondutores illados sen outra protección.
- c) Sistemas de cableame con retorno a terra pola vaiña (ESR), non illados co equivalente ao dobre illamento.
- d) Sistemas de embarrados.
- e) Sistemas de cableame aéreo.
- f) Sistemas unifilares con retorno por terra.
- g) Sistemas con rais de baixa tensión ou moi baixa tensión.
- h) Cables con cuberta non instalados baixo tubo ou canle protectora, en que a resistencia á tracción é inferior a:

i. Termoplásticos:

Policloruro de vinilo (PVC), 12,5 N/mm²;

Polietileno, 10,0 N/mm².

ii. Elastómero: polietileno clorosulfonado ou polímeros similares, 10,0 N/mm².

7. *Adecuación de equipamentos*

Os equipamentos e instalacións eléctricas en uso no momento da entrada en vigor deste regulamento poderán seguir sendo utilizados se previamente se realizou unha adecuación, con base nunha avaliación de riscos de conformidade coa ITC número 14, aos requisitos establecidos nesta ITC.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 14

Disposicións relativas á seguridade e saúde para a protección dos traballadores fronte ao risco de explosión

1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Co obxectivo de facilitar a aplicación da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e da súa normativa de desenvolvemento, esta ITC ten por obxecto establecer unha serie de disposicións relativas á seguridade e saúde para a protección dos traballadores fronte ao risco de explosión de materias ou mesturas explosivas no lugar de traballo.

As disposicións desta ITC deberán ser tidas en conta respecto de todas as actividades de fabricación, almacenamento, transporte, comercialización e utilización de explosivos, no ámbito deste regulamento, nas cales estean presentes ou se poidan presentar materias ou mesturas explosivas.

As disposicións do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, aplicaranse plenamente no ámbito recollido nesta ITC.

2. *Obrigas do empresario*

2.1 Prevención e protección contra explosións de materias ou mesturas explosivas.

Co obxecto de previr as explosións de mesturas explosivas, de conformidade co artigo 15.1 da Lei de prevención de riscos laborais, e de proporcionar unha protección contra elas, o empresario deberá tomar medidas de carácter técnico e organizativo en función do tipo de actividade, seguindo unha orde de prioridades e conforme os principios básicos seguintes:

- Evitar a acumulación innecesaria de materias ou mesturas explosivas en lugares non habilitados para iso.
- Evitar a inflamación accidental de materias ou mesturas explosivas e atenuar os efectos prexudiciais dunha explosión de forma que se garantan a saúde e a seguridade dos traballadores.
- Evitar a propagación das explosións ou explosións en cadea, mediante a adopción das medidas necesarias para iso.

2.2 Avaliación dos riscos de explosión de materias ou mesturas explosivas e planificación da actividade preventiva.

En cumprimento das obrigas establecidas nos artigos 16 e 23 da Lei de prevención de riscos laborais e na sección 1.^a do capítulo II do Regulamento dos servizos de prevención, o empresario avaliará os riscos específicos de explosión de materias ou mesturas explosivas tendo en conta, polo menos:

- a) As características explosivas das materias ou mesturas existentes nos lugares de traballo.
- b) As instalacións, os equipamentos de traballo, os procesos industriais e as súas posibles interaccións.

- c) As probabilidades da presenza e activación de focos de ignición, incluídas as descargas electrostáticas.
- d) As proporcións dos efectos previsibles.

Na avaliación dos riscos de explosión teranse en conta os lugares que estean ou poidan estar en contacto, mediante aberturas, con lugares en que se poidan crear atmosferas explosivas.

Do mesmo xeito, o empresario realizará aquelas actividades preventivas necesarias para eliminar ou reducir e controlar o risco de explosión de materias ou mesturas explosivas, tendo en conta os requisitos establecidos nesta ITC. As ditas actividades serán obxecto de planificación por parte do empresario, incluíndo para cada actividade preventiva o prazo para levala a cabo, a designación de responsables e os recursos humanos e materiais necesarios para a súa execución. Así mesmo, o empresario deberá asegurarse da efectiva execución das actividades preventivas incluídas na planificación, efectuando para iso un seguimento continuo da dita execución.

En particular, o empresario deberá garantir:

- a) Que se determinaron e avaliaron os riscos específicos de explosión.
- b) Que se tomarán as medidas adecuadas para lograr os obxectivos desta ITC.
- c) Que foron identificadas todas as zonas con perigo de explosión existentes no centro de traballo, de acordo co establecido no número 2.5.
- d) Que nas zonas con perigo de explosión se aplicarán os requisitos mínimos establecidos no anexo.
- e) Que o lugar e os equipamentos de traballo, incluídos os sistemas de alerta, están deseñados e se utilizan e se manteñen tendo debidamente en conta a seguridade.
- f) Que se adoptaron as medidas necesarias, de conformidade co Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización por partes dos traballadores dos equipamentos de traballo, para que os equipamentos de traballo se utilicen en condicións seguras.

Os aspectos recollidos neste punto débense ter en conta na elaboración da documentación a que se refire o artigo 23 da Lei de prevención de riscos laborais.

2.3 Obrigas xerais.

Co obxecto de preservar a seguridade e a saúde dos traballadores, e en aplicación do establecido nos números 2.1 e 2.2, o empresario tomará as medidas necesarias para que:

- a) Nos lugares en que existan ou poidan existir explosivos en cantidades tales que poidan pór en perigo a saúde e a seguridade dos traballadores ou doutras persoas, o ambiente de traballo sexa tal que o traballo se poida efectuar de maneira segura.
- b) Nos lugares de traballo en que existan ou poidan existir explosivos en cantidades tales que poidan pór en perigo a saúde e a seguridade dos traballadores, se asegure, mediante o uso do medios técnicos apropiados, unha supervisión adecuada dos ditos lugares, conforme a avaliación de riscos, mentres os traballadores estean presentes naqueles.

2.4 Obriga de coordinación.

Cando nun mesmo lugar de traballo estean traballadores de varias empresas, cada empresario deberá adoptar as medidas que sexan necesarias para a protección da saúde e a seguridade dos seus traballadores, incluídas as medidas de cooperación e coordinación a que fai referencia o artigo 24 da Lei de prevención de riscos laborais, desenvolvido polo Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, en materia de coordinación de actividades empresariais. Sen prexuízo diso e no marco do disposto no citado artigo, o empresario titular do centro de traballo coordinará a aplicación de todas as medidas relativas á seguridade e a saúde dos traballadores e precisará, na documentación relativa á acción

preventiva establecida no artigo 23 da Lei de prevención de riscos laborais, as medidas e as modalidades de aplicación da dita coordinación.

A inspección e o control do cumprimento destas obrigas só corresponden ás áreas funcionais de Industria e Enerxía cando se trate de centros de traballo con presenza do risco de explosión en empresas que desenvolven actividades de fabricación, almacenamento, transporte, comercialización e utilización de explosivos. A inspección e o control do resto das empresas que concorran con aquelas nun mesmo centro de traballo corresponden á Inspección de Traballo e Seguridade Social, conforme o previsto no artigo 9 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

2.5 Zonas con perigo de explosión.

Para os efectos desta ITC, considéranse zonas con perigo de explosión as áreas en que estean presentes ou se poidan presentar explosivos en cantidades tales que resulte necesaria a adopción de medidas de prevención ou protección especiais para protexer a seguridade e a saúde dos traballadores.

O empresario deberá identificar todas as zonas con perigo de explosión existentes no centro de traballo.

De acordo co establecido no Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo, os accesos ás zonas con perigo de explosión deben estar sinalizados con identificación deste perigo.

ANEXO

Disposicións relativas á seguridade e á protección da saúde dos traballadores potencialmente expostos a materias ou mesturas explosivas

As disposicións deste anexo aplicaranse:

- a) Ás zonas con perigo de explosión, de acordo co establecido no número 2.5.
- b) Aos equipos situados en áreas que non presenten perigo de explosión e que sexan necesarios ou contribúan ao funcionamento en condicións seguras dos equipos situados na zona con perigo de explosión.

1. Medidas organizativas.

1.1 Formación e información dos traballadores.

O empresario deberá proporcionar a quen traballa en zonas con perigo de explosión unha formación e información adecuadas e suficientes sobre prevención e protección fronte a explosións, no marco do establecido nos artigos 18 e 19 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

1.2 Instrucións por escrito e permisos de traballo.

Cando así o exixa a documentación da acción preventiva:

O traballo nas zonas con perigo de explosión levarase a cabo conforme unhas instrucións por escrito que proporcionará o empresario, e nas cales se incluírán as condicións de seguridade necesarias para desenvolver estas actividades e os puntos críticos de especial perigo fronte ao risco de explosión.

Deberase aplicar un sistema de permisos de traballo que autorice a execución de traballos con especial perigo nas zonas con perigo de explosión. Consideraranse traballos de especial perigo, entre outros, todos aqueles traballos de comprobación, consigna e reparación que se deban realizar como consecuencia de fallos na operatividade dos equipos de traballo, cando estes equipos estean en contacto directo coa materia ou mestura explosiva, así como todos aqueles que exixan ser realizados utilizando posibles fontes de inflamación.

Os permisos deberán ser expedidos, antes do comezo dos traballos, por unha persoa expresamente autorizada para iso e designada polo empresario.

2. Medidas de prevención e protección contra as explosións.

Na identificación dos perigos e situacións perigosas que poidan desencadear a explosión dunha substancia explosiva teranse en conta, entre outros, os seguintes factores:

a) A caracterización da substancia explosiva: sensibilidade ao impacto e rozamento, temperatura de descomposición, temperatura de inflamación, etc. A caracterización das substancias explosivas deberase realizar sempre que a substancia poida tomar contacto de forma directa con calquera equipo de traballo ou ser manipulada directamente polos traballadores.

b) Incompatibilidade de substancias.

c) Causas de orixe eléctrica: faíscas, aumentos de temperatura, faíscas de orixe electrostática.

d) Causas de orixe mecánica: faíscas, aumentos de temperatura, impacto e fricción.

e) Outras agresións externas.

Cando nunha mesma zona con perigo de explosión existan diferentes tipos de explosivos, as medidas de protección axustaranse ao maior risco potencial.

De conformidade co disposto no Real decreto 614/2001, do 8 de xuño, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico, cando se trate de evitar os riscos de ignición, tamén se deberán ter en conta as descargas electrostáticas producidas polos traballadores ou a contorna de traballo como portadores ou xeradores de carga. Os traballadores deberán ser provistos de calzado antiestático e roupa de traballo adecuada feita de materiais que non dean lugar a descargas electrostáticas que poidan causar a ignición de materias ou mesturas explosivas.

A instalación, os equipamentos de traballo, os sistemas de protección e os seus correspondentes dispositivos de conexión só se porán en funcionamento se previamente se comprobou que se poden usar con seguridade nunha zona con perigo de explosión.

Adoptaranse todas as medidas necesarias para asegurarse de que os lugares de traballo, os equipamentos de traballo e os correspondentes dispositivos de conexión que estean á disposición dos traballadores foron deseñados, construídos, ensamblados e instalados e se manteñen e se utilizan de tal forma que se reduzan ao máximo os riscos de explosión e, no caso de que se produza algunha, se controle ou se reduza ao máximo a súa propagación no dito lugar ou equipamento de traballo. Nestes lugares de traballo deberanse tomar as medidas oportunas para reducir ao máximo os riscos que poidan correr os traballadores polos efectos físicos dunha explosión.

En caso necesario, os traballadores deberán ser alertados mediante a emisión de sinais ópticos ou acústicos de alarma e desaloxados en condicións de seguridade.

Cando se considere necesario, e así se plasme na documentación preventiva, disporanse e manteranse en funcionamento saídas de emerxencia que, en caso de perigo, lles permitan aos traballadores abandonar con rapidez e seguridade os lugares de traballo.

Antes de utilizar por primeira vez os lugares de traballo onde existan zonas en que se presenten ou se poidan presentar mesturas explosivas ou tras unha modificación importante, deberase verificar a súa seguridade xeral contra explosións. A realización das verificacións encomendaráselles a aquelas persoas capacitadas expresamente autorizadas polo empresario.

Cando a avaliación mostre que iso é necesario:

a) Deberase poder, no caso de que un corte de enerxía poida comportar novos perigos, manter o equipamento e os sistemas de protección en situación de funcionamento seguro independentemente do resto da instalación se efectivamente se produce un corte de enerxía.

b) Deberase poder efectuar a desconexión manual dos aparellos e sistemas de protección incluídos en procesos automáticos que se aparten das condicións de funcionamento previstas, sempre que iso non comprometa a seguridade. Tales intervencións confíaranse exclusivamente aos traballadores cunha formación específica que os capacite para actuar correctamente nesas circunstancias.

c) A enerxía almacenada deberase disipar, ao accionar os dispositivos de desconexión de emerxencia, da maneira máis rápida e segura posible ou illar de maneira que deixe de constituír un perigo.

3. Adecuación dos equipamentos de traballo en zonas perigosas.

Naquelas zonas perigosas onde se utilicen ou se prevea utilizar equipamentos de traballo, o empresario deberase asegurar de que na elección, instalación, utilización e mantemento se tivo en especial consideración o risco de explosión das materias explosivas existentes no lugar de traballo, en aplicación do Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipamentos de traballo.

Para iso, é necesario que dispoña da documentación técnica que permita unha correcta e segura instalación, utilización e mantemento. Esta documentación deberá estar redactada nunha lingua oficial da área xeográfica á cal se destina o equipamento.

Para os equipamentos de traballo que no seu uso previsto toman contacto directamente con mesturas explosivas, deberanse coñecer os valores máximos alcanzables, tanto en funcionamento normal como os previstos en caso de mal funcionamento, daqueles parámetros que poden provocar a ignición da substancia explosiva como, por exemplo, temperatura superficial, presión de traballo, temperatura interna, etc. Estes parámetros deberán estar axustados en función da caracterización das substancias explosivas presentes.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 15

Etiquetas de identificación de envases e embalaxes de explosivos

1. *Obxecto*

Esta ITC ten por obxecto establecer as normas para a etiquetaxe que permita obter a identificación dos explosivos que se comercialicen no mercado nacional.

2. *Etiquetas de identificación*

2.1 Formato.

As indicacións da etiqueta serán en negro, dentro dun rectángulo deseñado en negro, sobre fondo de cor branca.

2.2 Dimensións.

2.2.1 As etiquetas para envases terán as dimensións que permita o seu tamaño e deberán resultar perfectamente lexibles os datos que figuren nel. Será válida a impresión directa no envase.

2.2.2 As etiquetas para as embalaxes terán unha dimensión que permita que os datos que nelas figuran sexan perfectamente lexibles; aconsellaranse unhas dimensións mínimas de 74 x 105 milímetros.

2.3 Natureza.

2.3.1 As etiquetas terán a adecuada consistencia e os seus caracteres serán indelebles.

2.3.2 Cando as etiquetas vaian adheridas, na súa fixación deberanse empregar elementos que garantan a súa suxeición ou permanencia.

2.3.4 Poderanse utilizar as denominadas «xanelas» de cor branca, para poder imprimir de forma lexible texto ou números.

2.4 Etiquetas.


No anexo I preséntase o formato de etiqueta para envases e embalaxes para explosivos.

ANEXO I

Explosivos

Formato de etiqueta para envase de explosivos:

Nome comercial do explosivo ⁽¹⁾ :
Fabricante:
Clave de identificación única ⁽¹⁾ :
Número de catalogación:
Data de caducidade:




(1)

(1) Non será necesaria a inclusión na etiqueta sempre que estea noutra parte do envase ou embalaxe de forma claramente visible.

Formato de etiqueta para embalaxe de explosivos:

Nome comercial do explosivo ⁽¹⁾ :
Fabricante:
Clave de identificación única ⁽¹⁾ :
Número de catalogación:
Data de fabricación:
Data de caducidade:
Peso bruto:
Peso neto do explosivo:



⁽¹⁾

(1) Non será necesaria a inclusión na etiqueta sempre que estea noutra parte do envase ou embalaxe de forma claramente visible.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 16

Compatibilidade de almacenamento e transporte

1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta ITC ten por obxecto establecer os requisitos de compatibilidade no transporte, sen prexuízo do establecido nos convenios e acordos internacionais e incluídas as recomendacións das Nacións Unidas relativas ao transporte de mercadorías perigosas e almacenamento dos produtos regulados por este regulamento.

As condicións de almacenamento e compatibilidade que se deberán observar no almacenamento de produtos químicos non explosivos rexeranse polo establecido no Regulamento de almacenamento de produtos químicos, aprobado polo Real decreto 379/2001, do 6 de abril, así como nas súas correspondentes instrucións técnicas complementarias.

Pola súa banda, as condicións de almacenamento e compatibilidade que se deberán observar no almacenamento de materiais e produtos pirotécnicos e cartuchería rexeranse polo disposto no Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, aprobado polo Real decreto 989/2015, do 30 de outubro.

2. *Requisitos xerais no almacenamento*

Os produtos explosivos que se almacenen a granel deberán estar contidos en recipientes adecuados que deberán ter a suficiente consistencia e estar nun estado de

conservación tal que asegure que non se poidan producir derramamentos ou perdas de material durante as operacións normais de manipulación.

En todo momento deberá estar identificado o contido dos recipientes no caso de almacenamento a granel e no caso de produtos envasados ou embalados. As embalaxes dos produtos terminados procedentes de terceiros, ao se producir unha venda para a súa adquisición, deberán estar debidamente etiquetadas.

Non se poderán almacenar conxuntamente materiais explosivos xunto con produtos químicos ou outras materias primas utilizadas nos procesos de fabricación de materiais pirotécnicos.

O almacenamento de produtos explosivos realizarase en almacéns autorizados para ese efecto. As normas de localización, deseño e construción deste tipo de almacéns establécense neste regulamento e nas súas instrucións técnicas complementarias.

Poderanse almacenar conxuntamente nun mesmo establecemento e transportar conxuntamente produtos da clase 1 de mercadorías perigosas, coa condición de que sexan compatibles, segundo o establecido nesta ITC.

3. *Compatibilidade no almacenamento e transporte*

Para os efectos do seu transporte e almacenamento, os explosivos deberán ser asignados a un dos grupos de compatibilidade seguintes:

- A. Materia explosiva primaria.
- B. Obxecto que conteña unha materia explosiva primaria e que teña menos de dous dispositivos de seguridade eficaces. Certos obxectos, tales como os detonadores de minas (para voadura), os conxuntos de detonadores para voadura e os cebos de percusión quedan incluídos, aínda que non conteñan explosivos primarios.
- C. Materia explosiva propulsora ou outra materia explosiva deflagrante ou obxecto que conteña a dita materia explosiva.
- D. Materia explosiva secundaria detonante ou pólvora negra ou obxecto que conteña unha materia explosiva secundaria detonante, en calquera caso, sen medios de cebado nin carga propulsora, ou obxecto que conteña unha materia explosiva primaria e que teña, polo menos, dous dispositivos de seguridade eficaces.
- E. Obxecto que conteña unha materia explosiva secundaria detonante, sen medios de cebado, con carga propulsora (excepto as cargas que conteñan un líquido ou xel inflamables ou líquidos hipergólicos).
- F. Obxecto que conteña unha materia explosiva secundaria detonante, cos seus propios medios de cebado, cunha carga propulsora (excepto as cargas que conteñan un líquido ou xel inflamables ou líquidos hipergólicos) ou sen carga propulsora.
- G. Materia pirotécnica ou obxecto que conteña unha materia pirotécnica ou ben un obxecto que conteña á vez unha materia explosiva e unha composición iluminante, incendiaria, lacrimóxena ou fumóxena (excepto os obxectos activados pola auga ou que conteñan fósforo branco, fosfuros, materias pirofóricas, líquido ou xel inflamables ou líquidos hipergólicos).
- H. Obxecto que conteña unha materia explosiva e, ademais, fósforo branco.
- J. Obxecto que conteña unha materia explosiva e, ademais, un líquido ou xel inflamables.
- K. Obxecto que conteña unha materia explosiva e, ademais, un axente químico tóxico.
- L. Materia explosiva ou obxecto que conteña unha materia explosiva e que presente un risco particular (por exemplo, en razón da súa hidroactividade ou da presenza de líquidos hipergólicos, fosfuros ou materias pirofóricas) e que exixa o illamento de cada tipo.
- N. Obxectos que non conteñan máis que materias extremadamente pouco sensibles.
- S. Materia ou obxecto embalado ou deseñado de forma que todo efecto perigoso debido a un funcionamento accidental quede circunscrito ao interior da embalaxe, a menos que este fose deteriorado polo lume. Nese caso todos os efectos de onda expansiva ou de proxección deben ser o suficientemente reducidos como para non entorpecer de maneira

apreciable ou impedir a loita contra incendios nin a adopción doutras medidas de emerxencia nas inmediacións do vulto.

Os explosivos non se poderán almacenar conxuntamente nunha polvoreira nin cargar en común nun mesmo vehículo, excepto cando estea autorizado conforme a seguinte táboa de compatibilidade:

Grupo de compatibilidade	A	B	C	D	E	F	G	H	J	L	N	S
A	X											
B		X		1								X
C			X	X	X		X				2/ 3/	X
D		1	X	X	X		X				2/ 3/	X
E			X	X	X		X				2/ 3/	X
F						X						X
G			X	X	X		X					X
H								X				X
J									X			X
L										4/		
N			2/ 3/	2/ 3/	2/ 3/						2/	X
S		X	X	X	X	X	X	X	X		X	X

O «X» indica que as materias ou obxectos dos diferentes grupos de compatibilidade se poden almacenar conxuntamente nunha mesma polvoreira ou cargar conxuntamente nun mesmo compartimento, contedor ou vehículo.

Notas:

1. Os vultos que conteñan obxectos asignados ao grupo de compatibilidade B e os vultos que conteñan materias e obxectos asignados ao grupo de compatibilidade D poderanse cargar en común sobre o mesmo vehículo ou o mesmo contedor, coa condición de que se separen de maneira que se impida calquera transmisión da detonación de obxectos do grupo de compatibilidade B a materias ou obxectos do grupo de compatibilidade D. A separación débese asegurar por medio de compartimentos separados ou colocando un dos dous tipos de explosivo nun sistema especial de contención. Calquera dos dous medios de separación debe ser aprobado pola autoridade competente. No caso de se utilizaren anteparos separadores entre ambos os produtos, aplicarase o establecido na ITC número 29.

2. Non se poderán transportar nin almacenar conxuntamente categorías distintas de obxectos da división 1.6, grupo de compatibilidade N, como obxectos da división 1.6, grupo de compatibilidade N, a menos que se demostre mediante proba ou por analogía que non existe ningún risco suplementario de detonación por influencia entre os ditos obxectos. Polo demais, deberán ser tratados como se pertencesen á división de risco 1.1.

3. Cando se transporten ou almacenen obxectos do grupo de compatibilidade N con materias ou obxectos dos grupos de compatibilidade C, D ou E, os obxectos do grupo de compatibilidade N consideraranse pertencentes ao grupo de compatibilidade D.

4. As materias e os obxectos do grupo de compatibilidade L poderanse almacenar e cargar en común no mesmo vehículo coas materias e obxectos do mesmo tipo pertencentes a ese mesmo grupo de compatibilidade.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 17

Normas para o deseño dos depósitos subterráneos

1. A separación mínima entre as polvoreiras ou nichos subterráneos para previr a comunicación de explosión ou incendio entre dous nichos ou polvoreiras axustarase á seguinte fórmula:

$$D \geq k\sqrt[3]{Q}$$

Onde:

Q = capacidade máxima en quilogramos da polvoreira ou nicho de maior capacidade dos dous considerados.

D = separación en metros. Refírese á distancia mínima medida ao longo do eixe da galería.

K = coeficiente que depende das características do terreo en que están escavados os nichos. Denomínase densidade de carga a relación entre os quilogramos de explosivos para almacenar no dito nicho dividido polo volume do nicho que vai albergar ese explosivo.

	Densidade de carga (kg/m ³)	k
Rochas moderadas ou duras.	< 48	1
	>48	2
Rochas débiles.	Todas	1,5

A distancia mínima que debe existir de cada nicho ou polvoreira a unha galería superior, inferior ou lateral para previr o afundimento da galería será:

$$S \geq \sqrt[3]{Q}$$

2. O depósito disporase de tal forma que a sobrepresión incidente (ΔP_a) orixinada pola posible explosión da totalidade do explosivo autorizado para cada nicho ou polvoreira non exceda os valores:

0,4 kg/cm², en zonas onde sexa previsible a presenza permanente de persoas (1).

2,0 kg/cm², en zonas onde a presenza de persoal sexa eventual (1).






























(1) As sobrepresións máximas corresponden a unha porcentaxe por baixo do 20 % de ruptura de tímpano para as zonas onde é previsible a presenza permanente de persoal, e un 1% aproximadamente de mortalidade para as zonas onde se prevexa presenza eventual de persoal.

3. A sobrepresión da onda de choque (ΔP_{gr}) nas galerías existentes entre os nichos ou polvoreiras e os puntos designados de paso veñen definidas pola seguinte expresión:

$$\Delta P_{gr} = \frac{\Delta P_a}{\prod_i f_i}$$

Onde f_i son os coeficientes de redución da presión da onda en cada un dos elementos existentes na galería (cambios de dirección, cambios de sección, bifurcacións, etc.), e ΔP_a é a sobrepresión incidente orixinaria aplicable descrita no punto anterior.

Os coeficientes de redución extrañense do cadro seguinte, con base na disposición xeométrica das galerías.

f_i	0.38	0.90	0.90	0.23	
Traza					
Ref	26	27	28	29	
f_i	0.41	0.95	0.5	0.23	0.23
Traza					
Ref	21	22	23	24	25
f_i	0.58	0.54	0.35	0.23	0.14(1)
Traza					
Ref	16	17	18	19	20
f_i	0.75	0.70	0.57	0.40	0.23
Traza					
Ref	11	12	13	14	15
f_i	0.92	0.90	0.80	0.45	0.53
Traza					
Ref	6	7	8	9	10
f_i	1.0	0.72	0.50	0.70	0.16
Traza					
Ref	1	2	3	4	5

(1) Ídem, pero con mangos de manobra de 2b de profundidade.

4. A cantidade máxima almacenada en quilogramos de explosivo calcularase mediante a expresión:

$$M = \frac{C_2 L s}{\left(\frac{C_1}{\Delta P_{gr}} + 1\right)^2 - 1}$$

Onde:

L = lonxitude total en metros do traxecto existente entre o punto onde se obtén o valor da sobrepresión incidente e o nicho onde se pretende calcular a súa cantidade máxima almacenada.

s = área da sección da galería en metros cadrados. Cando a onda de choque se forma nunha galería nos dous sentidos, corresponderalle ao dobre da área da sección recta da galería. Se en cambio o nicho se atopa nun fondo de saco, s será a área da sección da galería. Se no percorrido entre o depósito e o punto onde se obteñen as sobrepresións incidentes existen seccións de galería de diferente área, empregarase un valor de sección medio, calculado da forma:

$$s = \frac{\sum_i L_i s_i}{L}$$

Onde:

L_i son as lonxitudes de cada tramo de galería de sección s_i .

$C_1 = 1,037$.

$C_2 = 0,069$.

Repetirase o cálculo coas distintas sobrepresións aplicables, a cantidade máxima que se pode almacenar é a menor das obtidas. No caso de existir máis dun traxecto entre a polvoreira e a zona de paso, tomarase o que comporte unha carga almacenada menor.

A capacidade máxima que se pode almacenar nunha polvoreira ou nicho non excederá as capacidades máximas establecidas no artigo 59 do Regulamento de explosivos.

5. Os depósitos subterráneos que comuniquen con labores mineiros en actividade instaláranse en lugares illados que non sirvan de paso nin se realice neles outra actividade distinta ao abastecemento de materias explosivas, e estean situados de forma que, en caso de explosión ou incendio, os fumes non sexan arrastrados aos labores da actividade.

6. Fronte á boca de cada nicho, procurarase dispor dun mango de manobra de expansión ou amortecemento. Os mangos de manobra de expansión ou amortecemento terán unha lonxitude mínima igual ao diámetro do círculo de sección equivalente á galería correspondente. Os nichos deben estar comunicados entre si por unha única galería de acceso, a cal teña, así mesmo, unha comunicación única coa galería principal de acceso ao depósito.

7. Procurarase que os nichos queden a un mesmo lado da galería que os comunica, en cuxo lado a distancia entre as súas bocas (comunicación coas galerías) non será menor que a separación entre nichos que se prevé no número 1 desta ITC. Se os nichos non están ao mesmo lado, a distancia entre as súas bocas será o dobre da antes indicada.

Os nichos estarán situados de tal forma que a súa dimensión maior corte o eixe da galería de comunicación, formando un ángulo comprendido entre 45 e 90 graos.

8. Con independencia das portas que se instalen para protexer os nichos ou polvoreiras contra obxectivos estraños, estas colocaranse para impedir o acceso non autorizado, o que deberá permitir, no caso de accidente, o paso da onda explosiva. Estas

portas estarán situadas na desembocadura externa da galería de comunicación dos nichos.

9. A ventilación dos nichos efectuarase mediante sistemas de aireación natural ou mediante o uso de aparellos de ventilación, cuxa instalación no interior do nicho se poderá autorizar sempre que estean dotados dos dispositivos de seguridade que se consideren adecuados.

10. As caixas de explosivos ou artificios distribuiranse sobre a superficie dos nichos e non se empillarán nunca nas proximidades da boca destes. Deixarase un espazo mínimo de 30 centímetros entre as caixas e as paredes do nicho. Os explosivos non se poderán almacenar conxuntamente nunha polvoreira ou nicho, excepto cando estea autorizado de acordo coa táboa de compatibilidade de almacenamento.

11. Os requisitos de seguridade cidadá axustaranse ao establecido na ITC número 1.

ANEXO I

Clasificación xeomecánica das rochas

Escala para estimar a resistencia da rocha (ISRM)

Denominación para determinar k	Grao	Denominación	Criterio de recoñecemento	Resistencia á compresión simple (MPa)
Rocha débil	0	Extremadamente baixa	A rocha márcase coa uña.	0,25-1,0
	1	Moi baixa	A rocha derrúbase co martelo e córtase con navalla.	1-5
	2	Baixa	A rocha márcase co martelo e córtase dificilmente coa navalla.	5-25
Rocha moderada	3	Media	A rocha pódese cortar en anacos cun só golpe de martelo, pero non cortando, ou raspar cunha navalla.	25-50
Rocha dura	4	Alta	A rocha pódese cortar en anacos con varios golpes de martelo.	50-100
	5	Moi alta	A rocha é difícil de partir co martelo, require moitos golpes.	100-250
	6	Extremadamente alta	A rocha só se pode converter en estelas co martelo.	>250

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 18

Localización das polvoreiras auxiliares de 50 quilogramos

En desenvolvemento do artigo 95, esta ITC recolle a normativa aplicable na construción e localización destas polvoreiras auxiliares:

1. A polvoreira ou as polvoreiras que constitúan un depósito auxiliar de distribución deberán ser dun modelo homologado polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de informe da Intervención Central de Armas e Explosivos.

2. As ditas polvoreiras auxiliares de distribución quedan excluídas do réxime xeral aplicable aos depósitos de explosivos, de conformidade co disposto no artigo 94.

3. A ancoraxe da polvoreira auxiliar ao terreo poderá ser fixa ou contar cun sistema, inaccesible desde o exterior, que permita desancoralo para o seu traslado.

4. As polvoreiras disporanse, sempre, cos seus eixes paralelos e as súas portas orientadas no mesmo sentido.

5. O réxime de distancias das polvoreiras auxiliares será o seguinte:

- a) Entre si:
- Distancia mínima entre dúas polvoreiras de explosivos, 8 metros.
 - Distancia mínima entre unha polvoreira de explosivos e outra de detonadores, 1,5 metros.
 - Estas distancias consideraranse entre paredes, sen contar o recubrimento de formigón. As polvoreiras disporanse, sempre, cos seus eixes paralelos e as súas portas orientadas no mesmo sentido.
- b) Á contorna exterior:
- Núcleos de poboación: 125 metros.
 - Complexos industriais e vías de comunicación: 100 metros.
 - Edificacións illadas: 75 metros.
- c) Ao propio centro de traballo: a lugares de traballo en que haxa presenza permanente de persoas: 75 metros.

6. As medicións das distancias anteriores efectuaranse a partir dos paramentos das polvoreiras, sen contar o recubrimento de formigón.

7. As distancias á contorna e ao propio centro de traballo establecidas nos puntos 5.b) e 5.c) anteriores poderanse reducir á metade cando existan defensas naturais ou artificiais. Á hora de contabilizar as defensas non se considerarán as superposicións de defensas. O deseño destas defensas axustarase ao establecido para iso na ITC número 9.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 19

Transporte por ferrocarril

O transporte de explosivos farase en trens de mercadorías, salvo cando se trate de trens militares, baixo a responsabilidade da autoridade militar correspondente.

En ningún caso poderán circular dous vagóns consecutivos cargados con explosivos.

Procurarase que os vagóns que transporten estas mercadorías non circulen nin na cabeza nin na cola do tren, excepto cando o tren sexa puro, ou mixto que teña prevista intervención no seu percorrido, e que cumpran as condicións seguintes:

- Presentar bo estado de conservación e ter as revisións dentro de prazo.
- Estar provistos de caixas de rodetes.
- Estar provistos de parafáscas regulamentarios. Ficha UIC 543.

Antes da súa carga, os vagóns serán obxecto dun recoñecemento rigoroso na parte que afecta a circulación, é dicir, tracción, choque, rodaxe, freo e suspensión, que será comunicado por escrito á empresa ferroviaria para o seu arquivamento e constancia na estación.

Non está permitido fumar, utilizar farois de chama ou calquera outra fonte de ignición nas proximidades dos vultos, contedores ou vehículos que transporten estas mercadorías.

Esta prohibición é de especial aplicación:

- Nas operacións de carga e descarga.
- No depósito de vultos e contedores en peiraos e almacéns.
- No estacionamento e circulación dos vehículos en estacións, derivacións partículas e plena vía.
- Traballos na inmediata proximidade da vía.

Os maquinistas dos trens que leven estas materias serán informados desta circunstancia.

Estas fichas serán as exhibibles para cada modo de transporte polas regulamentacións internacionais.

Os postos de mando manterán unha especial vixilancia destes trens, de forma que eviten atrasos e detencións prolongados. Estes trens deberán utilizar necesariamente as liñas de circunvalación, cando existan. Exceptúase o caso de carga e descarga en poboacións.

Deberá evitarse no posible:

- O cruzamento dos trens que transporten explosivos cos de viaxeiros en túneles de máis de 100 metros de lonxitude.
- O estacionamento de máis dun tren con explosivos nunha mesma estación.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 20

Normas de seguridade para a carga, descarga e estadia en portos, aeroportos e aeródromos

1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

En desenvolvemento dos capítulos V e VI do título IX do Regulamento de explosivos, esta ITC establece os requisitos de seguridade que se deben cumprir nos portos, aeroportos e aeródromos, en relación coa carga, estacionamento e descarga de explosivos.

2. *Requisitos xerais*

No interior das instalacións dos portos, aeroportos ou aeródromos estableceranse zonas de atracada ou estacionamento dos barcos ou avións cargados con materias explosivas.

Nas instalacións reservarase unha zona sinalizada para estacionar os vehículos cargados con explosivos en espera.

Para a súa carga ou descarga, os vehículos aproximaranse ao costado do barco ou avión, de un en un, sen que, fóra da zona de almacenamento ou estacionamento, se poidan encontrar xuntos dous vehículos cargados con explosivos.

As paletas ou contedores de explosivo traspasaranse directamente de vehículo a barco ou avión, ou viceversa, evitando o seu depósito ou empillamento sobre o peirao ou pista.

O persoal portuario ou aeroportuario que realice calquera operación con materias explosivas deberá estar instruído respecto das precaucións básicas que se deberán adoptar na manipulación destes produtos.

A cantidade neta máxima de explosivo que pode estar presente nunha unidade de transporte ou almacenamento non será superior a 25.000 kg.

3. *Réxime de distancias*

3.1 Estacionamento de vehículos con explosivo.

Denomínase zona de estacionamento de vehículos cargados aquela zona designada pola autoridade portuaria ou aeroportuaria onde se estacionan os vehículos temporalmente para efectuar as operacións de carga ou descarga de material explosivo.

Será unha zona, claramente sinalizada, para o aparcamento de vehículos cargados, cuxa superficie deberá ser en función da carga neta máxima de explosivo por vehículo (Q_0), e do número destes (n), de forma tal que permita manter unhas distancias mínimas entre vehículos de:

$$d = 0,5\sqrt[3]{Q_0}$$

Para establecer a localización desta zona de almacenamento, débense respectar adicionalmente unhas distancias mínimas respecto:

- Do barco/avión para cargar ou descargar:

$$3 \cdot \sqrt[3]{Q_1}$$

- De edificios habitados:

$$20 \cdot \sqrt[3]{Q_1}$$

- De estradas e ferrocarrís de uso público:

$$15 \cdot \sqrt[3]{Q_1}$$

Onde $Q_1 = n \cdot Q_0$.

Onde Q_0 , en quilogramos, é a cantidade neta de explosivo por unidade de almacenamento.

Onde n é o número de vehículos.

As operacións de carga e descarga de explosivo realizaranse sempre no menor tempo posible, garantindo a seguridade.

3.2 Separación de unidades de almacenamento.

As unidades de almacenamento de explosivos que poidan existir con carácter excepcional nos portos ou, de ser o caso, nos aeroportos, como poden ser os contedores, as instalacións, locais ou calquera edificio destinado ao almacenamento de explosivos, deberán estar separadas entre si e respecto dos locais ou edificios con presenza permanente de persoas do propio porto ou aeroporto. Estas distancias serán, como mínimo, as seguintes:

- i) Distancias entre unidades de almacenamento:

División de risco	Separación mínima (m)
1.1 e 1.5	$D = 3 * \sqrt[3]{Q_0}$
1.2	90 m (1)
1.3	$D = 1,7 * \sqrt[3]{Q_0}$ (2)
1.4 e 1.6	10 m (3)

(1) No caso de metralha pesada procedente de munición superior a 60 mm, incrementarase a distancia nun 50 por 100.

(2) Distancia mínima 20 m.

(3) Mediante unha parede resistente ao lume EI 60 segundo o Real decreto 842/2013, do 31 de outubro, poderase reducir a distancia á metade.

Onde Q_0 , en quilogramos, é a cantidade neta de explosivo por unidade de almacenamento.

- ii) Distancias entre unidades de almacenamento e edificios con presenza permanente de persoas do porto ou aeroporto:

División de risco	Separación mínima (m)
1.1 e 1.5	$D = 6 * \sqrt[3]{Q_0}$
1.2	$D = 3,2 * \sqrt[3]{Q_0} (1)$
1.3	$D = 3,2 * \sqrt[3]{Q_0} (1)$
1.4 e 1.6	10 m

(1) No caso de existir defensa entre os edificios, a distancia pode reducirse a

$$D = 2 * \sqrt[3]{Q_0}$$

Onde Q_0 , en quilogramos, é a cantidade neta de explosivo por unidade de almacenamento e D, a separación mínima en metros.

3.3 Distancias á contorna das unidades de almacenamento.

As unidades de almacenamento de explosivos, en caso de existencia, deberán manter unha distancia mínima respecto á contorna allea ao porto ou aeroporto. Estas distancias serán, como mínimo, as seguintes:

División de risco	Respecto a núcleos de poboación ou aglomeración de persoas	Respecto a vías de comunicación ou lugares turísticos	Respecto a vivendas illadas e outras estradas e liñas de ferrocarril
1.1 e 1.5	$D = 34 * \sqrt[3]{Q_0}$	$D = 27 * \sqrt[3]{Q_0}$	$D = 20 * \sqrt[3]{Q_0}$
1.2 (1)	$D = 58 * \sqrt[6]{Q_0} (3)$	$D = 58 * \sqrt[6]{Q_0} (3)$	$D = 39 * \sqrt[6]{Q_0} (5)$
1.2 (2)	$D = 76 * \sqrt[6]{Q_0} (4)$	$D = 76 * \sqrt[6]{Q_0} (4)$	$D = 51 * \sqrt[6]{Q_0} (5)$
1.3	$D = 6 * \sqrt[3]{Q_0} (5)$	$D = 6 * \sqrt[3]{Q_0} (5)$	$D = 4 * \sqrt[3]{Q_0} (6)$
1.4 e 1.6	(7)	(7)	(7)

- (1) Materias e obxectos que, en caso de explosión, non orixinan metralla pesada.
- (2) Metralla pesada, debido á posible presenza de proyectís de calibre maior de 60 mm.
- (3) Distancia mínima 90 m.
- (4) Distancia mínima 135 m.
- (5) Distancia mínima 60 m.
- (6) Distancia mínima 40 m.
- (7) Distancia mínima 25 m.

Onde Q_0 , en quilogramos, é a cantidade neta de explosivo de cada unidade de almacenamento e D, a distancia mínima en metros.

Entenderase por vías de comunicación as liñas de ferrocarril públicas e as autoestradas, autovías e estradas cunha circulación superior a 2.000 vehículos/día, segundo a contaxe medida.

Entenderase por outras estradas e liñas de ferrocarril as non incluídas no parágrafo anterior, excepto os camiños cunha circulación inferior a 100 vehículos/día, segundo a contaxe medida.

Entenderase por vivendas illadas as que, estando permanentemente habitadas, non constitúan un núcleo de poboación.

As medicións efectuaranse a partir dos paramentos interiores das unidades de almacenamento de explosivos.

As distancias poderanse reducir á metade cando existan defensas naturais ou artificiais. Á hora de contabilizar as defensas non se considerarán as superposicións de defensas.

Cando coexistan diferentes divisións de risco na mesma unidade de almacenamento, a distancia mínima aplicable calcularase considerando a división de risco máis desfavorable

e a capacidade total da unidade, é dicir, a suma das cantidades netas máximas de cada división de risco.

3.4 Cantidad máxima de explosivo admisible en portos ou aeroportos.

A cantidade neta máxima admisible de explosivos que pode estar presente nos portos, aeroportos ou aeródromos, Q_p en quilogramos, virá determinada polas distancias mínimas que deben cumprir os vehículos cargados, zonas de estacionamento e unidades de almacenamento, existentes en tales lugares, segundo o establecido nos números anteriores.

3.5 Cantidades máximas admisibles sobre barco/avión.

A masa neta total de materia explosiva admisible sobre barco/avión cargado en peirao ou aeroporto, Q_b en quilogramos, será función da admisible no porto ou aeroporto, Q_p , afectada por un coeficiente multiplicador, K :

$$Q_b = K \cdot Q_p$$

Onde K , pola súa vez, é función dos coeficientes A e B :

$$K = A \cdot B$$

Dependendo A da posición do cargamento no barco ou avión:

$A = 1$, para cargamento na cuberta do barco.

$A = 2$, para cargamento na adega do barco, por riba da liña de flotación.

$A = 5$, para cargamento na adega do barco, por baixo da liña de flotación, así como para o cargamento en avións.

Dependendo B do método de embalaxe e manipulación:

$B = 1$, para caixas e vultos soltos.

$B = 2$, para cargamento en unidades de carga, tipo paletas.

$B = 4$, para cargamento en contedor.

4. *Requisitos en materia de seguridade cidadá*

En materia de seguridade cidadá será de aplicación o establecido ao respecto na ITC número 1 do Regulamento de explosivos.

5. *Excepcións*

O Ministerio de Fomento, a través do presidente da autoridade portuaria ou da Axencia Estatal de Seguridade Aérea correspondente ao porto ou aeroporto en que se realiza a operación de carga ou descarga de explosivo, poderá excepcionalmente eximir, de oficio ou por petición da parte interesada, do cumprimento dalgunhas condicións indicadas nos números anteriores, sempre que se establezan medidas adicionais de forma que a seguridade no transporte e na manipulación non se vexa comprometida. Con carácter previo á excepción que eventualmente se dite, será preceptivo o informe da Comisión para a Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas. Así mesmo, será preceptivo e vinculante o informe da Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 21**Notificación dos organismos de avaliación da conformidade****1. Obxecto**

O obxecto esta ITC é o establecemento dos requisitos relativos á autoridade notificante e aos organismos notificados responsables da avaliación da conformidade dos explosivos.

2. Autoridade notificante

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas establecerá e aplicará os procedementos necesarios para a avaliación e notificación dos organismos de avaliación da conformidade e do seguimento dos organismos notificados, incluído o cumprimento do disposto no número 5. Así mesmo, será a encargada de notificarlles á Comisión Europea e aos demais Estados membros os organismos autorizados para levar a cabo as tarefas de avaliación da conformidade por terceiros, conforme a Directiva 2014/28/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014.

A citada entidade notificante cumprirá os seguintes requisitos:

- a) Non terá ningún conflito de interese cos organismos de avaliación da conformidade.
- b) Preservará a obxectividade e imparcialidade das súas actividades.
- c) Toda decisión relativa á notificación do organismo de avaliación da conformidade será adoptada por persoas competentes distintas das que levaron a cabo a avaliación.
- d) Non ofrecerá nin exercerá ningunha actividade que efectúen os organismos de avaliación da conformidade nin servizos de consultoría de carácter comercial ou competitivo.
- e) Preservará a confidencialidade da información obtida.
- f) Disporá do persoal competente suficiente para efectuar adecuadamente as súas tarefas.
- g) Informará a Comisión Europea dos procedementos de avaliación e notificación dos organismos de avaliación da conformidade e de seguimento dos organismos notificados, así como de calquera cambio neles, de conformidade co establecido no anexo I.

3. Requisitos relativos aos organismos notificados

1. Para os efectos da notificación, un organismo de avaliación da conformidade deberá cumprir os requisitos establecidos nos puntos 2 ao 11 deste número.

2. O organismo de avaliación da conformidade establecerase de conformidade co dereito interno do Estado español e terá personalidade xurídica.

3. O organismo de avaliación da conformidade será un organismo con carácter de terceiro independente da organización ou do explosivo que avalía.

4. O organismo de avaliación da conformidade, os seus máximos directivos e o persoal responsable da realización das tarefas de avaliación da conformidade non será o deseñador, o fabricante, o provedor, o instalador, o comprador, o dono, o usuario ou o encargado do mantemento dos explosivos nin o representante de calquera das ditas partes. Iso non será óbice para o uso de explosivos que sexan necesarios para as actividades do organismo de avaliación da conformidade ou para o uso de explosivos con fins persoais.

Os organismos de avaliación da conformidade, os seus máximos directivos e o persoal responsable de desempeñar as tarefas de avaliación da conformidade non intervirán directamente no deseño, na fabricación ou construción, na comercialización, na instalación, no uso ou mantemento dos explosivos, nin representarán as partes que participan nestas actividades. Non efectuarán ningunha actividade que poida entrar en conflito coa súa independencia de criterio e coa súa integridade en relación coas actividades de avaliación

da conformidade para as cales están notificados. Iso aplicarase, en particular, aos servizos de consultoría.

Os organismos de avaliación da conformidade aseguraranse de que as actividades das súas filiais ou subcontratistas non afecten a confidencialidade, obxectividade e imparcialidade das súas actividades de avaliación da conformidade.

5. Os organismos de avaliación da conformidade e o seu persoal exercerán as actividades de avaliación da conformidade co máximo nivel de integridade profesional e coa competencia técnica exixida para o campo específico, e estarán libres de calquera presión ou incentivo, especialmente de índole financeira, que poida influír na súa apreciación ou no resultado das súas actividades de avaliación da conformidade, en particular a que poidan exercer persoas ou grupos de persoas que teñan algún interese nos resultados destas actividades.

6. O organismo de avaliación da conformidade será capaz de realizar todas as tarefas de avaliación da conformidade que lle sexan asignadas de conformidade co disposto na ITC número 3 e para as cales foi notificado, independentemente de que realice as tarefas o propio organismo ou se realicen no seu nome e baixo a súa responsabilidade.

En todo momento, para cada procedemento de avaliación da conformidade e para cada tipo ou categoría de explosivos para os cales foi notificado, o organismo de avaliación da conformidade disporá:

- a) Do persoal necesario con coñecementos técnicos e experiencia suficiente e adecuada para realizar as tarefas de avaliación da conformidade.
- b) Das descrições de procedementos conforme os cales se efectúa a avaliación da conformidade, garantindo a transparencia e a posibilidade de reprodución destes procedementos, e de estratexias e procedementos adecuados que permitan distinguir entre as tarefas desempeñadas como organismo notificado e calquera outra actividade.
- c) De procedementos para desempeñar as súas actividades, tendo debidamente en conta o tamaño das empresas, o sector en que operan, a súa estrutura, o grao de complexidade da tecnoloxía do produto de que se trate e se o proceso de produción é en serie.

O organismo de avaliación da conformidade disporá dos medios necesarios para realizar adecuadamente as tarefas técnicas e administrativas relacionadas coas actividades de avaliación da conformidade e terá acceso a todo o equipamento ou instalacións que necesite.

7. O persoal que efectúe as actividades de avaliación da conformidade terá:

- a) Unha boa formación técnica e profesional para realizar todas as actividades de avaliación da conformidade para as cales o organismo de avaliación da conformidade foi notificado.
- b) Un coñecemento satisfactorio dos requisitos das avaliacións que efectúa e a autoridade necesaria para efectualas.
- c) Un coñecemento e unha comprensión adecuados dos requisitos esenciais de seguridade que se establecen na ITC número 2, das normas harmonizadas aplicables e das disposicións pertinentes da lexislación de harmonización da Unión Europea e da lexislación nacional.
- d) A capacidade necesaria para elaborar os certificados, os documentos e os informes que demostren que se efectuaron as avaliacións.

8. Garantirase a imparcialidade do organismo de avaliación da conformidade, dos seus máximos directivos e do persoal responsable da realización das tarefas de avaliación da conformidade.

A remuneración dos máximos directivos e do persoal responsable da realización das tarefas de avaliación da conformidade dun organismo de avaliación da conformidade non dependerá do número de avaliacións realizadas nin dos resultados das ditas avaliacións.

9. O organismo deberá subscribir un seguro ou outra garantía financeira que cubra a súa responsabilidade civil, de acordo co establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de

decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial.

10. O persoal do organismo de avaliación da conformidade deberá observar o segredo profesional acerca de toda a información solicitada no marco das súas tarefas, conforme a ITC número 3 ou calquera disposición pola cal se aplique, salvo respecto das autoridades administrativas competentes do Estado en que exerza as súas actividades. Protexeranse os dereitos de propiedade.

11. O organismo de avaliación da conformidade participará nas actividades pertinentes de normalización e nas actividades do grupo de coordinación do organismo notificado establecido conforme a lexislación de harmonización da Unión Europea aplicable, ou asegurarse de que o seu persoal responsable da realización das tarefas de avaliación da conformidade estea informado respecto diso, e aplicará a modo de directrices xerais as decisións e os documentos administrativos que resulten dos labores do grupo.

4. *Presunción de conformidade dos organismos notificados*

Se un organismo de avaliación da conformidade demostra que cumpre os criterios establecidos nas normas harmonizadas pertinentes ou partes destas, cuxas referencias se publicasen no Diario Oficial de la Unión Europea, presumirase que cumpre os requisitos establecidos no número anterior na medida en que as normas harmonizadas aplicables cubran eses requisitos.

5. *Filiais e subcontratación de organismos notificados*

1. Cando o organismo notificado subcontrate tarefas específicas relacionadas coa avaliación da conformidade ou recorra a unha filial, asegurarse de que o subcontratista ou a filial cumpren os requisitos establecidos no número 3 e informará a autoridade notificante en consecuencia.

2. O organismo notificado asumirá a plena responsabilidade das tarefas realizadas polos subcontratistas ou as filiais, con independencia de onde teñan a súa sede.

3. As actividades só se poderán subcontratar ou delegar nunha filial, logo do consentimento do cliente.

4. O organismo notificado manterá á disposición da autoridade notificante os documentos pertinentes sobre a avaliación das cualificacións do subcontratista ou da filial, así como o traballo que estes realicen conforme a ITC número 3.

6. *Solicitud de notificación*

1. Os organismos de avaliación da conformidade presentaranlle unha solicitud de notificación á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

2. Á solicitud de notificación xuntarse unha descrición das actividades de avaliación da conformidade, do módulo ou módulos de avaliación da conformidade e do explosivo ou explosivos para os cales o organismo se considere competente, así como a acreditación correspondente emitida pola ENAC, e todas as probas documentais necesarias para a verificación, o recoñecemento e o seguimento periódico do cumprimento dos requisitos establecidos no número 3.

3. Cando o organismo de avaliación da conformidade en cuestión non poida facilitar un certificado de acreditación, entregaralle á autoridade notificante todas as probas documentais necesarias para a verificación, o recoñecemento e o seguimento periódico do cumprimento dos requisitos establecidos no número 3.

7. *Procedemento de notificación*

1. A autoridade notificante só poderá notificar a organismos de avaliación da conformidade que satisfagan os requisitos establecidos no número 3.

2. Notificaránelles á Comisión Europea e aos demais Estados membros mediante o sistema de notificación electrónica desenvolvido e xestionado pola Comisión Europea.

3. A notificación incluíra información pormenorizada das actividades de avaliación da conformidade, do módulo ou módulos de avaliación da conformidade, do explosivo ou explosivos afectados e da correspondente certificación de competencia.

4. Cando unha notificación non estea baseada na acreditación mencionada no número 6.2, a autoridade notificante transmitíralles á Comisión Europea e aos demais Estados membros as probas documentais que demostren a competencia do organismo de avaliación da conformidade e as disposicións existentes destinadas a garantir que se fará un seguimento periódico do organismo, e que este seguirá cumprindo os requisitos establecidos no número 3.

5. O organismo en cuestión só poderá realizar as actividades dun organismo notificado se a Comisión Europea e os demais Estados membros non formularon ningunha obxección no prazo de dúas semanas a partir dunha notificación, no caso de que se utilice un certificado de acreditación, e de dous meses a partir dunha notificación, no caso de que non se utilice acreditación.

Só ese organismo será considerado un organismo notificado para os efectos da Directiva 2014/28/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014.

6. A autoridade notificante informará a Comisión Europea e os demais Estados membros de todo cambio pertinente posterior á notificación.

7. Os procedementos de avaliación e notificación de organismos de avaliación da conformidade para a Directiva 2014/28/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, desenvólvense no anexo I.

8. *Números de identificación e listas de organismos notificados*

1. A Comisión Europea asignará un número de identificación a cada organismo notificado. Asignará un só número mesmo cando o organismo sexa notificado conforme varios actos da Unión Europea.

2. A Comisión Europea fará pública a lista de organismos notificados conforme a Directiva 2014/28/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, xunto cos números de identificación que lles foron asignados e as actividades para as cales foron notificados. A Comisión Europea asegurárase de que a lista se mantén actualizada.

9. *Cambios na notificación*

1. Cando a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas comprobe ou sexa informada de que un organismo notificado xa non cumpre os requisitos establecidos no número 3 ou non está a cumprir as súas obrigas, restrinxirá, suspenderá ou retirará a notificación, segundo o caso, dependendo da gravidade do incumprimento dos requisitos ou obrigas. Informará inmediatamente a Comisión Europea e os demais Estados membros respecto diso.

2. En caso de retirada, restrición ou suspensión da notificación, ou de que o organismo notificado cesase a súa actividade, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas adoptará as medidas oportunas para que os expedientes do dito organismo sexan tratados por outro organismo notificado.

10. *Cuestionamento da competencia de organismos notificados*

1. A Comisión Europea investigará todos os casos en que dubide ou lle expoñan dúbidas de que un organismo notificado sexa competente ou siga cumprindo os requisitos e as responsabilidades que se lle atribuíron.

2. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas facilitáralle á Comisión Europea, por petición desta, toda a información en que se fundamenta a notificación ou o mantemento da competencia do organismo notificado de que se trate.

3. A Comisión Europea garantirá o trato confidencial de toda a información sensible solicitada no transcurso das súas investigacións.

4. Cando a Comisión Europea comprobe que un organismo notificado non cumpre ou deixou de cumprir os requisitos da súa notificación, adoptará un acto de execución polo cal solicite ao Estado membro notificante que adopte as medidas correctoras necesarias, que poden consistir, cando sexa necesario, na retirada da notificación.

11. *Obrigas operativas dos organismos notificados*

1. Os organismos notificados realizarán avaliacións da conformidade seguindo os procedementos de avaliación da conformidade establecidos na ITC número 3.

2. As avaliacións da conformidade realizaranse de maneira proporcionada, evitando impor cargas innecesarias aos axentes económicos. Os órganos de avaliación da conformidade exercerán as súas actividades tendo debidamente en conta o tamaño das empresas, o sector en que operan, a súa estrutura, o grao de complexidade da tecnoloxía do produto e se o proceso de produción é en serie.

Con todo, ao facelo respectarán o grao de rigor e o nivel de protección requiridos para que o explosivo cumpra os requisitos deste regulamento.

3. Se un organismo notificado comproba que o fabricante non cumpre os requisitos esenciais de seguridade establecidos na ITC número 2 ou nas normas harmonizadas correspondentes ou noutras especificacións técnicas, instará o fabricante a adoptar medidas correctoras adecuadas e non expedirá o certificado de conformidade.

4. Se, no transcurso do seguimento da conformidade consecutivo á expedición do certificado, un organismo notificado constata que o explosivo xa non é conforme, instará o fabricante para adoptar as medidas correctoras adecuadas e, se é necesario, suspenderá ou retirará o seu certificado.

5. Se non se adoptan medidas correctoras ou se estas non proporcionan o efecto exixido, o organismo notificado restrinxirá, suspenderá ou retirará calquera certificado, segundo o caso.

12. *Recurso fronte ás decisións dos organismos notificados*

Ante as decisións realizadas por parte dos organismos notificados, os usuarios poderán interpor recursos, que poderán presentar de forma motivada ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

13. *Obriga de información dos organismos notificados*

1. Os organismos notificados informarán a autoridade notificante:

a) De calquera denegación, restrición, suspensión ou retirada de certificados.
b) De calquera circunstancia que afecte o ámbito e as condicións de notificación.
c) De calquera solicitude de información sobre as actividades de avaliación da conformidade no marco da vixilancia do mercado.

d) Logo de solicitude, das actividades de avaliación da conformidade realizadas dentro do ámbito da súa notificación e de calquera outra actividade realizada, incluídas as actividades e a subcontratación transfronteirizas.

2. Os organismos notificados proporcionaranlles aos demais organismos notificados conforme a Directiva 2014/28/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, que realicen actividades de avaliación da conformidade similares e que inclúan os mesmos explosivos, información pertinente sobre cuestións relacionadas con resultados negativos e, logo de solicitude, con resultados positivos da avaliación da conformidade.

14. *Intercambios de experiencias*

A Comisión Europea disporá que se organice o intercambio de experiencias entre as autoridades nacionais dos Estados membros responsables da política de notificación.

15. *Coordinación dos organismos notificados*

A Comisión Europea asegurarse de que se instaure e se xestione convenientemente unha adecuada coordinación e cooperación entre os organismos notificados conforme a Directiva 2014/28/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, en forma de foro de organismos notificados.

Os Estados membros asegurarse de que os organismos que notifican participan no traballo deste foro directamente ou por medio de representantes designados.

ANEXO I

Procedemento de avaliación e notificación de organismos de avaliación da conformidade (1)

1. *Obxectivo*

Este anexo ten por obxecto establecer os procedementos de avaliación e notificación de organismos de avaliación da conformidade para a Directiva 2014/28/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, relativa á harmonización das lexislacións dos Estados membros en materia de comercialización e control de explosivos con fins civís, en cumprimento do establecido no seu artigo 27 (1).

(1) En cumprimento de:

Artigo 27. *Obriga de información das autoridades notificantes.*

Os Estados membros informarán a Comisión dos seus procedementos de avaliación e notificación de organismos de avaliación da conformidade e de seguimento dos organismos notificados, así como de calquera cambio neles.

A Comisión fará pública esa información.

2. *Competencias*

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas é a autoridade notificante no marco da lexislación española que traspón a Directiva 2014/28/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014 (3).

(3) En cumprimento de:

Artigo 25. *Autoridades notificantes.*

1. Os Estados membros designarán unha autoridade notificante, que será responsable de establecer e aplicar os procedementos necesarios para a avaliación e notificación dos organismos de avaliación da conformidade e do seguimento dos organismos notificados, incluído o cumprimento do disposto no artigo 30.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas encoméndalle á Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) a acreditación da avaliación dos requisitos para ser organismo notificado (4).

(4) En cumprimento de:

Artigo 25. *Autoridades notificantes:*

2. Os Estados membros poderán encomendar a avaliación e o seguimento recollidos no número 1 a un organismo nacional de acreditación, no sentido do Regulamento (CE) n.º 765/2008 e de conformidade con este.

3. Procedemento de avaliación dos organismos aspirantes

3.1 Solicitude de notificación.

Para levar a cabo o procedemento de avaliación dos organismos que aspiren a ser organismos de avaliación da conformidade, deberán presentar unha solicitude ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, coa cal se xuntarán os seguintes documentos:

- Datos identificativos da empresa, incluíndo a súa personalidade xurídica.
- Descrición das actividades de avaliación da conformidade, do módulo ou módulos de avaliación da conformidade e dos produtos para os cales o organismo solicita ser notificado.
- Datos relativos aos recursos financeiros que garantan a adecuada realización das operacións como organismo de avaliación da conformidade, así como da súa estabilidade financeira.
- Localización da sede central, así como do resto de sedes que teña o organismo, e dos seus laboratorios.
- Seguro ou outra garantía financeira que cubra a súa responsabilidade civil en vigor, de acordo co establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial.
- Documentos que acrediten a competencia técnica:
 - Acreditación conforme a Norma UNE-ISO/IEC 17025 do laboratorio de ensaios.
 - Acreditación conforme a Norma UNE-EN 45011 (UNE-ISO/IEC 17065) dos procedementos de certificación.

– As acreditacións expedidas pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) deberán estar en vigor e co alcance adecuado no marco da notificación solicitada.

– Excepcionalmente, se a entidade que pretende a notificación non dispón da acreditación da ENAC, e sempre que a súa non aceptación poida supor un prexuízo para os axentes económicos, a avaliación dos requisitos poderá ser efectuada pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. A entidade que pretende a notificación deberá demostrar a competencia técnica, así como a confidencialidade, integridade, independencia e imparcialidade dun modo equivalente, e presentará para o efecto todas as probas documentais necesarias para a verificación e o recoñecemento do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 28 da Directiva 2014/28/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014.

Declaración das filiais e das empresas subcontratadas polo organismo notificado, incluíndo a documentación que acredite que con estas actividades se mantén o cumprimento dos requisitos do artigo 28 da Directiva 2014/28/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014.

Esta solicitude e a documentación asociada exixida neste número presentarase por vía electrónica, con certificado electrónico, na sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

3.2 Avaliación da documentación presentada.

– No caso de que a competencia técnica do organismo aspirante sexa demostrada con base nas acreditacións do Organismo Nacional de Acreditación, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas avaliará a veracidade e idoneidade da documentación presentada.

Se a documentación presentada non é conforme, solicitarase a emenda dos defectos atopados ou, no caso de non ser emendable, rexeitarase a solicitude.

Se a documentación presentada é conforme, definirase o prazo de validez da avaliación realizada e informarase o organismo aspirante da necesidade de comunicación

á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas de calquera cambio nas condicións que motivaron a notificación.

– No caso excepcional de que a competencia técnica sexa demostrada dun modo equivalente, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas realizará un estudo exhaustivo dos argumentos que xustifiquen a competencia técnica do organismo aspirante. O dito estudo incluírá unha análise dos procedementos de avaliación da conformidade do organismo, así como as necesarias auditorías do procedemento de certificación e do laboratorio de ensaio.

– A acreditación por si mesma non constitúe unha garantía de notificación por parte da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

4. *Procedemento de notificación de organismos de avaliación da conformidade (5)*

(5) En cumprimento de:

Artigo 24. *Notificación.*

Os Estados membros notificarán á Comisión Europea e aos demais Estados membros os organismos autorizados para levar a cabo as tarefas de avaliación da conformidade por terceiros conforme esta directiva.

Unha vez superado con éxito o procedemento de avaliación establecido no número anterior, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas notificarállelo á Comisión Europea e aos demais Estados Membros mediante o sistema de notificación electrónica desenvolvido e xestionado pola Comisión Europea.

Esta notificación incluírá información pormenorizada das actividades de avaliación da conformidade, do módulo ou módulos de avaliación da conformidade, do produto ou obxecto explosivo afectado e da correspondente certificación de competencia. Así mesmo, a notificación especificará o prazo de validez.

No caso excepcional de que a notificación non estea baseada en certificados de acreditación, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas transmitiralles á Comisión Europea e aos demais Estados Membros as probas documentais que demostren a competencia do organismo de avaliación da conformidade e as disposicións existentes destinadas a garantir que se fará un seguimento periódico do organismo e que este seguirá cumprindo os requisitos establecidos no artigo 28 da Directiva.

No caso de modificacións ou cambios posteriores á notificación, incluíndo restricións, suspensións ou retiradas, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas informara a Comisión e os demais Estados membros.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 22**Sinal de perigosidade de presenza de explosivos en fábricas e depósitos****INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 23****Normas básicas para os plans de peche das fábricas de explosivos**

En desenvolvemento do artigo 42, que establece a obrigatoriedade de incluír, na notificación ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital da paralización total das operacións dunha fábrica de explosivos, un plan de peche desta, e considerando o artigo 45 da Constitución española, que establece como un dos principios reitores da política social e económica o dereito de todos a gozar dun ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo, esta ITC establece as consideracións mínimas que se deben ter en conta na redacción do dito plan de peche:

1. Previamente ao abandono da fábrica, e antes da desmontaxe e desmantelamento das instalacións, retiraranse todas as materias primas, produtos terminados e intermedios e residuos regulamentados, e deberase proceder á súa destrución ou desactivación ou ao seu envío a centro autorizado.

2. Con anterioridade ao peche da fábrica débense retirar do seu sitio, ou ser anulada ou inutilizados, a maquinaria e os equipamentos que se empregaban na fabricación de explosivos.

3. Así mesmo, antes do dito peche, desconectaranse as subministracións de enerxía eléctrica, auga e demais servizos auxiliares, de forma tal que non poidan ser reiniciados os labores de produción, salvo permiso expreso para o efecto do delegado do Goberno correspondente.

4. Con respecto aos materiais residuais non explosivos que poidan existir nas instalacións que cómpre clausurar, tanto os asimilables a residuos sólidos urbanos (RSU) como os residuos industriais, o responsable da clausura do centro de traballo deberá aterse ao disposto no Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, básica de residuos tóxicos e perigosos, e

demais disposicións concordantes. Os residuos de carácter tóxico ou perigoso deberán ser entregados a un xestor autorizado de residuos.

5. Todos os materiais residuais que poidan dar lugar a emisións atmosféricas de vapores ou gases serán retirados con anterioridade ao peche da fábrica e xestionados conforme a lexislación vixente sobre protección do ambiente.

6. Os depósitos, balsas, tubaxes e calquera outro recipiente que conteña verteduras líquidas, acumulados durante o período de actividade da fábrica, deberán ser adecuadamente depurados previamente á vertedura do seu contido a canles públicas. Esta vertedura deberase realizar mantendo os límites de substancias contaminantes establecidos na autorización de verteduras da fábrica que se vaia clausurar establecidos no seu día pola autoridade competente.

7. De acordo co prescrito no artigo 328 da Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, prohíbese moi especialmente o peche dunha fábrica na cal existan depósitos ou vertedoiros non autorizados de residuos tóxicos ou perigosos.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 24

Modelos de acta de inspección e de rexistros

1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta ITC ten por obxecto definir o formato das actas das inspeccións realizadas polas áreas funcionais de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno, en virtude do establecido nos artigos 34 e 83, así como o dos rexistros de movementos de explosivos, de conformidade co establecido nos artigos 40, 70 e 122.

2. *Acta de inspección*

As actas das inspeccións ás fábricas e depósitos de explosivos, realizadas polas áreas funcionais de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno, axustaranse ao modelo establecido no anexo I desta ITC.

As fábricas e depósitos terán a obriga de conservar por un período de dez anos as copias das actas das inspeccións no centro de traballo, á disposición das áreas funcionais de Industria e Enerxía correspondentes. Estas actas conformarán o rexistro a que se refiren os artigos 34 e 83.

Adicionalmente, as áreas funcionais de Industria e Enerxía levarán un rexistro xeral de inspeccións no cal se transcribirán as anotacións que se efectúen nas actas de inspección das fábricas e depósitos a que se refire esta ITC.

3. *Rexistros de movementos en fábricas e depósitos*

Os libros de rexistro de movementos de explosivos que deberán levar nas fábricas e depósitos de explosivos de conformidade co establecido nos artigos 40 e 70 axustaranse aos modelos establecidos no anexo II desta ITC.

Os libros de rexistro regulados neste número levaranse e formalizaranse mediante procedementos electrónicos, informáticos ou telemáticos, e poñeranse en coñecemento da Intervención de Armas e Explosivos da localidade onde estea adscrita a instalación.

Mensualmente, dentro dos cinco primeiros días hábiles, os responsables dos libros de rexistro nas fábricas e depósitos de explosivos terán a obriga de presentar electronicamente estes libros de rexistro, para a súa supervisión na Intervención de Armas e Explosivos da localidade onde estea adscrita a instalación. Con todo, os asentos nos libros de rexistro correspondentes a cada xornada laboral deberán quedar anotados ao finalizar a dita xornada.

4. *Rexistro de consumo de explosivo en explotacións e obras*

En todas as explotacións e obras en que se consuman explosivos deberase levar un libro de rexistro de consumo no cal se consignarán diariamente as entradas, saídas e existencias, así como os datos de identificación do material, do efectivamente consumido e do sobrante, e de todo o persoal que interveu no proceso.

O modelo do libro de rexistro, que se poderá descargar da sede electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, así como o seu contido, axustaranse ás especificacións recollidas no anexo III e, en todo caso, poderase por medios electrónicos.

Cada día que se consuman explosivos, os responsables de cada equipo de traballo ou voadura que se designen especificamente para o efecto deberán completar e asinar unha acta de uso de explosivo cos datos contidos no modelo do anexo IV. A acta poderá xerarse por medios electrónicos.

As persoas encargadas do mantemento do libro de rexistro de consumo, así como das actas de uso de explosivo, serán as indicadas no artigo 124.

As designacións deberánselles comunicar á Intervención de Armas e Explosivos da localidade a que estea adscrita a instalación ou explotación, así como á Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente.

Mensualmente, dentro dos primeiros cinco días hábiles do mes, a explotación ou obra remitiralles por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos á Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil da localidade a que estea adscrita a instalación ou explotación, así como á Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente, os libros de rexistro de consumo de explosivos e as actas de uso. Esta documentación estará en calquera momento na explotación ou obra, ou nas oficinas asociadas a ela, á disposición das forzas e corpos de seguridade do Estado.

A remisión á Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente realizarase por vía electrónica a través da sede electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

ANEXO I

Acta de inspeccións de fábricas e depósitos de explosivos

Fábrica fixa <input type="checkbox"/> Fábrica móbil <input type="checkbox"/> Depósito produtos terminados <input type="checkbox"/> Depósito auxiliar <input type="checkbox"/> Depósito de consumo <input type="checkbox"/>	Establecemento: Enderezo: Persoa responsable: Teléfono: Telefax: Correo electrónico:
Áreas/Instalacións visitadas	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Locais de fabricación..... <input type="checkbox"/> ▪ Depósito auxiliar..... <input type="checkbox"/> ▪ MEMU..... <input type="checkbox"/> ▪ Equipo de bombeo de emulsión..... <input type="checkbox"/> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Depósito de produtos terminados..... <input type="checkbox"/> ▪ Depósito de consumo..... <input type="checkbox"/> ▪ Eliminación, inertización, reutilización ou reciclaxe..... <input type="checkbox"/>
Outras dependencias:	
Aspectos/Elementos avaliados	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Distancias..... <input type="checkbox"/> ▪ Defensas..... <input type="checkbox"/> ▪ Seguridade contra incendios..... <input type="checkbox"/> ▪ Pararraios..... <input type="checkbox"/> ▪ Instalacións e equipamentos eléctricos.. <input type="checkbox"/> ▪ Sinalización..... <input type="checkbox"/> ▪ Máquinas e equipamentos de traballo.... <input type="checkbox"/> ▪ Inertización ou eliminación, reutilización ou reciclaxe de residuos (envasamento, etiquetaxe, almacenamento, transporte, eliminación)..... <input type="checkbox"/> ▪ Capacidades de almacenamento. <input type="checkbox"/> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Compatibilidade de substancias..... <input type="checkbox"/> ▪ Embalaxes e envases..... <input type="checkbox"/> ▪ Produtos explosivos..... <input type="checkbox"/> ▪ Procesos de fabricación..... <input type="checkbox"/> ▪ Almacenamento..... <input type="checkbox"/> ▪ Documentación de prevención de riscos laborais <input type="checkbox"/> ▪ Prevención de accidentes graves (implantación da política de prevención de accidentes graves, sistema de xestión da seguridade e informe de seguridade)..... <input type="checkbox"/> ▪ Prescricións impostas con anterioridade..... <input type="checkbox"/> ▪ Transporte..... <input type="checkbox"/>
Outros:	
Desviacións/Observacións/Prescricións:	
Prazo de emenda:	
Data: Folla: /	Nome e sinatura do inspector

ANEXO II

Modelo número 1

(Rótulo da primeira páxina)

LIBRO DE REGISTRO DE MOVEMENTOS DE EXPLOSIVOS

Data	Clase de produto	Nº de catalogación (*)	Nº de guía de circulación	Procedencia ou destino	Folio do libro auxiliar	Entradas — Cantidad	Saídas — Cantidad

* Para aqueles explosivos non catalogados, de conformidade co artigo 21, indícase o número de lote ou serie.

NOTA. Os asentos de todas as operacións irán numerados e formaranse sucesivamente por orde de datas, sen emendas nin riscaduras. Todo erro involuntario se salvará coa oportuna contrapartida, se procede, ou cunha advertencia no texto se o erro non afecta as cifras. O resumo dos asentos do día para cada produto pasará á folia especial que para el se levará no libro de rexistro auxiliar.

Modelo número 2

(Rótulo da primeira páxina)

LIBRO AUXILIAR PARA CADA CLASE DE PRODUCTO

Folio núm.

FOLLA DO PRODUCTO DENOMINADONº DE CATALOGACIÓN.....

MES DEDE 20....				Entradas	Saídas	Existencias
Existencia no día 1º do ano.....						
Total de entradas e total de saídas				Cantidade	Cantidade	Cantidade
Nos meses anteriores ao actual.....						
.....				Cantidade	Cantidade	Cantidade
Día	Procedencia ou destino	Número/s do/s lote/s (*)	Número da guía de circulación			
				Cantidade	Cantidade	Cantidade
Suma de entradas e saídas no mes da data						
Total existencias no mes da data.....				Cantidade	Cantidade	Cantidade

* Para aqueles explosivos non catalogados, de conformidade co artigo 21, indicárase o número de lote ou serie.

NOTA. En cada folla formularanse os asentos do diario correspondente ao movemento de materias indicado no rótulo destas. Estes asentos, sen emendas nin riscaduras, expresarán simplemente un resumo sucinto dos detallados no diario. Todo erro involuntario se salvará coa oportuna contrapartida, se afecta as cifras, ou cunha advertencia.

ANEXO III

LIBRO DE REXISTRO DE CONSUMO DE EXPLOSIVOS

NOME DA EXPLOTACIÓN

DATA DE RECEPCIÓN	Nº DE PEDIDO DE SUBMINISTRACIÓN	Nº DE GUÍA DE CIRCULACIÓN	CLASIFICACIÓN (ART. 9**) E CANTIDADE (RECIBIDA/ENTREGADA)	Nº DE CATALOGACIÓN(*)	RESPONSABLE DA EXPLOTACIÓN (DNI ou NIE)	RESPONSABLE DE UTILIZACIÓN (Nº de carné de artilleiro)	CANTIDADE EXACTA CONSUMIDA	DESTINO DO EXPLOSIVO SOBRENTE (cantidade e identificación do explosivo)	QUEDA EN DEPÓSITO

(*) Para aqueles explosivos non catalogados, de conformidade co artigo 21, indicarse o número de lote ou serie.

(**) No caso das dinamitas, especificarse ademais se son pulverulentas, xelatinosas ou de seguridade.

ANEXO IV

ACTA DE USO DE EXPLOSIVO

No día da data D./D^a _____, con _____ (DNI ou NIE), como responsable do equipo de traballo ou da voadura, para a explotación/obra denominada _____, sita en _____, e

D./D^a _____, con _____ (DNI ou NIE), como responsable do mantemento do libro de rexistro de consumo, certifican o seguinte:

- O/Os artilleiro/s que participaron na voadura son: D./D^a _____ (DNI ou NIE), D./D^a _____ (DNI ou NIE), (etc.)
- A clasificación do explosivo utilizado ou fabricado *in situ* é * _____.
- A cantidade de explosivo fabricado *in situ* ou entregado ao artilleiro para a súa utilización na explotación/obra foi de _____ kg e _____ detonadores correspondentes ao/aos lote/s (**) número _____.
- Da cantidade de explosivo entregado consumíronse _____ kg e _____ detonadores.
- A cantidade de explosivo sobrante foi de _____ kg e _____ detonadores, correspondente ao/aos lote/s número/s _____.
- O explosivo sobrante foi devolto ao depósito (de produtos terminados, de consumo ou fábrica de) _____ denominado/a _____, sito en _____.
- O explosivo sobrante foi eliminado segundo o establecido nas ITC número 11 e número 12 e en condicións de seguridade, en consonancia coas disposicións internas de seguridade da empresa, en _____.

Persoal de seguridade privada que presta servizo no consumo de explosivo:

D./D^a _____ TIP _____

_____ de _____ de 20__.

O responsable do mantemento do libro de rexistro de consumo	O responsable do equipo de traballo ou voadura	O vixilante de explosivos (***)

NOTA: Esta acta será remitida mensualmente á Intervención de Armas e Explosivos da localidade a que estea adscrita a explotación e á Área Funcional de Industria e Enerxía, por vía electrónica na sede electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, de conformidade co artigo 122.2.

(*) De acordo co artigo 9, no caso das dinamitas especificárase ademais se son pulverulentas, xelatinosas ou de seguridade.

(**) Para aqueles explosivos non catalogados, de conformidade co artigo 21, indícarase o número de lote ou serie.

(***) Coa excepción de minaría de interior ou obra subterránea.

ANEXO V

LIBRO DE REXISTRO DE FABRICACIÓN EN MEMU E EN EQUIPAMENTOS DE BOMBEO DE EMULSIÓNS, SUSPENSÍONS OU XELES, A GRANEL E QUE SENSIBILICEN *IN SITU*

NOME DA EXPLOTACIÓN _____

LECTURA CONTADOR (ACUMULADA) DA CANTIDADE FABRICADA	
CANTIDADE FABRICADA	
RESPONSABLE DE FABRICACIÓN E USO (Nº de carné de artilleiro)	
LUGAR DE FABRICACIÓN	
Nº DE CATALOGACIÓN	
TIPO DE EXPLOSIVO	
Nº DE GUÍA DE CIRCULACIÓN MEMU	
DATA DE FABRICACIÓN	

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 25**Datos obrigatorios da autorización do pedido de subministración para a utilización de explosivos**

Autorización de subministración de explosivos desde (1)

A favor de (2) para o seu consumo ou almacenamento (3): explosivos para canteiras, mina, obra civil, depósito, etc. (3), con director facultativo (4), situados en (endereço completo) do termo municipal de, Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil de

O solicitante declara coñecer, para o seu cumprimento, as prescricións do vixente Regulamento de explosivos.

Relación detallada do pedido solicitado

Clasificación dos explosivos (segundo art. 9*)	Peso/Cantidade (quilogramos/unidades/metros)

*No caso das dinamitas especificarase ademais se son pulverulentas, xelatinosas ou de seguridade.

O transporte realizarase mediante (5), de acordo coa lexislación vixente, e entregarse a mercadoría indicada a (6)

Período de consumo do explosivo (máximo un mes):

Queda autorizada a subministración a que se refire este pedido.

O director/xefe da Dependencia da Área Funcional de Industria e Enerxía.

Data:

(1) Indíquese o depósito abastecedor.

(2) Consumidor habitual ou eventual que solicitou o pedido de subministración.

(3) Indíquese o que proceda entre as opcións mostradas.

(4) Identificación do director facultativo da explotación ou obra.

(5) Medio de transporte e matrícula ou número de bastidor.

(6) Identificación do responsable do mantemento do libro de rexistro de consumo.

GUIA CORRECCION

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 26

Manifestacións festivas con uso de armas de avancarga

1. *Obxecto*

O obxecto desta ITC é regular a celebración de manifestacións festivas con uso de armas de avancarga e pólvora negra. Exclúense do ámbito de aplicación desta ITC as recreacións históricas.

2. *Definicións*

Para os efectos desta ITC, entenderase por:

2.1 Actos de arcabuzaría: eventos celebrados en lugares públicos ou privados, nos cales se empregan armas de avancarga facendo uso de pólvora negra para o seu disparo. Estes actos pódense desenvolver en número variable ao longo dun ou varios días.

2.2 Cantimplora: contedores/dosificadores de pólvora coñecidos habitualmente cos nomes de «moega cantimplora», «cantimplora», «polvoreira», etc., utilizados para a carga das armas de avancarga.

2.3 Entidade organizadora: persoa física ou xurídica que solicita autorización para o desenvolvemento dun ou varios actos de arcabuzaría, en solo público ou privado, e que se encarga de organizar a súa celebración.

2.4 Participante activo: persoa que tomará partido na celebración dos actos de arcabuzaría portando pólvora ou utilizando armas de avancarga autorizadas ou armas detonadoras.

2.5 Participantes pasivos: persoas que acompañan os participantes activos no lugar ou percorrido dos disparos durante a celebración dos actos de arcabuzaría sen portar pólvora ou sen utilizar armas de avancarga ou armas detonadoras.

2.6 Carrexador: participante activo, tamén denominado cargador, vinculado a un tirador ou disparador concreto, que toma parte na celebración dos actos de arcabuzaría e que está autorizado pola autoridade competente a adquirir a pólvora distribuída polo organizador, así como a portar e custodiar a pólvora coa única finalidade de subministrarlle ao tirador concreto a que está vinculado, e non estará autorizado a manipular nin usar a pólvora negra con ningunha outra finalidade.

2.7 Carrexador-tirador: tirador que toma parte na celebración dos actos de arcabuzaría e que está autorizado pola autoridade competente a adquirir a pólvora fornecida polo organizador, custodiar, portar e usar pólvora negra durante a realización dos actos de arcabuzaría mediante a súa carga e disparo en armas de avancarga.

2.8 Responsable dos actos de arcabuzaría: persoa ou persoas designadas pola entidade organizadora que actúan en nome desta durante a organización e desenvolvemento dos actos de arcabuzaría, e que exercen de interlocutoras coas autoridades competentes.

2.9 Tirador ou disparador: participante activo autorizado pola autoridade competente para usar pólvora negra durante a realización dos actos de arcabuzaría mediante o seu disparo en armas de avancarga.

3. *Autorización dos actos de arcabuzaría*

A entidade organizadora interesada en empregar pólvora negra para realizar un ou varios actos de arcabuzaría en que se empregarán armas de avancarga deberá presentar con polo menos 30 días de antelación, ante a delegación ou subdelegación do Goberno correspondente, unha solicitude de autorización de uso de pólvora nos actos de arcabuzaría que inclúa, polo menos, a seguinte documentación:

3.1 Autorización da celebración dos actos de arcabuzaría por parte do concello do municipio en que se preveza realizar, no caso en que este non sexa o propio organizador deles.

3.2 Documentación acreditativa da personalidade xurídica da entidade organizadora dos actos de arcabuzaría.

3.3 Datos do/s responsable/s dos actos de arcabuzaría.

3.4 Relación de participantes activos, indicando se son carrexadores, carrexadores-tiradores ou tiradores ou disparadores.

3.5 Xustificación documental de que todos os participantes activos recibiron a formación específica para a participación nos actos de arcabuzaría, reúnen as aptitudes necesarias e cumpren os requisitos establecidos no número 4.2 desta ITC.

3.6 Programa detallado de cada acto de arcabuzaría, con indicación do lugar e espazo de celebración e itinerario en que se vaia facer uso da pólvora e das armas de avancarga, así como a data e o horario de realización.

3.7 Consumo de pólvora de cada acto de arcabuzaría por participante e total, desagregado por cada data de repartición e data de consumo asociada ou datas de consumo asociadas. Para iso, cubrirase o anexo, na sede electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, coa relación completa e invariable de participantes, para cada data de repartición (con indicación das datas e dos actos de consumo asociados).

3.8 Xustificación das necesidades de consumo por tirador ou carrexador-tirador, en función da duración prevista de cada acto, segundo o establecido no número 6.1.

3.9 Indicación do proveedor e depósito autorizado de subministración.

3.10 Detalle do lugar, localización e datas de repartición e transvasamento de pólvora aos carrexadores e carrexadores-tiradores, indicando a persoa responsable da entidade organizadora encargada da repartición e transvasamento.

3.11 Medidas de prevención e protección para paliar os riscos asociados cos actos de arcabuzaría e, particularmente, coa manipulación e uso de pólvora negra e co uso de armas de avancarga.

3.12 Proposta das medidas de seguridade e emerxencia previstas, tanto para os participantes activos e pasivos como para os espectadores, así como, de ser o caso, a indumentaria e as medidas de protección recomendadas para os participantes.

3.13 Certificación da entidade organizadora ou entidade financeira da constitución dun seguro ou doutra garantía financeira que cubra os posibles danos a terceiros derivados do uso da pólvora e a realización dos actos de arcabuzaría desde a chegada da pólvora ata a finalización dos actos de arcabuzaría, e que deberá cubrir un mínimo de 363.016 €.

3.14 Medidas que se deben adoptar para xestionar o tratamento da pólvora sobrante dos actos de arcabuzaría. Detalle do lugar e localización para realizar a recollida da pólvora sobrante e persoa autorizada da entidade organizadora encargada do seu control.

3.15 Tratamento da pólvora sobrante (eliminación segundo ITC número 12 ou devolución a un depósito de explosivos autorizado).

3.16 De ser o caso, depósito de explosivos autorizado que almacenaría temporalmente a pólvora negra antes, durante ou despois da celebración dos actos ata a eliminación ou devolución do material sobrante, así como o procedemento que se debe seguir para a súa utilización.

3.17 De ser o caso, copia da autorización como consumidor habitual de pólvora negra, de conformidade co establecido neste regulamento.

A solicitude e a documentación asociada mencionada neste número presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas. O prazo de presentación destas solicitudes, fixado con carácter xeral con polo menos trinta días de antelación, poderá ser modificado logo de instrución da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente.

A delegación ou subdelegación do Goberno, logo de informe da Área Funcional de Industria e Enerxía e da Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que por

demarcación corresponda, sen prexuízo doutras autorizacións que procedan das comunidades autónomas ou corporacións locais, autorizará ou denegará os actos.

Na resolución de autorización incluírase, polo menos, a relación de persoas autorizadas para portar e disparar pólvora; a cantidade de pólvora que están autorizadas a consumir e adquirir nos actos de arcabuzaría; o lugar e espazo de celebración e itinerario en que se vaia facer uso da pólvora e das armas de avancarga, a data e o horario de realización de cada acto; o provedor e depósito autorizado de subministración; e o lugar, localización e datas de repartición de pólvora aos carrexadores e carrexadores-tiradores, con indicación da persoa responsable da entidade organizadora encargada da repartición e do transvasamento e, de ser o caso, medidas de seguridade ou outras condicións de distribución, almacenamento, tenza e uso.

No caso de se celebraren varios actos de arcabuzaría en número variable ao longo dun ou varios días no marco da mesma festividade, e organizados pola mesma entidade organizadora, poderase realizar unha solicitude conxunta de todos os actos.

Do mesmo xeito, no caso de actos que desenvolva unha mesma entidade organizadora en distintas datas, durante un mesmo ano, nunha mesma poboación, poderá realizar a solicitude conxunta anual para realizar todos os actos.

4. *Requisitos dos actos de arcabuzaría*

4.1 *Requisitos xerais.*

Unicamente poderán disparar e portar pólvora nos actos de arcabuzaría aquelas persoas que estean autorizadas pola delegación ou subdelegación do Goberno.

O concello será o responsable da custodia da documentación acreditativa da cobertura da responsabilidade civil subscrita pola entidade organizadora dos actos de arcabuzaría, así como da salvagarda das medidas de seguridade e organización que teña atribuídas no ámbito das súas competencias.

O concello, ben cos seus propios medios ben coa colaboración da entidade organizadora dos actos, deberá adoptar as medidas necesarias para informar debidamente os espectadores asistentes das condicións do espectáculo e das medidas de protección recomendables, e adoptará medidas para que coñezan os riscos principais a que poden estar expostos.

O concello dará difusión da celebración dos actos para coñecemento público, así como do lugar e itinerario e do horario de realización de cada acto.

O concello velará polo cumprimento das medidas de seguridade e requisitos establecidos para cada acto e realizará, ben cos seus propios medios ben coa colaboración da entidade organizadora do acto, as tarefas necesarias para a limpeza inmediata do itinerario ou o lugar de celebración do acto.

O concello, ben cos seus propios medios ben coa colaboración da entidade organizadora dos actos, disporá dos medios sanitarios necesarios que garantan unha atención sanitaria inmediata no caso de accidente (ambulancia e equipo médico).

A entidade organizadora designará a persoa responsable ou as persoas responsables dos actos de arcabuzaría e da repartición, transvasamento e devolución de pólvora, que velarán polo cumprimento dos requisitos establecidos.

Finalizados os actos de arcabuzaría, retirarse a pólvora sobrante para devolvela ou eliminala, de acordo co establecido nesta ITC.

4.2 *Requisitos particulares para participantes activos.*

Os participantes activos deberán ser maiores de idade, recibir a formación adecuada, segundo o especificado no número 5, e estar en posesión dun certificado de aptitudes psicofísicas expedido por un centro oficial, equivalente ao necesario para a obtención da licenza de armas; este certificado pode ser substituído pola posesión dunha licenza de armas en vigor.

No caso de que o participante activo vaia actuar como tirador ou disparador deberá:

- Cumprir cos requisitos exixidos polo Regulamento de armas para a adquisición, tenza e uso das armas de avancarga (armas de categoría 6ª.4).
- Estar en posesión da autorización especial de armas de avancarga en vigor, que recolle o Regulamento de armas.
- Se é o titular da arma que utilizará, deberá dispor e presentarlle á entidade organizadora a documentación xustificante do cumprimento dos requisitos aplicables ás armas de avancarga empregadas, segundo o disposto no número 4.3 desta ITC.
- Se non é o titular da arma que utilizará, deberá dispor e presentarlle á entidade organizadora a documentación referida no punto anterior, xunto cun documento de cesión temporal de armas ou documento de alugamento válido, segundo o disposto no Regulamento de armas.

En todo caso, a Garda Civil poderá comprobar o cumprimento das obrigas anteriores.

4.3 Requisitos aplicables ás armas de avancarga empregadas.

As armas de avancarga que cómpre utilizar deberán cumprir co establecido no Regulamento de armas, aprobado polo Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro.

As armas de avancarga que se usen nos actos de arcabuzaría requirirán un certificado expedido polo Banco Oficial de Probas por cada arma que garanta que esta reúne suficientes condicións de seguridade para o seu uso nos actos.

As armas de avancarga só se poderán portar, exhibir e usar con motivo dos actos de arcabuzaría autorizados e durante eles.

As armas de avancarga deberán estar en boas condicións para o seu disparo e será responsabilidade do propietario comprobar o estado e correcto funcionamento, así como o seu correcto mantemento, que poderá ser subcontratado a empresas especializadas.

No caso de cesión de armas de avancarga, esta responsabilidade recae sobre o titular da guía de pertenza ou, na súa falta, sobre a propietario da arma.

4.4 Requisitos das cantimploras.

As características das cantimploras que se usarán nos actos de arcabuzaría serán:

- Depósito interior para a pólvora negra; queda prohibido utilizar cantimploras metálicas.
- Tapa ou lapela lateral para a apertura/peche do depósito interior de pólvora, dotada de peche ou dispositivo de seguridade que preveña a súa apertura accidental e cun axuste tal que evite calquera perda ou derramamento de pólvora.
- Dispositivo dosificador/carga inferior con peche automático que asegure a estanquidade e evite derramamentos non desexados ao extraer o dosificador; queda prohibido utilizar elementos que poidan provocar faíscas.
- Dosificador de pólvora extraíble e regulable para carga da arma, cunha dosificación máxima de 18 g de pólvora.
- Depósito portapistóns con tapa, independente do depósito interior.
- As cantimploras disporán de tapa antifaíscas de seguridade, que protexerá en todo momento a dose de pólvora que se extrae da cantimplora mentres se está realizando a operación de carga da arma.
- Non se poderán utilizar cantimploras que sufrisen algunha modificación no seu deseño orixinal que poida comprometer o funcionamento e a seguridade.

Será responsabilidade do propietario comprobar a existencia e o correcto funcionamento dos elementos de seguridade da cantimplora, así como o seu correcto mantemento.

No caso de cantimploras alugadas, a responsabilidade sobre a comprobación da existencia e correcto funcionamento dos elementos de seguridade recae sobre a empresa que ofrece o seu alugamento.

Unicamente se poderá portar unha cantimplora por participante activo (carrexador e carrexador-disparador). Unha vez cargadas de pólvora, as cantimploras quedarán precintadas, de forma que se evidencie calquera violación do precinto, e non se poderán abrir.

A entidade organizadora será responsable de que as cantimploras que se usan nos actos de arcabuzaría cumpren co disposto neste número.

5. Formación mínima para participantes activos

5.1 Organización e autorización da acción formativa.

De acordo co previsto nesta ITC, o concello, ben cos seus propios medios ben coa colaboración da entidade organizadora dos actos, organizará a impartición da formación correspondente aos participantes activos. Para iso deberá dispor dos medios adecuados, tanto materiais como humanos, que poderán ser propios ou alleos, e asegurarse oportunamente da eficacia duns ou doutros para conseguir os obxectivos marcados.

O concello comunicarlle á Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno, cunha antelación mínima de 30 días, a seguinte información referente á acción formativa:

- Datos identificativos da entidade organizadora da acción formativa, con indicación, se é o caso, dos datos da asociación festeira que realizará a acción formativa.

- Datos identificativos dos formadores que impartirán a acción formativa, con indicación de coñecementos, formación ou experiencia que avalen a súa idoneidade para impartir a formación.

- Data e lugares previstos para a impartición da acción formativa.

- Programa formativo e duración, de conformidade co número 5.3 desta ITC.

O concello será o responsable da realización da acción formativa, da comprobación da eficacia desta, do cumprimento co programa establecido e de calquera condicionante indicado, de ser o caso, pola Área Funcional de Industria e Enerxía.

5.2 Rexistro de actividade formativa.

Unha vez que se xustificaron documentalmente o seguimento e a superación da acción formativa, o concello expedirá certificado da formación recibida como participante activo nos actos de arcabuzaría.

O concello elaborará e manterá actualizada unha listaxe de participantes, con indicación dos seus DNI ou NIE, que recibisen e superasen a formación, xunto coa documentación asociada á acción formativa.

O concello será o responsable de salvagardar os certificados que xustifiquen a impartición desta formación.

5.3 Contido mínimo da formación.

A formación para os participantes activos consistirá nun curso teórico de formación, que terá unha duración mínima de 5 horas e incluírá o seguinte programa formativo mínimo:

1. Características dos elementos empregados nos actos de arcabuzaría.

- Características xerais da pólvora negra.
- Características das cantimploras.
- Funcionamento das armas de avancarga de uso permitido no acto.
- Correcta utilización de pólvora negra, cantimploras e armas de avancarga.
- Riscos derivados da manipulación e utilización de pólvora negra e armas de avancarga.
- Medidas de seguridade da pólvora no domicilio.
- Condicións de adquisición, alugamento, cesión, tenza e uso de armas de avancarga.

2. Acto de arcabuzaría: desenvolvemento e medidas de seguridade.
 - Delimitación da localización ou itinerarios de disparo.
 - Inicio e fin dos actos de arcabuzaría.
 - Normas organizativas específicas.
 - Medidas de seguridade establecidas para o desenvolvemento dos actos.
 - Fallos e incidencias habituais durante o disparo e procedemento de actuación ante eles.
 - Medidas de prevención específicas e uso de equipamentos de protección individual durante a celebración dos actos.
 - Procedementos de actuación en caso de accidente.
3. Procedementos de adquisición, recepción, transvasamento, almacenamento, manipulación, eliminación e devolución de pólvora negra.
4. Infraccións e réxime sancionador.
- 5.4 Validez da certificación.

A certificación expedida polo concello manterá a súa vixencia coa condición de que non se modifiquen as condicións e os requisitos aplicables á realización dos actos de arcabuzaría.

Esta certificación considerarase válida para levar a cabo actos de arcabuzaría realizados por outras entidades organizadoras coa condición de que se manteñan as súas características e sexa aceptada como válida por outros concellos.

Os concellos poderán emitir esta certificación a aquelas persoas que, sen realizaren a formación descrita no número 5.3, acrediten unha experiencia de polo menos dous anos na participación de actos de arcabuzaría.

6. *Adquisición, transporte, distribución, almacenamento, manipulación e devolución de pólvora negra*

6.1 Adquisición de pólvora negra. Límites de subministración.

No caso de adquisición de pólvora negra para a realización dos actos de arcabuzaría destinada a participantes activos, a entidade organizadora, unha vez obtida a autorización dos actos por parte da delegación ou subdelegación do Goberno, coa relación de participantes activos autorizada, presentará ante a Área Funcional de Industria e Enerxía unha solicitude de autorización ou pedido de subministración dos actos con utilización de pólvora negra de arcabuzaría, actuando como consumidor eventual de explosivos autorizado, de conformidade co disposto neste regulamento.

Na dita solicitude, a entidade organizadora deberá xustificar a cantidade total de pólvora que solicita en función da duración prevista dos actos e dos tipos de armas de avancarga que se van utilizar.

No caso de que a entidade organizadora xa sexa consumidora habitual de explosivos só tería que solicitar o pedido de subministración.

A pólvora deberá ser adquirida dunha fábrica ou depósito de explosivos autorizado.

Como norma xeral, a cantidade máxima de pólvora adquirida para cada acto será de 1 kg por carrexador ou carrexador-tirador. Con todo, cando a duración do acto o requira, o delegado ou subdelegado do Goberno poderá autorizar un consumo de ata un máximo de 2 kg de pólvora por carrexador ou carrexador-tirador.

O consumo de pólvora en cada acto de arcabuzaría por parte dun tirador ou carrexador-tirador corresponderase coa autorización de consumo concreta para ese acto e estará formada por:

- a) Pólvora adquirida ou almacenada a título individual polo carrexador ou carrexador-tirador directamente a distribuidores autorizados. Neste caso, a cantidade máxima de

consumo será de 1 kg de pólvora e deberá ser contabilizada como parte da pólvora consumida no acto de arcabuzaría.

b) Pólvora distribuída polo organizador aos carrexadores asociados ao tirador en concreto (máximo 2 kg/carrexador).

c) Pólvora distribuída polo organizador ao carrexador-tirador (máximo 2 kg/carrexador-tirador).

Os posuidores de autorización especial de armas de avancarga en vigor, autorizados como carrexadores-tiradores para un acto de arcabuzaría, poderán adquirir directamente de distribuidores autorizados (depósitos ou armarías) un máximo de 1 kg de pólvora negra de arcabuzaría, e serán responsables da custodia e correcto almacenamento desta no interior dos envases orixinais e nos seus domicilios particulares ou lugares habilitados ata a finalización do acto de arcabuzaría, segundo o establecido nesta ITC. A carga das cantimploras de pólvora nunca se realizará na vía pública. Esta pólvora poderá ser empregada no acto de arcabuzaría, coa condición de que se contabilice como parte do consumo da pólvora autorizada para o acto, e será descontada do total que se pode distribuír ao carrexador-tirador en función do consumo autorizado.

No caso de se realizaren varios actos de arcabuzaría en número variable ao longo dun ou varios días no marco da mesma festividade, procederase segundo o establecido no número 6.3.

6.2 Transporte industrial de pólvora.

O transporte de pólvora desde a fábrica ou depósito comercial autorizado ata o lugar de repartición realizarase en vehículos debidamente autorizados para o transporte de explosivos, de conformidade co establecido na lexislación vixente aplicable e, en particular, co título IX.

6.3 Distribución ou repartición e transvasamento de pólvora á cantimplora dos participantes activos.

As persoas responsables de cada repartición da entidade organizadora comprobarán, antes de entregar a pólvora, que os participantes activos cumpren cos requisitos establecidos no número 4.2 desta ITC, atendendo a se se trata de carrexador ou carrexador-tirador, así como que están incluídos nas listaxes de participantes activos finalmente autorizados.

A comprobación do cumprimento de requisitos poderase realizar tanto durante a entrega da pólvora como con anterioridade a ela, para axilizar a repartición e evitar aglomeracións.

Así mesmo, a entidade organizadora será responsable de que as cantimploras que se usan nos actos de arcabuzaría cumpran cos requisitos exixidos no número 4.4 desta ITC, para o cal se poderá apoiar nos fabricantes destes equipamentos.

Previamente á repartición no día concreto autorizado, o organizador porá á disposición das persoas responsables deste unha listaxe cos nomes das persoas autorizadas para recoller a pólvora, con indicación da súa condición de carrexador ou carrexador-tirador e a cantidade máxima que están autorizados a recoller. Igualmente, facilitaralle a citada listaxe á Intervención de Armas e Explosivos que por demarcación corresponda.

Desde a chegada da pólvora ao lugar en que se realiza a súa distribución ou repartición e transvasamento ás cantimploras, a pólvora deberá estar permanentemente vixiada pola entidade organizadora, cun servizo de vixilancia de explosivos ou forzas e corpos de seguridade dependentes da entidade organizadora, tendo conta o informe previo emitido ao respecto pola Intervención de Armas e Explosivos que por demarcación corresponda.

Cada repartición de pólvora realizarase o mesmo día da chegada da pólvora, fóra do centro urbano, en lugar afastado de zonas habitadas ou en vías non concorridas, no día e horario que estableza a entidade organizadora. Cumpriranse as distancias á contorna establecidas na ITC número 9 considerando unha división de risco 1.1, e a cantidade Q

referenciada nas fórmulas indicadas na dita ITC será a cantidade neta máxima de pólvora negra que leve o vehículo de subministración.

A cantidade máxima que pode ser entregada e que en calquera momento poida estar en posesión dun participante activo será de 2 kg por acto, para evitar almacenamentos incontrolados. No caso que non fose posible realizar a repartición e transvasamento o mesmo día da chegada, a pólvora almacenarase nun depósito debidamente autorizado segundo o establecido neste regulamento ou no Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía.

No lugar de repartición estará prohibido fumar e evitarase a presenza de calquera posible fonte de iniciación (chamas abertas, elementos incandescentes, instalacións eléctricas, superficies quentes, etc.), e habilitarase, polo menos, un extintor de incendios.

Cada repartición realizarase en presenza dun vixilante de explosivos para a protección da pólvora e limitarase o acceso á zona inmediata de repartición ás persoas que supervisen ou participen na distribución e aos participantes activos que teñan que realizar a recollida, evitando aglomeracións. A repartición da pólvora englobará o transvasamento da pólvora á cantimplora que, unha vez cargada, quedará precintada. Cada repartición de pólvora poderá estar supervisada pola Garda Civil.

Para a recollida de pólvora os participantes activos identificaranse mediante DNI ou NIE ou outro documento oficial que acredite a súa identidade. No caso de que a comprobación de cumprimento de requisitos se realice durante a entrega, os participantes activos deberán presentar o seu DNI ou NIE ou outro documento oficial que acredite a súa identidade e a documentación requirida no número 4.2, atendendo á súa condición de tirador, carrexador ou carrexador-tirador.

No caso de non se repartir a totalidade da pólvora, esta deberá ser devolta ao provedor.

O transvasamento da pólvora á cantimplora realizarase nos lugares que se destinen, dentro da zona da repartición de pólvora, coas suficientes garantías para a súa manipulación. Unha vez introducida a pólvora no interior da cantimplora, ben por transvasamento desta ben por introdución do bidón orixinal, a tapa ou lapela lateral quedará precintada ata a finalización dos actos de arcabuzaría e os envases baleiros que contiñan o quilogramo de pólvora depositaranse para o seu tratamento ambiental.

O transvasamento da pólvora entre o recipiente orixinal e a cantimplora realizarase baixo a responsabilidade da entidade organizadora no lugar da repartición, extremando as medidas de seguridade e tendo en conta as seguintes pautas:

- Realizar o transvasamento nun lugar seco, ao abeiro de correntes de aire e afastado de calquera posible fonte de iniciación ignición (chamas abertas, elementos incandescentes, instalacións eléctricas, superficies quentes, etc.).

- Situar o recipiente de destino sobre unha superficie limpa e lisa, por exemplo, unha peza de papel ou outro material similar, que permita a posterior recollida de calquera derramamento de pólvora (débese evitar o uso de superficies plásticas polo risco derivado da xeración de electricidade estática).

- Unha vez aberto o envase receptor, verter lentamente a pólvora desde o envase de orixe ao seu interior.

- En caso de derramamento de pólvora, recollela extremando as precaucións e introducila no envase receptor.

- Terminado o transvasamento, pechar o envase receptor de modo que quede asegurado. Así mesmo, precintarse a tapa ou lapela lateral.

- Finalizada a operación, limpar as posibles superficies contaminadas con pólvora cun trapo ou baeta húmida e enxaugalos con abundante auga para a inertización de calquera resto de pólvora.

Para realizar todas as operacións indicadas neste número, a entidade organizadora poderá designar o número de persoas que considere oportunas, para axilizarlas na medida do posible.

No caso de que se requira máis cantidade de pólvora debido a que haxa máis dun acto de arcabuzaría no marco da mesma festividade, que requira en total unha cantidade superior a 2 kg, actuarase da seguinte forma:

a) Realizárase o transvasamento de pólvora para cada participante activo (carrexador ou carrexador-tirador) para a totalidade dos actos de arcabuzaría que se van celebrar na festividade asociados a cada data de repartición.

b) Realizado o transvasamento ás cantimploras necesarias, a entidade organizadora unicamente poderá entregar a cada participante activo o número de cantimploras equivalente a 2 kg de pólvora como máximo, para o seu almacenamento e custodia en domicilio particular.

c) Para o resto de cantimploras precintadas, a entidade organizadora será responsable do seu almacenamento nun depósito autorizado de conformidade co establecido neste regulamento ou no Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía.

d) Estas cantimploras non repartidas unicamente poderán ser entregadas por parte da entidade organizadora aos participantes activos na data de repartición posterior, unha vez finalizados os actos de arcabuzaría previos asociados á última data de repartición, de forma que a cantidade máxima de pólvora en posesión de cada participante activo para o seu almacenamento e custodia sexa de 2 kg.

6.4 Transporte e almacenamento de pólvora por participantes activos.

Os participantes activos poderán transportar conxuntamente en vehículos particulares ata un máximo de 4 kg de pólvora negra por vehículo.

Os participantes activos poderán almacenar, durante un período máximo de 72 horas desde o inicio da repartición de pólvora ata o inicio do último acto de arcabuzaría asociado a cada repartición, as cantimploras cargadas e precintadas en domicilios particulares cun máximo de 2 kg para cada carrexador ou carrexador-tirador por acto, dentro das cantimploras precintadas.

Excepcionalmente, naqueles actos de arcabuzaría que superen os 500 participantes activos, o período máximo sinalado no parágrafo anterior poderase ampliar a 96 horas.

A cantidade máxima de pólvora que se poderá almacenar temporalmente nun único domicilio non será superior aos 4 kg.

Durante o transporte separárase fisicamente a pólvora dos pistóns (fulminantes) que, sempre que sexa posible, se colocarán en habitáculos distintos do vehículo ou en partes distintas do mesmo habitáculo. O transporte realizarase directamente do lugar de recollida/repartición ao domicilio particular ou depósito autorizado onde poderá ser almacenada ata a súa utilización nos actos de arcabuzaría. Neste traxecto queda terminantemente prohibido, salvo causa maior, realizar calquera tipo de paraxe ou estacionamento co vehículo cargado.

Durante o transporte e almacenamento a pólvora manterase nas cantimploras precintadas.

O almacenamento das cantimploras precintadas en domicilios particulares poderase prolongar ata a realización dos actos de arcabuzaría para os cales fosen autorizadas, para o seu uso exclusivo no disparo de armas de avancarga autorizado.

Pola súa banda, os posuidores de autorización especial de armas de avancarga en vigor, autorizados como tiradores para un acto de arcabuzaría, que adquirisen directamente de distribuidores autorizados (depósitos ou armarías) un máximo de 1 kg de pólvora negra de arcabuzaría almacenarán a pólvora segundo o establecido no Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía. Neste caso, o transvasamento da dita pólvora á cantimplora farase baixo a súa responsabilidade, e nunca na vía pública, e deberase obter o precinto pertinente para a súa cantimplora.

No almacenamento das cantimploras precintadas e pistóns (fulminantes) en domicilios particulares, teranse en conta os seguintes requisitos mínimos de seguridade:

– As cantimploras estarán en todo caso precintadas. Queda prohibido realizar calquera tipo de manipulación ou modificación das cantimploras e precintos, así como da pólvora.

– As cantimploras e os pistóns gardaranse por separado en armaríos ou compartimentos provistos de fechadura e independentes, afastados de calquera posible

fonte de calor, ignición ou elemento combustible (chamas abertas, elementos incandescentes, instalacións eléctricas, superficies quentes, etc.).

– No interior dos armarios ou compartimentos onde se depositen as cantimploras e pistóns queda prohibido almacenar calquera outro produto.

– As cantimploras e os pistóns deben estar en todo momento afastados do alcance dos nenos.

– Débense evitar aquelas accións que dean lugar a situacións perigosas, como aumentos de temperatura, rozamentos ou choques sobre as cantimploras e pistóns.

– Queda expresamente prohibido fumar e levar calquera aparello susceptible de constituír unha fonte de ignición en presenza das cantimploras e pistóns.

– As cantimploras e os pistóns manteranse a temperatura ambiente.

6.5 Operacións de manipulación de pólvora.

As únicas operacións en que se lles permite aos participantes activos manipular a pólvora negra serán durante a operación de dosificación/carga de pólvora desde a cantimplora á arma de avancarga. Queda prohibida a retirada do precinto ata a entrega da pólvora sobrante, de ser o caso, que se realizará segundo o disposto no número 6.6.

Ao realizar calquera operación de manipulación de pólvora está totalmente prohibido fumar ou manipular dispositivos que produzan chama aberta, brasa ou poidan xerar calquera tipo de fonte de ignición, salvo que isto sexa parte do procedemento seguro de disparo da arma de avancarga.

A dosificación/carga de pólvora nas armas de avancarga unicamente se realizará empregando as cantimploras descritas no número 4.4 desta ITC.

6.6 Sobrante e devolución de pólvora negra.

A pólvora negra sobrante dos actos de arcabuzaría asociados a cada repartición deberá ser devolta ao provedor ou eliminada segundo o establecido na ITC número 12, antes de iniciar unha nova repartición de pólvora.

A devolución de pólvora negra realizarase a través dun responsable da entidade organizadora asignado para ese efecto, que se encargará de organizar e controlar os envases orixinais e o transvasamento de pólvora desde a cantimplora ata os recipientes ou embalaxes homologados para o seu transporte. Esta persoa deberá rexistrar os participantes activos (nome e DNI ou NIE) que vaian devolver o material sobrante, así como a súa cantidade e número de etiqueta da cantimplora.

7. Rastrexabilidade

No caso de cantimploras non identificadas polo propio fabricante, e co fin de garantir a rastrexabilidade da pólvora ata o seu consumidor final, a entidade organizadora, previamente a cada repartición da pólvora, identificará cada unha delas numericamente mediante etiquetas lexibles e indelebles, que se manterán na cantimplora ata a finalización dos actos de arcabuzaría.

Na entrega de pólvora negra a persoa responsable da repartición asignada pola entidade organizadora deberá rexistrar a identificación única da pólvora (embalaxe ou envase orixinal do fabricante), que será transvasada á cantimplora de cada participante, identificado mediante o seu DNI ou NIE, así como o número que figura na etiqueta da dita cantimplora. Terminada a operación de transvasamento ás cantimploras da pólvora e repartición, a persoa responsable da repartición elaborará unha acta onde indique a cantidade de pólvora repartida, o número de cantimploras e a cantidade de pólvora almacenada nun depósito autorizado, de ser o caso, e a cantidade de pólvora devolta ao provedor, de ser o caso.

Nos casos en que unha mesma cantimplora poida servir para dous carrexadores-tiradores cando un dispare só pola mañá e o outro só pola tarde, sinalaranse os DNI ou NIE de ambos os asociados ao número que figura na etiqueta da dita cantimplora e

imputarase ao primeiro carrexador-tirador a totalidade da pólvora que se deberá fornecer e consumir.

Esta acta ou actas (en caso de varias reparticións), xunto co rexistro de identificación única da pólvora entregada a cada participante e o número que figura na etiqueta de cada cantimplora, serán comunicados á Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que por demarcación corresponda.

8. *Celebración dos actos de arcabuzaría*

Previamente á realización dos actos de arcabuzaría:

- A entidade organizadora adoptará as medidas organizativas necesarias para asegurar que se cumpren as medidas de seguridade establecidas para que a distribución de pólvora e a realización dos actos de arcabuzaría se desenvolvan en condicións seguras, cumprindo os requisitos establecidos nesta ITC e en calquera prescrición incluída nas autorizacións.

- A entidade organizadora establecerá o modo en que se identificarán os distintos participantes autorizados, así como as persoas designadas para o control dos actos de arcabuzaría.

- A entidade organizadora comprobará que están dispoñibles os medios sanitarios (ambulancia e equipo médico) necesarios para garantir unha atención inmediata en caso de accidente.

- A entidade organizadora comprobará que se adoptaron as medidas de seguridade establecidas e comprobará os accesos e a situación dos espectadores.

- Os participantes activos serán responsables da correcta custodia e almacenamento da cantimplora, así como de asegurar que esta estea precintada e conserve a etiqueta ata o final dos actos.

- Os participantes activos teñen prohibido acceder a locais públicos cos elementos de disparo (pólvora, armas ou cantimploras cargadas), así como o seu abandono na vía pública.

Durante a realización dos actos de arcabuzaría:

- Os participantes activos teñen prohibido disparar fóra do itinerario ou dos lugares de disparo autorizados ou fóra dos horarios establecidos.

- Será responsabilidade de cada participante activo extremar as precaucións e facer un uso correcto da pólvora e das armas de avancarga, respectando en todo momento as normas establecidas pola entidade organizadora e polas autoridades competentes e as indicacións do persoal designado para o control dos actos de arcabuzaría.

- Como norma xeral estará prohibido disparar ao chan, salvo que se adopten medidas de seguridade particulares e se inclúa expresamente esta posibilidade, e os seus condicionantes, na autorización dos actos de arcabuzaría.

- Os participantes activos soamente poderán portar unha cantimplora de pólvora, que deberá estar precintada e numerada.

- A cantimplora non se poderá abrir ata a finalización dos actos e manterase precintada ata a entrega do material sobrante.

- Unha vez efectuada a carga da arma, non se retacará e evitaranse golpes na culata contra o chan.

- Nunca se dirixirá nin se disparará a arma cara ao público.

Ao finalizar os actos de arcabuzaría:

- Os participantes activos devolverán a cantidade sobrante de pólvora, segundo o establecido nesta ITC, salvo, de ser o caso, para aqueles titulares de autorización especial de armas de avancarga autorizados para almacenar ata 1 kg de pólvora, de conformidade co Regulamento de armas.

- A entidade organizadora comprobará que o concello realiza a limpeza inmediata dos itinerarios de explosivo susceptible de arder, deflagrar ou detonar.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 27**Modelo de declaración UE de conformidade**

Declaración UE de conformidade (n.º xxxx) (1)

1. N.º (produto, tipo, lote ou número de serie; identificación do produto que permita a rastrexabilidade).
2. Nome e enderezo do fabricante e, de ser o caso, do seu representante autorizado:
3. Esta declaración de conformidade expídese baixo a exclusiva responsabilidade do fabricante.
4. Obxecto da declaración (declarar o cumprimento dos requisitos esenciais de seguridade establecidos na Directiva 2014/28/UE):
5. O obxecto da declaración escrita anteriormente é conforme coa lexislación de harmonización pertinente da Unión Europea:
6. Referencias ás normas harmonizadas pertinentes utilizadas, ou referencias ás outras especificacións técnicas respecto das cales se declara a conformidade:
7. O organismo notificado (nome, número) ... efectuou ... (descrición da intervención) ... e expide o certificado ...
8. Información adicional:

Asinado en nome de:

(Lugar e data de expedición):

(Nome, cargo) (sinatura):

(1) O fabricante poderá asignar con carácter optativo un número á declaración de conformidade.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 28**Homologación de polvoreiras****1. Obxecto e ámbito de aplicación**

Esta ITC ten por obxecto establecer as condicións técnicas mínimas que deben cumprir as polvoreiras auxiliares de distribución e as polvoreiras transportables, para a súa homologación, en virtude do establecido nos artigos 95 e 96, respectivamente.

2. Certificación e homologación

Previamente á súa utilización, as polvoreiras auxiliares de distribución e as polvoreiras transportables previstas nos artigos 95 e 96, respectivamente, requiren ser homologadas polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de informe da Intervención Central de Armas e Explosivos.

Pola súa vez, para a súa homologación é necesario dispor previamente dun certificado de tipo para dar conformidade aos requisitos de aplicación establecidos nos números 3 e 4, en función de se se trata dunha polvoreira auxiliar ou dunha polvoreira transportable, respectivamente, emitido por un laboratorio oficial acreditado, figura establecida na ITC 12.0.01 do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira, aprobado polo Real decreto 863/1985, do 2 de abril.

O fabricante da polvoreira debe solicitarlle a correspondente homologación á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, xunto coa seguinte información:

- b) Nome do fabricante, cos datos da súa identificación industrial.
- c) Identificación da fábrica ou taller onde se fabrica o produto.
- d) Denominación do produto.

- e) Memoria descriptiva da polvoreira.
- f) Certificado de tipo emitido por un laboratorio oficial acreditado.

Esta solicitude e a documentación asociada exixida neste punto presentaranse por vía electrónica, con certificado electrónico, na sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

3. *Requisitos aplicables ás polvoreiras auxiliares*

1. As polvoreiras auxiliares de distribución deben presentar un grao de resistencia VII, de acordo co establecido na Norma UNE-EN 1143-1, coas restricións especificadas neste número.

2. As polvoreiras serán consideradas como caixas fortes encastrables, que corresponden a caixas fortes cuxa protección contra o roubo depende en parte dos materiais incorporados nela ou engadidos durante a súa instalación.

3. Deberán dispor de dúas fechaduras de seguridade de clase B, conforme a Norma UNE-EN 1300.

3.1 Documentación técnica.

A documentación ou memoria técnica debe conter, como mínimo, a seguinte información:

- a) A data de fabricación e o nome do fabricante ou do solicitante do ensaio deberán figurar en todas as páxinas.
- b) Declaración do tipo de produto: polvoreira auxiliar de distribución.
- c) Peso, dimensións interiores e exteriores, e tolerancias de fabricación das dimensións.
- d) Cantidade, disposición e características das fechaduras, mecanismos de peche e mecanismos de rebloqueo.
- e) Cantidade, tipo e localización dos ferrollos.
- f) Localización e deseño das áreas específicas dotadas con material de protección especial.
- g) Detalles de montaxe ou fixación ou ancoraxe de todos os elementos relevantes para a seguridade física: por exemplo, construción e posición de xuntas e unións, os medios de unión do marco ou porta ás paredes.
- h) Marcación, posición e dimensións de calquera orificio que pase a través do material de protección cun plano detallado de áreas de protección específica.
- i) Lista de todas as fechaduras que se poden instalar, con especificación do fabricante e do modelo.
- j) Certificado das fechaduras, conforme a Norma UNE-EN 1300.
- k) Planos de detalle da probeta de ensaio:
 - i. Probeta de ensaio.
 - ii. Cortes transversais.
 - iii. Detalle de porta, disposición de fechaduras, mecanismos de peche e rebloqueo.
 - iv. Tipo e localización dos ferrollos.
 - v. Orificios existentes.
 - vi. Ancoraxes.
 - vii. Disposición e especificacións de materiais de fabricación.
- l) Especificacións de materiais de fabricación.
- m) Detalles de calquera material ou mecanismos utilizados para xerar gas, fumes, feluxe, etc., en caso de ataque físico ou que poida producir substancias nocivas durante o ensaio.
- n) Indicacións de natureza e posición de calquera cable ou posibilidades de paso de sistemas de detección ou alarma.

o) Método de encofrado para garantir, como mínimo, o grao de resistencia VII requirido. Indicarase, polo menos:

- i. Proporción da caixa encofrada.
 - ii. Tamaño mínimo e espesor do encofrado.
 - iii. Calidade mínima do material encofrado.
 - iv. Clases e porcentaxe de elementos engadidos, cemento e calquera outro compoñente.
 - v. Consistencia da masa recentemente preparada.
 - vi. Resistencia á compresión da probeta pasados 28 días.
 - vii. Calquera reforzo incluído dentro da masa de encofrado.
- p) Instrucións para a instalación.
- q) Calquera outra documentación exixida polo laboratorio de ensaios.

3.2 Probeta de ensaio.

A probeta de ensaio debe ser unha polvoreira constituída por unha caixa forte encastrable, recuberta en todas as súas caras, excepto na frontal, pola estrutura de formigón mínima e necesaria para garantir o grao de resistencia requirido.

Disporá, ademais, de todos os orificios especificados na documentación ou memoria técnica.

3.3 Ensaio de ataque con ferramenta.

Para determinar se a probeta de ensaio alcanza como mínimo o grao de resistencia requirido, levaranse a cabo os ensaios de ataque con ferramenta de acordo co establecido na Norma UNE-EN 1143-1.

Non se poderán utilizar ferramentas térmicas de corte/fusión reflectidas na táboa A.11, así como as ferramentas das categorías D e S da táboa A.10 do anexo A da citada norma.

O ensaio de acceso parcial pode ser realizado en:

- Porta ou zona frontal non recuberta de formigón, ou
- paredes a través do encofrado de formigón.

O ensaio de acceso completo pode ser realizado en:

- Porta, ou
- paredes a través do encofrado de formigón, ou
- extracción da caixa forte do seu encofrado.

O laboratorio autorizado poderá realizar todos os ensaios que considere oportunos, co fin de obter o valor de resistencia máis baixo, para o que pode ser preciso dispor de máis dunha probeta de ensaio.

Os valores de resistencia mínimos requiridos (grao VII) son os seguintes:

- Acceso parcial: $RU \geq 400$.
- Acceso completo: $RU \geq 600$.

3.4 Marcación.

Cada unidade comercializada deberá incorporar unha marcación inalterable nunha placa de metal solidamente fixada na cara interior da porta. A marcación debe incluír polo menos:

- Nome e identificación do fabricante.
- Ano de fabricación.
- Identificación da polvoreira: nome, modelo, número de serie, etc.
- N.º do certificado de tipo.

4. Requisitos aplicables ás polvoreiras transportables

4.1 Requisitos construtivos xerais.

1. A estrutura da polvoreira será de forma tal que o conxunto sexa o suficientemente resistente para que permita o seu izado a vehículos e o seu transporte dun lugar a outro, sen que se deteriore durante estas operacións, e disporán de sistemas de amarre ou outros dispositivos adecuados para poder ser izados para o seu transporte.

2. Os respiradores estarán deseñados e acondicionados de forma que a través deles non sexa posible tirar obxectos ao seu interior.

As chapas metálicas das paredes estarán revestidas na súa parte interior por tableiros de madeira ignífuga ou por outro material adecuado que estea clasificado como clase M-1 segundo a Norma UNE 23727:1990.

3. Os chans deberán garantir a seguridade fronte á ignición debida a faíscas por descargas electrostáticas. As cargas de orixe electrostática en persoal ou elementos móbiles poderán ser mitigadas mediante o emprego de chans disipativos, tal como se definen no número 1.3.2 da Norma CEI 61340-4-1 «Métodos de ensaio normalizados para aplicacións específicas. Comportamento electrostático de revestimento de chans e de chans instalados». A medida de resistencia realizarase sobre chan instalado dado que os elementos accesorios tales como adhesivos e baseamentos inflúen na medida. A medida realizarase segundo as seguintes epígrafes da Norma CEI 61340-4-1:

- Condicións para a medida: número 1.6.
- Medida da resistencia superficial: número 2.1.3.1.
- Medida da resistencia a un punto accesible de terra: número 2.1.3.2.
- Medida da resistencia á terra eléctrica (conductor de protección): número 2.1.3.2.
- Tensión de ensaio: número 2.1.4.
- Eléctrodo de medida: anexo A.

Considerarase satisfactorio o resultado se a resistencia medida, no peor caso, é inferior a 109 W.

4.2 Medidas pasivas de protección da polvoreira para garantir a seguridade pública.

As polvoreiras transportables deben estar clasificadas de acordo coa súa resistencia ao roubo, seguindo o método establecido na Norma UNE-EN 1143-1.

Poden ser construídas in situ ensambladas con elementos prefabricados ou ben mediante a combinación de ambos os sistemas.

Non deben existir outros orificios no material de protección que non sexan aqueles destinados a fechaduras, cables e ancoraxes, e deberán estar as últimas instaladas no interior do habitáculo da polvoreira.

Calquera orificio para cable non deberá exceder os 100 mm². Tales orificios que non se utilicen para entrada de cables deberán ser obstruídos ou taponados polo fabricante de maneira que non poidan ser furados desde o exterior sen deixar pegadas.

O nivel de resistencia das paredes, portas e fechaduras da polvoreira debe ser, en todo caso, superior ao nivel mínimo dos especificados na Norma UNE-EN 1143-1.

4.2.1 Clasificación das polvoreiras transportables e portas transportables de tales polvoreiras.

De acordo coa metodoloxía establecida na Norma UNE-EN 1143-1, os valores de resistencia ao roubo determinados mediante os ensaios de ataque con ferramenta para as polvoreiras das polvoreiras transportables (con ou sen porta) e para as portas destas polvoreiras deben ser, como mínimo, os seguintes:

Acceso principal: $RU \geq 270$.

Acceso completo: $RU \geq 600$.

Onde RU é a unidade de resistencia definida nesta citada norma.

As ferramentas e o programa de ataque utilizados para o ensaio deben ser os que, segundo o criterio do equipo de ensaio de laboratorio acreditado, sexan os máis idóneos para conseguir o valor da resistencia máis baixo. Poderanse realizar ensaios de proba.

Pola súa banda, a porta dos depósitos de explosivos transportables debe presentar, como mínimo, dúas fechaduras de alta seguridade de clase C, de acordo coa Norma UNE-EN 1300.

4.2.2 Documentación técnica.

Previamente aos ensaios, o fabricante ou o solicitante debe proporcionarlle ao laboratorio de ensaios a documentación técnica, que deberá conter a seguinte información:

a) A data de fabricación e o nome do fabricante ou do solicitante do ensaio, que deberán figurar en todas as páxinas.

b) Declaración do tipo de produto: polvoreira transportable (con ou sen porta) ou porta de polvoreira transportable.

c) Debuxos da probeta de ensaio, con indicación do seguinte:

i. Peso, dimensións interiores e exteriores e as tolerancias de fabricación das dimensións.

ii. Corte transversal horizontal e vertical.

iii. Cantidade, disposición e características das fechaduras, mecanismos de peche e mecanismos de rebloqueo.

iv. Cantidade, tipo e localización dos ferrollos.

v. Localización e deseño das áreas específicas dotadas con material de protección especial.

vi. Detalles de montaxe ou fixación ou ancoraxe de todos os elementos relevantes para a seguridade física; por exemplo, construción de xuntas e unións, os medios de unión do marco ou porta ás paredes do debuxo detallado de áreas con protección específica.

vii. Detalles sobre as características opcionais, por exemplo, fechadura horaria e fechadura de retardo.

d) Lista de todas as fechaduras que se poden instalar, con especificación do fabricante e número de modelo.

e) Especificación de materiais de fabricación se non aparecen nos debuxos.

f) Declaración de detalles de calquera material ou mecanismos utilizados para xerar gas, fumes, feluxe, etc., en caso de ataque físico que poida producir substancias nocivas durante o ensaio.

g) Indicacións de natureza e posición de calquera cable ou posibilidades de paso de sistemas de detección para a montaxe de dispositivos de seguridade electromecánica, sistemas de alarmas, etc.

h) Instrucións para a instalación, especificando, como mínimo, os seguintes detalles:

i. Métodos de construción da polvoreira transportable de encofrado monolítico in situ, incluíndo: calidades mínimas de formigón (tipo e dosificación, proporción de engadidos, cemento e calquera outro elemento, consistencia da masa recentemente preparada; resistencia á compresión transcorridos 28 días, así como os métodos de ensaio apropiados co fin de definir as súas características), reforzo para sumar ao depósito de explosivos e métodos de unión da porta e o marco das paredes, e medios polos cales a ancoraxe e a armadura están unidas a estes elementos.

ii. Métodos de ensamblaxe dos elementos prefabricados das polvoreiras transportables.

4.2.3 Probeta de ensaio.

A probeta de ensaio deberá ser unha polvoreira transportable (con ou sen portas), ou unha porta de polvoreira transportable.

A probeta de ensaio dunha polvoreira transportable debe dispor de elementos representativos de todas as unións e ensamblaxes esenciais para os fins do ensaio, do mesmo xeito que as características opcionais que poidan rebaixar o valor de resistencia ao roubo. Pola contra, débense retirar ou permanecer non operativas aquelas características opcionais que poidan incrementar o valor de resistencia no ensaio de ataque con ferramenta, tales como fechadura horario e fechadura de retardo.

As entradas de cable de sistemas de detección ou accesorios especificados na documentación débense incluír na probeta de ensaio.

4.2.4 Ensaio sobre polvoreiras transportables.

O ensaio debe incluír, polo menos, un ataque con ferramenta para:

- a) Acceso parcial por porta.
- b) Acceso parcial por parede.
- c) Acceso completo por parede.
- d) Acceso completo por porta.

4.2.5 Ensaio sobre a porta da polvoreira transportable.

O ensaio debe incluír, polo menos, un ataque con ferramenta para:

- a) Acceso parcial por porta (incluíndo marco e seccións de paredes lindoiras, se for necesario).
- b) Acceso completo por porta (incluíndo marco e seccións de paredes lindoiras, se for necesario).

4.3 Resistencia ao lume.

As polvoreiras transportables deben estar protexidas fronte a posibles lumes exteriores. Para iso deben superar unha proba de transmisión de calor e estar situadas a unha determinada distancia de focos combustibles.

4.3.1 Proba de transmisión de calor.

Unha mostra representativa das paredes da polvoreira de polo menos 1 m x 0,80 m sométese durante 120 minutos a unha temperatura de $600\text{ }^{\circ}\text{C} \pm 30\text{ K}$ na súa cara externa, alcanzados nun tempo comprendido entre 5 e 6 minutos. Considérase satisfactorio o resultado se a temperatura en calquera das nove sondas térmicas situadas de forma uniforme na cara interior da mostra non supera o menor valor de $120\text{ }^{\circ}\text{C}$ e a temperatura de descomposición máis baixa do material que se almacenará no seu interior descontando un factor de seguridade de 60 K:

Temperatura en cara interior \geq Temp. descomposición – 60K.

Temperatura en cara interna $\geq 60\text{ }^{\circ}\text{C}$.

Nota: a temperatura ambiente durante o ensaio debe de ser $20\text{ }^{\circ}\text{C}$. En caso contrario haberá que corrixir a temperatura rexistrada en cada unha das nove sondas térmicas.

4.3.2 Condicións de localización.

En canto á localización da polvoreira transportable, hai que garantir que a distancia entre ela e calquera foco combustible sexa suficiente como para que non se alcance a temperatura de $600\text{ }^{\circ}\text{C}$ en calquera punto da cara externa do edificio, consecuencia dun posible incendio. Esta distancia de seguridade deberá ser, como mínimo, de 25 m.

4.4 Responsabilidade do fabricante.

É responsabilidade do fabricante que os produtos postos no mercado sexan idénticos ao prototipo sometido a ensaio para a certificación, entendéndose como idénticos aqueles que estean dentro das tolerancias definidas nos documentos presentados.

Cada unidade posta no mercado disporá dunha marcación, na cal figurará, como mínimo, o seguinte:

- Nome e razón social do fabricante.
- Denominación do produto e referencia ás súas posibles variantes.
- Número do certificado de tipo.
- Número de serie.
- Temperatura de referencia.

A marcación efectuarase de forma indeleble, en función da vida útil do produto e das solicitudes a que se pode ver sometida durante ela.

Cada subministración incluírá unha copia do certificado de control e entenderase que, polo feito de marcar o produto, o fabricante garante o cumprimento dos puntos deste criterio técnico que lle son de aplicación.

4.5 Requisitos de utilización

Deberanse evitar outras fontes potenciais de risco electrostático:

- a) Persoal: deberá utilizar calzado antiestático, segundo a Norma UNE- EN 344-2.
- b) Máquinas móbiles (carreta, contedores, etc.): resistencia á terra inferior a $10^6 \Omega$ das partes metálicas. Os contedores en material non metálico deberán estar realizados con materiais antiestáticos de resistencia inferior a $10^9 \Omega$, segundo o método de medida indicado na Norma UNE-EN 50014 ou UNE-EN 60079-0.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 29

Transporte conxunto de explosivos e detonadores

1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta ITC ten por obxecto establecer os requisitos do transporte conxunto de detonadores e explosivos de grupos de compatibilidade B e D, en compartimentos separados.

Os detonadores do grupo de compatibilidade S poden ser almacenados e transportados conxuntamente con explosivos, de acordo co establecido na ITC número 16.

2. *Requisitos xerais*

Os vultos que conteñan materias e obxectos asignados aos grupos de compatibilidade B e D poderán ser cargados conxuntamente no mesmo vehículo coa condición de que sexan transportados en contedores ou compartimentos separados que cumpran os requisitos desta ITC.

A compartimentación debe impedir toda transmisión dunha detonación dos obxectos do grupo de compatibilidade B ás materias ou obxectos do grupo de compatibilidade D. Os grupos de compatibilidade veñen definidos na ITC número 16.

Previamente á súa utilización, o vehículo que dispoña da dita compartimentación requirirá aprobación por parte da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de certificación por parte dun laboratorio oficial acreditado, que figura establecida na ITC 12.0.01 do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira, aprobado polo Real decreto 863/1985, do 2 de abril. O certificado emitido polo laboratorio oficial acreditado debe ser de conformidade cos requisitos establecidos nesta ITC.

3. *Certificación da compartimentación*

A compartimentación ou panel de separación será obxecto de ensaio, de acordo co disposto neste número.

3.1 Mostras para ensaio.

3.1.1 Detonadores.

Seleccionaranse para o ensaio aquelas embalaxes detonadoras que presenten un maior risco en función da metralla e da cantidade de explosivo iniciador.

Os detonadores que se utilicen para os ensaios escolleranse de modo aleatorio da mostra presentada.

Todos os detonadores que se sometan a ensaio deben estar debidamente catalogados e as súas embalaxes homologadas segundo a regulamentación vixente sobre transporte de mercadorías perigosas.

3.1.2 Explosivo.

Deberase seleccionar, dentro dos explosivos de uso industrial e clasificación 1.1 ou 1.5 e grupo de compatibilidade D, aquel que presente as maiores sensibilidades á iniciación, ao impacto e á fricción, utilizando, en todo caso, a embalaxe comercial homologada. Procurarase que o explosivo teña data de fabricación o máis recente posible.

Os explosivos que se utilicen para os ensaios escolleranse de modo aleatorio da mostra presentada.

3.2 Preparación do ensaio.

3.2.1 Panel de separación.

Débase presentar un plano detalle do panel proposto e a forma de ancoraxe. O panel cumprirá as condicións estipuladas no ADR para as unidades de transporte tipo III. O panel apoiarse sobre unha base resistente horizontal de formigón, onde se simularán a chapa do contedor do vehículo de transporte e o método de ancoraxe proposto.

3.3.2 Método de ensaio.

Aplicarase a proba 6.b) da serie 6 do Manual de probas e criterios das recomendacións relativas ao transporte de mercadorías perigosas, cos seguintes requisitos:

– A agrupación de vultos consiste nun conxunto de cinco caixas de detonadores empilladas segundo se indica nas figuras 1 e 2, rodeadas totalmente por caixas, sacos cheos de terra ou terra solta, de forma que a barreira de area teña un espesor mínimo de 0,5 m en todas as direccións, excepto na parte en contacto co anteparo separador.

– Ao outro lado do panel, e enfrontadas á caixa de detonadores sobre a cal se provocará a iniciación, colocaranse dúas caixas de explosivos, rodeadas igualmente de caixas, sacos de area ou area solta, á semellanza do indicado para os detonadores.

– O ensaio consistirá en iniciar un detonador no interior da caixa central de detonadores do tipo elixido (caixa número 1 das figuras 1 e 2). O detonador de iniciación situarase o máis centrado posible da caixa.




Figura 1: alzado




Figura 2: planta

Para cada tipo de detonador seleccionado, levaranse a cabo catro probas. A metade delas farase orientando as caixas dos detonadores perpendicularmente ao panel de separación e colocando a outra metade paralelamente á parede. As caixas de explosivos sempre se colocarán paralelamente ao panel. Todas as caixas de detonadores como as de explosivos próximas ao panel estarán acaroadas e en íntimo contacto con el.

A finalidade deste ensaio é determinar:

- Se a combustión ou explosión do montón se propaga dun vulto a outro ou dun artigo non embalado/envasado a outro, e
- Os riscos que os ditos efectos poden ocasionar na zona circundante.

Só se efectuará a proba de iniciación dunha explosión no montón de caixas de detonadores por ser a única significativa para o ensaio.

4. *Criterio de aceptación*

O resultado de cada ensaio considerárase positivo (favorable) se non hai detonación ou deflagración de explosivo, nin perforacións pasantes do panel en ningunha das probas.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 30

Materias primas intermedias para a fabricación de explosivos

1. *Obxectivo e ámbito de aplicación*

Esta ITC ten por obxecto establecer a regulación e o control do nitrato amónico (números ONU 1942 e 2426) para a fabricación de explosivos, así como das matrices de emulsións, suspensións e xeles a base de nitrato amónico (número ONU 3375) que se usen para a fabricación de explosivos, así como o seu almacenamento, circulación, distribución, comercio, adquisición, transporte, tenza e uso. En diante, para referirse a estes produtos utilizaranse as siglas MPIFE.

O ámbito de aplicación desta ITC comprende todos aqueles establecementos que fabriquen ou almacenen MPIFE, independentemente de que sexan ou non fábricas ou depósitos de explosivos.

Así mesmo, someteranse ás disposicións en materia de transporte e infraccións desta ITC os produtos a base de nitrato amónico de alto contido en nitróxeno que dean positivo nunha proba de detonabilidade específica, de conformidade co disposto na Orde PRE/988/2004, do 15 de abril, pola que se regula a proba de detonabilidade dos produtos a base de nitrato amónico de alto contido en nitróxeno, que se deberá realizar con carácter previo ao seu transporte. Igualmente, requirirán autorización expresa da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, no caso de comercialización a establecementos distintos de fábrica de explosivos.

2. *Requisitos*

1. As MPIFE quedan sometidas á intervención administrativa do Estado, de acordo co disposto nesta ITC.

2. Será competencia do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital levar a cabo as medidas de control e vixilancia sobre as MPIFE.

Para tales fins, o Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, a través das correspondentes áreas funcionais de Industria e Enerxía das delegacións e subdelegacións do Goberno, poderá efectuar as inspeccións e tomas de mostras pertinentes, nos centros de produción ou nos lugares de almacenamento dos usuarios, co obxecto de efectuar as correspondentes análises e probas.

3. O Ministerio do Interior, a través da Dirección Xeral da Garda Civil, exercerá o control e a inspección das medidas de seguridade cidadá na fabricación, almacenamento, circulación, distribución, comercio, adquisición, transporte, tenza e uso das MPIFE.

4. A fabricación de nitrato amónico para a fabricación de explosivos só se poderá efectuar en fábricas oficialmente autorizadas, polo que as empresas produtoras, para poder levala a cabo, sen prexuízo de cumpriren o establecido noutras disposicións aplicables, deberán ter a correspondente autorización administrativa concedida polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de informe favorable do Ministerio do Interior a través da Intervención Central de Armas e Explosivos.

5. As persoas naturais ou xurídicas que fabriquen ou se propoñan fabricar nitrato amónico para a fabricación de explosivos dirixirán ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital unha solicitude de autorización, á cal se deberá xuntar unha memoria descritiva que detalle as características e a capacidade das instalacións cuxa autorización

se solicita e incorpore a información necesaria para poder expedir a citada autorización. Estas solicitudes presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital. As autorizacións cuxa concesión proceda outorgaranse asignando:

- Persoa natural ou xurídica a cuxo favor se expidan.
- Localización da fábrica.
- Volume de produción anual e límite de existencias que se van almacenar.
- Medidas especiais de seguridade que se deban adoptar.
- Condicións específicas a que se somete a autorización.

6. A fabricación de matrices de emulsións, suspensións e xeles a base de nitrato amónico só se poderá realizar en fábricas de explosivos autorizadas conforme o establecido neste regulamento.

7. Cada fábrica de MPIFE levará un rexistro diario de cantidades elaboradas, fornecidas e en existencias, con indicación expresa, nos casos de subministración, da identidade do comprador. Estes datos asentaranse nun libro modelo oficial segundo anexo I, que levarán e formalizarán por procedementos electrónicos, informáticos ou telemáticos ou por calquera outro método idóneo para alcanzar as finalidades perseguidas, o que se poñerá en coñecemento da Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que corresponda ao lugar de localización da instalación.

Os fabricantes remitiranlles mensualmente ás intervencións de Armas da Garda Civil que por demarcación correspondan, e ás correspondentes áreas funcionais de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno, dentro dos cinco primeiros días hábiles e por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos que garantan a súa integridade, autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación da información, un parte resumo que será copia exacta dos asentos do libro oficial, relativos aos movementos correspondentes no dito período.

A remisión á Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente realizarase por vía electrónica a través da sede electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

8. Os fabricantes de MPIFE poderán fornecer o produto:

- Ás empresas que estean debidamente autorizadas para fabricar mestura explosiva de nitrato amónico e aceite mineral ou outras mesturas explosivas.
- Soamente nitrato amónico a aquelas empresas que o necesiten para fabricar produtos químicos non explosivos e que, logo de acreditación da súa necesidade, obteñan autorización do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital para a súa utilización.

9. Os fabricantes de explosivos ou de produtos químicos que utilicen MPIFE levarán un estado diario de cantidades recibidas, consumidas e en existencia destes produtos, con indicación expresa da identidade do subministrador.

10. Estes datos asentaranse nun libro modelo oficial segundo o anexo II, que se levará e formalizará por procedementos electrónicos, informáticos ou telemáticos ou por calquera outro método idóneo para alcanzar as finalidades perseguidas, e poñerase en coñecemento da Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que corresponda ao lugar de localización da instalación.

Os ditos fabricantes remitiranlles mensualmente, dentro dos cinco primeiros días hábiles e por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos que garantan a súa integridade, autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conservación da información, ás correspondentes áreas funcionais de Industria e Enerxía das delegacións ou subdelegacións do Goberno e intervencións de Armas da Garda Civil que por demarcación correspondan, un parte resumo que será copia exacta dos asentos do libro oficial, relativos aos movementos correspondentes no dito período.

A remisión á Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente realizarase por vía electrónica a través da sede electrónica da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

3. Transporte e circulación.

1. O transporte de MPIFE efectuarase axustándose ao disposto na regulamentación sobre o transporte de mercadorías perigosas.

O transporte deberá estar amparado pola documentación que se determina nesta ITC, a cal acompañará en todo momento a expedición en todo o percorrido e, adicionalmente, no caso de MEMU, a requirida no anexo IX da ITC número 1.

2. A circulación do MPIFE entre dous puntos do territorio nacional exixirá unha carta de porte ou documento equivalente, expedida polo expedidor ou polos servizos competentes por razón do medio de transporte que se vaia utilizar.

A carta de porte será visada pola Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que corresponda ao lugar de saída da mercadoría, quen comunicará esta circunstancia ao interventor de Armas do punto de chegada.

O destinatario comunicará na Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que corresponda ao lugar de chegada a recepción da expedición, dentro das 48 horas seguintes, presentando a documentación que acompañou a mercadoría. Esta Intervención de Armas comunicará á do punto de orixe a chegada da expedición.

Expediranse tantas cartas de porte como pedidos diferentes comprenda unha expedición.

4. Importación, exportación e tránsito

1. A importación de MPIFE será autorizada polo Ministerio do Interior, a través da Intervención Central de Armas e Explosivos, logo de informe da Comisión Interministerial de Armas e Explosivos (CIPAE).

A Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que corresponda á alfándega de chegada, unha vez realizados os trámites de entrada, visará a carta de porte que precisa para a súa circulación por territorio nacional. Con posterioridade deberanse formalizar os demais trámites exixidos polo punto 10 do número 2.

As MPIFE importadas unicamente poderán ser destinadas a fornecer as empresas e fábricas que se mencionan no punto 8 do número 2 desta ITC.

A responsabilidade a que, por calquera causa, poida dar lugar a infracción da normativa aplicable será exixible ao importador, sen prexuízo das accións que este poida exercer.

2. A exportación de MPIFE será autorizada polo Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, logo de informe favorable do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, autorización que se lle comunicará á Dirección Xeral da Garda Civil.

Unha copia da licenza de exportación remitiráselle á Intervención de Armas da alfándega de saída, quen controlará que a mercadoría se exporta na forma autorizada.

3. O tránsito por territorio nacional de MPIFE deberá ser obxecto de autorización previa e quedará sometido aos condicionantes que nela se fixen.

A autorización de tránsito de orixe extracomunitaria solicitarase do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación cunha antelación mínima de 5 días hábiles, logo de informe dos ministerios do Interior e de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

A autorización de tránsito de orixe comunitaria solicitarase da Intervención Central de Armas e Explosivos, cunha antelación mínima de 5 días hábiles.

A autorización, unida á carta de porte visada pola Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que corresponda á alfándega de chegada, acompañará a mercadoría durante o seu tránsito por territorio nacional.

Unha copia da autorización deberá ser remitida ás intervencións de Armas dos puntos de entrada e saída do territorio nacional, que controlarán o tránsito da mercadoría.

Se o tránsito se verifica por vía terrestre, o produto irá acondicionado de tal maneira que permita unha fácil precintaxe pola alfándega correspondente.

Se, por avaría do medio de transporte ou por calquera outra causa imprevista, o tránsito non se puider efectuar conforme os termos da autorización concedida, a persoa responsable da expedición porao en coñecemento da Intervención de Armas e Explosivos

da Garda Civil que corresponda ao lugar de ocorrencia do feito, para os efectos de que adopte as medidas de seguridade que considere oportunas.

5. *Transferencias*

1. Cando se proxecte realizar unha transferencia de MPIFE desde España a outro Estado membro da Unión Europea, o interesado solicitará autorización da operación á Intervención Central de Armas e Explosivos e especificará:

- a) O nome e enderezo dos axentes económicos interesados, datos que deberán ser o suficientemente precisos para permitir pórse en contacto, en todo momento, cos interesados e para asegurarse de que están oficialmente habilitados para actuar como tales.
- b) Autorización das autoridades do Estado membro de destino que figurará no documento para a transferencia intracomunitaria de MPIFE.
- c) Razón social, enderezo e nome da fábrica ou depósito de orixe e sede social, enderezo do lugar a que se enviará a mercadoría.
- d) Unha descrición completa do MPIFE, así como o nome comercial, se o tiver, a división de risco, número de identificación das Nacións Unidas.
- e) O medio de transporte, depósitos de explosivos de emerxencia para cuxa utilización, de ser o caso, estea autorizado o destinatario ou subministrador e punto de saída de España cara ao país de destino.

A Intervención Central de Armas e Explosivos autorizará, se procede, a transferencia e expedirá ao interesado o correspondente documento de autorización, cuxa validez será dun ano.

A dita autorización de transferencia deberá acompañar o transporte de MPIFE desde o seu lugar de orixe ata o seu destino e deberase presentar sempre que o requiran as autoridades competentes. O destinatario conservará unha copia da dita autorización e presentaraa, logo de petición, á autoridade competente.

O documento de autorización conterá, polo menos, a información mencionada no punto primeiro.

2. Cando se trate dunha transferencia de MPIFE a España procedente de calquera outro Estado membro da Unión Europea, o destinatario deberá solicitar autorización á Intervención Central de Armas e Explosivos, incluíndo os datos seguintes:

- a) O nome e enderezo dos axentes económicos interesados, datos que deberán ser o suficientemente precisos para permitir pórse en contacto, en todo momento, cos interesados e para asegurarse de que están oficialmente habilitados para actuar como tales.
- b) Razón social, enderezo e nome da fábrica ou depósito de destino onde se enviará a mercadoría coa capacidade de almacenamento autorizada.
- c) Razón social, enderezo e nome da fábrica ou depósito de orixe da mercadoría.
- d) O medio de transporte e punto de entrada en España, e depósito de explosivos de emerxencia para cuxa utilización, de ser o caso, estea autorizado o destinatario ou subministrador.

A Intervención Central de Armas e Explosivos verificará que o destinatario está legalmente autorizado para adquirir, utilizar ou almacenar MPIFE, por dispor das licenzas e autorizacións necesarias e, logo de informe favorable da Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos, autorizará, se procede, a transferencia expedíndolle ao interesado o correspondente documento de autorización, cuxa validez será dun ano.

O documento de autorización conterá, polo menos, a información mencionada no punto primeiro.

Esta autorización de transferencia deberá acompañar os MPIFE desde a súa entrada en España ata o punto previsto de destino e deberase presentar sempre que o requiran as autoridades competentes. O destinatario conservará unha copia da dita autorización e presentaraa, logo de petición, á autoridade competente.

6. Réxime sancionador

As infraccións ao disposto sobre fabricación, importación, exportación, tránsito, transferencias, transporte, comercio, tenza e utilización de MPIFE serán sancionadas polo organismo competente en cada caso, de acordo co disposto no título X.

7. Medidas de seguridade cidadá

1. As medidas de seguridade que se deberán establecer nos lugares destinados ao almacenamento de MPIFE en fábricas ou depósitos de explosivos recolleranse no Plan de seguridade cidadá da instalación aprobado pola Intervención Central de Armas e Explosivos.

2. O almacenamento de MPIFE no interior de minas ou interior de obras subterráneas cumprirá as medidas de seguridade establecidas no anexo IV da ITC número 1.

3. As medidas de seguridade que se deberán establecer nos lugares destinados ao almacenamento de materias primas intermedias para a fabricación de explosivos en instalacións de almacenamento de MPIFE distintos dos regulados nos números anteriores recolleranse de acordo cun plan de seguridade cidadá (PSC) que se axustará ao modelo determinado no anexo I da ITC 1 deste regulamento. As medidas de seguridade mínimas que se deberán establecer serán:

Físico-pasivas:

– Cerramento perimetral da instalación de, polo menos, dous metros e medio de altura, co obxecto de delimitar a propiedade e impedir ou dificultar o acceso. As portas de accesos serán de resistencia análoga á cerca ou valado e estarán dotadas de cadeado ou fechadura de seguridade.

– Carteis no cercado perimetral visibles desde o exterior e en número suficiente, nos cales se indique que a instalación conta con medidas de seguridade electrónicas e que están conectadas a unha CRA.

– A construción das paredes da nave ou edificio realizarase mediante muros de ladrillo, bloques de morteiro, formigón armado ou similar.

– A cuberta ou tellado debe ter unha estrutura lixeira e non será de madeira nin de calquera outro material combustible. As únicas aberturas da edificación serán as dos condutos de ventilación e iluminación, nos cales se instalarán reixas fixas que cumpran coa Norma UNE-EN 108142.

– A estrutura das portas de acceso á nave ou edificio estará constituída, polo menos, polos seguintes elementos:

- Portas de clase IV da Norma UNE-EN 1627 a porta opaca, e con clase de resistencia P6B ao ataque manual conforme a UNE-EN 356 a parte translúcida.

- Cercos reforzados que no seu conxunto cumpran cos requisitos que se establecen na Norma UNE 85160.

- Fechadura de seguridade.

– As paredes e a cuberta do cuarto ou sala que alberga a unidade de control serán realizados mediante ladrillo, bloques de morteiro, formigón armado ou similar; a porta de acceso a este cuarto ou sala será de clase IV da Norma UNE-EN 1627 a parte opaca, e con clase de resistencia P6B ao ataque manual conforme a UNE-EN 356 a parte translúcida. Do mesmo xeito, deberá contar con fechadura de seguridade e cercos reforzados que no seu conxunto cumpran cos requisitos que se establecen na Norma UNE 85160.

Electrónicas:

– Todas as portas de acceso á nave ou edificio e á da sala ou cuarto onde se sitúa a unidade de control deberán estar dotadas de detector magnético de apertura/peche.

- Detectores de intrusión en número suficiente para detectar calquera desprazamento polo interior do edificio ou nave, que deberán ser compatibles coa materia que se almacena.
 - Igualmente, instalaranse detector/es de intrusión na sala ou cuarto onde se sitúa a unidade de control.
 - CCTV instalado en interior e exterior que permita que a central receptora de alarmas verifique as alarmas.
 - Avisador óptico-acústico de exterior, polo menos un por edificio de almacenamento.
 - Sistema de alimentación ininterrompida (SAI) que posibilite o abastecemento de fluído eléctrico ao sistema de seguridade durante, polo menos, vinte e catro horas. O interior da sala ou cuarto onde se aloxe o SAI estará protexido, polo menos, por un detector de intrusión.
 - O sistema de seguridade nestas instalacións deberá estar conectado a unha central receptora de alarmas.
 - A transmisión entre a unidade de control da instalación coa central receptora de alarmas ou co centro de control de seguridade ou videovixilancia será mediante dobre vía de comunicación, de forma que a inutilización dunha delas produza a transmisión do sinal pola outra ou ben unha soa vía que permita a transmisión dixital IP con supervisión permanente da liña e unha comunicación de apoio.
 - A supervisión de sistemas e liñas de comunicación serao de forma permanente.
4. As medidas de seguridade indicadas poderán ser substituídas, de ser o caso, por vixilantes de explosivos, logo de aprobación da Intervención Central de Armas e Explosivos.

ANEXO I

Libro modelo oficial para fabricantes de MPIFE

LIBRO DE REGISTRO DIARIO DE MOVEMENTOS DE MPIFE

Identificación do fabricante:

Centro de fabricación:

Data	Tipo de produto	Nº ONU	Cantidad elaborada (kg)	Cantidad subministrada (kg)	Identificación do comprador	Cantidad almacenada en stock (kg)

ANEXO II

Libro modelo oficial para os compradores de MPIFE

LIBRO DE REXISTRO DIARIO DE MOVEMENTOS DE MPIFE

Identificación do comprador (fabricante de explosivo ou produto químico):

Centro de consumo de MPIFE:

Data	Tipo de produto (MPIFE)	Nº ONU	Cantidade recibida (kg)	Identificación do comprador	Cantidade consumida (kg)	Cantidade almacenada en stock (kg)

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 31**Director técnico de fábrica de explosivos****1. Obxecto**

Esta ITC ten por obxecto definir os requisitos que deben reunir os directores técnicos das fábricas de explosivos.

Para os efectos desta ITC, enténdese por director técnico de fábrica de explosivos o técnico encargado ou responsable de dirixir o proceso produtivo de fabricación das ditas substancias.

2. Requisitos

Para os efectos exclusivos desta ITC, o director técnico de fábrica de explosivos deberá estar en posesión dun dos títulos universitarios que se relacionan a continuación ou dalgún equivalente na ordenación das ensinanzas universitarias oficiais:

- a) Enxeñeiro de Minas.
- b) Enxeñeiro Industrial.
- c) Enxeñeiro Químico.
- d) Enxeñeiro de Armamento e Material.
- e) Licenciado en Ciencias Químicas.
- f) Enxeñeiro Técnico de Minas, especialidade en Recursos Enerxéticos, Combustibles e Explosivos.
- g) Enxeñeiro Técnico de Minas, especialidade en Explotación de Minas.
- h) Enxeñeiro Técnico industrial, especialidade Química Industrial.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 32**Homologación e catalogación de unidades móbiles de fabricación de explosivos (MEMU) e dos equipamentos de bombeo de emulsións, suspensións ou xeles, a granel de interior, coa posibilidade de sensibilización do explosivo****1. Obxecto**

Esta ITC ten por obxecto definir os requisitos de homologación e catalogación que deben cumprir as unidades móbiles de fabricación de explosivos (MEMU) das fábricas móbiles e os equipamentos de bombeo de emulsións, suspensións ou xeles, a granel de interior, coa posibilidade de sensibilización do explosivo, previstas no artigo 22 e no 125 deste regulamento, respectivamente.

2. Homologación dunha MEMU

Previamente á utilización dunha MEMU en territorio español será necesaria a homologación do tipo ou modelo concreto por parte da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, de conformidade co establecido nas instrucións técnicas complementarias 12.0.01 e 12.0.02 do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira.

As solicitudes de homologación dun tipo ou modelo de MEMU dirixiranse á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. Xunto coa solicitude entregarase a seguinte documentación:

- Memoria técnica descritiva da MEMU e proceso de fabricación.
- Certificación ADR para transporte por estrada.

– Certificado de conformidade emitido por un laboratorio oficial autorizado, en virtude do establecido nas instrucións técnicas complementarias 12.0.01 e 12.0.02 do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira.

- Informe favorable da Intervención Central de Armas de Explosivos.
- Procedemento para asegurar a inexistencia de restos de explosivo na MEMU ou partes dela, unha vez realizada a súa descarga.

Esta solicitude e a documentación asociada exixida neste número presentaranse por vía electrónica, con certificado electrónico, na sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, procedemento CATEX.

As homologacións serán emitidas para cada tipo ou modelo de MEMU, independentemente do número de unidades que posteriormente se fabriquen e utilicen.

Calquera modificación dun tipo de MEMU debe ser comunicada previamente á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, para os efectos de determinar a necesidade dunha nova homologación.

3. *Catalogación de MEMU*

Adicionalmente á homologación de tipo, cada unidade de MEMU deberá estar catalogada pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas previamente á súa circulación ou utilización en territorio español.

A catalogación de unidades de MEMU irá asociada a unha fábrica móbil de explosivos, en virtude do establecido no artigo 22 do Regulamento de explosivos. Para iso, o titular da fábrica móbil de explosivos deberalle solicitar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a catalogación de cada unha das unidades que pretendan pór en circulación e operación no territorio español. Xunto coa solicitude incluírase a seguinte documentación:

- Identificación da fábrica móbil de explosivos asociada.
- Resolución da homologación do tipo emitida polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.
- Matrícula ou número de bastidor de cada unidade de MEMU.
- Certificado de tipo (módulo B) do explosivo fabricado na MEMU.
- Notificación do proceso de produción da MEMU ou documento en vigor do organismo notificado que xustifique a conformidade co tipo.
- Modelo de declaración UE de conformidade do explosivo fabricado na MEMU.
- Ficha de datos de seguridade do explosivo.
- Xustificación da clasificación e número ONU das materias primas transportadas, segundo a regulamentación modelo e o Manual de probas e criterios de Nacións Unidas.

Esta solicitude e a documentación asociada exixida neste número presentaranse por vía electrónica, con certificado electrónico, na sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, procedemento CATEX.

O catálogo de unidades de MEMU configúrase como un rexistro administrativo dependente do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital facilitará ao Ministerio de Defensa e á Intervención Central de Armas e Explosivos, así como ás áreas funcionais de Industria e Enerxía, unha relación detallada das unidades de MEMU catalogadas.

4. *Homologación de equipamentos de bombeo de emulsións, suspensións ou xeles, a granel de interior, coa posibilidade de sensibilización do explosivo*

Previamente á utilización dun equipamento de bombeo de emulsións, suspensións ou xeles, a granel de interior, nas explotacións mineiras de interior ou obras subterráneas en territorio español, será necesaria a homologación do tipo ou modelo concreto por parte da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, de conformidade co establecido nas

instrucións técnicas complementarias 12.0.01 e 12.0.02 do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade.

As solicitudes de homologación do tipo ou modelo dirixiranse á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. Xunto coa solicitude entregárase a seguinte documentación:

- Memoria técnica descritiva do equipamento de bombeo de emulsións, suspensións ou xeles, a granel de interior, e proceso de sensibilización.
- Certificado de conformidade emitido por un laboratorio oficial autorizado, en virtude do establecido nas instrucións técnicas complementarias 12.0.01 e 12.0.02 do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira.
- Informe favorable da Intervención Central de Armas de Explosivos.
- Procedemento para asegurar a inexistencia de restos de explosivo no equipamento ou partes del, unha vez finalizado o traballo de descarga deste.

Esta solicitude e a documentación asociada exixida neste número presentarase por vía electrónica, con certificado electrónico, na sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, procedemento CATEX.

As homologacións serán emitidas para cada tipo ou modelo, independentemente do número de unidades que posteriormente se fabriquen e utilicen.

Calquera modificación dun tipo destes equipamentos de bombeo de emulsións, suspensións ou xeles debe ser comunicada previamente á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, para os efectos de determinar a necesidade dunha nova homologación.

5. *Catalogación de equipamentos de bombeo de emulsións, suspensións ou xeles, a granel de interior, coa posibilidade de sensibilización do explosivo*

Adicionalmente á homologación de tipo, cada unidade dos equipamentos de bombeo de emulsión a granel de interior deberá estar catalogada pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, previamente á súa utilización nas explotacións mineiras de interior ou obras subterráneas do territorio español.

A catalogación de unidades destes equipamentos irá asociada a unha fábrica de explosivos, en virtude do establecido no artigo 125 do Regulamento de explosivos. Para iso, o titular da fábrica de explosivos deberalle solicitar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a catalogación de cada unha das unidades que pretendan pór en operación no territorio español. Xunto coa solicitude incluírase a seguinte documentación:

- Identificación da fábrica de explosivos asociada.
- Identificación concreta da unidade ou equipamento de bombeo de emulsión: marca, modelo, número de serie, etc.
- Resolución da homologación do tipo emitida polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.
- Certificado de tipo (módulo B) do explosivo fabricado no equipamento.
- Notificación do proceso de produción do equipamento ou documento en vigor do organismo notificado que xustifique a conformidade co tipo.
- Modelo de declaración UE de conformidade do explosivo fabricado no equipamento.
- Ficha de datos de seguridade do explosivo.

Esta solicitude e a documentación asociada exixida neste número presentarase por vía electrónica, con certificado electrónico, na sede electrónica do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, procedemento CATEX.

O catálogo de unidades dos equipamentos de bombeo de emulsión a granel de interior configúrase como un rexistro administrativo dependente do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital facilitaralles ao Ministerio de Defensa e á Intervención Central de Armas e Explosivos, así como ás áreas funcionais de Industria e Enerxía, relación detallada das unidades catalogadas.

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 33

Modelos, contido e formato das solicitudes do permiso previo de circulación, tránsito e transferencias de explosivos, e instrucións para a súa confección

1. Obxecto e ámbito de aplicación



Esta ITC ten por obxecto definir o formato dos permisos previos de circulación, solicitude de importación, tránsito e transferencia intracomunitaria, de conformidade co disposto nos artigos 129, 134, 137, 141, 143 144 e 145 deste regulamento.

2. Solicitudes

A solicitude de permiso previo de circulación axustarase ao modelo establecido no anexo I desta ITC.

A solicitude da autorización de tránsito axustarase ao modelo establecido no anexo II desta ITC.

As autorizacións de transferencia obtidas dos Estados membros participantes nunha transferencia intracomunitaria virán reflectidas no documento citado na Decisión 2004/388 EC da Comisión, do 15 de abril de 2004, para a transferencia intracomunitaria de explosivos cuxo modelo figura no anexo III desta ITC. O documento de transferencia intracomunitaria de explosivos establecerá a validez da autorización concedida e o prazo durante o cal se poden realizar envíos parciais de explosivos ao abeiro da dita autorización.

		ANEXO I				
		PERMISO PREVIO DE CIRCULACIÓN DE EXPLOSIVOS (Artigo 129 do Real decreto XXX/YYYY)		NÚMERO.....		
1. <u>Carácter da autorización</u> <div style="display: flex; justify-content: space-between;"> ___ Importación única ___ Transferencia múltiple </div>						
2. <u>Estado de saída</u>			3. <u>Estado de destino</u>			
4. <u>Provedor</u> <input type="checkbox"/> particular <input type="checkbox"/> empresa Nome e apelidos: Lugar e data de nacemento: Pasaporte/Documento de identidade: Nº..... expedido Razón social: Enderezo (oficina central): Teléfono: Telefax: Correo electrónico:			5. <u>Destinatario solicitante</u> <input type="checkbox"/> particular <input type="checkbox"/> empresa Nome e apelidos: Lugar e data de nacemento: Pasaporte/Documento de identidade: Nº..... expedido..... Razón social: Enderezo (oficina central): Teléfono: Telefax: Correo electrónico: Sinatura:			
6. <u>Rexistro Oficial de Importadores</u> (ROI):						
7. <u>Descrición completa dos explosivos</u>						
Número de catalogación	Número de ONU	División de risco	Tipo	Marcación CE (Si/Non)	Nome comercial	Cantidade

8. Almacenamento			
Depósito de destino:		Capacidade:	
9. Empresa de transporte			
Nome:	Nome:	Nome:	
Enderezo (sede central):	Enderezo (sede central):	Enderezo (sede central):	
Teléfono:	Teléfono:	Teléfono:	
Telefax:	Telefax:	Telefax:	
Correo electrónico:	Correo electrónico:	Correo electrónico:	
10. Transporte			
Lugar de saída:		Data de saída:	
Lugar de entrega:		Data de chegada prevista:	
11. Itinerario			
País de orixe	Punto de entrada	Punto de saída	Tipo de transporte
País de tránsito			
País de destino			
12. Solicitante do consentimento		13. Permiso previo do Estado de destino	
Nome e apelidos:		Concedido, válido por a partir da	
Razón social:		data de expedición.	
Enderezo (oficina central):		Sinatura:	
Data:			
Sinatura:			

ANEXO II

SOLICITUDE DE TRÁNSITO DE EXPLOSIVOS

POR TERRITORIO NACIONAL

(Artigo 134 do RD XXX/XXXX)

1. **EMPRESA SOLICITANTE/CONSIGNATARIA**

CIF:

RAZÓN SOCIAL:

TLF.:

TELEFAX:

CORREO ELECTRÓNICO:

DOMICILIO:

2. **REPRESENTANTE/RESPONSABLE DO TRÁNSITO EN ESPAÑA**

DNI ou NIE/NIF:

NOME E APELIDOS:

TLF.:

CORREO ELECTRÓNICO:

3. **NÚMERO DE AUTORIZACIÓN QUE AMPARA O TRÁNSITO:**4. **PAÍS E EMPRESA ORIXE DA MERCADORÍA:**5. **PAÍS E EMPRESA DESTINATARIA DA MERCADORÍA:**6. **PUNTO DE ENTRADA EN ESPAÑA:**7. **PUNTO DE SAÍDA DE ESPAÑA:**8. **DATA PREVISTA DE ENTRADA:**9. **DATA PREVISTA DE SAÍDA:**10. **MEDIO DE TRANSPORTE:**11. **MATRÍCULA OU NÚMERO DE CONTEADOR:**12. **MERCADORÍA:** MARCA COMERCIAL:

Nº ONU:

CLASE/DIVISIÓN:

TIPO:

PESO BRUTO:

PESO NETO:

CANTIDADE:


NÚMERO DE VULTOS:



13. **ITINERARIO PREVISTO:**14. **PARAXES TÉCNICAS:**15. **ALMACENAMIENTO DE EMERXENCIA:**16. **ANEXO. DOCUMENTACIÓN**

Instrucións para cubrir a solicitude

- 1. Empresa consignataria.** A empresa consignataria ou representante debe ter sede en territorio español.
- 2. Representante.** O responsable da expedición mentres se encontre en territorio español.
- 3. Número de autorización que ampara o tránsito.** No caso de tránsito intracomunitario.
- 4. Procedencia.** País de orixe da mercadoría e empresa remitente.
- 5. Destino.** País de destino da mercadoría e empresa destinataria.
- 6. Punto de entrada en España.** Localidade e provincia do porto, aeroporto ou punto habilitado de entrada da mercadoría.
- 7. Punto de saída de España.** Localidade e provincia do porto, aeroporto ou punto habilitado de saída da mercadoría.
- 8. Data prevista de entrada.** Día / mes / ano.
- 9. Data prevista de saída.** Día / mes / ano.
- 10. Medios de transporte.** Camión / Embarcación / Avión.
- 11. Matrícula ou número de contedor.** Dependendo do medio de transporte indicarase:
 - Buque. Identificación do contedor de acordo coa norma BIC. Nome ou matrícula do contedor. No caso de que non veña en contedor e veña en palés, farase constar expresamente.
 - Camión. Matrícula da cabeza tractora e matrícula do remolque. Número de contedor, se é o caso.
 - Avión. Número de voo e coñecemento aéreo de embarque (AWB).
- 12. Mercadoría.** Indicarase:
 - Marca comercial. Denominación comercial
 - Designación nacional e internacional. Número ONU.
 - Clase/División.
 - Tipo. Explosivos, detonadores, mecha...
 - Peso bruto e neto de cada produto por separado.
 - Cantidade (unidades, metros, quilogramos, litros, etc...)
 - Número de vultos ou paquetes que se envían. Características de envases e embalaxes.
- 13. Itinerario previsto.** Países de tránsito. Itinerario por España: estradas, aeroportos e portos.
- 14. Paraxes técnicas.** Estacionamentos ou paraxes previstos de repostaxe, avituallamento...
- 15. Almacenamento de emerxencia.** Depósitos previstos.
- 16. Anexo. Documentación.** Xuntarse copia dos documentos emitidos polo país de orixe que amparen a expedición: declaración de mercadorías perigosas, manifiesto de carga, licenzas de exportación ou importación, etc.

En cumprimento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os seus datos van ser incorporados ao ficheiro de "ARMAS" da Dirección Xeral da Garda Civil, cuxa finalidade é o control das materias tipificadas nos regulamentos de armas, explosivos, artigos pirotécnicos e cartuchería. Poden ser destinatarios da información as autoridades xudiciais e o Ministerio Fiscal, outras forzas e corpos de seguridade e organismos nacionais e organismos internacionais e países estranxeiros, nos termos establecidos nos acordos subscritos por España. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos pola lei dirixindo un escrito á Dirección Xeral da Garda Civil. Intervención Central de Armas e Explosivos. C/ Batalla del Salado nº 32. 28045. Madrid.

		ANEXO III TRANSFERENCIA INTRACOMUNITARIA DE EXPLOSIVOS (excepto municións) (artigo 11 da Directiva 2014/28/UE)					NÚMERO.....
1. Carácter da autorización							
Data de expiración*:							
___ Transferencia única (art.9.5)			___ Transferencia múltiple (art.9.6)				
2. Datos dos operadores							
2.1 Destinatario solicitante*				2.2 Proveedor			
Nome:				Nome:			
Enderezo (oficina central):				Enderezo (oficina central):			
Teléfono:				Teléfono:			
Telefax:				Telefax:			
Correo electrónico:				Correo electrónico:			
Sinatura:							
2.3 Transportista/s							
Nome:		Nome:		Nome:			
Enderezo (oficina central):		Enderezo (oficina central):		Enderezo (oficina central):			
Teléfono:		Teléfono:		Teléfono:			
Telefax:		Telefax:		Telefax:			
Correo electrónico:		Correo electrónico:		Correo electrónico:			
3. DESCRICIÓN completa dos explosivos							
Número ONU*	División de risco	Nome comercial*	Marción CE* (Si/Non)	Enderezo da fabrica	Cantidade*	Outra información pertinente	

4. Información sobre a transferencia				
4.1 Lugares e calendario				
Lugar de saída:		Data de saída:		
Lugar de entrega:		Data de chegada prevista:		
4.2. Características xerais do itinerario				
Estado membro	Punto de entrada	Punto de saída	Medios de transporte	
5. Autorización das autoridades dos Estados membros de tránsito (con identificación de seguridade, por exemplo selo).				
PAIS DE ORIXE	DATA DA AUTORIZACIÓN	NÚMERO DA AUTORIZACIÓN	DATA DE EXPIRACIÓN	
PAÍSES DE TRÁNSITO	DATA DA AUTORIZACIÓN	NÚMERO DA AUTORIZACIÓN	DATA DE EXPIRACIÓN	
6. Autorización da autoridade do Estado membro do destinatario (con identificación de seguridade)				
Data:				
Cargo da autoridade asinante:				
(Sinatura)				

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 34

Transporte interno de explosivos

1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta ITC ten por obxecto establecer os requisitos mínimos de seguridade que se deben cumprir nas operacións de transporte interno de explosivos, entendéndose como tales as operacións de transporte no interior das instalacións mineiras ou instalacións de consumo do explosivo, así como no interior dos recintos das fábricas e depósitos de explosivos.

Queda excluído do ámbito de aplicación desta ITC o transporte de explosivos por vía pública, que estará suxeito ás disposicións establecidas no Regulamento de explosivos e, en particular, ao establecido no título IX do citado regulamento e instrucións técnicas complementarias de aplicación, así como á regulamentación vixente sobre transporte de mercadorías perigosas.

2. *Disposicións mínimas de seguridade*

2.1 Incompatibilidades.

En ningún caso se poden transportar conxuntamente materias incompatibles entre si. A incompatibilidade de almacenamento recóllese na ITC número 16.

No vehículo de transporte unicamente se transportará o explosivo, e queda prohibido transportar conxuntamente calquera outro material facilmente inflamable susceptible de provocar un incendio.

2.2 Envases e embalaxes.

As embalaxes permanecerán pechadas ata o momento en que haxa que abrilas para a súa utilización ou comprobación relativa á rastrexabilidade.

Os envases e embalaxes de explosivos deben ser destinados exclusivamente para eles, polo que non se pode almacenar outro tipo de produto diferente na mesma embalaxe ou no mesmo envase.

Todas as embalaxes ou os envases exteriores deben levar os correspondentes sinais e etiquetas de perigosidade, a etiquetaxe identificativa adecuada, as indicacións e instrucións necesarias.

Aqueles envases que presenten perdas de contido debido a vibracións, temperatura, humidade ou presión non poderán ser transportados.

As embalaxes deben ser transportadas e empilladas coa tapa cara arriba e coa marcación frontal visible.

2.3 Orde, limpeza e mantemento.

As zonas de paso e vías de circulación para o transporte de explosivo deben permanecer libres de obstáculos e manterse en condicións adecuadas, de forma que sexa posible utilízalas sen dificultades en todo momento.

2.4 Vehículos de transporte.

Os vehículos utilizados para o transporte interior de explosivos deben cumprir os seguintes requisitos mínimos:

– Se o vehículo dispón de motor de combustión interna, deberá ser un motor de acendido por compresión (diésel).

– O compartimento de carga estará completamente pechado e separado da cabina. Con todo, permitíranse compartimentos ou remolques abertos, separados da cabina, coa

condición de que se asegure que os explosivos que se van transportar están ben suxeitos sen perigo de caeren.

– Nos casos en que os vehículos de transporte non poidan chegar ata a zona de carga da voadura, os explosivos poderanse transportar ata ela mediante maquinaria móbil mineira do tipo pa cargadora ou escavadora.

– Dentro do compartimento de carga non se poderá instalar ningunha fonte de enerxía, como pode ser a batería.

– Os bornes de baterías deberán estar illados electricamente ou cubertos pola tapa do cofre da batería.

– O vehículo contará cun dispositivo que permita descargar a electricidade estática.

– O dispositivo de escape e os tubos de escape deberán estar dispostos de modo que ningún requeñamento poida constituír un risco para o cargamento, e provoque na superficie interior do compartimento de carga unha elevación de temperatura superior a 80 °C.

– Instalaranse extintores na cabina ou no compartimento de carga, correctamente mantidos e en perfecto estado de funcionamento, en virtude do establecido na lexislación vixente aplicable.

– O vehículo disporá, polo menos, dun calzo de dimensións apropiadas ao peso e diámetro das rodas.

– Cando se transporten explosivos e só nesta circunstancia, o vehículo levará unha sinalización extraíble que sexa visible. Esta sinalización débese retirar unha vez efectuado o transporte do explosivo.

– Os vehículos de transporte e descarga de explosivos a granel, así como as MEMU, deben estar homologados pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

Quedan excluídas do ámbito de aplicación deste número as transpaletas e equipamentos similares utilizados para as operacións de carga, descarga e operacións complementarias de produtos explosivos.

2.5 Procedementos operativos.

Ademais das obrigas en materia de prevención de riscos laborais de acordo co establecido na lexislación vixente aplicable, así como na ITC número 14, deben terse conta as seguintes medidas de seguridade:

– As instrucións, tanto para a correcta utilización e mantemento dos medios e recipientes onde se transporten explosivos como para a correcta carga, transporte e descarga destes, deberán estar recollidas nos correspondentes procedementos, instrucións ou disposicións de seguridade da empresa.

– Os traballadores encargados do transporte de explosivo deben seguir estritamente as instrucións de traballo e consignas de seguridade da empresa.

– Débense utilizar os equipamentos de protección individual adecuados para esta actividade.

– O explosivo permanecerá no interior do vehículo unicamente o tempo necesario. Non se poderá utilizar o vehículo a modo de almacén ou polvoreira.

– Comunicaráselle inmediatamente ao titular do establecemento ou persoa designada calquera anomalía que se observe nos vehículos e materiais de transporte de explosivos.

– Débense evitar aquelas accións que dean lugar a situacións perigosas, como aumentos de temperatura, rozamentos ou choques sobre os explosivos e accesorios de voadura.

– No caso de emerxencia, os traballadores prestarán os primeiros auxilios ao persoal que o necesite, e comunicarán a dita situación, co obxecto de dispor dos medios necesarios para o traslado a un centro sanitario coa máxima urxencia, se iso for necesario.

– Queda expresamente prohibido fumar e levar calquera artigo de fumador, así como calquera aparello susceptible de constituír unha fonte de ignición.

– A manipulación das embalaxes, envases e explosivos realizarase con precaución.

– Os utensilios e materiais empregados para a manipulación de explosivos non deben implicar un risco adicional.

- Queda prohibido sacar e transportar explosivos das polvoreiras sen autorización.
- Estará terminantemente prohibido o transporte de explosivos no asento do condutor.
- Durante as operacións de carga e descarga non se deben deixar caer nin arrastrar as caixas de explosivos, nin permitir que se manipulen de forma brusca.
- O freo de man deberá estar posto e as rodas bloqueadas mediante cuñas cando exista posibilidade de que o vehículo se mova durante a carga ou a descarga de explosivo.
- Os explosivos serán transportados nos seus envases de orixe ou cartucheiras adecuadas con peche eficaz, acondicionadas para que non se poida producir choque entre eles nin queden fóra delas os fíos dos detonadores eléctricos.
- Está prohibido transportar explosivos cebados.
- Non se deben transportar explosivos cuxo estado de conservación infunda sospeitas de posibles deficiencias.
- Non se poderán realizar as operacións de carga e descarga do explosivo co vehículo en marcha.
- Durante o transporte, os explosivos contarán cunha suxeición adecuada e firme que impida a súa caída ao exterior, así como o desprazamento dentro do compartimento de transporte.

2.6 Formación e información.

O traballador encargado do transporte de explosivo debe ser formado e informado en materia de seguridade, de acordo co establecido na lexislación vixente aplicable. Na dita formación, dada a particularidade na materia, deberase facer mención expresa ás características e riscos inherentes á manipulación das materias e produtos explosivos.

Do mesmo xeito, o condutor do vehículo encargado do transporte de explosivos deberá estar formado en procedementos de emerxencia para a súa actuación en caso de incendio do vehículo, accidente, fallo mecánico, derramamento de material ou calquera outro posible incidente ou accidente que poida xurdir durante a conducción do vehículo.

Adicionalmente, as persoas que vaian manipular o explosivo deberán estar en posesión da habilitación correspondente, en virtude do establecido na ITC número 8 deste regulamento.